



ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Carmen
de Santiago Gómez

Tese de doutoramento

O cancionero do trovador
Johan Soarez Somesso. Edición
crítica e estudo.

Santiago de Compostela, 2021

Programa de Doutoramento en Estudos Medievais



TESE DE DOUTORAMENTO

**O CANCIONEIRO DO TROBADOR
JOHAN SOAREZ SOMESSO.
EDICIÓN CRÍTICA E ESTUDO.**

[Carmen de Santiago Gómez]

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ESTUDOS MEDIEVAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA / LUGO

ANO 2021

D./Dna. **Carmen de Santiago Gómez**

Título da tese: **O cancionero de Johan Soarez Somesso. Edición crítica e estudo.**

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Santiago de Compostela, 15 de Outubro de 2021.**

Sinatura electrónica



AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

D^a Pilar LORENZO GRADÍN

En condición de: Directora e Titora

Título da Tese: *O cancionero do trobador Johan Soarez Somesso. Edición crítica e estudo.*

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por Dna. Carmen DE SANTIAGO GÓMEZ, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2021



Asdo. Pilar Lorenzo Gradín

AGRADECEMENTOS

Alcanzar os obxectivos propostos para a elaboración desta Tese depende absolutamente da posibilidade de acceder ao coñecemento vertido polos especialistas que foron desvendando os enigmas do noso patrimonio literario medieval. A débeda adquirida coas persoas que me precederon no meu labor investigador unicamente pode ser compensada mediante o agradecemento sincero, que, efectivamente, sinto. As mestras, mestres, compañeiras e compañeiros son os maiores responsables da miña aprendizaxe diaria. Por iso quixera recoñecer o apoio recibido ao longo deste período formativo por parte de:

O profesor Paolo Canettieri, que dirixiu a miña frutífera estada na Università de La Sapienza de Roma e os compañeiros que alí me acolleron cariñosamente.

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que me revelou a miña vocación e que permite que a poña en práctica do xeito máis estimulante; Carlos e Martiña, que moito me axudaron nesta “empresa”.

O persoal da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, sede da miña formación e, en particular, Fernando López, que tanto colaborou nas nosas carreiras.

O Grupo de Investigación GI-1350 Románicas, que me facilitou os medios e, sobre todo, a motivación necesarios para afrontar este traballo; as doutoras Mariña Arbor Aldea, Helena Bermúdez Sabel, Déborah González e, moi especialmente, Mercedes Brea, que me obsequiou co seu inestimable e xeneroso maxisterio sempre que o solicitei.

Antonio Fernández Guiadanes, que me ensina o valor que ten o que facemos e que participou activamente neste percorrido ao regalarme a diario todo o seu saber.

Pilar Lorenzo Gradín, directora desta tese de doutoramento, que me guiou (e me guiou) polos vieiros trobadorescos con absoluta dispoñibilidade, infinita paciencia e agarimosa confianza.

As miñas queridas Laura, María, Paz, Sara e Javi, que compartiron –e, espero, sigan compartindo– o seu compañeirismo e amizade comigo.

A miña parella, as amigas, os amigos e, como non, a miña familia.

ÍNDICE

RIASSUNTO	1
RESUMO	2
RESUMEN	3
1. INTRODUCCIÓN	4
1.1. <i>Hipóteses e obxectivos.</i>	4
1.2. <i>Notas sobre a biografía de Johan Soarez Somesso. Estado da cuestión e algunhas reflexións.</i>	6
1.3. <i>A tradición manuscrita</i>	24
1.3.1. <i>As cantigas de Johan Soarez Somesso no Cancioneiro da Ajuda.</i>	29
1.3.2. <i>As cantigas de Johan Soarez Somesso no Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa.</i>	33
1.3.3. <i>Conclusións.</i>	35
1.4. <i>A poesía</i>	47
1.4.1. <i>A cantiga Ogan'en Mũimenta.</i>	47
1.4.2. <i>As cantigas de amor de Johan Soarez Somesso. Temas, motivos e organización retórica.</i>	49
2. EDICIÓN CRÍTICA.	72
2.1. <i>Metodoloxía e criterios de edición</i>	72
2.2. <i>Textos: discusión e resultados.</i>	78
I. <i>Ogan' en Mũimenta</i>	78
II. <i>Ai, eu coitad'!, en que coita mortal</i>	92
III. <i>Ūa donzela quig' eu mui gran ben</i>	98
IV. <i>Querovos eu ora rogar</i>	105
V. <i>De quant' eu sempre desejei</i>	114

VI. <i>Muitas vezes en meu cuidar</i>	124
VII. <i>Non me poss' eu, sennor, salvar,</i>	131
VIII. <i>Agora m' ei eu a partir</i>	138
IX. <i>Muitos dizen que perderán</i>	145
X. <i>Non tenn' eu que coitados son</i>	152
XI. <i>Punnei muit' en me guardar</i>	159
XII. <i>Ja m' eu sennor, ouve sazon</i>	165
XIII. <i>Se eu a mia sennor ousasse</i>	172
XIV. <i>Sennor fremosa, fui buscar</i>	179
XV. <i>Con vossa coita, mia sennor</i>	185
XVI. <i>Muito per dev' a agradecer</i>	190
XVII. <i>Desejand' eu vós, mia sennor</i>	196
XVIII. <i>Ja foi sazon que eu cuidei</i>	201
XIX. <i>Ben o faria, se nembrar</i>	206
XX. <i>Quen bõa dona gran ben quer</i>	212
XXI. <i>Ora non poss' eu ja creer</i>	216
XXII. <i>Quand' eu estou sen mia senhor</i>	221
XXIII. <i>Con vosso medo, mia senhor</i>	225
XXIV. <i>Se Deus me leixe ben aver</i>	233
XXV. <i>Per com' Amor leixa viver</i>	234
3. CONCLUSIONI	236
BIBLIOGRAFÍA	239
APÉNDICE I. <i>Rimario</i>	264
APÉNDICE II. <i>Glosario</i>	283
APÉNDICE III. <i>Transcripción das cantigas.</i>	332
APÉNDICE IV. <i>Reprodución dos manuscritos</i>	371

RIASSUNTO

La Tesi di Dottorato qui presentata ha come obiettivo principale l'edizione critica della produzione lirica di Johan Soares Somesso (ca. 1223-1250), conforme ai principi sostenuti dalla critica testuale di tipo neolachmaniano. Le testimonianze manoscritte –in questo caso, il *Cancioneiro da Ajuda* (A) e il *Cancioneiro de la Biblioteca Nacional de Lisboa* (B)– trasmettono ventiquattro cantigas de amor ed una cantiga de escarnio attribuite a questo autore. Lo studio del suddetto corpus offre rilevanza su due fronti: da una parte, Somesso è uno dei primi rappresentanti del movimento trovatoresco galego-portoghese e, dall'altra, la sua poesia, che offre importanti tratti innovativi, non ha meritato a tutt'oggi uno studio esauriente.

L'edizione del corpus testuale dell'autore viene accompagnata dall'analisi delle caratteristiche poetiche e formali che ne delineano la produzione. Inoltre, lo studio esamina in dettaglio la documentazione storica che permette l'identificazione e l'ancoraggio del periodo di attività letteraria del trovatore, così come l'esame esaustivo della trasmissione manoscritta del suo "canzoniere". Come materiale complementario la Tesi contiene la trascrizione paleografica e le immagini dei codici che tramandano i testi dell'autore, oltre al rimario e al glosario dei poemi.

RESUMO

A Tese de Doutoramento que aquí se presenta tivo como obxectivo prioritario a fixación crítica da produción lírica de Johan Soarez Somesso (ca. 1223-1250), conforme aos principios que sustentan a moderna crítica textual. Os testemuños manuscritos – neste caso, o *Cancioneiro da Ajuda* e o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*– transmiten vinte e catro cantigas de amor e unha cantiga de escarnio atribuídas a este autor. O estudo de dito corpus ofrece relevancia en dúas fronte: por unha banda, Somesso é un dos primeiros representantes do movemento trobadoresco galego-portugués e, pola outra, a súa poesía ofrece trazos innovadores aos que aínda non se dedicou un estudo pormenorizado.

O establecemento crítico do corpus textual do autor irá acompañado do exame das características temáticas e poéticas que configuran a súa produción. Así mesmo, o estudo contemplará a análise da documentación histórica que permita ancorar o período de actividade poética do trobador e a revisión exhaustiva da transmisión manuscrita do seu “cancioneiro”.

RESUMEN

La Tesis de Doctorado que aquí se presenta tuvo como objetivo prioritario la fijación crítica de la producción lírica de de Johan Soarez Somesso (ca. 1223-1250), conforme a los principios que sustentan la moderna crítica textual. Los testimonios manuscritos –en este caso, el *Cancioneiro da Ajuda* y el *Cancioneiro de la Biblioteca Nacional de Lisboa*– transmiten veinticuatro cantigas de amor y una cantiga de escarnio atribuidas a este autor. El estudio de dicho corpus ofrece relevancia en dos frentes: por una parte, Somesso es uno de los primeros representantes del movimiento trovadoresco gallego-portugués y, por otra, su poesía ofrece rasgos innovadores a los que todavía no se ha dedicado un estudio pormenorizado.

El establecimiento crítico del corpus textual del autor irá acompañado del examen de las características temáticas y poéticas que configuran su producción. Asimismo, el estudio contemplará el análisis de la documentación histórica que permita anclar el período de actividad poética del trovador y la revisión exhaustiva de la transmisión manuscrita de su “cancionero”.

1. INTRODUCCIÓN

1.1. HIPÓTESES E OBXECTIVOS.

Reconstruír os inicios dun movemento literario é un paso fundamental para comprender o proceso de consolidación e desenvolvemento do mesmo no seu devir histórico. Como é sabido, a lírica galego-portuguesa ten un valor fundamental nas letras hispánicas, xa que constitúe a secuencia de arranque da poesía lírica escrita no centro e occidente ibéricos, polo que a experiencia trobadoresca desenvolveu un papel de primeira orde no establecemento do “canon” que guiou a actividade poética entre o último cuarto do século XII e a primeira metade do século XIV.

Para profundar no coñecemento deste movemento cultural é necesario contar con textos críticos fiables sobre os que sustentar posteriores estudos relativos a aspectos tan variados como os temas, a versificación, as relacións intertextuais... A experiencia de máis dun século de investigacións, inaugurado polas pioneiras edicións dos testemuños desta tradición –o *Cancioneiro da Ajuda* (A), o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (B) e o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* (V), elaboradas, respectivamente, por Michaëlis (1990 [1904]), por Molteni (1880) e por Monaci (1875)–, puxo de manifesto a importancia de contar con edicións dos “cancioneiros” individuais dos trobadores, pois analizar as *cantigas* desde esta perspectiva favorece que saian á luz determinados datos históricos, codicolóxicos, poéticos e lingüísticos que, doutro xeito, pasarían desapercibidos. Neste sentido, o Grupo de Investigación no que se realizou esta tese de doutoramento (o GI 1350-Románicas) elabora, desde hai décadas, numerosos e recoñecidos traballos dedicados tanto á edición crítica como ao estudo da produción trobadoresca. Así pois, este contexto académico propiciou o noso achegamento á figura de Johan Soarez Somesso, un notable representante das primeiras xeracións da lírica profana galego-portuguesa ao que os testemuños manuscritos atribúen unha *cantiga de escarnio* e vinte e catro *cantigas de amor*. Nunha primeira aproximación aos textos do poeta puidemos corroborar o seu interese por explorar novas vías temáticas, xa que non só reelabora motivos explotados polos seus predecesores e contemporáneos, senón que tamén saca rendemento a unha ampla variedade de recursos estilísticos e formais. Ademais de presentar características poéticas especialmente suxestivas, o autor ofrece importancia desde o punto de vista histórico, posto que as últimas hipóteses

elaboradas pola crítica especializada asociaron a súa figura ao círculo nobiliario impulsor do asentamento e da difusión do movemento trobadoresco galego-portugués.

Mais, no ámbito dos estudos trobadorescos, o “cancioneiro” de Johan Soarez Somesso non mereceu aínda unha edición crítica individual nin un estudo pormenorizado. Por este motivo, emprendemos a elaboración desta investigación coa intención de colmar dito baleiro e de achegar novos datos sobre as condicións socio-culturais en que brotou e se desenvolveu a lírica galego-portuguesa nas primeiras décadas do século XIII. Para acadar tal fin, abordaremos no noso traballo os seguintes obxectivos:

1. Fixar o texto crítico da produción poética de Johan Soares Somesso conforme á metodoloxía neolachmaniana (cfr. pp. 75-76).

2. Estudar a personalidade histórica do trobador. A través da revisión das investigacións previas e da documentación publicada, trazaremos o perfil biográfico do autor (que aínda ofrece puntos escuros) e as coordenadas en que exerceu a súa actividade poética.

3. Analizar a transmisión dos textos de Somesso (colocación dos poemas nos códices, dislocación de textos dunha sección a outra, época de inserción nas antoloxías, análise das rúbricas, presenza de notas marxinais...) para determinar a fase ou fases en que estes accederon á tradición manuscrita da lírica profana galego-portuguesa.

5. Examinar as características temáticas, retóricas e métrico-rítmicas que caracterizan o corpus poético do autor e, cando proceda, comparar as mesmas coas presentes na produción dos autores que comparten con el idénticas coordenadas cronolóxicas.

6. Estudar as particularidades lingüísticas que presentan as cantigas do poeta e elaborar un glosario que apoia a lectura do corpus obxecto de estudo.

1.2. NOTAS SOBRE A BIOGRAFÍA DE JOHAN SOAREZ SOMESSO. ESTADO DA CUESTIÓN E ALGUNHAS REFLEXIÓNS.

Trazar o perfil biográfico de Johan Soarez Somesso supón un exercicio de harmonización entre a valiosa información histórica que aparece na única cantiga de escarnio que o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (B) recolle para o trobador e os datos que se derivan da escasa documentación que achega mencións directas e/ou indirectas ao poeta. Ao longo de máis dun século de investigacións –inaugurado polo célebre estudo de Carolina Michaëlis–, os especialistas tentaron combinar as referencias presentes nas fontes citadas para identificar a figura histórica que se agocha tras o nome do noso autor.

A realidade que se desliza na sátira *Ogan' en Mũimenta* (B104) foi o punto do que partiu Michaëlis para individualizar o poeta (1990 [1904], II: 297: 307), pois, tal e como ela mesma admite, a busca do que ela consideraba o sobrenome distintivo do trobador (Somesso) tanto na literatura liñaxística como na documentación de que dispuña no momento en que realizou o seu admirable estudo resultou completamente infrutuosa. Así, a filóloga luso-alemá atopou o xeito de acoutar espacial e cronoloxicamente a súa pescuda a través das referencias aos personaxes e aos feitos que constitúen o núcleo argumental da sátira de Somesso, ao seren estes facilmente recoñecibles nos rexistros históricos que por entón obraban en seu poder:

Ogan' en Mũimenta
dise don **Martin Gil**:
-Viv' en mui gran tormenta
dona **Or[r]ac' Abril**,
per como a quer cassar seu **pai**-.
E a quen lho enmenta:
-Cedo moira no Sil,
e ela, se se con **Chora** vai.
(vv.1-8)

Nos versos apenas citados o trovador búrlase a través da voz de Martin Gil do casamento que o pai de dona Urraca Abril concertou cun home alcumado “Chora”. Con estas poucas pistas, Michaëlis conseguiu identificar de xeito preciso todos os personaxes da peza, así como establecer un arco cronolóxico para a composición da mesma e, deste xeito, ubicar o trovador dentro dunhas coordenadas espazo-temporais concretas.

A especialista reconeceu en Martin Gil un rico-home portugués, fillo de Gil Vasques de Soverosa e Maria Aires de Fornelos. Dito nobre foi privado de Sancho II e protagonizou algúns dos acontecementos máis determinantes do proceso que ocasionou a deposición do monarca (Pizarro 1997, II: 807-808). De feito, na famosa Lide de Gaia¹ (acaecida no verán de 1245), o propio Soverosa asasinou a Abril Perez de Lumiares², o pai de Urraca Abril. Tal e como apunta a propia Michaëlis, este último era, por parte da súa nai (Urraca Afonso), neto do primeiro rei de Portugal, e, pola rama paterna, bisneto de Egas Moniz. Na guerra civil que se inicia en Portugal en 1245, o Lumiares é un dos máis notables seguidores do conde don Afonso de Boulogne e, polo tanto, un membro distinguido dunha das liñaxes que instigan o destronamento do rei lexítimo Sancho 'Capelo'. Tal e como anticipa a cantiga, a filla de Abril Pérez, Urraca, terminou casando con Johan Martinz de Riba de Vizela, coñecido co alcume de “Chora” (Pizarro 1997, I: 544). De dito enlace naceu un único descendente, Pero Anes Gago. Á morte do seu primeiro marido (en data descoñecida para Michaëlis³), dona Urraca esposou ao rico-home e trovador Fernan Garcia Esgaravunha⁴.

Dado este marco –do que tan só trazamos aquí unha breve síntese da detallada análise efectuada por Michaëlis–, a romanista alemá concluíu que *Ogan’ en Mũimenta* debeu compoñerse entre 1228 e 1231, anos en que Abril Perez de Lumiares foi tenente de Lamego, en cuxas inmediacións sitúa a autora o topónimo *Mũimenta*, que, ao seu parecer, se corresponde con Mõimenta da Beira (Viseu). Atendendo aos datos recompilados, a erudita emprende unha nova busca de referencias a algún trovador de nome Johan Soarez –que sexa nobre, coetáneo e achegado das figuras históricas ata aquí citadas– e termina por alcanzar o seu obxectivo ao examinar o *Livro*

¹ Sobre a Lide de Gaia e a guerra civil que concluíu co exilio de Sancho II, o Capelo, e a coroación do seu irmán, Afonso III, o Boloñés, remitimos aos estudos fundamentais de Mattoso (1992:57-75) e Ventura (2006: 73-84).

² Sobre a súa actividade política, sempre vinculada aos intereses dos Sousa, véxanse, Ventura 1992, II: 422-446, Pizarro 1997, I: 459-460.

³ Aínda que dona Carolina non contaba con dita información, Chora faleceu arredor de 1250 en idade bastante temperá (Pizarro 1997, I: 544).

⁴ Fillo do tamén trovador Garcia Mendiz d’ Eixo e, polo tanto, membro da poderosa liñaxe dos Sousa, apoiou os intereses do Boloñés e desafiou ao propio Martin Gil no coñecido “Episodio de Trancoso”. A este respecto, véxanse Fernández-Pereiro 1974; Spampinato Beretta 1987: 12; Oliveira 1994: 340 e Pizarro 1997, I: 219.

Velho do Deão. Na pasaxe que esta obra dedica á familia Valadares⁵ atopa unha mención a un *Joan Soares, que foi bom trovador*, e que era fillo do segundo matrimonio de Soeiro Airas de Valadares cunha infanta galega da que o *Livro* non facilita ningún detalle⁶. Á luz deste achado, dona Carolina verifica a relación entre as liñaxes de Valadares e Soverosa a través do coñecido rapto perpetrado por Pai Soares –fillo de Soeiro Airas de Valadares e da súa primeira esposa, Elvira Nunes Velhadunha tía paterna de Martin Gil, Elvira Vasques de Soverosa. Así mesmo, Michaëlis bosquexa outra posible ligazón entre o trovador e Martin Gil ao propoñer a Mor Peres de Bravães como posible segunda esposa de Soeiro Airas, e, en consecuencia, como nai de Somesso. Segundo esta hipótese, Mor Peres nacería do primeiro matrimonio de Aires Nunes de Valadares e sería, polo tanto, medio irmá do propio Soeiro Airas. Así pois, Michaëlis apunta que este matrimonio sería o segundo da dama mencionada, que, en primeiras nupcias, se desposaría con Aires Nunes de Fornelos, de cuxo matrimonio nacería Maria Airas de Fornelos (célebre barregá de Sancho I), muller de Gil Vasques de Soverosa e nai de Martin Gil.

Os vínculos citados serven á eminente filóloga para avalar a súa hipótese de identificación de Somesso con Johan Soares de Valadares, e conclúe que este «este debe ter florecido em dias de Affonso II (r. 1211-1223) e talvez anteriormente, no longo reinado de Sancho I, alcançando ainda o de Sancho [II] Capello (Michaëlis 1990 [1904], II: 305)». Mais ante a imposibilidade de atopar algunha referencia que explique o que considera o alcume do autor (Somesso), deduce que probablemente se trate dun cualificativo empregado para resaltar a súa personalidade poética, desde o momento en que o seu cancionero amoroso está constituído na súa maior parte sobre os principios da submisión e total entrega á dama.



⁵ Liñaxe de orixe galega afincada en Portugal na terra que lle dá nome. Valadares sitúase na beira sur do Miño xunto a Melgaço e as serras da Peneda, Soajo e Castro Laboreiro (Pizarro 1997, II: 783-801)

⁶ «casou com huma infante de Galiza, e fege nella johan João Soares que foi bom trovador» (Piel - Mattoso 1980: LD 166)




Figura I. Mapa xenealógico dos Valadares e dos Soverosas
 (elaborado a partir dos datos ofrecidos por Pizarro 1997, II: 783-812).

Tras o traballo efectuado por Michaëlis, ningún outro especialista se aproximou a arrevesada biografía de Johan Soarez ata que Giuseppe Tavani a recuperou en 1980, co apartado dedicado a Somesso na clásica *La poesia lirica galego-portoghese*, onde o filólogo italiano secundou a hipótese ofrecida por quen lle precedera (Tavani 1986: 297). Así o fixo igualmente António Resende de Oliveira (1994: 372-373) ao descubrir un documento que, baixo o seu criterio, confirmaba a pertenza de Johan Soarez á familia Valadares. O documento, datado en 1223, di que *domnus Jobannes Suerii dictus Submessu* realiza a doazón dun casal en “Chaianos” (conc. de Crecente) ao Mosteiro de Fiães, ubicado no municipio de Melgaço, isto é, en terras dos Valadares. Así mesmo, Oliveira reconece ao trobador no *I. Sumessu* que, en 1230, testemuña un documento do priorado de Vilar de Donas (Lugo).

O historiador portugués, que mantén no anonimato á nai do trobador, delimita a cronoloxía relativa da actividade poética de Somesso apoiándose en dúas certezas: por unha banda, na relación da familia deste con Martin Gil e, pola outra, nos indicios facilitados pola propia tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa. Así, subliña que, en 1232, Martin Gil accedeu á tenencia das terras de Riba-Miño, ata entón asociadas aos Valadares. Para Oliveira dita permuta puido realizarse como compensación polo xa mencionado rapto de dona Elvira Vasquez de Soverosa por parte de Pai Soarez. A pesar de que, como xa se comentou anteriormente, a dama raptada era tía de Martin Gil e de que o raptor era irmán de Johan Soarez de Valadares, o historiador luso considera que este feito non debeu de producir entre as familias Soverosa e Valadares máis friccións que a mudanza no poder dos dominios mencionados. Á luz desta última afirmación, cabería, pois, esperar que Johan Soarez fose vasalo de Martin Gil. Unha vez establecido o vínculo entre o poeta e o personaxe que dá voz á súa sátira, quedaría xustifico o apoio que o trobador parece prestar ao Soverosa en *Ogan’ en Mũimenta*, o que situaría a composición do texto en data posterior (mais aproximada) ao ano 1232. Esta hipótese encaixa coa cronoloxía (relativa) que ofrece a colocación da produción de Somesso nos manuscritos, que indican que o trobador estivo activo na primeira metade do século XIII.

Xavier Ron (2005: 130-137) tamén contribuíu á identificación do personaxe histórico que pode estar tras a figura do trobador ao ofrecer nova e valiosa documentación que, tal e como o propio estudoso compostelán indica, ben pode axustarse á hipótese tradicional, ben pode encaixar cunha nova conxectura que rexeite a filiación do trobador á liñaxe dos Valadares (Ron 2005: 137, n. 44). A súa argumentación parte dun documento de 1223, custodiado no Mosteiro de Fiães, onde figura un *Jobane Suariz, senior de Crecente*, que é identificado por Ron con Somesso ao coincidir tanto en data (ano 1223) como en localización (Mosteiro de Fiães) co testemuño achegado por Oliveira (en que se mencionaba *Jobannes Suerii dictus Submessu*). Así mesmo, Ron

afirma que a relación entre os dous documentos se estreita ao figurar Martin Sanchez como tenente do castelo de San Martiño en ambos os dous diplomas e ao estar estes confirmados por cargos dependentes do reino de Galicia-León. A zona de Crecente (situada no sur de Pontevedra) que, segundo esta hipótese estaría baixo o mando do trovador, é unha zona veciña aos dominios dos Valadares, preto da cal tamén se atopa un lugar chamado Someso (situado, concretamente, en Rabal, parroquia de Celanova, Ourense). Atendendo á información achegada sobre a nai de Someso polo *Livro do Deão* (única fonte documental que proporciona datos sobre a mesma), esta era galega, polo que, segundo Ron, Someso podería ser o lugar de nacemento do autor e, en consecuencia, o que motivaría o seu sobrenome.

Outro documento datado en 1242 reforzaría a identificación do trovador como señor de Crecente, ao recoller o mesmo que *Juan Suerio llamado Sumenso* establece certos acordos con Don Lucas, bispo de Tui, sobre o padroado das igrexas de Santa Cristina de Baleixi –identificable coa Parroquia de Santa Cristina de Valeixe, limítrofe co concello de Crecente– e Santa Uxía de Setados –no concello das Neves, próximo á fronteira con Portugal–. Tal e como apunta Ron, o Martin Sanchez presente nos documentos mencionados é fillo de Sancho I e atópase rexistrado como defensor das terras fronteirizas entre 1218 y 1228, circunstancia que, desde o seu punto de vista, avalaría o feito de que Someso estivese baixo o mando de Martin Sanchez e que acompañase a este no seu percorrido polas terras da fronteira. Así mesmo, o estudoso galego engade unha serie de documentos que citan a Johan Soarez (sen sobrenome) e que estreitarían o vínculo do trovador coa área territorial que considera propiedade do mesmo. Non obstante, Ron rexeita a identificación do trovador, ofrecida por Oliveira, co *I. Summensu* recollido en 1230 como testemuña dun documento de Vilar de Donas, pois os datos ofrecidos no diploma sacado á luz polo especialista luso encaixan mellor co percorrido vital de *Johanes Roderici*, apodado *Submensu*.

Na presente década publicáronse algúns estudos que modificaron non só a cuestión que aquí nos ocupa, senón toda a teoría da recepción e adaptación do canto cortés no occidente ibérico, ao desmontar as hipóteses ata entón manexadas polos estudosos⁷ e localizar a orixe da tradición lírica galego-portuguesa no seo dalgunhas das grandes liñaxes, que, a cabalo entre o século XII e o XIII, exerceron de promotoras e mecenas dos primeiros trovadores.

Fundamentalmente, estas novas achegas chegaron da man de José António Souto Cabo (2012) e de Henrique Monteagudo (2013, 2014), que nos seus estudos atenderon tamén de xeito

⁷ Sobre as orixes da lírica do occidente peninsular, véxase, fundamentalmente, Tavani 1987; Brea 1994; Oliveira 1994; Miranda 2004; Monteagudo 2008a e Souto Cabo 2012.

particular á figura de Somesso en canto representante dunha das primeiras xeracións trobadorescas da tradición galego-portuguesa.

A respecto do noso trobador, ambos os especialistas propoñen novas hipóteses que disocian a figura do poeta da familia Valadares –á que, como especificamos nas páxinas precedentes, Somesso fora vinculado por Michaëlis, Tavani e Oliveira⁸– para ligala á liñaxe galega dos Fornelos. Os dous estudiosos galegos parten da dúbida que lles suscita a asunción que manifestara a crítica precedente verbo da información recollida na pasaxe do *Livro do Deño*, dado que, entre outros motivos, os *Livros de Linhagens* mesturan por erro información relativa ás liñaxes Valadares e Fornelos (Pizarro 1997, II: 786, n. 10). Así mesmo, a distancia temporal que separa os arcos cronolóxicos ofrecidos polas fontes documentais que refiren a Soeiro Airas de Valadares (1152-1183) con respecto a aqueloutras que, indiscutiblemente, mencionan ao trobador ao incluír o sobrenome Somesso (1223-1242) é o suficientemente ampla como para sospeitar da veracidade da ligazón paterno-filial entre ambos os dous personaxes. Non obstante, as liñas argumentais de Souto e Monteagudo terminan por separarse, ao ser Somesso identificado polo primeiro con Johan Soarez de Fornelos e polo segundo con Johan Soarez de Chapela. As dúas teorías confirman que estes dous cabaleiros homónimos están relacionados familiarmente (en diferente grao, segundo a hipótese que se defenda), manteñen percorridos vitais paralelos e posúen territorios próximos entre si, o que, en definitiva, ocasiona que a distinción entre os dous individuos sexa moi intrincada na propia documentación manexada por ambos especialistas.

A argumentación de Souto Cabo baséase no presuposto de que a «literatura linhagística amalgamou em Soeiro Airas de Valadares os dados de, pelo menos, dois individuos homônimos de cronologias, em parte, disemelhantes» (Souto Cabo 2012: 143). As consecuencias desta confusión estenderíanse, polo tanto, á figura do fillo do Valadares, o citado no LD como «*João Soares, que foi bom trovador*». Partindo da hipótese de que os datos proporcionados polo *Livro do Deño* son imprecisos, Souto Cabo emprende a busca na documentación dalgún outro Soeiro Airas que se aproxime máis á cronoloxía fixada para o trobador polos diplomas que, en 1223 e 1242, o mencionan co sobrenome “Somesso”. Así, atopa na documentación de Melón, de Fiães e de Oseira un nobre chamado Soeiro Airas de Fornelos, que foi tenente de San Martiño de Ladróns, Ribadavia, Orcellón e Francelos na primeira década do século XIII. Á homonimia entre este cabaleiro e o de Valadares, debe sumarse a coincidencia onomástica dos respectivos pais (chamados ambos os dous Airas Nunes), e a da nai do primeiro e a avoa do segundo (as dúas chamadas Ximena

⁸ No ano 2019 viu a luz un estudo asinado por Martins Ferreira que apoia a teoría que identifica ao trobador con Johan Soarez de Valadares. O especialista cuestiona as novas hipóteses apuntadas por Souto Cabo, mais non profunda nas razóns que o levan a dubidar da nova proposta. Cfr. Martins Ferreira 2019: 533-535.

Nunes). Á luz destas coincidencias, o estudoso desentraña a xenealoxía de Soeiro Airas de Fornelos. Como descendentes do xa mencionado Airas Nunes e de Maior Peres “Pobre” de Bravães, Souto Cabo cita a Soeiro, Pedro, Paio e Maria Airas. Doutro matrimonio (cun home chamado Diogo e de estirpe descoñecida), a nai de Soeiro Airas concibiu tamén a Soeiro e Garcia Dias. Tanto Paio como Pedro Airas aparecen documentados, respectivamente, en 1189-1190 e en 1201 en calidade de tenentes da terra de San Martiño (no sur leste da actual provincia de Pontevedra). Por outra banda, Maria Airas foi barregá de Sancho I, de quen concibiu a Martin Sanchez; posteriormente, a nobre contraeu matrimonio con Gil Vasques de Soverosa, con quen tivo dous fillos, Martin e Teresa Gil.

A partir do minucioso estudo da distribución do patrimonio que circulou en mans de Soeiro Airas e dos seus irmáns e medio-irmáns, así como das relacións mantidas entre a descendencia dos mesmos, Souto Cabo estableceu o lugar que correspondía nesa familia a dous cabaleiros de nome Johan Soarez:

I) Johan Soarez Chapelá é identificado como señor de Crecente (1223) e tenente de San Martiño por delegación do seu curmán Martin Sanchez (1238-1239 e 1246). Diversos testemuños do acervo documental do Mosteiro de Melón, con datas comprendidas entre 1228 e 1247 (momento en que Chapelá redactou o seu último testamento), adxudícanlle un vasto patrimonio nas zonas de San Martiño, Mañó e Morrazo⁹. Así mesmo, dúas escrituras do mesmo mosteiro (1242 e 1247) aseguran que é fillo dunha condesa, identificada por Souto Cabo como Urraca Fernandes Batissela (da familia dos Lima).

II) Johan Soarez de Fornelos redactou o seu testamento en 1257. O documento, custodiado tamén en Melón, cita a súa esposa (D^a Maior) e fillos (Fernando, Maria, Elvira e Aldara Eanes), así como parte das súas propiedades en Castro, Filgueira, Levosende, Sendelle, Paradela, Paredes, Tain, e Teixugueiras¹⁰.

Se ben a concorrencia das propiedades de ambos os personaxes –e, sobre todo, daquelas que se atopan distanciadas dos dominios territoriais máis compactos– é argumento suficiente para concluír o vínculo fraterno destes, non resulta determinante á hora de identificar algún dos dous individuos con Johan Soarez Somesso. Souto Cabo resolve este problema a través da comparación dos datos ofrecidos nos documentos que citan o sobrenome do poeta –descubertos por Oliveira e Ron, e datados en 1223 e 1242, respectivamente– coa información referida por Johan Soarez

⁹ En concreto, nos actuais concellos de Arbo, Cañiza, Crecente, Moaña, Neves e Redondela. Tamén se menciona unha herdade en Murcia, que, para Souto Cabo, evidencia a participación activa de Chapelá na conquista dese reino levada a cabo polo infante Alfonso (futuro Alfonso X).

¹⁰ Hoxe son parroquias pertencentes aos concellos das Neves, Leiro, Crecente, A Cañiza e Cartelle.

Chapela nas dúas versións do seu testamento (redactadas nos anos 1238 e 1247). Ao seu parecer, a información achegada polas primeiras fontes mencionadas é incongruente coa facilitada polas últimas, dado que as escrituras de 1223 e de 1242 revelan as doazóns en que Somesso outorga un casal en Chaiáns (no actual concello de Crecente) ao Mosteiro de Fiães e a igrexa de Santa Cristina de Valeixe ao bispo de Tui, propiedades que figuran no último testamento asinado por Chapela.




Figura II. Mapa xenealógico da familia Bravães-Fornelos realizado por Souto Cabo (tomado de MedDB).

De ser este personaxe identificado co poeta, non tería sentido que citase ditas posesións na súa manda testamentaria, cando xa foran entregadas ás mencionadas institucións. Así mesmo, na manda de 1238, Chapela non menciona a Igrexa de Santa Uxía de Setados, cuxos beneficios serían doados polo outro Johan Suarez (o trobador) á Sé de Tui aínda en 1242. De novo, se na data do testamento mencionado a igrexa aínda formaba parte dos seus dominios, resulta estraño que non a mencione.

No estudo que Monteagudo dedica á personalidade histórica de Somesso¹¹ (2014), este discrepa coas conclusións do seu colega por parecerlle imprecisas e por empregar un argumento *ex silentio*¹² (e, polo tanto, non probatorio) como chave para separar as figuras de Somesso e de Johan Suarez de Chapela, pois, ao seu xuízo, o trobador e este último nobre son a mesma persoa. Segundo o especialista, Chapela sería fillo de Soeiro Diaz, quen nacera do segundo casamento de Maior Perez “Pobre” –a nai de quen Souto Cabo identificara co pai de Somesso, Soeiro Airas– con Diogo. Soeiro Diaz contraería nupcias en dúas ocasións: do matrimonio cunha condesa (probablemente a mesma Urraca Fernandez que Souto Cabo propuxo como nai de ambos os Johan Suarez) nacería Johan Suarez de Chapela; do casamento con Aldara Ayras, esta concibiría a Johan Suarez de Fornelos, descartado por Monteagudo como referente histórico de Somesso.

A argumentación do crítico compostelán baséase, por una banda, na existencia dunha serie de documentos, datados entre 1212 e 1247, en que Johan Suarez de Chapela presenta vínculos diversos coas xa mencionadas localidades de Chaiáns e de Setados, así como coa igrexa de Santa Cristina de Valeixe; pola outra, incide na rede de relacións de parentesco que se extrae a raíz dos datos que figuran nas mandas testamentarias do Chapela¹³. Así mesmo, Monteagudo reforza a súa argumentación na referencia ao trobador que se atopa no documento de Vilar de Donas –que fora rexeitado por Xavier Ron e considerado “incerto” por Souto Cabo–, en que *I. Sumessu* asina como testemuña a carón de Petrus Ruderici y F. Gomes, nomes que reaparecen na documentación asociada ao Chapela. Como apoio ás súas conclusións, Monteagudo destaca a presenza do Mosteiro de Fiães e da Sé de Tui no testamento de Johan Chapela (1238-1247), mentres que estas institucións non aparecen no testamento de Johan Fornelos (1257), circunstancia esta que chama

¹¹ Neste libro, en que tamén aborda as figuras Afonso Suarez Sarraça e de Estevan Faian, amplía e actualiza os datos ofrecidos noutro artigo publicado en 2013.

¹² Lémbrase o recentemente exposto en relación á ausencia da Igrexa de Santa Maria de Setados no primeiro testamento de Chapela (1238) en data anterior á doazón que Somesso realiza ao bispo de Tui

¹³ Nestas menciona varios sobriños e un irmán, Fernando Suarez, documentado como irmán de Rodrigo Suarez e de Tareya Suarez, ambos declarados de maneira explícita como fillos de Soeiro Dias (e Tareixa tamén se precisa que é descendente de Aldara Airas). Cfr. Monteagudo 2014: 103.

a súa atención, dado que son precisamente esas as fundacións favorecidas por Somesso nos documentos de 1223 e de 1242.




Figura III. Mapa xenealóxico da familia Fornelos, Chapela e Sarraça (tomado de Monteagudo 2014: 128)

Da lectura atenta de todos os traballos que deliñaron o perfil biográfico de Johan Soarez Somesso, é posible extraer algunhas conclusións. Por unha banda, aínda hoxe practicamente nada se pode obxectar respecto do traballo levado a cabo por dona Carolina na identificación dos protagonistas da sátira de Somesso. Non obstante, ela admitira Mõimenta da Beira como o escenario narrativo da peza por formar parte do vasto patrimonio de Abril Peres de Lumiares. Ao noso parecer, o espazo mencionado na cantiga debe asociarse a Martin Gil e non ao pai de Urraca Abril –*Ogan’ en Mũimenta, / dise don Martin Gil* (vv. 1-2), *El disse en Mũimenta* (v. 9), *E disse en Mũimenta* (v. 17) –. Neste sentido, apoiamos a proposta de Souto Cabo, que asegura que o lugar en que Somesso situou a súa peculiar sátira se atopa en Galicia, en concreto no actual concello de Carballeda de Avia, zona que pertencera ao irmán de Martin Gil, Martin Sanchez, e que tamén posuía o seu sogro, Fernando Goterres de Castro.

Unha vez comprobada a veracidade dos acontecementos narrados en *Ogan’ en Mũimenta*, e se, ademais, se ten en conta, por unha banda, que Johan Martins de Riba de Vizela aparece na corte a carón de Abril Perez de Lumiares en 1239 e, por outra, que o único fillo do matrimonio de Dona Urraca e do Riba de Vizela-Chora (Pero Anes Gago) xa é adulto en 1265, pódese situar a elaboración do escarnio nos primeiros anos da década dos 30, tal e como sinalara Oliveira (1994: 372). Estas balizas temporais cobran un sentido especial para explicar a composición da cantiga, toda vez que neses anos os Riba de Vizela acadan posicións de privilexio na corte, mentres que os Lumiares comezan o seu declive na mesma. Parece, polo tanto, que don Abril negocia o matrimonio da súa filla para achegarse a un rival que consolida o seu poder ante a coroa.

Como fillo de Maria Airas de Fornelos e de Gil Vasquez de Soverosa, Martin Gil aparece vencellado a Johan Soarez Somesso en todas as hipóteses de identificación do trobador ofrecidas pola crítica. Os lazos estréitanse nas xenealoxías trazadas por Souto Cabo e Monteagudo ao consideralo curmán do trobador, circunstancia esta que axuda a comprender o apoio expresado ao Soverosa por Somesso no maldicir. Ademais, como destacaron tanto Souto Cabo como Monteagudo, a inexistencia dun Johan Soarez da familia Valadares noutro testemuño distinto ao do *Livro do Deño*, as incongruencias que a literatura liñaxística presenta ao traspasar información entre a casa desta familia e a de Fornelos, así como o salto cronolóxico que suporía aceptar como pai do trobador a Soeiro Airas de Valadares son razóns de peso para poñer en dúbida a hipótese “tradicional” de identificación.

Ao noso parecer, unha vez probada a existencia de Johan Soarez de Chapela e de Johan Soarez de Fornelos, e establecidos os territorios que ambos os personaxes dominaron, os datos facilitados polos documentos que mencionan ao poeta de xeito explícito intensifican as sospeitas respecto á identificación do trobador con Johan Soarez de Valadares. De feito, a asociación levada

a cabo por Oliveira entre a figura de Somesso (atopada no arquivo de Fiães) e a familia Valadares cimentábase na pertenza do mosteiro de Fiães aos dominios desta familia. Porén, para dita identificación, non parece tan relevante o territorio en que se circunscribe o beneficiario da doazón como o territorio doado, que foi, lémbrese, Chaiáns, en Crecente. Así mesmo, Xavier Ron, o descubridor do segundo diploma que menciona o sobrenome do poeta (1242), xa advertía que, como señor de Crecente, Somesso podía pertencer ou non á liñaxe ao que este fora vinculado polos especialistas que o precederan.

Como xa se sinalou máis arriba, a motivación do sobrenome Somesso foi atendida por Michaëlis, que, ante a imposibilidade de relacionar a Johan Soarez de Valadares con dito alcume, supuxo que este faría referencia á submisión á *senhor* amosada polo poeta nas súas cantigas de amor. Un século máis tarde, Ron revisou o asunto e sinalou:

En contra da hipótese de Michaëlis, pensamos que o apelido non é un alcume que se refira á súa personalidade poética, senón que pode referirse a un topónimo. De se poder identificar con este Someso [Ourense], o trobador podería ser natural desta localidade. Esta hipótese non choca, en principio, coa identificación proposta por Michaëlis, pois hai que lembrar que o propio texto nobiliar afirma que non se sabe de onde era a segunda esposa de Soeiro Airas, o seu pai, e da que se descoñece incluso o nome. Nada imposibilita unha relación da nai do trobador con esa localidade do concello de Celanova, veciña, repetimos, dos dominios de Valadares. (Ron 2005: 133).

O investigador galego atopou a referencia á localidade de Someso no *Tombo de Celanova*¹⁴ moito antes de que viran a luz os estudos de Souto Cabo e Monteagudo, mais, unha vez revisados os datos ofrecidos por estes últimos, a hipótese sobre a natureza toponímica do alcume distintivo do trobador cobra aínda máis forza¹⁵. A nosa busca do topónimo Someso no *Tombo de Celanova* revelounos que este é emprazado con moita precisión¹⁶:

¹⁴ En concreto, Ron cita un documento en que se proporciona unha relación de territorios comprados por Cresconio a finais do século X e principios do XI (Andrade Cernadas 1995, I: doc. 368).

¹⁵ Souto Cabo descarta a motivación toponímica do alcume por non se rexistrar na documentación o nome do poeta coa preposición 'de' (2012: 140, n. 47). Non obstante, o propio Ron Fernández advirte da fragilidade desta obxección e dá no seu estudo exemplos de individuos que avalan a existencia de *cognomina* de orixe territorial desprovistos de dita palabra, como Pero Pais Novais, Pero Fernandes de Portugal ou Martin Pais Ribeiro (Ron 2005: 133, n. 34) Véxase tamén Ventura 1992: 191.

¹⁶ O topónimo é citado, polo menos, noutros tres documentos do *Tombo de Celanova*, o 368, o 335 e o 375.

“Alia villa in Horga sic domus, edificiis et vineis, pomiferis cum aductibus et prestationibus suis et habet iacentia ipsa villa inter villa de Francemiri et de **Submessio** vocabulo ecclesie sancti Michaelis subtus monte Castro Berreto discurrente rivulo Sorice” (Andrade Cernadas 1995, I: doc. 349 [1044/ 04 / 13])

Así, os lugares mencionados *subtus monte Castro Berreto* (Francemiri e Submessi) estarían sometidos politicamente ao castelo de Berredo, sito no actual concello de A Bola (Lixó 2019: 151 e ss). Ademais, o *rivulo Sorice* (río Sorga, hoxe máis coñecido como Ourille) é afluente do Arnoia e baña o val de Celanova, preto de onde tamén se atopa a parroquia de Orga. Os testamentos de Johan Soarez de Chapela e de Johan Soarez de Fornelos indican que, se ben ambos os dous tiñan propiedades nas actuais zonas de Crecente, A Cañiza e As Neves, só este último posuía terras na área de Leiro –concretamente en Lebosende e Teixugueiras–, área precisamente moi próxima ao lugar denominado Someso no *Tombo de Celanova*.

Propiedades Johan Soarez de Fornelos

- 1 Lebosende
- 2 As Teixugueiras (Cartelle)
- 3 Filgueira (?)
- 4 Sendelle
- 5 Paradela (?)
- 6 Terra de Mañó (Redondela)
- 7 Paredes (?)
- 8 Taiñ

Chapela

- Chapela

Muimenta

- Muimenta

Fornelos

- Fornelos

Referencias documento TC

- Castro Berredo (A Bola)
- Orga




Figura IV. Mapa de referencias territoriais.

A pesar de achegar conclusións dispares en canto á identificación e á xenealoxía do trobador, tanto Souto Cabo como Monteagudo aceptan a íntima relación de parentesco entre Johan Soares de Chapela e Johan Soares de Fornelos. Atendendo a esta circunstancia e á súa homonimia, non sorprende que estes fosen diferenciados mediante sobrenomes¹⁷. Se o primeiro recibira un alcume de tipo territorial, Chapela, todo apunta a que o segundo tamén foi identificado mediante o mesmo procedemento, Somesso.

A información histórica que posuímos acerca do tempo e do espazo que habitou Johan Soares Somesso coincide coa cronoloxía relativa que demarcan os testemuños manuscritos que transmiten os textos do poeta, pois tanto o *Cancioneiro da Ajuda* como o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* recollen a produción do mesmo nas súas seccións iniciais (*vide infra*, § *Tradición manuscrita*). En función dos datos ata aquí expostos, só podemos reafirmar as conclusións dos especialistas que nos precederon ao integrar ao trobador na listaxe de autores que conforman a “xeración de implantación” da lírica galego-portuguesa (Oliveira 2001: 176-178). Como se sabe, o asentamento deste movemento cultural no occidente peninsular débese aos contactos sociopolíticos xurdidos grazas a unha serie de enlaces familiares entre a nobreza galega e a catalano-provenzal. Neste contexto, as estruturas sociais e de parentesco contribuíron de xeito primordial á difusión da canción trobadoresca, conxuntura que atopa correspondencia nos lazos que se poden apreciar ao abordar o estudo comparado da obra dos autores activos naquel período, ca. 1220-1240 (Monteagudo 2008a: 315-339; Souto Cabo 2012).

Segundo as conclusións formuladas por Souto Cabo, Somesso estaba ligado por vínculos familiares a Osoiro Anes –de quen era sobriño–segundo– e a Fernan Paez de Tamalancos –que casou con Teresa Lopez, curmá de Johan Soares de Fornelos– (2012: 161), mais o núcleo social que emerxeu arredor da unión dos Traba cos Lima –a raíz do casamento de Teresa Bermudez e de Urraca Fernandez con Fernando Airas de Batissela e con Johan Airas de Nóvoa, respectivamente– envolveu tanto estes trobadores como Airas Oares, Fernando Rodriguez de Calheiros, Rui Gomez “o freire”, Pedro Paiz Bazaco, Airas Moniz d’ Asma e Diogo Moniz (2012: 235). Dita rede de relacións apoia algúns dos paralelismos que a crítica especializada detectou a nivel temático, retórico e lingüístico entre as cantigas do noso autor e as de varios dos seus contemporáneos. A este respecto, destacan, por exemplo, o emprego de determinados vocábulos pouco frecuentes, tales como *forçar*, *oer*, *macar*, *ergo* ... en Osoiro Anes, Fernan de Calheiros, Vasco Praga de Sandin

¹⁷ Souto Cabo xa propuxera a función desambiguadora de dito alcume, mais descartara a motivación toponímica do mesmo, por non se rexistrar na documentación coa preposición ‘de’ (2012: 140, n. 47). Non obstante, o propio Ron Fernández advertía no seu traballo dita obxección e outorgaba exemplos análogos e coetáneos que avalaban a existencia de *cognomina* de orixe territorial sen dita partícula.

e Somesso, entre outros (Monteagudo 2008a: 369-392). Así mesmo, o cultivo da variante da *chanson de change*, excepcional no conxunto do corpus galego-portugués, está presente na produción de Osoiro Anes, de Fernan Paez de Tamalancos e do propio Somesso. Tamén a descrición da *senhor* como dama incompetente en cuestións amorosas unicamente atopou cabida nas poesías do noso trovador e do seu tío, Osoiro Anes (Oliveira-Miranda 1995: 507; Miranda 2004, Marcenaro 2012a). Do mesmo xeito, o tratamento peculiar que Somesso outorga aos célebres tópicos da *coita* e da *morte amorosa* (cfr. § *A Poesía*, pp. 65-68) non só constitúe unha novidade temática no xénero da cantiga de amor, senón que parece obedecer a unha polémica puntual ante determinadas posturas adoptadas por algúns dos seus compañeiros de oficio. A actitude de Somesso ao afirmar que nin a morte calmará o sufrimento que padece por amar á súa *senhor* (cantigas IX, X e XVII) parece agochar unha dialéctica ante o cultivo convencional de ambos os dous clichés por parte de Osoiro Anes (MedDB 111,3), Vasco Praga de Sandin (por exemplo, MedDB 151,5), Fernan Rodriguez de Calheiros (MedDB 47,25) e Fernan Garcia Esgaravunha (MedDB 43, 3).

1.3. A TRADICIÓN MANUSCRITA

A crítica especializada considerou que a tradición manuscrita das antoloxías que transmiten a lírica profana galego-portuguesa ofrece dous niveis constitutivos¹⁸: dunha primitiva compilación colectiva –identificada co arquetipo¹⁹–, executárase unha copia parcial, o *Cancioneiro da Ajuda (A)*²⁰, que transmite, fundamentalmente, *cantigas de amor*²¹; máis tarde, realizárase outra transcrición –o denominado subarquetipo α , do que derivan o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (B)*²² e o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V)*²³–. Esta última antoloxía foi acrecentada paulatinamente con novos materiais que ampliaron o elenco de trobadores e o número de pezas presentes no nivel anterior²⁴:

¹⁸ Como se lembrará, existen dúas posturas maioritarias no seo da crítica especializada que tratan de explicar os niveis constitutivos da tradición manuscrita e de trazar o *stemma codicum* que se deriva da análise da mesma. Por unha banda, Tavani (1969: 108-118; 1988: 74-80, 123-178) propuxo a existencia de *codices interpositi* entre os apógrafos italianos e o seu antecedente; pola outra, D'Heur (1974, 1984) Gonçalves (1976, 1995, 1998: 416-417) e Ferrari (1979) defenden a descendencia directa de *B* e *V* dun único exemplar común.

¹⁹ Ramos postulou que os compiladores de *Ajuda* contaban con fontes independentes do modelo común do que derivan ambas as ramas da tradición manuscrita. Este material textual adicional é denominado pola estudosa como «material pré-arquetipo» (Ramos 2008, I: 358), e a súa existencia é evidenciada grazas ás notas marxinais que en *A* corrixen erros comúns cos apógrafos italianos. A este respecto, cfr., entre outros, Ramos 1993 e Penafiel 2019.

²⁰ Para profundar neste manuscrito, véxase, ademais da magna obra de Michaëlis de Vasconcelos 1990 [1904], Arbor Aldea 2005 e Ramos 2008.

²¹ Coa excepción da cantiga de Pai Gomez Charinho, *De quantas cousas eno mundo son* (MedDB (114,6)). A este respecto, cfr. Brea 2005.

²² Para as características materiais deste testemuño, cfr. Ferrari 1979, 1993a e Gonçalves 1983.

²³ Lamentablemente, falta aínda un traballo exhaustivo que analice as condicións codicolóxicas e paleográficas deste cancionero. Para unha introdución xeral sobre o mesmo, consúltese Ferrari 1993b: 123-126.

²⁴ Sobre a constitución da tradición manuscrita galego-portuguesa véxanse, fundamentalmente, os estudos de Michaëlis 1990 [1904], II: 210-226; Tavani 1969: 108-118; 1988: 74-80, 123-178; D'Heur 1974: 3-43; 1984: 23-34 e Oliveira 1994: 125-211.




Figura V. (Gonçalves 1993a: 629)

Desde que Carolina Michaëlis publicou a súa magna obra sobre o *Cancioneiro da Ajuda* (1990 [1904], II: 210-226), os estudosos admitiron de xeito unánime que aquelas primeiras antoloxías foran organizados en tres seccións correspondentes aos tres xéneros líricos maioritarios da “escola” galego-portuguesa: *cantigas de amor*, *cantigas de amigo* e *cantigas de escarnio e maldizer*. Dita pauta foi combinada co emprego dunha orde cronolóxica relativa na sucesión de autores, de xeito que a produción daqueles máis antigos quedase situada ao inicio de cada unha das tres partes establecidas. Ademais destes dous principios estruturais, os responsables das primixenias colectáneas usaron tamén un filtro sociolóxico, pois só integraron nas mesmas as composicións de trovadores nobres (Oliveira 1994: 112-113).

Durante o período de formación do subarquetipo os compiladores abandonaron as estratexias organizativas apenas mencionadas, coa finalidade de conservar o maior número de cantigas dun movemento cultural que estaba chegando ao final do seu traxecto literario (Oliveira 1994: 116). A perda da orixinaria estabilidade estrutural que se percibe na análise de *B* e *V* permite que en diversas ocasións se identifiquen novas fontes escritas que se ensamblan na tradición precedente²⁵.

As cantigas de Johan Soarez Somesso foron transmitidas no *Cancioneiro da Ajuda* e no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Baixo a rúbrica atributiva *Johā Soayrez ſſomeſſo*, o apógrafo italiano recolle unha composición satírica (*B* 104) e vinte e catro cantigas de amor (*B* 105 - *B* 128). Así mesmo, o nome do poeta figura na listaxe de *Autori Portoghesi*, a célebre *Tavola*

²⁵ Deste xeito, a ‘desorde’ de ambos os dous apógrafos axudou, por exemplo, tanto a recoñecer o período en que un poeta accedeu á tradición manuscrita como a distinguir a existencia de diferentes etapas na selección e inclusión de cantigas de autores que, aínda que formaban parte do arquetipo, só foron trasladadas ás antoloxías nunha época tardía. Para a identificación dalgúns ‘cancioneiros de autor’ que chegaron á tradición manuscrita nunha fase posterior á constitución do arquetipo, véxase, por exemplo, Michaëlis 1990 [1904]: 215, Tavani 1969: 167-175 e Oliveira 1994: 191-211. Para o incremento de textos na produción de autores que xa figuraban no arquetipo, remitimos, por exemplo, a Lorenzo Gradín 2011.

colocciana (C)²⁶, que asigna a Johan Soares Somesso o número 104, é dicir, o mesmo que Colocci adxudica á cantiga inicial do autor en B.




Figura VI: fol. 300v de C.

²⁶ Sobre este índice elaborado por Colocci, véxanse, sobre todo, as contribucións de Gonçalves 1976:7-68 e 2007.

O cotexo entre as pezas recollidas no testemuño *B* e as copiadas en *A* permite atribuír a Somesso dezasete cantigas de amor neste último códice (*A* 14 – *A* 30). O feito de que ningún texto do trobador sobrevivise na terceira gran antoloxía da lírica profana galego-portuguesa, o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* (*V*), débese á gran lagoa inicial que este presenta. A posición que ocupan os textos do autor nas primeiras seccións de *A* e de *B* (e de *C*) corrobora a súa inclusión no arquetipo da tradición e a súa pertenza ás primeiras xeracións da “escola” poética do occidente ibérico.

Os textos atribuídos a Somesso non ofrecen problemas de atribución, pois os datos específicos que nos brinda a tradición manuscrita –é dicir, a rúbrica atributiva colocciana en *B* e a coincidencia do número desta coa mención ao trobador en *C*– son elementos que delimitan con precisión as fronteiras da súa produción poética. Así mesmo, non se localizan nos códices nin pezas duplicadas nin dobres atribucións que afecten á unidade do cancionero do autor. En consecuencia, como se irá desenvolvendo con detalle nas páxinas que seguen, as principais incógnitas que ofrece o exame da tradición escrita das cantigas de Somesso son a falta de concordancia no número de pezas recollidas en *A* con respecto a aquelas transmitidas por *B* e a irregular colocación neste último testemuño da cantiga satírica *Ogan’ en Mũimenta* (B104).

n° Tese	Íncipit	B	A	MedDB
I	<i>Ogan' en Müimenta</i>	104		78,15
II	<i>Ai eu coitad', en que coita mortal</i>	105		78,2
III	<i>Ūa donzela quig'eu mui gran ben</i>	106		78,25
IV	<i>Querovos eu ora rogar</i>	107	14	78,21
V	<i>De quant' eu sempre desejei</i>	108	15	78,6
VI	<i>Muitas vezes en meu cuidar</i>	109	16	78,10
VII	<i>Non me poss' eu, senhor, salvar</i>	110	17	78,13
VIII	<i>Agora m' ei eu a partir</i>	111	18	78,1
IX	<i>Muitos dizen que perderán</i>	112	19	78,12
X	<i>Non tenh' eu que coitados son</i>	113	20	78,14
XI	<i>Punhei eu muit' en me guardar</i>	114	21	78,18
XII	<i>Ja m' eu, senhor, ouve sazon</i>	115	22	78,9
XIII	<i>Se eu a mia senhor ousasse</i>	116	23	78,23
XIV	<i>Senhor fremosa, fui buscar</i>	117	24	78,24
XV	<i>Con vossa coita, mia senhor</i>	118	25	78,4
XVI	<i>Muito per-dev' a agradecer</i>	119	26	78,11
XVII	<i>Desejand' eu vós, mia senhor</i>	120	27	78,7
XVIII	<i>Ja foi sazon que eu cuidei</i>	121	28	78,8
XIX	<i>Ben o faria, se nembrar</i>	122	29	78,3
XX	<i>Quen bõa dona gran ben quer</i>	123	30	78,20
XXI	<i>Ora non poss' eu ja creer</i>	124		78,16
XXII	<i>Quand' eu estou sen mia senhor</i>	125		78,19
XXIII	<i>Con vosso medo, mia senhor</i>	126		78,5
XXIV	<i>Se Deus me leixe ben aver</i>	127		78,22
XXV	<i>Per com' Amor leixa viver</i>	128		78,17

Figura VII. Cantigas de Somesso.

1.3.1 As cantigas de Johan Soarez Somesso no *Cancioneiro da Ajuda*.

En *A*, a produción do autor forma parte do actual fascículo I e abrangue desde o fol. 4r ata o fol. 7v²⁷. As cantigas aparecen, pois, entre dúas lagoas: a primeira separa a composición inicial de Somesso transmitida por *A* (*Querovos eu ora rogar*, *A* 14) das cantigas de Vasco Fernandez Praga de Sandin²⁸, o primeiro dos poetas presente actualmente no códice lisboeta; a segunda lagoa localízase despois do texto *Quen bõa dona gran ben quer* (*A* 30), a que segue un poema acéfalo de Pai Soarez de Taveiros. Tal e como verifican a abrupta interrupción de *Par Deus, senhor, sei eu mui ben* (*A* 13) –a peza de Sandin que precede o comezo do ciclo de Somesso– e a suspensión na copia da xa citada *A* 30, ambas as débense a mutilacións do soporte posteriores á época de elaboración do cancionero.

Caderno	Folio	Nº en <i>Ajuda</i>	Trobador	
Lagoa				
I	1r	1-2	Vasco Fernandez Praga de Sandin	
	1v	3-4		
	2r	5-7		
	2v	7-9		
	3r	9-11		
	3v	11-13		
	Lagoa			
	4r (Évora)	14-15	Johan Soarez Somesso	
	4v	15-17		
	5r	18-20		
	5v	20-22		
	6r	22-24		
	6v	24-26		
	7r	26-28		
7v	28-30			
Lagoa				

Figura VIII. Cadro elaborado a partir de Ramos (2008, I: 134-140).

²⁷ É ben sabido que o códice foi sometido a diversas reorganizacións internas (cfr. Ramos, I: 447-459; Arbor Aldea 2009c). No estado actual do cancionero, o caderno I de *Ajuda* está formado por tres bifolios completos e un folio con carcela (Ramos 2008, I: 134-140).

²⁸ Para este trobador a edición de referencia segue sendo a efectuada por Michaëlis 1990 [1904], I: 5-29. Para a biografía do autor, remitimos a Oliveira 1994: 439 e a Ron Fernández 2005a: 129-130.

Nalgún momento da historia material do códice separáronse deste caderno (cando menos) os bifolios interno e externo. A perda do primeiro foi parcialmente reposta por Michaëlis, cando inseriu os folios atopados en Évora no lugar que aínda hoxe ocupan en *Ajuda*, pois un destes se correspondía co que actualmente é o fol. 4 (Michaëlis 1990 [1904], II; 102, 136-137). Na descrición que Ramos realiza das condicións que o folio presenta no momento en que redactou a súa tese de doutoramento, a estudosa portuguesa indica que este parece arrincado e que contén unha rebarba na marxe interna do texto (Ramos 2008: 128). Na marxe superior dereita do recto do citado folio, pode lerse *Só*, escrito a lápis. Dito monosílabo houbo de ser anotado nunha data necesariamente anterior a 1835, ano en que se publica a transcripción dos folios eborenses levada a cabo por Nunes de Carvalho, que xa contemplaba no seu traballo a devandita glosa (Arbor Aldea 2010). O editor considerou que tanto esta como outras indicacións marxinais localizadas na mesma posición nos outros dez pergamiños testemuñaban o estado en que se atopaban os mesmos cando foron achados. Así, dita apostila parece indicar que o actual 4r de *A* foi atopado na Biblioteca Pública de Évora desvinculado do resto dos pergamiños pertencentes ao *Cancioneiro de Ajuda* que alí foron descubertos. A miniatura que adorna en *A* o fol. 4r –decoración, que, como se sabe, está destinada neste testemuño a marcar a apertura de ciclo de autor–, así como o paralelismo na orde dos textos transmitidos en *A* e en *B* desde *Querovos eu ora rogar* ata *Quen bõa dona gran ben quer* (*vide supra*, Figura VI) confirman a pertinencia da integración do folio no lugar asignado ao mesmo por Carolina Michaëlis²⁹.




Figura IX. Representación do primitivo caderno I (Ramos 2008: 134)

A análise dos ciclos de autores presentes no *Cancioneiro da Ajuda* depende en gran medida do sistema decorativo do códice, pois, como se sabe, a ausencia de rúbricas atributivas no mesmo

²⁹ Ao longo dos catro folios que transmiten os textos de Somesso en *Ajuda*, aprécianse distintas marcas numéricas a lápis que foron identificadas pola crítica especializada como numeracións modernas. Estas foron estudadas en profundidade por Michaëlis, 1990 [1904], II: 136-137; Ramos 1985; 2008, I: 240-245 e Arbor Aldea 2010.

comporta a necesidade de acudir a outros elementos para a identificación dos lindes de cada produción individual. Por fortuna, a elaboración de miniaturas e a xerarquización das maiúsculas iniciais articulan claramente a *ordinatio* do florilexio e facilitan a súa distinción “textual”. No caso do trobador que nos ocupa, o texto *Querovos eu ora rogar* (A 14) sucede inmediatamente a unha viñeta que indica que esa é a composición que inaugura da colección lírica de Somesso. Dado o carácter acéfalo do antigo códice lisboeta, esta miniatura é a primeira das conservadas en *A*. Aínda que non foi concluída, o avanzado estado de execución da mesma permite distinguir perfectamente a representación dunha escena trobadoresca enmarcada nun arco polilobado apoiado sobre dúas columnas e anteposto a unha construción arquitectónica simétrica. Na escena interveñen un nobre, vestido de vermello, sentado nun banco forrado en azul, coa perna dereita cruzada sobre a esquerda, que sinala co dedo índice da man esquerda ao chan, xesto que parece acentuar a firmeza do seu poder social. Segue a esta primeira outra personaxe feminina en pé, probablemente unha bailarina, que sostén unhas castañolas cos brazos flexionados e elevados, disposición que parece outorgar certo movemento á muller. Á súa esquerda, un xograr toca un salterio de caixa afunilada e lados cóncavos (Michaëlis 1990 [1904], II, 163; Ferreira 2004: 191; Ramos 2008, I: 400-414; Stirnemann 2016).



Figura X. Miniatura do fol. 4r de Ajuda.

Tal e como acontece no conxunto do cancionero, cada unha das dezasete que integran a produción de Somesso vai acompañada dunha decoración secundaria aplicada nas maiúsculas iniciais de cantiga e de cobra, que foron oportunamente marcadas polo copista mediante pequenas

letras de agarda. Dita ornamentación, que só foi completada de xeito parcial, segue unha serie de principios estéticos baseados na xerarquía e na alternancia de tinta azul e vermella³⁰. Así, en canto composición que inaugura o ciclo do trobador, *A 14* ábrese cunha maiúscula inicial (Q) de gran tamaño (oito liñas de escritura) que, aínda que non chegou a ser coloreada, si foi perfectamente perfilada; a letra aparece decorada con motivos fitomórficos e inscrita nunha base cadrada. As iniciais de comezo de cantiga nos textos posteriores, que reproducen o alfabeto maiúsculo propio do estilo gótico, foron debuxadas ben en azul, con filigrana vermella e inscritas en base cadrada (*A 15, A 16, A 18, A 20, A 22, A 24, A 26, A 28, A 29*), ben en vermello sen ornamentación (*A 17, A 19, A 25, A 27, A 30*) (cfr. Apéndice IV). O principio da alternancia cromática é respectado, neste caso, de xeito parcial, pois a tinta azul foi empregada consecutivamente en dúas parellas de pezas (*A 15-16* e *A 28-29*). Por outra parte, *A 21* e *A 23* carecen de cadansúa maiúscula inicial, que, atendendo á observada sucesión de cores na serie textual, probablemente deberían estar debuxadas en vermello. Cada estrofa comeza coa súa respectiva inicial secundaria (azul filigranada ou vermella), cuxa execución semella desordenada no que respecta á alternancia cromática que determinaría a elección das tintas. Neste caso, son catorce as iniciais que non chegaron a ser executadas e a disposición das letras azuis neste nivel decorativo fai supoñer que os espazos en branco que se atopan entre algunhas delas deberían albergar maiúsculas vermellas. Segundo Ramos (2008, I: 418-419), esta circunstancia podería deberse á organización en dúas fases dos labores dun mesmo amanuense –condicionada pola dispoñibilidade de materiais– ou ao traballo non simultáneo de distintos pintores.

Os textos de Somesso foron transcritos pola denominada man 1 nunha «minúscula gótica de procedencia francesa bastante regular» (Ramos 2008, II: 3). A disposición dos mesmos non presenta grandes irregularidades. Como é habitual no manuscrito, a primeira cobra de cada peza foi sistematicamente copiada en *scripta continua* e cada unha das súas liñas sepárase da anterior e da seguinte por medio dun espazo de tres liñas de escritura destinadas a albergar a notación musical, que non chegou a ser incorporada³¹. É frecuente que os versos das primeiras estrofas sexan individualizados mediante un punto; nas cobras restantes a limitación de cada verso abrangue unha liña de escritura. Ademais da mera transcripción das composicións, o propio copista foi o

³⁰ Cfr. Ramos 2008, I: 377 e ss.

³¹ Ademais dos aspectos sinalados como indicios da intención de agregar a notación musical ao Cancioneiro, a unión ou separación silábica de determinados vocábulos presentes na primeira cobra dalgúns pezas transcritas no mesmo constitúen, probablemente, vestixios da primitiva segmentación musical (cfr. Ramos 1995; 2008, I:). No corpus de Somesso, Ramos (2008, I: 314) identifica como tales as transcripcións de *re / ce(e)ŷ* (fol. *A 15*, v. 3), *consel / lachar* (*A 16*, v. 7) e *ue / iesey* (*A 22*, v. 6).

responsable de deixar os oportunos espazos en branco destinados a recibir a decoración correspondente, así como de anotar as indicacións dirixidas ao iluminador/rubricador para orientalo na execución do seu labor (Pedro 2004-2016: 25-33)³². O traballo do copista foi revisado e corrixido por dúas mans competentes na detección de erros: o revisor e o corrector (Pedro 2016: 33-40). Grazas ao estado inconcluso do códice moitas das notas deixadas por ambos os amanuenses non foron anuladas e poden lerse aínda nas marxes dos folios, lugar que tamén ocupan outras glosas escritas por lectores posteriores. A este respecto, cómpre sinalar a frecuente intervención dunha man tardía, que escribiu múltiples comentarios xocosos en «gótica cursiva comum, mais propriamente a letra joanina típica do século XV em Portugal» (Pedro 2016: 42). Denominado pola crítica especializada como “man A”, o lector foi identificado por Pedro como o autor de vinte e seis anotacións presentes no primeiro caderno e nos folios 62r, 62v, 63r, 81v e 88v. A paleógrafa portuguesa destaca que a apostila que Ramos (1999: 171) atribuíra a Pero Homem (fol. 62v) –un dos posibles posuidores do cancionero– forma parte do elenco de comentarios anotados pola “man A”, unha asociación que, de ser verificada, implicaría a identificación do autor destas glosas con este poeta do século XV³³.

1.3.2 As cantigas de Johan Soarez Somesso no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*.

A rúbrica atributiva que inaugura a produción do trobador en *B* foi escrita por Colocci na columna b do folio 27r. Despois desta, as 25 pezas que integran a produción de Somesso (*B* 104 - *B* 127) dispóñense sen interrupcións ata o f. 32v, en que os tres últimos versos da cantiga *Per com' Amor leixa viver* ocupan as primeiras liñas da columna a do folio. As composicións do autor atópanse no actual fascículo 4 de *B* –en concreto, entre as poesías de Vasco Fernandez Praga de Sandin e as de Nuno Eanes Cerzeo –, fascículo que destaca no manuscrito por incluír seis bifolios (fols. 24r – 35v), dimensión que, nun códice «composto in prevalenza di quinioni [...], è del tutto inusuale» (Ferrari 1979: 98)³⁴.

³² Trátase, fundamentalmente, de letras de agarda, aínda que existen outras anotacións para os decoradores no conxunto do cancionero e nos propios folios que recollen as pezas de Somesso. Tanto este tipo de anotacións como as efectuadas polo revisor, polo corrector e por outras mans tardías serán oportunamente examinadas nos correspondentes apartados de *Rubricas e apostilas* presentes no corpo da edición.

³³ Sobre este personaxe e a súa relación co *Cancioneiro da Ajuda*, véxase Ramos 2008, I: 55-114

³⁴ A irregularidade na disposición dos materiais compilados tanto neste fascículo como no que lle segue suscitou particular interese na crítica especializada, que emitiu ao respecto importantes conclusións (cfr. fundamentalmente, Ferrari 1979: 96-102; Gonçalves 1983: 406-409 e Lorenzo Gradín 2011)–. A análise das complexas particularidades

Os textos de Somesso foron transcritos pola man que Ferrari identifica coa letra *c*, un copista probablemente francés, que emprega letra bastarda (Ferrari 1979: 86). O comezo de todas as composicións do poeta é resaltado cunha maiúscula de trazo grosso e de corpo superior ao das iniciais das cobras secundarias, características regulares no hábito do devandito amanuense, que, así mesmo, non emprega ningunha marca distintiva para os restantes inicios de verso. Non obstante, Bc adoita sinalar a presenza de retrouso por medio dunha inicial secundaria na primeira cobra e dun caldeirón nas estrofas sucesivas, marcas que non foron empregadas en *Ogan' en Mũimenta*, a única peza de Somesso que non é de mestría. Tal e como se detalla no apartado *Rúbricas e apostilas* da cantiga I (*vide infra*, pp. 77-78), a ausencia de ditas marcas parece indicar que os versos 5, 6, 8, 13, 14, 16, 22 e 25 da cantiga aludida non foron recoñecidos polo copista como compoñentes dun refrán.

Como é habitual en *B*, Colocci numerou cada unha das pezas de Somesso mediante un algarismo situado, xeralmente, á esquerda da inicial de apertura de cantiga. A secuencia dos textos en *B* (B 104 - B 128) rachouse con respecto á orde seguida en *A* nas cantigas B 118 e B 119, que foron copiadas en orde inversa á que ocupan no vetusto cancionero lisboeta. *Con vossa coita, mia senbor* (B 118) está situada tras *Muito per dev' a agradecer* (B 119) en lugar de localizarse diante dela e despois de *Sennor fremosa, fui buscar* (B 117), tal e como acontece en *Ajuda* e, seguramente, ao que acontecía no antecedente de *B*, pois, a pesar do erro na colocación de ditas pezas, Colocci outorgoulles os números correctamente, polo que, probablemente, tal desaxuste se debeu a un erro do copista (cfr. a descrición detallada desta situación na p. 185).

A detida análise que o humanista iesino levou a cabo sobre diversos aspectos do códice que suscitaban o seu interese manifestouse nas diversas marcas e glosas efectuadas polo mesmo nos folios que comprenden a produción de Somesso en *B*. Así, o estudoso resaltou determinados vocábulos mediante o subliñado dos mesmos –como por exemplo, o topónimo Martin Gil (cfr., cantiga I) ou o verbo *nembrar* (cfr. cantiga XX)– e deixou constancia de certas características métricas e estruturais das cantigas con apostilas como *tornell* –coa que advirte da existencia de retrouso en B 104 (I)–, *ad due* –mediante a que especifica a configuración das pezas en *coblas doblas*– ou *sel dissi* –cfr. apartado *Rúbricas e apostilas* da cantiga VII–³⁵.

que caracterizan esta parte do cancionero non afecta directamente á transmisión dos textos de Somesso, polo que non serán detalladas no presente traballo.

³⁵ Estas anotacións colocianas, que tamén serán analizadas con detalle no apartado correspondente de cada cantiga, foron estudadas en profundidade por Bertolucci Pizzorusso 1966 e 1972; Brea 1997; Corral Díaz-Fernández Campo 2000; Corral Díaz 2008a; Fernández Campo 2008; Pérez Barcala 2008; Domínguez Carregal 2009. Así mesmo,

1.3.3 Conclusións.

Descritas as condicións materiais en que se conserva a produción de Soarez Somesso nos testemuños manuscritos, nas páxinas que seguen bosquexaremos algunhas hipóteses coa finalidade de depurar as incógnitas adiantadas nos primeiros parágrafos deste capítulo, é dicir, explicar a diverxencia numérica dos textos transmitidos en *A* con respecto a aqueles transcritos en *B*, así como a aclarar a colocación da cantiga satírica *Ogan' en Mũimenta* na sección das *cantigas de amor* do apógrafo italiano.

Unha vez presentadas as lagoas que circundan a produción de Somesso en *A*, podemos apuntar que a ausencia neste testemuño dos cinco textos que pechan o ciclo de Somesso en *B* (*B* 124-128, *vide supra*, Figura VII) débese, total ou parcialmente, á perda do bifolio externo (neste caso, da última folla do caderno) do fascículo I do vetusto cancionero lisboeta, perda que provocou tamén a mutilación de parte da produción inicial de Sandin³⁶ (*vide supra*, Figura VIII).

Atendendo á *mise en texte* do *Cancioneiro da Ajuda*, un folio completo comprendería aproximadamente 188 liñas de escritura (cunha media de 47 liñas por columna), extensión que bastaría para albergar tanto as últimas estrofas de *A* 30 como os últimos 5 textos do trovador presentes no apógrafo italiano³⁷. Tendo en consideración dita información, estas 5 pezas pertencerían ao primeiro nivel da tradición manuscrita e, simplemente, a súa sorte correría paralela á da deturpación material sufrida polo *Cancioneiro da Ajuda*.

Non obstante, existen outros factores que poderían ampliar o cómputo de liñas necesarias para abranguer as devanditas cantigas. Así, *Con vossa coita, mia sennor* (*A* 25 - *B* 118) conta unicamente con dúas cobras en ambos os dous testemuños, unha estrutura que resultou anómala

contamos co estudo completo que ao respecto está elaborando a Dra. Brea, a quen agradecemos enormemente o acceso que nos proporcionou a este e a outros materiais ao longo da realización desta tese de doutoramento.

³⁶ «Esta hipótese não permite, todavia, pensar que as doze cantigas, atribuídas em *B* a VaFdzSend, se encontrassem unicamente neste fólio. Seriam necessários, avaliando a «mise en texte» do *Cancioneiro da Ajuda*, cerca de três fólios para aquele número de textos. Isto denotaria que, além de textos deste trovador neste bifólio, estariam alguns outros em um outro caderno anterior perdido», Ramos 2008, I: 135.

³⁷ Cada primeira estrofa ocuparía arredor de 20 liñas de escritura (debido ao espazo requirido para a notación musical), ás que cómpre sumar aquelas outras necesarias para concluír *B* 123 e copiar integramente 124 - 128, polo que se precisarían aproximadamente 182 liñas para completar a produción do trovador perdida en *A*.

tanto para os responsables da copia de A^{38} como para o propio Colocci. No primeiro dos manuscritos, tras a transcripción das cobras I e II, o copista deixou un espazo en branco equivalente a catorce liñas de escritura; en B , aínda que o texto remata sen espazo algún tras a segunda cobra, o humanista deixou constancia da súa impresión mediante a glosa *strophe sola*, coa que destaca a falta de estrofas que, segundo o sistema métrico clásico, constitúan a *antistrophe* e o *epodo*³⁹. Todo parece apuntar cara á intencionalidade do espazo baleiro que separa A 25 de A 26, cuxa función sería, como resulta obvio, completar a parte final do primeiro texto citado (Ramos 2008, I: 263). Mais dita previsión puido deberse ben ao coñecemento explícito dunha fonte alternativa que completase a composición (a), ben a unha elocuente suposición, por parte do responsable da antoloxía, motivada polo *usus scribendi* do poeta (ou pola estrutura dos textos que precedían a produción deste) (b):

a) Respecto da primeira hipótese, tal e como se sinalou máis arriba, a presenza en *Ajuda* de determinadas notas que corrixen as cantigas emendando leccións comúns a B apunta a que os responsables do proxecto contaban co apoio de exemplares alternativos ao modelo directo do cancionero (Ramos 2008, I: 358-363). Deste xeito, na produción de Somesso, localizamos intervencións do revisor e do corrector de A que reparan erros textuais que foran enviados por ambas as ramas da tradición manuscrita. Esta circunstancia podería apoiar o suposto de que, no proceso de inclusión das cantigas do trobador en A , o responsable contaba con outro(s) modelo(s), modelo(s) que, quizais, garante(n) a mencionada necesidade de espazo que se deixou tras a copia das dúas primeiras cobras de A 25. Así, atopamos un exemplo no v. 20 de A 27, en que o segmento *sol poz uos ueer* está escrito sobre pergamiño raspado. Á dereita do mesmo, aínda poden lerse a nota do revisor, *sol*, que foi anulada e substituída por outra máis completa da man do corrector, *sol poz uos ueer* (Pedro 2004-2016: 39). En B 120 o mencionado verso é hipérmetro, debido, precisamente, a un erro por omisión do adverbio *sol*, probablemente xa herdado do antecedente, pois «como é inverosímil que copistas diferentes, em circunstancias isoladas, executem o mesmo tipo de infracción, debemos inclinar- nos, muito provavelmente, para a existênciade de uma lição defeituosa na origem comum aos dois manuscritos» (Ramos 2008, I: 359). Así mesmo, o verso 9 de A 21 ábrese co adverbio *ben* e o pronome *o* (*beno*), transcritos de novo sobre unha rasura que se corresponde cunha glosa correctora situada á marxe dereita do verso; pola súa parte, B 114 ofrece neste punto a lección *deulo*, carente de sentido no contexto. No v. 3 de A 25 copiose un *a* na

³⁸ De feito, no *Cancioneiro da Ajuda*, esta peza é a primeira que conta con só dúas cobras (MedDB [última consulta 25/6/2021]). Esta estrutura só se rexistra en 12 cantigas máis ao longo do manuscrito: MedDB 43,19, 44,8, 44,9, 44,9bis, 81,7, 115,7bis, 125,18, 125,33, 147,2, 152,2, 157,43bis e 157,58.

³⁹ Sobre estes conceptos, cfr., por exemplo, Perosa (1934).

entrelíña superior, en concreto entre a conxunción *ca* e o pronome *todo*. A morfoloxía do carácter semella a letra do copista, polo que podemos estar diante dun *incipiens error*. Con todo, a hipometría que presenta este verso en *B* 118 foi provocada pola ausencia de dita preposición, polo que cabe barallar a posibilidade de que esta peza contase con máis dun exemplar para a súa copia en *Ajuda* e que un deles omitise a devandita partícula e outro, cotexado posteriormente, a transmitise⁴⁰. Non obstante, neste caso, os datos que posuímos non abundan para confirmar con rotundidade a existencia de dito modelo alternativo, pois a única das correccións mencionadas que asegura unha intervención máis consciente do corrector é a que se localiza no v. 20 de *A* 27 (en que se integra o monosílabo *sol*), e, con todo, non se pode descartar que esta fose incorporada por iniciativa dun bo coñecedor da poesía trobadoresca.

b) Pasando á segunda conxectura, cómpre lembrar que os textos de Somesso conservados en *Ajuda* organízanse, sen excepción, en catro cobras de oito heptasílabos cada unha (*vide infra*, Figura XIII). Non estrañaría que tal homoxeneidade formal saltase á vista dun compilador que, en palabras de Ramos, “tería un perfil de conhededor da *Arte de Trovar*”, que “opera con un cuidado filolóxico”, e que non aceptaría “textos truncados ou ciclos deficientes” (Ramos 2008, I: 262). A este respecto, cómpre sinalar que a partir de *Quen bõa dona gran ben quer*, *B* transmite outra poesía coas características mencionadas (*Ora non poss’ eu ja creer*, *B* 124) e que, tras esta, mestúranse outros poemas de estrutura dispar: *B* 125 presenta catro cobras de seis versos, *B* 126 conta con tres estrofas de sete e, por último, *B* 127 e *B* 128 ofrecen, respectivamente, dúas e unha cobras. Estas dúas últimas cantigas foron, así mesmo, apostiladas por Colocci de xeito semellante a *B* 118, xa que o estudoso subliñou a configuración da primeira coas notas *strophe* e *Distroph* e acompañou a segunda das glosas *Monostropho* e *Monoftr*⁴¹. Atendendo ao suposto de que o espazo en branco que sucede ao v. 14 de *A* 25 se debese á intuición do ‘compilador’ e postulando que –dado o paralelismo da secuencia das cantigas de Somesso conservadas en ambos os testemuños– as últimas pezas do trobador presentes en *B* debesen figurar tamén en *A*, non tería sentido que, polo menos, *Se Deus me leixe ben aver* (*B* 127) e *Per com’ Amor leixa viver* (*B* 128) carecesen en *Ajuda* de cadansúa

⁴⁰ Noutros casos, a emenda de *A* sitúase en puntos que constitúen *loci critici* en que a variante de *B* non pode considerarse errada, mais que caberían interpretar como correccións a ‘desviacións’ comúns que poderían ter sido reconducidas no primeiro relator mediante o cotexo con outro exemplar. Algúns exemplos desta circunstancia son os seguintes: a preposición *A* que encabeza a cobra IV de *A* 24 e *B* 117 debía ser corrixida en *Ajuda* por unha conxunción *e* (tal e como indica a nota situada á esquerda de dita inicial), mais esta non chegou a ser incorporada. Tanto no plano sintáctico como semántico poderían admitirse ambos os monosílabos. No v. 8 de *A* 26, o verbo *auer* foi corrixido sobre texto precedente. Na marxe esquerda, percíbese a corrección do vocábulo preexistente por *auer*; *B* 119 transmite *uee*; ambos termos encaixan no contexto.

⁴¹ Sobre a posibilidade de que *B* 128 sexa unha *cobla esparsa*, véxase Marcenaro 2012c.

reserva de espazo destinada ao remate das mesmas. Se esta foi realmente a intención do responsable de *A*, o incremento no volume de pergamiño necesario para a inclusión destes textos implica ben a suposición da perda doutro bifolio no caderno I, ben a continuación da obra de Somesso no fascículo II (que tamén se viu afectado polo extravío do seu bifolio externo, cfr. Ramos 2008, I: 140).

En canto á ausencia en *A* das cantigas transmitidas en *B* nas posicións 105 e 106 –e, polo tanto, á cabeza da produción do trovador neste último relator– non pode ser explicada a causa da lagoa que antecede a *Querovos eu ora rogar* (*A* 14), o primeiro dos textos de Somesso conservados en *Ajuda* (*vide supra*, *figura XXX*). Como xa se tivo oportunidade de sinalar, tanto a miniatura que adorna o folio 4r de *Ajuda* (procedente de Évora) como a decoración da maiúscula de inicio de *A* 14 indican que esta peza foi considerada a primeira do ciclo do trovador. Esta condición invita a rexeitar a posibilidade de que as cantigas de amor que preceden a *B* 107 ocupasen o lugar análogo en *A*, é dicir, estivesen copiadas antes da mencionada *A* 14 e formasen parte do ciclo de Somesso. Dita lagoa de *A* afectaría, xa que logo, unicamente á parte final da produción de Vasco Fernandez Praga de Sandin, que, como xa se dixo anteriormente, se interrompe no verso 10 da cantiga *Par Deus, sennor, sei eu mui bem*, peza que coincide coa derradeira das atribuídas a este trovador no apógrafo italiano *B*. Con respecto ao folio perdido, homólogo do vestixio de Évora, di a Carolina Michaëlis:

Podia ser que, por trazer unicamente o resto da Cantiga 13ª, a meia-folha, quasi branca, despertasse a cobiça de qualquer furta-pergaminhos. Comtudo, ó possível também que contivesse ainda mais três poesias: as immediatas do CB que não apparecem no CA, no seu estado actual. Dada esta hypothese, teriamos de assignalar uma divergência importante entre os dous códices: o CA, que inicia um novo cyclo de poesias na folha seguinte, teria attribuido ao auctor do primeiro grupo Vaasco Praga de Sandin, os três números, attribuidos por Colocci, tanto no texto como no Indice, ao trovador das cantigas seguintes: Joan Soaires Somesso. (Michaëlis 1990 [1904], I: 30).

Tendo en conta que os únicos datos específicos que nos brindan os manuscritos para a delimitación das fronteiras “escritas” da produción poética de Somesso –i.e., a rúbrica collociana de *B* e a coincidencia desta coa mención ao trovador en *C*, cfr. *Apéndice IV*– son precisos no que respecta á extensión da súa obra, consideramos arriscado admitir o erro atributivo que suxire Michaëlis sen máis indicios que a reconstrución hipotética dun folio perdido. Así mesmo, ao non coñecer o alcance da merma textual que a acefalia de *A* causou no inicio da obra de Sandin, non

se pode asegurar que, tras as liñas que acollerían o refrán da cobra II e a copia das estrofas III e IV de *A* 13, non se transcribisen no devandito folio outras pezas deste trobador nunha orde diversa á ofrecida para as mesmas en *B*. Con todo, o empeño por encher virtualmente a lagoa que sucede ao actual f. 3 revélase innecesario, pois o *Cancioneiro da Ajuda* presenta outros espazos baleiros semellantes ao final do ciclo dalgúns autores⁴².

Se a ausencia de *Ogan' en Mũimenta* en *A* é facilmente xustificable por tratarse dunha cantiga satírica que sería segregada do elenco de pezas seleccionadas na antoloxía, atopar os argumentos que puideron ocasionar a omisión no códice de *Ai, eu coitad' en que coita mortal* e de *Ūa donzela quig' eu mui gran ben* resulta máis complexo. Oliveira (1994: 142), que atendeu o problema de xeito indirecto ao tratar a dislocación do *maldizer* de Somesso (*B* 104) da terceira sección do apógrafo italiano cara a primeira, suxeriu a posibilidade de que as dúas cantigas de amor situadas ao comezo da produción do trobador en *B* (*B* 105 - *B* 106) se perdesen en *A* ao mesmo tempo e polos mesmos motivos que desapareceron deste códice as cinco composicións situadas en última posición no apógrafo renacentista (*B* 124 - *B* 128). Así pois, o historiador luso supón que o primitivo *Cancioneiro da Ajuda* as recolleu en diferente posición á que ocupan en *B* (é dicir, ao final da produción do autor en lugar de ao comezo desta) e que a desaparición das mesmas no primeiro manuscrito se debeu á perda material que implica a lagoa final do seu caderno I. Sen desbotar esta posibilidade, e ao non contar con indicios físicos que a contradigan, desexamos barallar algunha hipótese máis baseada no estudo de conxunto do corpus de Johan Soarez. Tanto *B* 105 como *B* 106 son dúas composicións que destacan na produción amorosa de Somesso non só no plano formal senón tamén no conceptual. Na análise estética ofrecida no capítulo dedicado ás poética do trobador (cfr. § *A poesía*), podemos advertir que a comparación das mesmas co resto das cantigas atribuídas ao autor amosa que estas rachan coa tendencia estilística dos outros poemas amorosos do trobador, circunstancia que podería determinar a súa circulación independente e, deste xeito, poida que tamén supuxese a súa ausencia en *A* por motivos estilísticos.

⁴² Segundo Ramos (2008, I: 261-279), este tipo de lagoas foron deliberadamente planeadas por algún responsable da compilación. Sitúanse sempre no peche da produción dun poeta e teñen ben unha función atributiva –é dicir, permiten diferenciar o final do ciclo dun autor do comezo do seguinte–, ben son consecuencia da noticia ou da posesión de material poético adicional composto para o trobador no que se localiza ese baleiro (do mesmo xeito que sucedía en textos fragmentarios con espazo en branco para novas cobras, *vide supra*). A este respecto, poden mencionarse o f. 17v (fin de ciclo de Nuno Rodriguez Candarei), o f. 50v (de Rui Paez de Ribela) ou o f. 81r (de Fernan Padron) como exemplos análogos ao de Sandin.

A colocación de *Ogan' en Mũimenta* na sección das *cantigas de amor* do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* de Lisboa foi estudada por Oliveira (1994: 90-93), que considerou que o texto aparece na posición actual a causa dun desprazamento colectivo de autores e composicións da terceira sección á primeira, que afectaría, fundamentalmente, á mencionada peza satírica de Somesso, á tenzón que Pero Velho de Taveirós mantén con Pai Soarez⁴³ (*Vi eu donas encelado*, B 142) e a dúas pezas de Martin Soarez (o escarnio *Pero non fui a Ultramar*, B 143 e o diálogo xocoso con Pai Soarez de Taveirós, *Ay Paay Soarez venho-vos rogar*, B 144)⁴⁴. Dita mudanza na colocación destes textos obedecería á inserción tardía de poemas doutros autores na primitiva sección destinada ás *cantigas de escarnio*. Polo tanto, nun primeiro nivel de formación das antoloxías, as composicións dos tres autores mencionados atoparíanse na zona e orde correspondentes, mais, nun momento posterior, e ante a necesidade de incorporar a produción doutro poeta (neste caso a de Lopo Lias, cfr. Oliveira 1994: 84-86), os compiladores utilizarían o espazo destinado ás devanditas pezas, o que os obrigaría a desprazalas ao lugar que hoxe ocupan (é dicir, no comezo das obras amorosas de Somesso e de Martin Soarez e despois daquelas atribuídas a Pero Velho⁴⁵). Sen desbotar, por suposto, as conclusións do historiador portugués, estimamos que os datos materiais dos que dispoñemos non abundan para determinar se a sátira de Somesso formaba xa parte do arquetipo ou se, polo contrario, esta foi engadida nunha fase posterior da tradición manuscrita. Quizá circularía de xeito independente –ou anexada á parella que constitúen B 105 e B 106– e, ante a falta de espazo para a súa inclusión na zona correspondente do subarquetipo, se puido decidir situala á cabeza da produción amorosa do trobador?

A este respecto, cómpre sinalar unha particularidade que chamou a nosa atención no exame das características gráficas do corpus do trobador transmitido por B. O copista Bc –que, como xa se dixo, foi o encargado de transcribir a totalidade das cantigas do autor (Ferrari 1979: 86) – copiou en B 104 e en B 106 varias <a> unciais minúsculas de módulo agrandado en interior de verso, práctica que non se volve repetir en toda a produción do trobador:

⁴³ Cfr. sobre as particularidades da transmisión escrita da tenzón do irmáns de Taveirós, cfr. González 2013. Sobre as características deste xénero na lírica galego-portuguesa, véxanse, Lanciani 1995 e González 2012. Para unha aproximación á colocación dos textos de dito xénero nos testemuños B e V, véxanse as conclusións de Gonçalves 1991: 460-464 e as de Brea 2009.

⁴⁴ As condicións en que se transmitiron as tres pezas de Martin Soarez foron estudadas por Lorenzo Gradín 2011. Para a edición da produción do trobador, cfr. Bertolucci Pizzorusso 1992 [1963].

⁴⁵ Para a edición dos textos de Pero Velho, cfr. González 2016.




Figura XI. Segmentos seleccionados de *B*.

Ante a falta dun estudo pormenorizado da distribución deste e doutros caracteres singulares ao longo de todo o cancionero, nunha simple busca en PalMED (última consulta 29/6/2021) puidemos corroborar que o aquí anotado non é de uso frecuente en posición intraversal. Así mesmo, carece de sentido que sexan innovacións gráficas de *Bc*, pois, de feito, este comete erros na reprodución dos mesmos –como se pode ver na Figura XI, no exemplo *ectela* por *e a ela*–. En consecuencia, para xustificar a presenza de dito grafo só nestas pezas, pódense barallar dúas hipóteses: a) os textos de Somesso tiñan a mesma orde coa que chegaron ata nós a través de *B*, polo menos nalgunha fase da tradición manuscrita anterior á constitución do subarquetipo, e o amanuense encargado de trasnliteralos usou dito alógrafo ao comezo do seu labor e despois abandonou o hábito, b) ou esas tres cantigas foron copiadas por un copista distinto ao que se encargou do resto do corpus do autor, hipótese que concorda coa posibilidade de que a produción do trovador chegase aos *scriptoria* en dous grupos independentes e accedese ás compilacións colectivas en dous momentos diferentes.

Para rematar este apartado, e cunha finalidade aclaratoria para o lector, reproducimos a seguir os erros localizados na obra de Somesso co fin de trazar o *stemma* da súa produción:

I	B104	7. no Sil] noffa <i>B</i> 8. e ela] e a ella <i>B</i> 10. eu] om <i>B</i> 13. a quer] aḡi <i>B</i> 16. e ela] ectela <i>B</i> , Chora] thora <i>B</i> 19. tormenta] tor tormēta <i>B</i> 20. quer] q̄i <i>B</i> 21. om <i>B</i> 23. por én] ḡ em <i>B</i> 24. e ela] e a ela <i>B</i> , Chora] thora <i>B</i>
II	B105	6. est' assi] esta assi <i>B</i>
III	B106	1. donzela] douz ela <i>B</i> 6. viron] uro <i>B</i> , olhos] olhes <i>B</i>


		7. ren] irē <i>B</i> 9. viver] viñ <i>B</i> 15. son] fē <i>B</i>
IV	A14 B107	4. o] oo <i>B</i> 15. ouvesse] ouueff() {e} <i>A</i> ouueffo <i>B</i> (en <i>A</i> corrección marxinal) 21. viver] ueer <i>B</i> 24. ben] be <i>B</i> 25. meu] men <i>B</i> , vol' encobri] uolencobrir <i>A</i> uolo encobrir <i>B</i>
V	A15 B108	6. om. <i>A</i> 19. querrei] querey <i>A</i> 1. desejei] defeley <i>B</i> 13. e seill' eu un] effelhı hū <i>B</i> 14. que ll'avera] q̄lhaia a <i>B</i> 15. E] om. <i>B</i> 18. e] om. <i>B</i>
VI	A16 B109	7. e non me] [...] rome <i>B</i> , conselh' achar] confelh acljar <i>B</i> 8. ergu' en] eu en <i>B</i> 10. ca' si me] ca feme <i>B</i> 16. forçar] foçar <i>B</i> 18. creer] q̄rer <i>B</i>
VII	A17 B110	6. a veer] auer <i>B</i> , ouv' en] o non <i>B</i> 7. atanto] tanto <i>A</i> digu' esto] digueft e <i>A</i> 12. uosqu' e] uofq̄ e <i>A</i> 16. que ei] q̄ ei <i>A</i> q̄rei <i>B</i> 19. d' om' e 'n a] domē na <i>B</i> 20. van] nā <i>B</i> 21. ende] enð <i>A</i> 22. E Deu-los] E os <i>B</i> 24. u vos vi ir] u uso uı́r <i>A</i> ouuı́r <i>B</i> 25. convosco e] uofq̄ <i>B</i>
VIII	A18 B111	2. e d' aver] et auer <i>A</i> 6. morrerá] moirera <i>B</i> 10. quer' eu ela] q̄ro eela <i>B</i> 12. vassalo] uafalo <i>A</i>

		13. perde-l' á] p ^h da <i>B</i>
IX	A19 B112	2. morrer] moirer <i>B</i> 15. Ca] Ea <i>A</i> , ouvessen] euueffē <i>B</i> 17. sofressen] foffrefen <i>A</i> 19. log' averian] log aueran <i>A</i>
X	A20 B113	4. e que teen] e h _i que tem <i>B</i> 6. morrer] morer <i>B</i> 7. morre] moire <i>B</i> 9. esses] effē <i>B</i> 12. querrian] q̄iriā <i>B</i> 17. ei] e <i>B</i> 18. tenn] tē <i>B</i> 19. cuita e veer] cuydaueer <i>B</i> 22. sōo] son <i>B</i>
XI	A21 B114	4. seu] fēn <i>B</i> 6. meteronm' en] meteronn _i <i>B</i> 8. com' en] quē <i>B</i> 9. ben o] ðeulo <i>B</i> , Deu-la] ðela <i>B</i> 15. ca] om <i>B</i> , creç' o] q̄reffo <i>B</i> 26. terras] tras <i>A</i>
XII	A22 B115	6. vos vej'] uoffo ey <i>B</i> 9. de m'este] ðefte <i>B</i> 12. direi] ðíff <i>B</i> 13. d' aquend' e] ð aq' ende <i>B</i> 14. morrer] moirer <i>B</i> 15. quisessedes] q̄íeffēdes <i>B</i> 25. per min] p̄ non <i>B</i> , sabor] fáber <i>B</i> 28. toll' a min] colha mj <i>B</i>
XIII	A23 B116	3, 5 rogarll' ia] rogarlia <i>A</i> 9. de que] ðu <i>B</i> , quiso] q̄fé <i>B</i> 12. fez] fes <i>A</i> 10. nembrasse] uēbraffe <i>B</i> 17. ficasse] firaffe <i>B</i> 24. quant' al] q̄nd al <i>B</i> 27. éste] eft <i>B</i> 28. non] no <i>B</i>
XIV	A24	3. quis] quie <i>B</i>


	B117	5, 9. non] no <i>A</i> 11. de] ð ^r e ^r <i>A</i> ða <i>B</i> (en <i>A</i> , corrección sobre raspadura) 13. terrei] teirey <i>B</i> 14. enganar] engāna ^r <i>A</i> 15. serei] feerei <i>B</i> 21. pesar] peffār <i>A</i> 22. E] <i>A</i> {e} <i>A</i> , <i>A</i> <i>B</i> (en <i>A</i> , corrección marxinal non incorporada) 27. morrerei] moirerei <i>B</i>
XV	A25 B118	3. ca a] ca \a/ <i>A</i> ca <i>B</i> (en <i>A</i> corrección na entreliña superior)
XVI	A26 B119	2. meu] a meu <i>A</i> 7. non] no <i>B</i> 8. aver] uee2 <i>B</i> 10. m' entender] mēdeender <i>B</i> 11. provar] pnar <i>B</i> 13. mi oir] morir <i>B</i> 15, 18. toda] cōda <i>B</i> 21. morrer] moirer <i>B</i> 24. morreu] moir eu <i>B</i>
XVII	A27 B120	1. eu] en <i>B</i> 2. morrerei] moirerey <i>B</i> 5. morrer] moirer <i>B</i> 11. morrer] moirer <i>B</i> 12. nunc' a] nuca a <i>B</i> 19. perder] bē perder <i>B</i> (en <i>A</i> , a lección foi corrixida sobre raspadura, a partir dunha nota marxinal <i>pder</i>) 20. sol] fol <i>A om. B</i> (corrección marxinal en <i>Ajuda</i>)
XVIII	A28 B121	4. fazi'] fe3 h1 <i>B</i> 18. nembrar] nebrar <i>B</i>
XIX	A29 B122	10-12] om <i>B</i> 16. i] h1 a falar <i>B</i> 27. sab', éme mui] fab<*> é me mui <i>A</i> fabe q̄ me <i>B</i> (raspadura en <i>A</i>)
XX	A30 B123	1. bōa] boa <i>B</i> 10. guardarse] e guardār fe <i>B</i> 18. morrer[á] morrer <i>B</i>

		19. morrer] moirer <i>B</i> 25. todo [o] sén] toðo fen <i>B</i>
XXI	B124	3. mor[r]eu] moreu <i>B</i> 7. nunca] nuca <i>B</i> , morrer] moirer <i>B</i> 9. morrer] moirer <i>B</i> 11. todo m[i o] ela] toðomela <i>B</i> 13. matass'] motaff <i>B</i> 26. saber] fabo2 <i>B</i>
XXII	B125	5. assi mi aven] affmihauen <i>B</i> 18. calar] calcar <i>B</i> 14. a ve[e]rei] aũey <i>B</i> 20. murrerei] moirerey <i>B</i> 24. morrer] moirer <i>B</i>
XXIII	B126	2. começar] comecar <i>B</i> 15. c[a] C <i>B</i> , [vos]] om <i>B</i> 16. no] eno <i>B</i> 17. [o]] om <i>B</i>
XXIV	B127	6. morrer] moirer <i>B</i> 13. [eu]] om <i>B</i> , morrer] moirer <i>B</i>
XXV	B128	2. mí, non se dev' a esforçar] mj nō fey ðeuiða ef [e->]ar ceaz <i>B</i> 7. morrer] moirer <i>B</i>


Os datos ata aquí recollidos revelan que se pode postular a existencia dun arquetipo debido aos erros significativos localizados en *A* 14/*B* 107 (v. 25) –*encobrir* por *encobri*, único erro común que non foi corrixido en *Ajuda*–, en *A* 24/*B* 117 (*a* por *e*, v. 22), en *A* 25/*B* 118 (*ca* por *ca a*, v. 3) e, finalmente, en *A* 27/*B* 120 (v. 20) –que si foron corrixidos en *Ajuda* mediante notas que verifican que este códice ofrecía un erro común con *B*–. Ademais, as leccións evidencian erros propios de cada un dos testemuños, así como outra serie de erros que demostran que *B* non pode derivar de *A* (cfr., por exemplo, a omisión do v. 6 en *A* 15). Así pois, e atendendo á información proporcionada, estamos en condicións de establecer o seguinte *stemma* para os textos do trovador:



En caso de que á emenda que o corrector anotou á marxe do v. 20 de *A* 27 se lle conceda autoridade suficiente para postular a presenza dunha fonte alternativa para a revisión de *Ajuda*, o *stemma* sería o seguinte:



Non obstante, cómpre ter en consideración que non só os erros contribúen ao trazado das fases en que se constituíu a tradición manuscrita. De feito, tal e como foi anotado máis arriba, a análise da transmisión das pezas *B* 105 e *B* 106 –presentes ao comezo da produción de Somesso en *B*, e probablemente ausentes xa na compilación de *A*–, así como o desprazamento do maldizer *Ogan' en Mũimenta* á sección de amor, reforza a hipótese de que entre Ω e o cancionero *B* se interpuxo outra fonte:



1.4. A POESÍA

Con 24 *cantigas de amor* e 1 *cantiga de escarnio*, Johan Soarez Somesso é un dos trobadores máis prolíficos da denominada xeración de “implantación” do movemento lírico galego-portugués (Oliveira 2001: 176-178), xeración integrada por autores activos arredor das décadas de 1220 e 1240⁴⁶ e pertencentes a unha nobreza secundaria asentada nas cortes señoriais de Galicia e do norte de Portugal.

Os datos achegados pola tradición manuscrita indican que os poetas deste período foron os responsables da total asimilación e adaptación dos moldes poéticos ultrapirenaicos ao contexto socio-político das terras do occidente ibérico, e, polo tanto, da construción do programa lírico que, en gran medida, sentou as bases da “escola” trobadoresca galego-portuguesa.

1.4.1. A cantiga *Ogan’ en Mũimenta*.

Boa parte dos poucos textos satíricos documentados para o período en que Somesso estivo activo teñen como obxecto poético unha muller nobre, e abordan temas como o matrimonio forzado polos acordos entre liñaxes, o rapto ou a ligazón da moza con homes pertencentes aos grupos inferiores da nobreza (Miranda-Oliveira 1995: 502-505)⁴⁷. O propio estatuto social das mulleres que protagonizan estas pezas, así como o respecto polas normas que rexían a práctica do *vituperium ad personam*⁴⁸, explica que, habitualmente, a súa identidade se agoche mediante termos xenéricos

⁴⁶ Como é sabido, as primeiras experiencias poéticas no occidente peninsular poden datarse a finais do século XII, aproximadamente entre 1170 e 1220 (Oliveira 2001: 175-176).

⁴⁷ As pezas que abordan algún dos temas mencionados e que, probablemente, foron compostas nesta etapa do movemento trobadoresco son as seguintes: *Quand’ eu passei per Dormãa* (MedDB 46,6), de Fernan Paez de Tamalancos; *Agora oí dũa dona falar* (MedDB 47,1), *Dũa donzela ensanbada* (MedDB 47,9) e *Vistes o cavaleiro que dizia* (MedDB 47,32), de Fernan Rodriguez de Calheiros; *Levarõ-na Codorniz* (MedDB 61,1), do conde don Gonçalo Garcia; *Pois boas donas son deseparadas* (MedDB 97,32), de Martin Soarez, e, por último, *Poren Tareija Lópiz non quer Pero Marinbo* (MedDB 10,1), de Afonso Soarez Sarraça.

⁴⁸ A este respecto, véxase Marcenaro 2010: 50-52.

como *abadessa, filla d'algo, varõa, dona*⁴⁹ ... Non obstante, cómpre sinalar que os cancioneros legaron un puñado de *cantigas de escarnio* en que as protagonistas femininas de alto rango foron identificadas explicitamente polos autores coa clara intención de censurar á liñaxe á que estas mulleres pertencían. A mención do nome das damas nestas pezas revélase útil en dúas fronteas: por unha banda, a nivel literario, xa que a mención do antropónimo da protagonista –acompañado en ocasións do seu patronímico – é unha marca significativa que confire carácter individual aos textos creados, pois racha cun dos tópicos establecidos no “sistema” (o segredo amoroso) para renovar as estruturas poéticas dun xeito dinámico; pola outra, a referencia a unha muller concreta desvela datos que contribúen á fixación das coordenadas cronolóxicas da produción de certos trobadores e dalgúns dos seus textos, e, ao mesmo tempo, axuda a concretar fíos de relacións (sociais, familiares e literarias) entre eles. Neste contexto enmárcase, precisamente, *Ogan' en Müimenta* (I), unha sátira persoal que despunta tanto no cancionero de Somesso como no conxunto da lírica galego-portuguesa por formar parte dese reducido (e significativo) grupo de pezas que se empregaron a identidade da muller nobre como pretexto para vituperar a súa familia.

Así, nesta peza, o trobador sérvese da voz dun notable personaxe do panorama político do momento, don Martin Gil, para censurar a estratexia matrimonial levada a cabo por outro magnate, don Abril Peres de Lumiars, que pretende desposar á súa filla con “Chora” (alcume caricaturesco aplicado a Roi Martinz de Riba de Vizela). As coordenadas cronolóxicas propostas para a composición da cantiga (cfr. § *Notas biográficas*) cobran un sentido especial á hora de interpretala, toda vez que arredor do ano 1230 os Riba de Vizela alcanzan posicións de privilexio na corte de Sancho II, mentres que os Lumiars comezan a perder o seu poder e poder na mesma. Parece, polo tanto, que Somesso censura a don Abril por utilizar a súa filla Orraca como un peón para achegarse a un rival que consolida o seu poder.

O argumento da cantiga formúlase en tres cobras paralelísticas que, de xeito practicamente literal, reiteran dúas realidades separadas polas intervencións do trobador. Así, nos dous primeiros versos de cada estrofa, o poeta introduce por medio dun *verbum dicendi* (*dise*, v. 2, *disse*, vv. 9 e 17) o discurso en estilo directo de Martin Gil. Entre o terceiro e o quinto verso, a voz deste personaxe diríxese ao público e céntrase unicamente na muller, ao dar conta do malestar desta polo futuro matrimonial tecido por seu pai. No sexto verso, toma de novo a palabra o poeta, que presenta o discurso de Martin Gil: este centra as súas palabras en condenar á morte a todo aquel que mencione o casamento da protagonista e en desexarlla a ela mesma se non se rebela en contra das disposicións do seu pai.

⁴⁹ Para as denominacións empregadas polos trobadores para as mulleres, cfr. Corral 1993.

O marco retórico da cantiga, sustentado no paralelismo, constrúese, fundamentalmente, mediante as figuras da repetición⁵⁰, entre as que sobresaen as anáforas (*viv(e)*; *cedo*, vv. 7, 15 e 23). A palabra rima ocupa un lugar de primeira orde na peza ao ser escollida para os vocábulos *Müimenta* (vv. 1, 9 e 17) –topónimo cuxa mención é única no corpus galego-portugués– e *tormenta* (vv. 3, 11 e 19) –empregado en sentido metafórico–; dita técnica sérvelle ao trobador para enfatizar o lugar do satirizado e o sentimento que provoca en Orraca aquel matrimonio que (como case todos) só buscaba o beneficio social e económico de seu pai. Así mesmo, destacan, os recursos intensificadores, tales como a hipérbole *perder o sén* (v. 20), que, neste caso, parece expresar o sentido real contraponéndose ao desprazamento semántico que acada na *cantiga de amor*. Ademais, o trobador realza a súa causa mediante a paréntese *assi me venha ben* (v. 18), e atrae a atención do público apelándoo directamente (*como vos [eu] direi*, v. 10). A ironía que impregna o conxunto do texto culmina no último verso de cada cobra cunha *antonomasia* que ridiculiza ao futuro xenro de Abril Perez de Lumières a través do seu apelativo, *Chora*.

Por outra parte, a orixinalidade da peza aínda vén reforzada ulteriormente polo uso dun esquema métrico-rimático único na tradición (6'a 6b 6'a 6b 9C 6'A 6b 9C), así como pola presenza do refrán intercalar, unha técnica moi pouco habitual en autores activos con anterioridade á segunda metade do século XIII⁵¹.

1.4.2. As cantigas de amor de Johan Soarez Somesso. Temas, motivos e organización retórica.

Os manuscritos amosan que a *cantiga de amor* (fronte á cantiga *amigo* e a cantiga de *escarnio e maldizer*) erixiuse como o xénero predilecto da xeración de 'implantación', cuxos autores, seguindo os modelos occitanos, se centraron na idealización da personaxe feminina, que, como se sabe, foi o obxecto de desexo simbólico sobre o que se construíu o canto cortés durante os máis de cento

⁵⁰ A este respecto, véxase Lorenzo Gradín 1994.

⁵¹ Segundo os datos ofrecidos por MedDB, as cantigas de refrán intercalar atribuídas a poetas probablemente coetáneos de Somesso son as seguintes: *Jograr Saqu', eu entendi* (MedDB 46,3) de F. P. de Tamalancos; *Ao lançar do pao*, (MedDB 87,6), de Lopo Lias, e *Desej' eu muyt' a veer mba senhor* (MedDB 11,5), de Airas Carpancho. Para os perfís biográficos dos autores mencionados e as coordenadas cronolóxicas da súa actividade poética, véxanse, respectivamente, Souto Cabo 2012b, Souto Cabo-Vieira 2004 e Souto Cabo 2011. Para a técnica do refrán intercalar, cfr. Beltrán 1984.

cincuenta anos en que estivo vixente o movemento trobadoresco no occidente ibérico (Miranda-Oliveira 1995: 5050-510).

O exame detallado do ‘cancioneiro’ amoroso de Somesso desvenda un carácter creativo policromático, pois o poeta combina a aplicación dos tópicos máis representativos da cantiga de amor –cfr. a *morte por amor*, o *celar* ou a *partida*– coa reformulación dos mesmos ou co cultivo de motivos moito menos explorados polos seus predecesores e contemporáneos –péñese, por exemplo, na práctica da *chanson de change* ou da *mala cansó*–. A análise global do corpus do autor revela, así mesmo, un amplo número de elementos autoreferenciais, que permiten trazar liñas conceptuais inherentes ao “cancioneiro” do poeta. Así, como se verá de seguido, Johan Soarez constrúe unha trama conceptual coherente, na que non faltan pegadas inesperadas que transcenden o modelo tradicional da canción do rexistro aristocratizante⁵².

Desde o punto de vista formal, os textos amorosos de Somesso tamén se moven entre a tradición e o cambio innovador. Deste xeito, todas as pezas conservadas nos códices pertencen ao modelo de mestría, o preferido polos poetas máis antigos (Beltrán 1995: 90). O trobador escolleu o verso octosílabo en 22 das súas 24 pezas e o decasílabo nas dúas restantes, metros que, xunto co heptasílabo, foron os predilectos dos poetas galego-portugueses (cfr. Beltrán 1995: 76-80 e MedDB, última consulta 5/06/2021). Non obstante, Somesso opera de xeito moito máis dinámico na distribución dos timbres no interior das cobras, o que determina que nalgúns casos se orixinen algúns esquemas minoritarios na tradición e, incluso, un *unicum* (cantiga XXIII).

⁵² Sobre as *cantigas de amor* de Johan Soarez Somesso, Michaëlis apuntou: «Ninguém como João Soares para cantar em estylo simples, absolutamente desprovido de ornatos; com voz baixa; modesta e humildemente; numa palavra, com verdadeira submissão ás vontades da amada» e relaciona a súa actitude submisa fronte á *senhor* como unha clave para entender o seu alcume (1990 [1904], II: 307). Na mesma liña, Tavani considera que os textos do autor están compostos «cun estilo simple e en ton moi comedido que representa a proxección no plano formal da actitude de sumisión do amante á vontade da dama (de aí o alcume Somesso ‘sumiso’ e que, xunto coa inclinación á mesura e á dondura e mais cunha grande cantidade de detalles de estrutura e de expresión, fan de Johan Soarez, un dos poetas máis interesantes da primeira xeración» (1986: 297).

Esquema	Cantigas en toda a tradición	Cantigas de amor (en “trovadores contemporáneos” a JSrzSom)	JSrzSom
abbacca	c. de amor: 72 c. de amigo: 10 c. de escarnio: 126	FerGarEsg (4) VaFdzSend (2) MartSrz (5) OsEA (1) NuRdzCan (1)	12
ababcca	c. de amor: 28 c. de amigo: 0 c. de escarnio: 22	MartSrz (5) MonFdzMir (1) PaySrzTav (1) VaFdzSend (1)	2
ababccb	c. de amor: 24 c. de amigo: 3 c. de escarnio: 27	BernBon (3) MartSrz NuRdzCan (1) PaySrzTav (1) OsEA (1)	8
abbaccb	c. de amor: 21 c. de amigo: 1 c. de escarnio: 15	PaySrzTav (1) MartSrz (2) VaFdzSend (1) NuRdzCan (1)	2
abbacc	c. de amor: 9 c. de amigo: 195 c. de escarnio: 12	FerRdzCalh (1)	2
ababaab	c. de amor: 0 c. de amigo: c. de escarnio: 3	0	1
abbcddb	c. de amor: 0 c. de amigo: 0 c. de escarnio: 0	0	1

Figura XII. Táboa comparativa de esquemas rimáticos empregados por Somesso.

Así mesmo, o poeta mostra unha clara inclinación polo emprego de formas de relación interestrófica que implican a identidade de rimantes, ben en toda a peza (7 cantigas de *coblas unissonans*⁵³), ben por parellas de cobras (12 cantigas de *coblas doblas*). A este respecto, cómpre sinalar que nas 4 pezas compostas en cobras singulares o trobador xogou coa *replicatio* de timbres en estrofas diferentes, o que confire a ditas composicións un alto grao cohesión e fluidez. Ademais, en dous destes textos o poeta optou por mesturar os esquemas *abbacca* e *abbaccb*⁵⁴ –*Querovos eu ora rogar* (IV) e *Ben o faria, se nembrar* (XIX)–.

Somesso pón en práctica nos seus poemas os procedementos retóricos e estilísticos máis característicos da escola galego-portuguesa, como é o caso do hipérbato, o encabalgamento ou, sobre todo, as diversas formas de *derivatio* (rima derivada, políptoto ...), se ben, como se terá oportunidade de comprobar nas páxinas sucesivas, a pertinencia da aplicación de ditos recursos ornamentais en segmentos discursivos especialmente significativos a nivel argumental está destinada a conferir expresividade e cohesión interna aos textos.

As figuras de pensamento máis manexadas polo trobador son, sen dúbida, a hipérbole e a antítese, se ben algúns tropos como a metáfora, a sinécdoque ou a *equivocatio* resultan especialmente interesantes, non tanto pola frecuencia con que son empregados, senón pola profundidade conceptual que engaden aos textos.

Aínda que o *enjambement* foi sinalado como un dos recursos retóricos máis frecuentados por Somesso, en xeral o encadeamento sintáctico-discursivo nunca anula as pausas rítmicas das cobras nas pezas aquí estudadas, polo que non consideramos que ningunha delas sexa, estritamente, unha cantiga *atehuda*. Non obstante, os responsables do portal *Universo Cantigas* cualifican como tales as cantigas XI, XXIII, XXIV, e xulgan próximas a dita modalidade tanto aquelas outras cuxas estrofas se enlazan mediante a conxunción causal *ca* como as que ligan máis de dúas das unidades estruturais que conforman a composición –textos IV, VI, IX, XVI e XIV–. Tamén Beltrán no estudo que dedicou á *cantiga de amor*, considerou que «as numerosas cantigas nas que hai encabalgamento entre algunha das súas estrofas, mentres as demais están asociadas por conxuncións causais ou copulativas, constitúen tamén casos de cantiga *ataafinda*» (Beltrán 1995:

⁵³ A este respecto, cómpre advertir que non contabilizamos *Per com' Amor leixa viver* por contar cunha única cobra, e que 3 das cantigas aquí apuntadas só presentan dúas estrofas, polo que non podemos asegurar que, de ser estas fragmentarias, non estivesen organizadas en *coblas doblas*.

⁵⁴ Cfr. Billy 2003. A análise estrutural aquí sintetizada será detallada peza a peza no apartado que, tras a edición crítica de cada texto, está dedicado a tal fin.

173). Aínda que a inexistencia de findas nos textos de Somesso eliminaría ao trobador do elenco de aqueles que cultivaron o procedemento de *atebudadas ata fiinda* (Kellermann 1966), o estudo levado a cabo por Gonçalves (1993b), a pesar de suprimir a presenza da tornada como condición indispensable para formar parte do corpus de *atebudadas*, tampouco contemplou ningunha cantiga do noso poeta. Baixo o noso punto de vista, e atendendo ao especificado pola especialista apenas citada e polo tratadista da *Arte de Trovar* de B, serán consideradas *atebudadas* só aquelas cantigas en que «a prestomeyra palabra da cobra non acabe razon per sy mays ten a prima palabra da outra cobra que ven apos ela de entendimento e fara concluson» (Tavani 1999a: 48), así como aquelas outras en que a *liaison* interestrófica se estenda ata o fin do poema. A independencia sintáctica e semántica que presentan as conxuncións copulativas e causais de inicio de estrofas na produción do noso trobador eliminan, ao noso xuízo, calquera dúbida ao respecto da denominación dalgunha delas como *atebuda*.

Nº Tese	Nº MedDB	Esquema	Formas de relación interestrófica
I	78,15	a6' b6 a6' b6 C9 A6' b6 C9	rima a: palabra rima + refrán rima b: singular / rima c: refrán
II	78,2	a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10	<i>coblas unissonans / coblas doblas</i>
III	78,25	a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10	<i>coblas singulares</i>
IV	78,21	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8 (I) a8 b8 b8 a8 c8 c8 b8 (II,III, IV)	<i>coblas singulares</i>
V	78,6	a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8	<i>coblas doblas</i>
VI	78,10	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8	<i>coblas doblas</i>
VII	78,13	a8 b8 a8 b8 c8 c8 a8	<i>coblas unissonans</i>
VIII	78,1	a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8	<i>coblas doblas</i>
IX	78,12	a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8	<i>coblas doblas</i>
X	78,14	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8	<i>coblas doblas</i>

XI	78,18	a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8	<i>coblas doblas</i>
XII	78,9	a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8	<i>coblas doblas</i>
XIII	78,23	a8' b8 a8' b8 c8 c8 a8'	<i>coblas unissonans</i>
XIV	78,24	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8	<i>coblas unissonans</i>
XV	78,4	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8	<i>coblas unissonans / coblas doblas</i>
XVI	78,11	a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8	<i>coblas doblas</i>
XVII	78,7	a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8	<i>coblas doblas</i>
XVIII	78,8	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8	<i>coblas doblas</i>
XIX	78,3	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8 (I-III) a8 b8 b8 a8 c8 c8 b8(II-IV)	<i>coblas singulares</i>
XX	78,20	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8	<i>coblas doblas</i>
XXI	78,16	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8	<i>coblas doblas</i>
XXII	78,19	a8 b8 b8 a8 c8 c8	<i>coblas singulares</i>
XXIII	78,5	a8 b8 8b8 c8 d8 d8 b8	<i>coblas unissonans</i>
XXIV	78,22	a8 b8 a8 b8 a8 a8 b8	<i>coblas unissonans / coblas doblas</i>
XXV	78,17	a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8	Ø

Figura XIII. Táboa de esquemas métrico-rítmicos e de formas de relación interestrófica empregados por Somesso

Das 24 *cantigas de amor* que os testemuños transmitiron para Johan Soarez Somesso, dúas destacan especialmente polo seu afastamento dalgunhas das normas conceptuais codificadas na tradición cortés, así como polo seu distanciamento estilístico con respecto ao resto da produción do trobador ao seren as únicas pezas que este construíu en decasílabos. Trátase de *Ai eu coitad'!*, *en que coita mortal* (II) e *Ūa donzela quig' eu mui gran ben* (III). Se ben a primeira delas expresa a recorrente hipérbole da *coita mortal* –tópico manifestado xa no verso inicial do poema–, nesta cantiga a dama cantada é denominada como *dona* (v. 2) en lugar de ser designada como *senhor* – termo que, como se sabe, se considera a palabra chave do xénero de amor (cfr. Tavani 1986: 108 e Brea 1990)–. O resto da composición desenvolve os motivos habituais que modulan a poética cortés na tradición galego-portuguesa e desenvólvese seguindo os dous eixos bosquexados nos primeiros versos do cantar: a *laudatio* da amada e a profundidade da *coita* que causa o non poder vela. Por unha banda, a excelsa dona descríbese cunha oración construída mediante a hipérbole, o hipérbato e o encabalgamento: *máis fremosa de quantas nunca vi / donas do mund'* (vv. 5-6). A coita do “eu” lírico pola súa amada refórzase cunha invocación a Deus, a quen se reclama como autoridade para castigar o trobador en caso de que as súas palabras non sexan certas (*e se non est' assi / nunca me Deus dé ben dela nen d'al*, vv. 6-7). Pola outra, o autor recorre ao manido topos da *visio* como orixe do namoramento e ao da imposibilidade de volver a ver a dona como a causa da *coita*. Esta secuencia é plasmada de xeito sintético e directo nun verso en que a *derivatio* acadada un alto grao de expresividade ao contraponer o presente e o pasado do verbo *veer*, *pois non vej' ela que vi por meu mal* (v. 4). A través da rima derivada *mortal* (v. 1) - *morrer* (v. 3) e do *políptoto* do v. 3 (*pero non moir' e moiro por morrer*), o trobador expresa a súa infrutuosa busca de alivio na propia morte. O contraste entre *coita* e *lezer* (v. 9) outorga énfase á idea de que o padecemento do amante medra constantemente ata chegar ao *ensandecemento*, topos integrado nun encabalgamento que focaliza a atención sobre a construción *perdi o sén e ensandeci* ao situálas ao comezo do verso e en posición de rima (*nen me val ela, porque ja perdi / o sen, pois por ela ensandeci* vv. 12-13). O apoxeo expresivo da peza conséguese a través da interrogación retórica que pecha o seu último verso.

A segunda das composicións mencionadas, *Ūa donzela quig' eu mui gran ben*, é, sen dúbida, a peza máis suxestiva do “cancioneiro” amoroso de Somesso. O poema relata o abandono do servizo dunha *donzela*, provocado aparentemente pola imposibilidade de vela (*Porque a donzela nunca verei*, v. 8), o que leva ao trobador a tomar por *senhor* a unha *dona*, por cuxo amor o poeta xa caeu na *insania* (*e ora ja este meu coraçõn / anda perdudo e fóra de sén*, vv. 3 e 4). Este trata de xustificar o cambio alegando que o parecido entre ambas as mulleres é o que determinou que se namorase da segunda –cfr. a repetición da forma verbal *semelha*: *que mi a semelha mui mais doutra ren* (v. 7), *que me semelha a donzela que vi* (v. 12), *semelha muit', e por end' ei sabor* (v. 18)–. Coa explicación

dos motivos que o levaron a mudar de *senhor*, o “eu” lírico parece intentar defenderse do probable xuízo que podería emitir o destinatario diexético da composición, toda vez que dita decisión implicaría a ruptura do metafórico pacto de vasalaxe. O interlocutor é aludido directamente mediante o apóstrofe *meus amigos*, que o autor acentúa por medio da anáfora ao colocalo no segundo verso de todas as cobras (o que, á súa vez, dá lugar a *coblas capdenals*). A significación do apóstrofe vén reforzada pola tenuidade semántica dos elementos que lle seguen nas tres estrofas, que son, invariablemente, expresións fixas –*meus amigos, assi Deus me perdon* (v. 2), *meus amigos, en quanto eu ja vivier* (v. 9), *meus amigos, assi veja prazer* (v. 16)–. O trobador remata a peza coa *derivatio* do verbo *servir* (*de a servir, pero que é meu mal / servila ei, e non servirei al*, vv. 19 e 20) coa que declara definitivamente a súa lealdade á nova *senhor*. A singularidade deste texto mereceu a atención dalgúns especialistas⁵⁵ que propuxeron diferentes interpretacións baseadas na identificación das damas referidas nesta peculiar *chanson de change*: a *donzela* e a *dona*. Se estas mulleres son dúas, de diferente idade e/ou estamento social, ou se o poema relata o mantemento do servizo amoroso a unha muller que muda o seu estado civil de donzela a dona non parece fácil de dilucidar. En calquera caso, o que resulta evidente é que o emprego dos substantivos apenas mencionados parece deliberado e vai orientado a marcar unha relación contraposta –ou, cando menos, contrastiva– entre ambas as personaxes, que, ao noso parecer, serven ao poeta para articular unha *equivocatio* mediante a que reformula o motivo da *chanson de change*.

As pezas XI, XV e XVIII retoman o motivo apenas citado, se ben nestas ou ben o cambio de *senhor* non constitúe o seu núcleo argumental, ou ben se desenvolve de xeito implícito. *Punhei eu mui’ en me guardar* (XI) culmina cunha declaración do poeta, en que manifesta a súa intención de afastarse do lugar da amada para servir outra muller, sempre que consiga negar a súa *sennor* (*mais per muitas terras irei / servir outra se poderei / negar esta que quero ben*, vv. 26-28). Estes versos encabalgados convértense na conclusión lóxica dunha composición progresiva, en que cobra a cobra se van incrementando os *topoi* relacionados co sufrimento amoroso e coa indiferenza da dama, campos sémicos establecidos por Tavani como os principais da cantiga de amor (1986: 107-134). Así, o texto comeza coa descrición do proceso de namoramento do “eu” lírico, forzado polo amor e polas virtudes da dama (vv. 1-5) –que, outra vez é referida como *dona* (vv. 10, 20, 24), mais tamén presentada como *senhor* xa no segundo verso–, a cal o arrastra ao clásico estado de *pavor* (vv. 7-11) e de profunda *coita* (vv. 12-15), acentuada de novo pola hipérbole da morte (*gran pavor / de morte*, vv. 7 e 8) e pola antítese *coita-lezer* (nos vv. 12 e 13), que xa foi enunciada na cantiga II. A negativa da *senhor* a conceder o *ben* que o trobador ansía (vv. 17-21) provoca o *ensandecemento*

⁵⁵ Cfr., fundamentalmente, Bertolucci Pizzorusso 1993 e Miranda 2009-2011.

deste, que culmina o seu discurso advertindo que, se ben respectará o principio do *celar* (*e pero non direi por quen*, v. 25), terminará por afastase dela para servir outra muller, o que parece revelarse como unha utopía, toda vez que o amor que sente non lle permitirá esquecerla. A nivel formal, cómpre destacar que o *enjambement* cobra especial relevancia nesta peza, pois este liga, por unha banda, as cobras I e II (*en que estou a gran pavor / de morte, com' en desexar*) e, pola outra, as estrofas III e IV, polo que o recurso se adapta á distribución en *coblas doblas* do texto. Así mesmo, dita técnica enlaza os versos 9 a 12, estratexia que concorda coa intención expresiva do autor, toda vez que o encabalgamento outorga fluidez e progresión á composición.

Nas dúas cobras que compoñen *Con vossa coita mia senhor*, o trovador expón que a *coita* que agora padece é tan grande que o fixo esquecer calquera outro pesar. A cantiga constrúese mediante a repetición do substantivo *coita/cuita* (vv. 1, 2, 5 e 10), ao que se ligan o emprego da forma verbal *coitou* (v. 11) e a hipérbole (*que non aja log' a perder / des que ll' outra chega maior*, vv. 6 e 7, *atan muit' ouve que veer / na vosa que me faz peor*, vv.13 e 14). Aínda que se pode interpretar o poema de xeito literal –como fan os responsables de CMGP, ao entender que todo el constitúe unha hipérbole totalizadora que, mediante a comparación da *coita* con calquera outra dor, incide na magnitude do sufrimento que lle produce ao namorado amar á súa *senhor*–, a matización que o trovador realiza no v. 10 ao especificar *d' outra gran coita me parti* fainos dubidar de tal apreciación. Neste verso parece individualizarse unha dor anterior concreta, que o protagonista esqueceu en canto viu á señora pola que actualmente canta. O valor do verbo *partir* en relación á *coita* parece remitir no contexto ao afastamento amoroso e, neste caso, a relevancia que a posición de rima outorga ao verbo non parece casual. Poderíamos estar, xa que logo, ante unha nova variante da *chanson de change*. Esta hipótese cobra sentido ao poñer esta cantiga en relación con *Ja foi sazón que eu cuidei* (XVIII), en que a idea exposta en XV se expresa de xeito explícito na cobra I: o trovador pensaba que Amor non podería inflixirle máis dano do que lle fixo no pasado, pero estaba enganado, pois agora padece unha *coita* aínda peor. A dama pola que sofre volve ser denominada como *dona* e, aínda que tamén é citada co termo *senhor*, este termo non aparece ata o v. 9, unha posición especialmente retardada para o que adoita acontecer nas *cantigas de amor*. O resto da composición céntrase en reiterar o respecto do trovador polo *segredo amoroso*, tópico moi habitual e con frecuencia asociado ao campo sémico da 'reserva da dama' (Tavani 1986: 121-123). Xa desde o último verso da I estrofa, a voz lírica asegura que nunca confesará os seus sentimentos nin á dama nin á ningunha outra persoa, pois, conforme aos principios da disciplina cortés, esta é a única vía para poder gozar da visión da *senhor*: *algũa vez a veerei* (v. 14). Porén, na cobra III o poeta admite que, se consegue contemplala (v. 16), o poder do Amor pode ocasionar que non sexa capaz de apartar os seus ollos dela (v. 17), coa inevitable consecuencia de que cantos o vexan facelo

(v. 19) interesaranse pola identidade da muller (vv. 20-21). Así pois, en toda a cantiga ocupa un papel central o tópico da visión da *senhor*. De feito, o verbo *veer* entra nun xogo de rimas derivadas (*veerei, vir, veerán*, vv. 14, 16 e 19) que o trobador vincula coa polisemia simbólica da palabra: a visualización da *senhor*, como xerme e vehículo da paixón, é o *ben* que o trobador ansía⁵⁶, pero a súa propia mirada pode traizoalo e provocar a curiosidade de quen o rodea. A peza remata cunha cobra dedicada precisamente a esa xente indiscreta ante a que deberá manter o principio do *celar* (expresado nos verbos *negar* e *mentir*) para non perder definitivamente a satisfacción de vela. De novo, o trobador recorre á rima derivada *preguntar – preguntarán* (vv. 25, 28), coa que incide na curiosidade (e, ao mesmo tempo, no consecuente prexuízo que a el lle causaría) que a intensidade do seu sentimento espertaría nos ambientes cortesés.

En canto principio fundamental da cortesía, o segredo amoroso constitúe o eixo argumental de boa parte da produción de Somesso. Tal e como afirma Tavani (1986: 121), o encubrimento dos sentimentos do poeta é básico tanto para salvagardar a intimidade dos amantes da destrutiva intervención dos *miscradores*⁵⁷ como para protexer ao trobador do resentimento da propia *senhor*.

Así, negar o amor permitirá que o “eu” lírico goce do *ben* da amada a un nivel puramente interior, como expresa na cantiga *Muitas vezes en meu cuidar* (VI). A cobra I deste texto constrúese mediante un contraste conceptual (materializado a nivel retórico a través de antíteses léxicas), que contrapón unha feliz fantasía coa triste realidade. O trobador relata que, nos seus pensamentos (en seu *cuidar*), recibe *gran ben* da súa *senhor* (vv. 1-2), pero que o *sabor* que obtén a nivel subxectivo (v. 3) convértese logo en *pesar* (v. 4) en canto volve ao mundo real (v. 5), onde non queda nada daquel *gran ben* e onde non pode atopar *conselho* (vv. 6-7). O poeta remata esta estrofa e comeza a seguinte mediante cunha *derivatio*, (*e non me sei conselh’ achar / nen acharei, ergu’ en cuidar*, vv. 7-8), figura que determina que ambas as cobras se liguen como *cobras capfinidas*. Continúa a exposición nas estrofas II e III, en que o trobador, conforme aos principios dunha tradición poética sedimentada, declara a tiranía do Amor (voz que aparece nos versos 10, 15, 15 e 18) a través do lema *forçar* (*forçado, forçar* vv. 10, 14 e 16). O amante vese, pois, prisioneiro dunha amarga situación da que lle resulta imposible fuxir, xa que a dama que desexa non sabe amar e, polo tanto, trátalo con total displicencia (vv. 11-14). Nestas circunstancias, Somesso asume que o único xeito



⁵⁶ «Nun xénero onde a descarnalización do amor é total, a contemplación da beleza resulta se-lo máximo beneficio ó alcance do varón», Beltrán 1995: 45.

⁵⁷ Sobre a función dos *miscradores* na lírica profana galego-portuguesa e o motivo do *escondit* asociado a estes personaxes, son fundamentais os estudos elaborados por Brea 1992 e 1993.

de acadar o *ben* é replegar os sentimentos sobre si mesmo, retelos na súa interioridade (vv. 15-21) para evitar ser descuberto, como declara no enunciado totalizador: *mentre m' eu guardar poder / de fala d' ome ou de moller*, vv. 23-24). A cantiga péchase con tres versos especialmente expresivos, que, a través da repetición (*sempr' en ela*, vv. 26-27) e o encabalgamento (*terrei / o corazón*, vv. 27 e 28), desembocan nun segmento conclusivo, onde se mestura a tradicional sinécdoque do corazón e o enunciado hiperbólico *mentr' eu viver* para declarar a gratificación que procede do respecto do segredo de amor.

En *Non me poss' eu, senhor salvar* (VII) Somesso matiza e amplía o contido da cantiga VI. A relación entre ambas as pezas verificase no desenvolvemento das dúas primeiras cobras de VII, en que o trovador se defende ante a súa *senhor* (interpelada directamente no v. 1) para declarar que o *ben* que imaxinou non era outra cousa que poder vela. A reiteración do verbo *cuidar*, empregado en diversas formas a través da *derivatio* na cantiga VI –en presente e futuro: *en meu cuidar*, v. 1, *ergu' en cuidar*, v. 8, *en cuidal' o poss' aver*, v. 21, *cuidarei*, v. 26– e na VII –en pasado: *cuidei*, vv. 4, 10, *cuideivos*, v. 6, *ouv' en cuidar*, v. 7– reforza a ligazón entre as composicións ao proxectar un mesmo fio narrativo en dous tempos diferentes. A segunda metade da cantiga que nos ocupa outorga, de novo, protagonismo aos *miscradores*. Na cobra III o trovador solicita a Deus o poder de negar a súa *coita* a todos aqueles que pretenden descubri-la. Estes son malditos no último verso desta estrofa (*Deu-los leix' ende mal achar*, v. 21) e no primeiro da seguinte (*E Deu-los leix' assifcar*, v. 22), versos que, ao constituíren unha anadiplose, enlazan estas dúas cobras finais como *cobras capfinidas*. O trovador desexa que os *miscradores* padezan un sufrimento tan profundo como o que o atormenta a el mesmo por vivir lonxe da súa dama. A composición remata coa coñecida metáfora da morte amorosa (v. 26) ao non poder compartir o mesmo lugar da *sennor*, situación recalcada a través da repetición do verbo *ir* (vv. 24 e 25).

Como xa se apuntou anteriormente, a confesión dos sentimentos do trovador á dama adoita derivar nunha reacción hostil desta que sumirá ao namorado na *coita*, situación que produce tal *pavor* ao amante que o induce a gardar silencio. As reflexións do trovador en *Quand' eu estou sen mia senhor* (XXII) ilustran ben dita circunstancia, pois, cando este se atopa lonxe da amada, sempre pensa en confesarlle o seu amor en canto a vexa, mais, unha vez ten a oportunidade de facelo, o medo non llo permite (vv. 1-9). Presentado o problema a través dunha antítese entre futuro (*quando a vir*, v. 3) e o pasado (*vi*, v. 5), o autor formula unha interrogación retórica (*E que farei?*, v. 9) coa que introduce a exposición que ocupará o resto da cantiga. A través dun monólogo interno cargado de dúbidas, o poeta sopesa as vantaxes e os inconvenientes de declarar os seus sentimentos a dama: se lle nega o que sente, poderá vela, mais vivirá coitado perpetuamente; se llo confesa e ela non o corresponde, morrerá. A vacilación que supón o paradoxo cortés maniféstase

na antítese *calar / dizer* (v. 18). O trovador expresa a súa decisión nos versos conclusivos (e encabalgados) a través dunha sentenzia hiperbólica que opón os infinitivos *viver / morrer*: *Ante que en coita viver / sempre, direilho por morrer* (vv. 27-28).

En *Querovos eu ora rogar* (IV) o trovador solicita a indulxencia á *senhor*, pois pronto lle declarará o seu amor que, como puntualiza, sabe que non será correspondido. Nos últimos versos da primeira estrofa, dita petición acada o grao de esixencia: a *senhor* debe sufrir o pesar que lle provoca o amor do trovador, pois do contrario este morrerá (*devedel' a sofrer / por Deus e por me non matar*, vv. 6-7). A cobra II comeza cunha lítote coa que atenúa a súa súplica, pois asegura que non lle rogará outra cousa que non sexa a aceptación dos seus sentimentos, petición que pon en evidencia o contraste entre os dous protagonistas da relación amorosa (*prazer, prouguer / pesar, pesa* vv. 4, 10, 12, 27, 28). De feito, se puidese evitar sentir o que sinte, iría servir outra muller que estivese disposta a outorgarlle o seu *ben*, un *ben* que nunca pensou acadar da súa dama (cfr. o encablagamento *cuidei/aver*, vv. 19-20), pero que sempre desexará (cobra III). Esta última afirmación constrúese a través dun políptoto que Somesso aplica aos verbos *cuidar* e *aver* (*onde cuidasse ben aver / mais de vós nunca o cuidei / aver, sennor, mais avel' ei / mentr' eu viver, a desejar*). Nos primeiros versos da última cobra o trovador lémbra-lle á dama que, a pesar de anhelar o seu *ben* desde que a viu, sempre lle ocultou os seus desexos (*neguei, encobri*, vv. 24 e 15), o que lle serve para moderar as consecuencias da súa inminente declaración. Esta é anunciada a partir de dúas oracións condicionais coordinadas, paralelas e antitéticas (*per morrer, / se vos pesa, ou per viver, / se vos prouguer*, vv. 26-28), que derivarán nunha única acción posible: *volo direi* (v. 28).

A compaixón que o trovador suplica á dama (e que xa foi observada na cantiga precedente) atopa a súa máxima expresión en *Sennor fremosa, fui buscar* (XIV). Este texto comeza cun *enjambement* de catro versos, en que o amante expón que non atopa auxilio (cfr. a repetición do substantivo *conselho*, vv. 2, 5 e 20) contra o mal que lle provoca a *senhor* nin tan sequera en Deus. Nos tres versos que poñen fin á cobra, o poeta resume a súa situación en dous enunciados coordinados coa conxunción *e* en posición anafórica, que conclúen nunha solicitude que xa se ven en pezas anteriores, é dicir, a petición á amada de que o amor do trovador non a desguste (*non vos pes ja de vos amar*, v. 7). Esta estrutura repítese ao longo da estrofa II, en que, mediante unha *gradatio* formulada a través de enunciados polisindéticos, o poeta vai incrementando a súa súplica. Se a concesión da demanda reclamada no v. 7 non é posible, o poeta retoma o verbo *pesar* asociado á dama (v. 8) e confesa que prefere que lle minta. Esta insólita mentira piadosa é reclamada de xeito expreso mediante o emprego da perífrase *facen entender* (*non mi o façades entender*, v. 9) e os verbos *negar* e *enganar* (vv. 11 e 14), que Somesso situou en rima para outorgarlle maior relevancia no discurso. Se nos textos anteriores era o trovador quen ocultaba o seu amor e a dor que este lle

producía, nesta cantiga os roles se inverten coa solicitude que Somesso dirixe á dama para que esta lle negue o *pesar* que sinte ante o servizo do poeta. Na cobra III afirma que considerará ese engano un bo pagamento, pois está nas mans da súa señora, como reflicte nas hipérboles *matar* e *non viverei* (vv. 18 e 29). A composición remata de novo co anuncio da declaración de amor, forzada pola coita que sofre e non o deixa vivir (de aí que o substantivo se repita en varias ocasións no texto: *gran cuita/coita*, vv. 11, 22 e 26), e que anuncia o seu triste final co habitual tópico da morte (*mais vejo ja que morrerei*, v. 27). Nesta última estrofa recóllense dous verbos xa empregados en versos anteriores, cos que Somesso introduce dúas rimas derivadas: *aver* – *ei* (vv. 2, 26), *direi* – *dizer* (vv. 12, 24).

Muito per-dev' a agradecer (XVI) é unha cantiga que, cun tecido retórico simple, atopa a expresividade nun complexo aparato conceptual. Os primeiros versos do texto manifestan o punto de vista do poeta con respecto á opinión que para el merecen aqueles que poden dirixirse libremente á súa amada e demostrarlle a súa dor. A subxectividade do segmento acentúase co inciso *segund' agora meu cuidar*, v. 2. Así, en comparación co trovador, aqueles son afortunados e deben agradecer a súa sorte a Deus (estrofa I). Na segunda cobra desenvólvense amplamente as razóns polas que o trovador non pode revelar o segredo amoroso, que son, unha vez máis, a falta de comprensión da dama ao non permitirlle nin sequera expresar a súa dor. Deste xeito, a cantiga condúcese cara un final hiperbólico, en que o namorado trata de mostrar a magnitude da súa *coita* amorosa a través dunha comparación, ca *de mēor morreu ja 'lguen* (v. 24). Os versos conclusivos introducen o tópico da divindade para reforzar a infelicidade do poeta, que recorre a un Deus que se asaña co trovador para exhibir a súa omnipotencia⁵⁸, o que non é máis que unha maniobra retórica para acentuar a coita amorosa.

En *Ben o faria, se nembrar* (XIX), Somesso expresa a súa reacción ante o rexeitamento da señora, expresado coa voz *desamor* (v. 3). O seu amor é involuntario e con el non pretende prexudicar á dama, polo que o poeta non atopa xustificación á estrita reticencia desta a aceptar o seu perdón (cfr. a *derivatio buscar / busquei*, vv. 8 e 9) e a escoitar os seus argumentos (estrofas I e II). Se a estrofa II remata coa queixa *mais non quer oir mia razon* (v. 14), a cobra seguinte retoma a perífrase con *querer e oir* para afirmar que, aínda que ela consentise escoitalo, el non se atrevería a falarlle (*E, macar me quisess' oir*, v. 15), o que xera unha concatenación das estrofas II e III como cobras capfnidas. O mesmo recurso é empregado para ligar as estrofas III e IV (*e desto m' ei sempre a guardar*, v. 21 – *E guardarm' ei de a veer*, v. 22), en cuxos versos se estende a paradoxa

⁵⁸ A omnipotencia divina á que alude este texto é trasladada á personificación do Amor en XXV, *Per com' Amor leixa viver*, peza monoestrófica que revela en sete versos a crueldade que o trovador sofre por vontade de Amor.

recentemente exposta. Nestas cobras finais, o autor declara que o único que quere é vivir onda a dama, mais que sempre evitará facelo (como tamén sempre evitará vela), a pesar de ser o que máis desexa. Ante a negativa da amada a auxiliálo, a única alternativa posible é solicitar protección a Deus, pois a intensidade da súa paixón faino desexar a morte (cfr. a antítese do verso final entre os verbos *morrer / viver*).

A cantiga XIII, *Se eu a mia sennor ousasse*, desenvolve de novo o tópico do “silencio” provocado polo medo a enfrontarse á superioridade da *senhor*. Os desexos do “eu” lírico son enunciados ao longo do poema mediante a *accumulatio* de solicitudes figuradas coas que o poeta insinúa a *desmesura*⁵⁹ da amada, pois, tal e como adoita acontecer na *cantiga de amor*, o desamparo ao que esta somete ao seu *servidor* traspasa todos os límites imaxinados. O atrevemento que supón lembrarlle á *senhor* o seu deber atenúase ao ser manifestado no plano desiderativo, que cobra forza outra vez nesta composición (como xa ocorrera nas cantigas VI e VII). A dualidade que comporta a contraposición entre a realidade e a ficción determina tanto a organización conceptual como o tecido retórico dunha peza que resulta excepcional no “cancioneiro” amoroso de Somesso, así como no conxunto da tradición lírica galego-portuguesa, por ser un dos poucos exemplos de aplicación practicamente sistemática da rima derivada (Lorenzo Gradín 2010). O artificio, que non se presenta na cobra I, é empregado nos primeiros 2 versos das cobras II III e IV e no segundo dístico da estrofa II⁶⁰. A *derivatio* que configura este recurso artículase a partir do uso en tempos de indicativo e de subxuntivo daqueles verbos que constitúen o núcleo argumental da cantiga: *pensasse – pensar* (vv. 8, 9), *nembrasse – nembrar* (vv. 11, 12), *mandasse – mandar* (vv. 15, 16), *perdõase – perdõar* (vv. 22, 23). A mudanza de modo verbal permite plasmar no *ornatus* o contraste baixo o que se constrúe o argumento da peza, estratexia que outorga especial cohesión á mesma ao engarzar contido e forma. Así mesmo, as parellas *rogar – rogasse* (vv. 2, 21), *cuidar – cuidasse* (vv. 25, 28), situadas irregularmente no texto, aumentan o elenco de derivacións en posición de rima. O poema é adornado con outras figuras da repetición, como o paralelismo literal (*de que nunca quisu pensar – de que se nunca quis nembrar – e nunca quis que o cobrase*, vv. 9, 11 e 14), a

⁵⁹ Entendida como a define Tavani, a *desmesura* para os trobadores galego-portugueses é a «incapacidade ou a indiferencia da dama para facer ben ó amante, para corresponde-lo seu sentimento e para concederlle *prol* e *galardon* como calquera bo señor está obrigado a facer» (1986:119)

⁶⁰ Lorenzo Gradín (2010: 110) sinala que este é o único exemplar que limita o emprego do procedemento a dous versos da cobra, o que evoca o modelo estético de Giraut de Bornelh (BdT 242,1), cuxa produción debía de ser coñecida nas cortes do occidente peninsular, toda vez que o célebre trobador lemosín dirixira a tornada de *Ges de sobrevoler nom tolh* (BdT 242,37) a Fernando II de León e Alfonso VIII de Castela. Alvar 1977: 75.

anadiplose (*por algũa cousa rogar / rogarll' ia que me leixasse*, vv. 2 e 3) ou a anáfora (*rogarll' ia – e rogarll' ia*, vv. 3 e 5), e con figuras de pensamento que incrementan a riqueza expresiva da composición, como a hipérbole (*perdi o sén*, v. 13) a antítese (*que me non foss' e que ficasse*, v. 17) e a lítote (*que ll' eu fíge senon cuidar*, v. 25).

A obriga do amante a afastarse da súa señora é un dos desenlaces máis habituais do desafortunado *iter amoris* que sofre o trobador na *cantiga de amor*. As esixencias manifestadas pola dama como consecuencia da súa firme reserva adoitan implicar a *partida* do poeta do lugar onde esta reside, situación que para o namorado deriva no peor dos destinos posibles: a imposibilidade de ver á *senhor*. A tristeza que causa a separación é o tema principal de *Con vosso medo mia senhor* (XXII), *Se Deus me leixe ben aver* (XXIV) e *Ja m' eu sennor ouve sazon* (XII). A primeira das cantigas citadas distribúese en tres estrofas, que abordan diferentes tópicos subordinados ao motivo principal do texto, a *partida*, que é o telón de fondo da peza. O afastamento do lugar en que vive a dama preséntase como un inevitable e inminente deber que o trobador debe asumir en contra da súa vontade (cobra I, cfr. a antítese *começar / acabar [non poderei]*, vv. 2, 3 e 4), ante o cal este solicita a súa propia morte (cobra II) como única salvación posible para a súa *coita*, unha *coita* incomparable como incomparable é a dama por quen a padece (III). Os contidos dispóñense en cobras unisonantes que ofrecen un singular esquema métrico-rítmico: *abbcddb*. Esta distribución, única no corpus galego-portugués, cristalízase grazas á presenza da *palavra perduda* e da palabra rima, que, así mesmo, reforzan o vínculo entre as estrofas. Ambos os recursos mencionados aparecen en dúas ocasións en cada cobra: 1) estes aparecen simultaneamente ao presentarse o apóstrofe *mia senhor* en posición final tanto no incipit como no verso de apertura do resto das estrofas, sen que estes atopen equivalencia rimática en ningún dos timbres posteriores; 2) a rima en *-ei* (a cuarta de cada unidade estrutural) orixina outro verso libre nas estrofas (*poderei*, v.4, *estarei*, v. 11, e *ei*, v. 18); 3) o infinitivo *viver*, que é a rima c, sitúase regularmente nos vv. 5, 12 e 19, polo que é a segunda palabra rima do texto. Os eixos argumentais da peza (a *partida*, a *coita* e a *laudatio* á dama) materialízanse en certos vocábulos que adquiren especial relevancia ao empregarse como palabras rimantes (*alongar*, v.7, *pesar*, v. 10, *veer*, v. 13, *semelhar*, v. 14, *morrer*, v. 20, *quitar*, v. 21). Como é habitual, o hipérbato e o encabalgamento contribúen á distribución estratéxica do léxico connotativo utilizado no texto (*quer' eu agora começar / unha tal ren que acabar, / se Deus quiser, non poderei, / ca provarei d' albur viver*, vv. 2-5, por exemplo, ou *a esta coita que eu ei, / e averei, des que viver / non poder vosc', e Deus morrer / me leix' u m' eu de vós a quitar*, vv. 18-21). Así mesmo, os conceptos son expresados a través de varias figuras de pensamento como, por exemplo, a antítese *começar-acabar* (vv. 3-4), que resulta do desacordo do poeta con ter que afastarse da súa amada, ou a analoxía que, en combinación coa hipérbole, establece a

comparación entre as virtudes da amada e a profundidade da tristeza que padece o trovador, e que o fai anhelar a morte (vv. 16-18).

Se Deus me leixe ben aver (XXIV) inaugúrase cunha *exclamatio* de dous versos encabalgados en que o suxeito lírico suplica o *ben* da señora. Ese *ben* élle negado cando a dama o obriga a alongarse dela, prohibíndolle, deste xeito, vela, vivir con ela e falarlle (vv. 8-11), o que provoca no namorado un terrible sufrimento que só pode atopar alivio na súa propia morte. Unha morte, que, como asegura o poeta, pracería á *senhor* (*porque viv' a vosso pesar*, v. 4) e que, se Deus lla quixese conceder, el aceptaría con gusto. Este argumento, lugar común da *cantiga de amor* trobadoresca, colma as dúas cobras conservadas para a cantiga XXIV no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*, que constitúen unha peza retoricamente baseada na hipérbole, na clásica antítese *viver / morrer* (vv. 3 e 6) e na *accumulatio* (*de vos veer / e viver e vos falar*, vv. 10 e 11) Cómpre sinalar os *enjambement* que ligan os vv. 1-2 (*aver / de vós*), 8-9-10 (*sofrer / por al, senhor, pois m' alongar / queredes*) e 12-13 (*tolber / coita*).

En *Ja m' eu, sennor, ouve sazon* (XII) abórdase novamente o tema da *partida*, que, como xa se comprobou noutros textos, mantén unha estreita relación co tópico da visión da *senhor* (cfr. a *derivatio* das formas *viss'*, *vej'* e *veer* nos vv. 3, 6 e 17, respectivamente). Ver a dama non só propiciou o proceso de namoramento –circunstancia que se lembra con nostalxia nos primeiros versos da composición (*Ja m' eu sennor, ouve sazon / que podera sen vós viver / u vos non viss'...*)–, senón que se convirte no único *ben* ansiado polo trovador –referido coa lítote *pois outro ben, sennor, non ei / senon quanto vos vej'*, e sei vv. 5-6–, e que lle foi outra vez arrebatado pola señora (*que mi o queredes ja tolber*, v. 7) ao obrigalo a afastarse dela. A equivalencia hiperbólica entre *partir / irse* e *morrer* (*irm' ei d' aquend' e morrerei*, v. 13, *De pran, morrerei, se m' én for*, v. 21) culmina o desenvolvemento lóxico co que Somesso explica, nas cobras II e III, esta esixencia da dama: se a vontade desta é que o trovador se afaste dela, a separación provocará tal dor no poeta que, irremediabilmente, o conducirá a un desenlace fatal, que se destaca a través do políptoto *morrerei / morrer* (vv. 13-14) e da antítese *matar / morrer* (vv. 20-21). O poeta, que non acepta con submisión de *servidor* a imposición da *senhor*, reacciona nun ton case desafiante ao manifestarlle a esta o seu rotundo desacordo e ao cominala a sufrir o pesar que lle causa que a ame, pois, desde a súa perspectiva, faría mellor así que obrigándoo a separarse dela (vv. 8-12). A aspereza desta suxestión aínda se acentúa na última cobra, na que o poeta precisa a inexperiencia da señora en amores (*Non o queredes vós creer, / ca nunca soubestes d' amor*, vv. 22-23), inexperiencia que implica a incompreensión desta ante a dor do poeta. Ante tal situación, o amante roga nos últimos versos a Deus que lle permita falar con ela e facerlle entender a súa angustiada situación. En canto ao ornato estilístico, cabe sinalar que a *derivatio* tanto en posición de rima como en interior de verso

(*viss'-vej'*, vv. 3 e 6, *morrerei-morrerei*, vv. 13 e 14, *fac'*, *fariades*, *fazedes*, vv. 17, 18 e 19) constitúe a figura de maior peso na peza.

A conducta combativa do autor, alimentada pola coita, apréciase de novo nas cantigas *De quant' eu sempre desejei* (V) e de *Agora m' ei eu a partir* (VIII). Estas dúas pezas constitúen un pequeno ciclo caracterizado por incorporar o motivo da *mala cansó* dirixido cara a propia dama e cara outro vasalo, misterioso personaxe cuxo referente parece ser o propio trovador. A simetría de ambas as pezas apréciase tanto no plano conceptual como no formal. O desenvolvemento argumental das dúas orixíno de novo o motivo da *partida*, que desencadea a reacción hostil do namorado que termina por desexar a morte dun home cuxa existencia non permite ao poeta liberarse da coita para poder vivir en paz. Desde o punto de vista estrutural, ambas están construídas en parellas de *coblas doblas*, en que cada membro do par estrófico se relaciona co seu análogo non só mediante a identidade tímbrica, senón tamén a través da repetición na cantiga V (*que me pes a partir m' ei én / E, ja que m' end a partir ei, vv- 7-8 e est' ome por que me mal quer. / E, pois ll' eu est' ome toller, vv- 21-22*), e da palabra rima na VIII (*partir*, vv. 1 e 8, *dá*, vv. 15 e 22).

De quant' eu sempre desejei arranca con catro versos que captan inmediatamente a atención do lector pola súa calidade retórica e forza expresiva. Nesta secuencia inicial o poeta expresa o motivo da súa frustración a través de dúas hipérboles totalizadoras que son, á vez, antitéticas entre si. O cumio deste exordio alcánzase no políptoto do v. 4, que acentúa o pesimismo do percorrido narrativo:

De quant' eu sempre desejei
de mia sennor, non end' ei ren
e o que muito receei
de mi avĩr, todo vi aven

Tras esta elocuente introdución, Somesso desvela o seu desexo (vivir coa amada) e o seu temor, que volve ser a partida obrigada do lugar en que está a señora (cfr. a repetición *partir m' ei, m' end a partir ei*, vv. 7 e 8). Seguindo o camiño trazado polos occitanos, a translación do léxico xurídico-feudal á *cantiga de amor* constitúe unha das claves da relación cortés, mais, nesta peza, a importancia que adquire ese vocabulario denota un interese maior por parte do autor para salientar o seu compromiso co servizo amoroso. Así, desde os primeiros versos da cobra II, o trovador asume, en aparencia, un rol vingativo (actitude para o que non atopamos referentes na xeración de Somesso), que fai que lle declare a guerra á *sennor* (*que muita guerra lle farei*, v. 10) e a ameace con cobrar o *pennor* que merece: a morte do home por quen ela o quere mal. Todo o texto se

constrúe sobre o novidoso tratamento que o autor confire ao suxeito do enunciado, desde o momento en que xoga cunha falsa “alteridade” para identificar o “eu” lírico co vasalo (cfr. a repetición da voz *ome*, vv. 13, 21 e 22) , que só atopará saída a súa tristeza na morte, metáfora que se subliña no texto a través da repetición (*morrer, morte*, vv. 14, 16, 17 e 18). A creación desa identidade ficticia é empregada polo trobador para explorar outra vía conceptual que exprese a dor amorosa: desde o momento en que o amante se desfará do home que molesta á *sennor* (cfr. a repetición do verbo *tolber*, vv. 20 e 22), xa non terá nada que temer.

Pola súa banda, *Agora m’ ei eu a partir* iníciase xa co anuncio da marcha do trobador e coa condena ao causante do seu mal (cobra I). O poeta manifesta na segunda estrofa a súa negativa a *consentir* o dano que ela lle provoca e coa advertencia da perda daquel *vassalo soo que á* (v. 12). A partir desta declaración, en que o vasalo resulta individualizado, decorren polo resto do poema diversas realizacións do motivo da tradicional *coita mortal* (*de pran, de morte perdel’ á / por esta cuita ‘n que me ten* (vv. 13-15), do desamparo do namorado pola *senhor* (*Pero sei ca ren non dá / ela por est’ ome perder*, vv. 15-16) e polo propio Deus (*al lle faria, mais non praz / a Deus de m’ én dar o poder / E, pois me Deus poder non dá* vv. 19, 20 e 21) ata a conclusión da peza, na que a antítese *morte / viver (en paz)* (vv. 36 e 27). subliña o destino tráxico do trobador.

Desde o noso punto de vista, os últimos catro versos de ambas as composicións outorgan as claves para a identificación do protagonista figurado das mesmas:

mais pod’ **entender**, se quiser
 que logu’ eu guardado serei
 dela, e non a temerei
 des que ll’ eu esto feit’ ouver
 (V, vv. 25-28)

e ela ben pod’ **entender**
 que esta morte ben me jaz
 ca non poss’ eu viver en paz
 enquanto ll’ est’ ome viver
 (VIII, vv. 25-28)



Á marxe da semellanza destes dous fragmentos conclusivos (que corrobora o paralelismo argumental das dúas pezas), a morte anunciada do “outro vasalo” preséntase nas dúas como a

liberación do sufrimento do trovador. Ao noso parecer, este desenlace introducido polo verbo *entender* revela o dobre sentido da *equivocatio* que cimenta esta parella de textos.

A *coita* do amante é, sen dúbida, o elemento conceptual predominante nas *cantigas de amor*, de aí que fora considerado por Tavani (1986: 123-132) como un dos campos semánticos principais do xénero. Como xa se tivo ocasión de comprobar, os textos do noso trovador non escapan a este eixo temático. A inevitable asociación do proceso de namoramento á dor, motivada, sobre todo, pola convencional indiferenza da *senhor* e a negación do ansiado *ben* ante o servizo constante do namorado, sáldase frecuentemente co desexo ou a expresión da morte. Así, como xa se precisou máis arriba, en ocasións o trovador ansiá que lle chegue o seu fin como remedio á insoportable situación que sofre (*vide supra*, o comentario relativo á cantiga XIX), ou *ben* o considera como unha conclusión ineludible (*vide supra*, cantiga XIV).

Este postulado estético ocasionou que Somesso dedicase parte das súas cantigas a reflexionar sobre o tratamento que os seus compañeiros de oficio –e, en ocasións, el mesmo– dan a hipérbole da *morte por amor*. Así, *Ora non poss' eu ja creer* (XXI) sérvelle a Somesso para cuestionar as afirmacións daqueles amantes que aseguran que morrerán de xeito inminente pola coita. A cantiga transmite un continuo mensaxe hiperbólico en que Somesso se declara como o maior dos namorados a través da revisión de varios tópicos. A cobra I ábrese cun provocativo enunciado, aínda realzado polo uso do hipérbato e do encabalgamento, en que o trovador afirma non crer que ninguén poida morrer polo pesar causado polo servizo amoroso (*Ora non poss' eu ja creer / que omen per coita d' amor / morreu nunca*, vv. 1-3). De ser así, el non debería estar vivo ao seren o home máis castigado por Amor (vv. 4-7). Non obstante, esta circunstancia provocou que perdesse o *pavor* que tiña a perder a vida, pois, recalca, se Amor matase, non o deixaría vivir a el (cobra II). Na estrofa III explica que a súa dor é tan grande que nin sequera pode describila, a pesar de que Amor se empeña en que a confese. A peza conclúe co lamento do namorado pola indiferenza da súa señora, que, ao non compartir os mesmos sentimentos co trovador, non entende a gravidade da situación e non o axuda.

Outras tres composicións retoman a reflexión sobre a actitude que adoptan os seus coetáneos fronte ao mencionado tópico da coita mortal. *Desejand' eu vós, mia sennor* (XVII), *Muitos dizen que perderán* (IX) e *Non tenn' eu que coitados son* (X), constitúen un tríptico en que Somesso manifesta que a morte, concibida como vehículo liberador da *coita*, carece de sentido se a dama non outorga o *ben*, xa que, desde a súa perspectiva, a dor permanecerá máis aló da vida.

Na primeira das pezas mencionadas, o autor declara que o desexo insatisfeito provocará inevitablemente o seu falecemento, e que este non o librará do sufrimento, xa que unicamente é

a concesión do *ben* a que podería aliviar a súa aflición (estrofa I). A través da hipérbole intensificadora, o trovador, dirixíndose directamente á dama, reitera nas estrofas II, III e IV a angustia que supón saber que nin posuír todas as cousas que Deus creou nin a propia morte aliviarán a pena, e pecha a cantiga declarando que, a pesar do *pavor*, a proximidade da súa partida permitiralle, por fin, confesar os seus sentimentos. Ao longo do texto, Somesso enfatiza a súa paixón aludindo a certos conceptos clave que coloca minuciosamente en posición final de verso, e focaliza aínda máis a atención do auditorio sobre os mesmos ao enlazalos a través da rima derivada. Así, o núcleo argumental da cantiga é reforzado coa parella *morrerei-morrer* (vv. 2 e 5) e o obxectivo final dos seus versos —é dicir, a *confessio amoris*— é destacado a través da *derivatio direi-dizer* (vv. 4 y 25). Así mesmo, emprega o mencionado recurso retórico co verbo *aver*, combinado cos substantivos *coita* e *ben*, un xogo que lle permite explotar aínda máis o efecto que produce o contraste entre ambos os vocábulos (*averei gran coit' a sofrer / por vós como mi-agora ei*, vv. 6 e 7; *ja sempr' eu gran coit' averei*, v. 9, *pois vosso ben non poss' aver*, v. 13). O poeta aínda recorre a dita técnica nos versos 9-14 (*for-son*) e 12-14-19 (*perder-perderei-perder*). A excepción deste último grupo de verbos, pódese observar un manexo elocuente da orde dos tempos utilizados nesta complexa elaboración retórica, toda vez que o primeiro dos elementos de cada rima derivada é constituído por un futuro e o segundo por un presente, co que o poeta pretende transmitir a inminencia dunha morte que, se ben é inevitable, se revela insuficiente para liberalo do sufrimento que padece.

As outras dúas pezas que interveñen nesta “polémica” metaliteraria non só reelaboran o motivo da *morte por amor*, senón que se afastan do canon que rexe a ética cortés ao violar os paradigmas do xénero amoroso. Nestes textos non se fai referencia á *senhor* ata a terceira cobra, pois os verdadeiros protagonistas dos mesmos son o resto dos trovadores cos que o autor se compara. Xa na primeira cobra de *Muitos dizen que perderán* condénsase e descríbese de xeito claro o argumento que Somesso defende, mais tamén se alude a aqueles que manteñen a posición contraria, entrando así nunha dialéctica que compara o alcance da súa *coita* coa dos demais (estrofa I). Percíbese, pois, un propósito reprobatorio fronte aos que proclaman ter unha alternativa á dor, pois considera que a morte non libera ao verdadeiro amante da súa aflición; de feito, a cantiga remata con dúas cobras en que o trovador se declara o maior dos coitados. De novo, Somesso recalca as ideas que fundamentan o seu poema a través do emprego de figuras de repetición en que interveñen voces especialmente expresivas. Neste caso, ademais da rima derivada presente nos vv. 7 e 8 (*aver-an*), utiliza a anáfora para colocar o sintagma *coita d' amor* encabezando os versos 2 e 6, e a palabra *coita* ao comezo dos vv. 16 e 24. Así mesmo, por medio da palabra rima intensifica

o sentido da parella antitética *ben-mal* (*ben estan-ben non estan*, vv. 3 e 10 e *muito mal-maior mal*, vv. 17 e 24).

Completa esta serie temática a cantiga *Non tenn' eu que coitados son* (X), en que ademais de retomar as ideas expostas nos dous textos anteriores introduce, con certa ironía, unha pregunta retórica coa que cuestiona a morte literaria (v. 7). Unha vez máis, a comparación entre a súa situación e a dos “mortos de amor” permítelle a Somesso erixirse no mellor dos amantes e, por tanto, no mellor dos trovadores. A mención á *senhor* retrásase, neste caso, ata o penúltimo verso da terceira cobra, en que se percibe un cambio de ton no discurso. Este vólvese máis retrospectivo e pasa de centrarse na falsidade dos sentimentos de terceiros para focalizar os últimos versos na descrición da súa dor para culminar cunha sorprendente solicitude a Deus: que este provoque na dama *coita de amor* (*e Deus, se me quiser valer, / por min, poi-la ten en poder, / farall' aver cuita d' amor*, vv. 26-28). Se ben o autor recorre de novo a artificios formais xa vistos nas pezas precedentes, a organización retórica é, neste caso, menos elaborada, o que no diminúe a carga expresiva do texto, que se sustenta nunha coidada selección léxica e temática.

A idea sobre a morte de amor postulada por Somesso nas cantigas apenas comentadas, aínda que é novidosa na tradición lírica do occidente peninsular, ofrece algún precedente na lírica occitana. Se ben é preciso realizar unha análise exhaustiva ao respecto, cabe sinalar que (salvando as distancias) a *canço* de Bernart de Ventadorn *Can lo dous temps comensa* presenta na tornada unha idea similar á expresada por Somesso: o célebre trovador occitán non lamenta a súa congoxa, porque mantén viva a esperanza de ser correspondido pola súa dama, á que advirte nos versos finais do seu texto que a dor de amor sobrevive á morte:

Car s' eu mor, domna genta,
que ja nuza no.us senta,
mos cors n' aura damnatge
e **m' arma n' er dolenta.**
(Appel 1915: 287, vv. 45-48).

Convén destacar que a crítica especializada outorgou ao trovador provenzal un papel predominante na adaptación do canon cortés na tradición galego-portuguesa (Ferrari 1984: 51). De feito, tense insistido moito na influencia que exerceu sobre a produción dalgúns dos autores das primeiras xeracións e, en concreto, sobre a de Osoiro Anes, en cuxa obra son especialmente visibles algúns ecos de esquemas métricos, rimas, artificios poéticos, conceptos e imaxes cultivados polo lemosín (Miranda 2004: 102-122; Marcenaro 2012a: 34-37). Osoiro, poeta asociado, ao igual

que Somesso, ao “período de implantación” da lírica galego-portuguesa, é considerado unha das pontes fundamentais entre a lírica occitana e a galego-portuguesa (Marcenaro 2012a: 27), e a súa obra tivo repercusión entre os trobadores que o sucederon, en particular sobre o noso autor⁶¹. Segundo as últimas identificacións propostas polos especialistas para Anes e Somesso⁶² (Souto Cabo 2012: 81-123), estes manteñen liñas de linaxe comúns, así como vínculos co círculo poético que se construíu arredor da corte de los Trava. En calquera caso, tanto Osoiro Anes como outros trobadores que se localizan nas mesmas coordenadas cronolóxicas e espaciais que Somesso utilizaron o motivo da morte por amor dun xeito convencional, o que puido impulsar a este a compoñer as cantigas recentemente analizadas (XVII, IX e X) como parte dun xogo literario que se desatou nun ambiente cultural determinado.

Neste “dialoxismo” participaría, por exemplo, de Fernan Garcia Esgaravunha, en cuxos textos *Des oge mais ja sempre eu rogarei* (MedDB 43,3) e *Que grave cousa, sennor, d’endurar* (MedDB 43,13) roga a Deus que o libere da dor causándolle a morte. Ademais de ser cuñado de Teresa Eanes Batissela —o que o liga familiarmente con Osoiro Anes e co propio Somesso, cfr. Souto Cabo 2012: 178—, foi o segundo marido de Urraca Abril de Lumiare, a muller citada por Somesso na súa sátira *Ogan’ en Mũimenta* (I). A estes datos históricos poderíase engadir o curioso paralelismo que amosan os incipits das cantigas *Punn’ ei eu muit’ en me quitar* (MedDB 43,10) de Esgaravunha, e *Punbei eu muit’ en me guardar* (cantiga XI do noso trobador), que tratan, ademais, o motivo da *chanson de change*. Todas estas circunstancias fan posible que se bosquexe a hipótese de que Johan Soarez Somesso rivalizase de xeito particular nos seus textos coas ideas convencionais do poderoso Sousa. Así mesmo, é posible que a súa posición se enfrontase á de autores precedentes ou coetáneos que explotaron o tópico e o revisitaron ao seu modo, como é o caso de Vasco Fernandez Praga de Sandim —cfr. *Deus, meu senhor, se vus prouguer* (MedDB 151,6), *Por Deus, senhor, e ora que farei* (MedDB 151,17), *Que sen conselho que vos, mia senhor* (MedDB 151,21), *Senhor fremosa, grande enveja ei* (MedDB 151,25)— ou Fernan Rodriguez de Calheiros —cfr. *Par*

⁶¹ Fundamentalmente, contempláronse entre Somesso e Anes correspondencias no plano temático das súas *cantigas*, pois ambos desenvolveron temas pouco frecuentes na tradición á que pertencen, como son o cambio de *senhor* —*Sazon é ja de me partir* (MedDB 111,7), *Cuidei eu de meu coração* (MedDB 111,1), *Eu que nova senhor filhei* (MedDB 111,4), *Punbei eu muit’ en me guardar* (MedDB 78,18), *Ūa donzela quig’ eu mui gran ben* (MedDB 78,25)— e o rigor da dama fronte o namorado —*Ei eu tan gran medo de mia senhor* (MedDB 111,2), *Eu, que nova senhor filhei* (MedDB 111,4), *Min pres forçadament’ amor* (MedDB 111,5), *Muitas vezes en meu cuidar* (MedDB 78,10), *Ja m’ eu, senhor, ouve sazón* (MedDB 78,9)— (Miranda-Oliveira 1995: 507; Marcenaro 2012a: 39).

⁶² Para outras posibles identificacións de Osoiro Anes, véanse os estudos de Oliveira (1994: 398-399); Miranda (2004: 97-126); Monteagudo (2008a).

Deus, senhor, ora tenh' eu guisado (MedDB 47,22), Quando m' agora mandou mia senhor (MedDB 47,25), Que cousiment' ora dez mia senhor (MedDB 47,26)—

Neste caso, a variación temática introducida por Somesso despunta en todo o corpus pola súa singularidade, na que través dunha postura calculada, xoga coa reafirmación do tópico ao incrustar no seu cancionero a hipérbole da hipérbole para integrarse no discurso de voces que o arrodean dun xeito dinámico⁶³.

A última peza recollida neste capítulo é *Quen bõa dona gran ben quer (XX)*, a cal constitúe un verdadeiro manual de ética cortés para calquera amante. Somesso retoma boa parte dos tópicos que configuran a poética da *fin' amor* para dirixir unha serie de consellos aos que pretenden ser “bos” os amantes. A submisión absoluta fronte aos designios da dama é o tema abordado na primeira cobra. O segundo *conselho* (v. 9) do poeta refírese ao mantemento do segredo amoroso, pois, unha vez este sexa revelado, non pagará a pena vivir. A terceira cobra serve ao poeta para lembrar a responsabilidade da *senhor* de evitar a morte do namorado. Mediante unha pregunta retórica, desenvolve unha reflexión que cuestiona a pertinencia do desenlace fatal que, como xa adiantou na estrofa II, sufrirá o vasalo se quebranta o *celar*. Se este serviu incondicionalmente á dama e non foi quen de *encobrir* os seus sentimentos, ela deberá comprendelo e impedir a súa morte, pois é a *insania* a causante de tal descoído. A través doutra interrogación retórica que abre a cobra IV, Somesso recolle o lugar común da *visio*. Este momento decisivo para o namorado suporá o seu *ensandecemento*. O poema aproxímase ao seu remate cun xiro que orienta a mirada cara ao “eu” lírico e recupera a primeira persoa para concluír cunha *exclamatio* hiperbólica coa que lamenta a magnitude da *coita* que o adoce. O trovador outorga unha gran sonoridade ao texto mediante a combinación da paronomasia e a *derivatio* en posición de rima na primeira estrofa (*fazer-fezer*, vv. 3 e 4, *paz-praz*, vv. 5 e 6) e mediante a rima derivada con palabras-clave no desenvolvemento argumental da peza (*praz-proguer*, vv. 6 e 7, *servirá-servir*, vv. 15 e 16, *morrerá-morrer*, vv. 18 e 19, *poder-poderá*, vv. 20 e 22, *perderá-perder*, vv. 25 e 27, *vir-veer*, vv. 24 e 26).



⁶³ Este aspecto foi tratado de xeito pormenorizado en Santiago Gómez 2018.

2. EDICIÓN CRÍTICA

2.1. METODOLOXÍA E CRITERIOS DE EDICIÓN.

No ámbito da edición da lírica profana galego-portuguesa, como nas restantes tradicións literarias que non conservan orixinais (autógrafos ou idiógrafos), a crítica pódese dividir en dous grandes grupos: a) un minoritario partidario de empregar para o restablecemento do texto o *codex optimus* (o *bon manuscrit*); b) outro que, aplicando as teorías neolachmanianas con criterios correctores, utiliza todos os testemuños (directos e indirectos) que transmitiron a obra para recuperar o texto que máis se achega ao orixinal⁶⁴. Sen dúbida, son as edicións realizadas con esta última metodoloxía as que proporcionaron resultados filolóxicos máis coidadosos e satisfactorios naquelas tradicións que, como a que nos ocupa, contan varios testemuños manuscritos e presentan unha transmisión vertical. Atendendo, pois, ás premisas seguidas pola maioría dos especialistas en Crítica textual moderna, no noso labor editorial aplicaremos o método neolachmaniano.

O noso proceso de edición levouse a cabo, como é tradicional, a través das fases de *recensio* e *constitutio textus*. Na primeira delas realizamos a lectura, transcripción (cfr. § *Apéndice: Transcripción*) e estudo das *fontes criticae*, isto é, dos testemuños A14-A30 e B104-B128 (cfr. § *Tradición Manuscrita*); realizamos o cotexo (*collatio*) das lecturas para establecer as variantes e continuamos coa *examinatio* e *selectio* das mesmas, proceso co que verificamos que a transmisión textual dos textos do trobador se adapta ao *stemma codicum* maioritario establecido pola crítica (cfr. § *Tradición Manuscrita*, p. 24). No caso daquelas cantigas enviadas polo *Cancioneiro da Ajuda* (A) e polo *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (B), o manuscrito empregado como base foi A. Para a *dispositio textus*, retomamos a revisión e selección das variantes, e emendamos, cando resultou necesario, conforme aos procedementos habituais no ámbito da crítica textual. Tanto na selección de variantes como na *emendatio* tivéronse en conta os tradicionais principios do *usus scribendi*, o contexto e a métrica.

Para o aparato crítico optouse por un aparato positivo en que se consignaron as leccións equipolentes, as variantes lingüísticas, os erros derivados do proceso de copia e as innovacións. Para evitar entorpecer a consulta desta parte fundamental no proceso editorial, prescindimos

⁶⁴ Véxanse, por exemplo, os manuais de Orduna (2005) e de D' Agostino (2006) e a bibliografía recollida en ambos os volumes.

dunha segunda franxa que recollese as variantes gráficas, pois estas poden consultarse tanto na transcripción das cantigas canto nas reproducións facsimilares presentadas en apéndice. A edición crítica complétase coa tradución ao galego moderno de cada texto, co exame das rúbricas e das apostilas que glosan as pezas, cun breve comentario sobre a estrutura métrica das mesmas e cun apartado de notas onde se xustifican a selección de variantes e/ou as emendas, así como unha serie de observacións de tipo lingüístico-literario.

Na elaboración do noso traballo tivemos en conta o labor dos especialistas que nos precederon na edición e análise das composicións do autor, polo que examinamos exhaustivamente os seus estudos e citámoslos non só despois do aparato crítico, senón tamén no apartado de notas sempre que resultou pertinente asumir, puntualizar ou rexeitar algunha das lecturas propostas polos mesmos. Cómpre sinalar que na redacción das notas explicativas non se retoma o ano de publicación das achegas, as páxinas das obras consultadas nin as datas da última visita realizada ás plataformas web que recollen textos do trobador, dado que eses datos son especificados no elenco de edicións que se ofrece despois de cada un dos textos editados. Así mesmo, dito elenco foi subdividido nas seguintes categorías: edicións paleográficas e semipaleográficas, edicións críticas, outras edicións e antoloxías e, por último, índices, repertorios y bases de datos.

As decisións editoriais adoptadas na *dispositio textus* teñen como obxectivos fundamentais amosar a realidade lingüística da época de elaboración dos textos do xeito máis fiel posible e, ao mesmo tempo, favorecer a comprensión dos mesmos e garantir a coherencia crítica. Con estas premisas presentes, partimos das *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval* (Ferreiro – Martínez Pereiro – Tato Fontaíña 2007) para a representación formal das composicións, mais, en ocasións, afastámonos das mesmas atendendo a necesidades puntuais observadas na análise dos cancioneros.

A continuación, detállanse os criterios seguidos para o establecemento textual das cantigas obxecto de estudo:

1. Representación da nasalidade:

Cando a abreviatura xeral sobre unha vogal represente unha consoante nasal implosiva, esta grafárase mediante vogal máis <n> ou <m>, segundo corresponda en galego moderno. Así, ante as oclusivas bilabiais <p> e empregárase sempre <m>: *fēp2 a > sempr' a*, mentres que nos demais casos optaremos por usar <n>: *quāto > quanto, nūca > nunca, entēder > entender, prā > pran*, etc.

Cando o devandito sinal represente unha vogal nasal resultado da caída dun -N- intervocálico, este grafárase como ~ sobre a vogal correspondente. Así, por exemplo, *pdōar* > *perdōar*, *fōo* > *sōo*, *bōa* > *boa*

Pola contra, se os manuscritos non recollen a abreviatura de nasalidade, esta non se recuperará, agás en casos puntuais, que serán debidamente xustificados no apartado de notas (cfr. nota ao v. 1 da cantiga I, *Mũimenta*).

Polo que respecta ao artigo indefinido feminino, reproduciremos sempre a forma *ũa*, aínda que os códices presenten outras formas como *unba*, *huna* etc (cfr. nota ao v. 1 da cantiga III)

2. Grafemas <i>, <y>, <j> e <h> con valor de vogal palatal:

Tendo en conta que os grafemas <i>, <y> e <j> poden representar a vogal palatal e que <h> tamén pode facelo en determinados contextos, empregárase sempre <i> con dito valor: *mezeci* > *mereci*, *uj* > *vi*, *muj* > *mui*, *mays* > *mais*, *coyta* > *coita*, *mha* > *mia*, *fabha* > *sábia* ...

3. Grafías <u> e <v>:

Utilízase a grafía <u> con valor vocálico e <v> con valor consonántico. Así, por exemplo: *uuer* > *viver*, *cuuta* > *cuíta*, *pvnnei* > *punnei*, *verey* > *verei*.

4. Representación das oclusivas velares xorda e sonora

Para as oclusivas velares xorda e sonora empregáranse as grafías *ca-ga*, *que-gue*, *qui-gui*, *co-go*, *cu-gu*: *cada* > *cada*, *q̄* = *que*, *coraçõ* = *coraçon*, *gfa* > *guisa*, *guardar* > *guardar*, *agora* > *agora*, etc. Esta norma esténdese aos casos en que ditas consoantes se atopan diante de vogal ao producirse unha elisión por fonética sintáctica: *ergu en* > *ergu' en*, *uosqu e* > *vosqu' e*, etc.

Así mesmo, optouse por conservar a semiconsoante velar nos grupos kw+a (*quando* e *quanto*, *qual*, e *enquanto*) e gw+ a (*guardar*) pois as devanditas grafías poden representar a pronuncia do elemento labiovelar (cfr. Williams 1975: 75-76, Huber 1986: 105-108; Maia 1986: 641-643).

5. Nasal e lateral palatais:

Empregáranse as grafías <nn> e <ll> naqueles textos recollidos no *Cancioneiro da Ajuda*, pois, como se sabe, esta é a solución gráfica maioritaria do devandito códice (*sennor* (A) / *senbor* (B) > *sennor*, *punnaran* (A) / *punbaran* (B) > *punnaran*, *rogarlia* (A) / *rogarlbhia* (B) > *rogarll' ia*, *fillar* (A) / *filbar* (B) > *fillar*, *toller* (A) / *tolber* (B) > *toller*, etc.). Nas cantigas transmitidas unicamente no apógrafo italiano, ditos fonemas se representarán, respectivamente, como <nh> e

<lh>. Cómpre sinalar que para a composición XX (*Quen bõa dona gran ben quer*), recollida só parcialmente en *A* (6 vv.), se utilizará a representación propia do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* para evitar o desaxuste formal que resultaría da adaptación estrita deste criterio.

6. Representación das africadas predorsais xorda e sonora.

Para a africada predorsal xorda –que se transforma en fricativa cara á segunda metade do século XIII (Maia 1986: 446-447; 454-457)– usarase <c> ante <e>, <i>, e <ç> ante as outras vogais: *comecar* > *começar*, *efcaecer* > *escaecer*, , *ouco* > *ouço*, *mereci* > *mereci*, etc. De novo, este criterio aplicarase naqueles contextos en que o devandito fonema se presenta ante a vogal inicial da palabra seguinte tras elisión: *fac en* > *fac' en*, *mais creço* > *creç' o*, etc.

A africada predorsal sonora será representada con <z>: *prazer* > *prazer*, *fazer* > *fazer*, *sazon* > *sazon*, etc.

7. Grafías para as fricativas apicais xorda e sonora

Dado que, na Idade Media, aínda existía oposición fonolóxica entre ambos os fonemas, manterase a distinción entre a fricativa apical xorda <-ss-> e a sonora <-s-> en posición intervocálica: *ousasse*, *disser*, *pesar*, *desamor*, etc. Así mesmo, conservarase a lección manuscrita naqueles casos en que a grafía do testemuño non respecte dita regra gráfico-fonética, sempre e cando a cantiga fose transmitida por un único relator (*cassar*, *asi*) ou cando ambos os testemuños coincidan na representación, dado que esta pode ser indicio do proceso de enxordecemento das sibilantes (cfr. nota ao v. 2 da cantiga I). Con todo, se un dos manuscritos grafa o fonema de acordo ao presente criterio e o outro non, empregárase no texto crítico a grafía que respecta a primitiva evolución etimolóxica e consignárase a variación no aparato crítico: *quifefèdes* (A) / *q̄ifefèdes* (B) > *quisessedes*.

8. Representación da africada prepalatal sonora⁶⁵

Nos casos en que o texto presente <g> ante vogal palatal con este valor manterase a grafía, mentres que naqueloutros en que o fonema (resultante da combinación de consoante + iode) apareza representado por <i> ou <j> adoptárase a grafía <j>: *gentes* > *gentes*, *oie* > *oje*.



9. Eliminación dos <h> antietimolóxicos

Esta grafía non se reproducirá en ningún caso: *hir* > *ir*, *he* > *é*, etc.

⁶⁵ Fonema que se desenvolveu como fricativo desde moi cedo. Os especialistas sitúan o cambio no século XIII (cfr. Maia 1986: 468).

10. Consoantes dobres

Eliminaranse todas agás -rr-, -ss- cando se atopan en posición intervocálica, pois, como se sabe, estas son as únicas consoantes que ofrecen oposición fonolóxica no devandito contexto: *soffrer* > *sofrer*, *ſſen* > *sén*, *assi*, *cuidasse*, *morrer*, *guerra*, etc.

11. Resolución das abreviaturas

Dado que o manuscrito presenta abreviaturas comúns no sistema paleográfico da época de produción dos códices, estas desenvolveranse no texto sen representar as grafías resultantes mediante signos tipográficos específicos. En calquera caso, o lector poderá verificar as convencións aquí empregadas no *Apéndice* que recolle a transcripción dos testemuños ou no que se ofrece a reprodución fotográfica do manuscrito. O símbolo tironiano (J) correspondente á conxunción copulativa será representado como *e*.

12. Unión e separación de palabras

Seguiranse para a separación e unión de vocábulos os criterios vixentes no galego actual. Cómpre ter presentes, non obstante, os seguintes casos, pois ofrecen solucións diverxentes nas edicións críticas:

- a. Respecto aos pronomes, as formas enclíticas irán unidas ao verbo sen a presenza do guión: *meteronm' en*, *fazmi*, *tollerll' ei*, *digalle* ...
- b. A mesóclese non será sinalizada con ningunha marca.
- c. Empregarase guión para marcar as asimilacións (*Deu,-los*, *poi-la*, etc.), agás naqueles casos que estean consolidados na lingua actual (*volo*, *devedel' a*, *podela*, *perdel' a*).
- d. No que respecta ás elisións e contraccións, o criterio será dobre. Así, marcaranse cun apóstrofo aqueles casos que non teñan vixencia no sistema actual (*est' ome*, *ll' eu*, *verdad' é*); no caso das elisións aínda hoxe presentes na ortografía non se empregará ningún tipo de marca (*desto*, *dũa*, *na*, etc.). Neste sentido, os encontros vocálicos intervocabulares que, por razóns métricas, implican a realización dunha sinalefa e presenten leccións diverxentes nos manuscritos serán representados seguindo a variante do manuscrito base e dita variación será recollida no aparato. Non obstante, cómpre sinalar que as diferentes representacións deste fenómeno teñen implicacións meramente gráficas. De feito, a convivencia de sinalefa e elisión nun mesmo verso e nun mesmo códice apunta a que ambos os procedementos «são, na verdade, dois aspectos de um mesmo fenômeno, a perda total ou parcial da natureza silábica de uma vogal em contacto com outra» (Cunha 1961: 42). Aínda que os especialistas advirten unha descompensación na adopción

dunha ou doutra opción nos cancioneros (pois contabilizan un maior número de sinalefas en *Ajuda* ca no Colocci-Brancuti), na transmisión dos textos de Somesso dito desequilibrio é practicamente inapreciable. Se ben, como resulta obvio, un estudo parcial deste tipo non é representativo das tendencias gráficas dos cancioneros, os datos extraídos da colación levada a cabo (i.e. *A* 15 - *A* 30 e *B* 107 - *B* 123) permiten apuntar que as sinalefas apenas comportan o 6% do total dos case 200 encontros cotexados e estas practicamente nunca coinciden nos dous códices. A este respecto, é preciso subliñar que algunhas correccións efectuadas polos responsables da copia de *Ajuda* invitan a pensar que era a elisión a opción ‘preferida’: *poſſē auer* (*A* 16, v. 21), *ſoffrō a* (*A* 19, v. 21), *ſofr<*> esta* (*A* 20, v. 16) *elā a* (*A* 26, v. 7), etc.

13. Acentuación

Seguiranse as normas actuais, pero restrinxindo o emprego do acento gráfico a un uso diacrítico. Así, por exemplo: *e* (conx.) / *é* (3ª persoa de singular do presente de indicativo do verbo ser), *mi* (pronome persoal átono P1) / *mí* (pronome persoal tónico de P1.), *mais* (conx. adversativa) / *máis* (adverbio), *vos* (pronome persoal átono de P5) *vós* (pronome persoal tónico de P5).

14. Puntuación, maiúsculas, minúsculas

A puntuación seguirá as normas do galego actual. No que se refire ao uso de maiúsculas e minúsculas, empregárase maiúscula tras punto e para os nomes propios e apelativos (*Mũimenta*, *Orrac’ Abril*, *Chora*, etc.)

Ademais dos criterios indicados, e segundo a práctica habitual, marcáremos con parénteses cadradas as adicións por conxectura.

2.2. DISCUSIÓN E RESULTADOS: CANTIGAS.

	I. <i>Ogan' en Mũimenta</i>	
I		
	Ogan' en Mũimenta dise don Martin Gil: -Viv' en mui gran tormenta dona Or[r]ac' Abril, 5 <i>per como a quer cassar seu pai.-</i>	5
	<i>E a quen lho enmenta:</i> -Cedo moira no Sil, <i>e ela, se se con Chora vai.-</i>	
II		
	E disse en Mũimenta 10 como vos [eu] direi:	10
	-Ela viv' en tormenta, segundo o eu sei, <i>per como a quer casar seu pai.-</i>	
	<i>E a quen lho enmenta:</i> 15 -Cedo o mate el Rei, <i>e ela, se se con Chora vai.-</i>	15
III		
	El disse en Mũimenta, asi me venha ben: -Viv' en tan gran tormenta 20 que quer perder o sèn,	20
	<i>[per como a quer casar seu pai.]-</i> <i>E a quen lho enmenta:</i> -Cedo moira por én, <i>e ela, se se con Chora vai.-</i>	



Cantiga de *escarnio e maldizer*

Ms.: B 104, fol. 27r, col. b.

1. Mũimenta] muymenta *B* 4. O[r]rac' Abril] orac abril *B* 7. no Sil] noffa *B* 8. e ela] e a ella *B* 9. Mũimenta] muymēta *B* 10. eu] om *B* 13. a quer] a q̄i *B* 16. e ela] ectela *B*, Chora] thora *B* 17. Mũimenta] muymēta *B* 19. tormenta] tor tormēta *B* 20. quer] q̄i *B* 21. om *B* 23. por én] p̄ em *B* 24. e ela] e a ela *B*, Chora] thora *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 37; Machado - Machado 1949, I: 145-146; PalMED B104 (última consulta 21/05/2021).

Edicións críticas e interpretativas

Michaëlis 1990 [1904], I: 738-739; Lapa 1995 [1965]: 164-165; Lopes 2002: 39-40; UC 77 (última consulta 12/01/2021).

Outras edicións e antoloxías

Piccolo 1951: 14-15; Landeira Yrago 1975: 133; Ferreiro - Martínez Pereiro 1996a: 141; CMGP *Ogan'*, em *Muimenta* (última consulta 12/01/2021); Rios Milhám 2018, I: 77.

Repertorios

Tavani 1967: 78,15; D' Heur 1973: 77; MedDB 78,15 (última consulta 12/01/2021).

Tradución

I. Este ano, en Muimenta, dixo don Martin Gil: “Vive nun gran tormento dona Urraca Abril polo xeito en que a quere casar o seu pai.” E a quen llo menciona (dille): “morra pronto no Sil! E (tamén morra) ela, se se vai con Chora.”

II. En Muimenta, dixo (Martin Gil) como vos contarei: “Segundo sei, ela vive en tormento polo xeito en que a quere casar o seu pai”. E a quen llo menciona (di don Martin Gil): “máteo pronto o rei! E ela, se marcha con Chora.”

III. En Muimenta, dixo el, así o afirmo: “Vive nun tormento tan grande que, polo xeito en que a quere casar o seu pai, quere perder o xuízo”. E a quen llo menciona (di don Martin Gil): “morra pronto por iso! E ela, se marcha con Chora.”

Este texto abre a produción do trobador no códice *B* e aparece copiado tras a rúbrica atributiva de Colocci (*Johā Soayrez ſſomeſſo*), que aparece colocada sobre o íncipit da composición. O humanista outorgoulle á cantiga o número 104, escrito no intercolumnio, á altura da maiúscula inicial. Nesta zona do códice, o copista Bc adoita sinalar a presenza de refrán por medio dunha inicial secundaria na primeira cobra e dun caldeirón nas estrofas sucesivas, marcas que, neste caso, non foron empregadas. A ausencia de ditos sinais parece indicar que o retrouso non foi advertido polo copista (Correia 1992: 48-50). Como xa apuntou Correia (1998: 276-277), a cantiga *Par Deus Senhor, sei eu mui ben* de V. Praga de Sandin ofrece a nota de Colocci *Tornel î[nfra] 129 104*, do mesmo xeito que, en folios posteriores, se le *Tornel s[upra] 103* a carón do refrán de *Senhor, esta coita que ei* (B129, f. 27r) de Nuno Eanes Cerzeo. Estamos ante referencias empregadas por Colocci para paliar as deficiencias que observou durante a revisión da copia do códice, neste caso a carencia de calquera signo gráfico distintivo que advertise da presenza do refrán. Así mesmo, na marxe dereita do íncipit do texto de Somesso, unha cruz parece enviar á marca homóloga que, máis abaixo, acompaña á palabra *Tornell*, colocada fóra da caixa de escritura, en concreto, á altura do verso inicial do retrouso. O signo evidencia que Colocci se decatou de que a cantiga presentaba unha copia que dificultaba ao lector/estudoso o recoñecemento da estrutura da *cantiga de refrán*. É posible que estas irregulares circunstancias propiciasen o coñecido hábito de Colocci de utilizar sistematicamente a nota marxinal *tornel/tornel* para destacar a presenza de refrán en cada unha das pezas que ofrecen tal disposición estrófica (cfr. Bertolucci Pizzorusso 1966), xa que, se ben non son estes os primeiros textos de refrán do cancionero aos que o humanista prestou atención, si son os primeiros en recibir a nota que se empregará como marca regular de retrouso ao longo de todo *B*. Tamén son os tres primeiros textos en que se utiliza o ángulo obtuso collociano para individualizar os versos de refrán no corpo da cantiga, aínda que, tanto en B104 como en B129, a súa colocación non é a que cabería esperar, pois Colocci situounos no segundo verso do refrán de cada texto, en lugar de facelo no primeiro⁶⁶. Respecto á cantiga que nos ocupa, tanto a inadvertencia do seu carácter estrutural por parte do copista como a dislocación do ángulo de Colocci para subliñar o comezo do retrouso parecen explicarse pola relativa escaseza de refráns intercalares no conxunto do corpus e/ou a certas “anomalías” presentes na copia da composición

⁶⁶ Para as razóns que motivaron as respectivas irregularidades en B129, véxase González 2018: 76-78.

–isto é a omisión do v. 21 por un erro do copista e a disposición non versal dos vv. 6/7, 9/10, 11/12, 14/15, 17/18 e 22/23–.

O antropónimo Martin Gil (v. 2) aparece subliñado no corpo do poema; na marxe inferior do folio, baixo a columna b, Colocci, tal e como adoita proceder, reproducíuno: *Martin Gil*. Un pouco máis abaixo desta nota, o humanista escribiu *Iocosa*, en clara referencia ao carácter humorístico da composición, que, integrada na sección do códice dedicada ás *cantigas de amor*, destaca sobre as pezas circundantes.

Estrutura

Cantiga de *refrán intercalar*, disposta en tres cobras *singulares* de cinco versos estróficos e tres de retrouso. A distribución das rimas (ababCAbC) e a combinación de hexasílabos (agudos e graves) e enneasílabos masculinos constitúe un *unicum* na lírica galego-portuguesa. Mentres que os timbres correspondentes á rima b mudan dunha estrofa a outra, as rimas en *-enta* (a) e en *-ai* (c) retómanse en todas as cobras (cfr. Billy 2003: 20-48).

A singular organización das rimas e a disposición non versal na copia dos vv. 6/7, 9/10, 11/12, 14/15, 17/18 e 22/23 (*vide supra*) provocaron discrepancias na crítica especializada con respecto ao establecemento da estrutura métrico-rítmica da composición. Así, Michaëlis considerou que a cantiga mesturaba hexasílabos con decasílabos –para o que integrou o artigo definido *o* no primeiro verso de retrouso e mantivo a preposición *a* no último (*vide infra*, nota ao v. 8)– e que os catro últimos versos de cada cobra configuraban un refrán con variación (6’a 6b 6’a 6b 10C 6’A6B 10C). Pola súa parte, Lapa (só considerou versos de refrán aqueles de nove sílabas, o que deriva nun esquema 6’a 6b 6’a 6b 9C 6’a 6b 9C. O resto dos editores que nos precederon (citados tras a nosa proposta de texto crítico) seguiron o esquema establecido por Tavani (1967: 105, 96:2), que tamén adoptamos nós:

	6’a	6b	6’a	6b	9C	6’A	6b	9C
I	-enta	-il	-enta	-il	-ai	-enta	-il	-ai
II	-enta	-ei	-enta	-ei	-ai	-enta	-ei	-ai
III	-enta	-en	-enta	-en	-ai	-enta	-en	-ai

Tavani 1967: 96:2.

Sinalefas: disse_ en (vv. 9, 17), cedo_ o (v. 15).

Cobras capdenais: cedo (vv. 7, 15, 23).

Palabra rima: *Mũimenta* (vv. 1, 9, 17), *tormenta* (vv. 3, 11, 18).

Notas

1. *Mũimenta*: o topónimo presente na cantiga e as súas correspondentes formas desnasalizadas *Muimenta* e *Moimenta* –frecuentes hoxe en Galicia e en Portugal– derivan do latín vulgar *MONIMENTA, plural de *MONIMENTUM ‘sepultura, tumba, mausoleo’ (<MÖNŪMENTUM, ‘monumento conmemorativo’). A vixencia do termo plural debe considerarse resultado da lexicalización do mesmo en data temperá para aplicalo aos conceptos de ‘tumba, dolmen’, cun valor expresivo ou ponderativo relativo ao tamaño (Lorenzo 1977, II: 878; Riesco Chueca 2018: 386).

Tal e como consideran a totalidade dos especialistas que atenderon o texto, o encontro das dúas vogais pechadas neste vocábulo debe realizarse como dúas sílabas, o que resolvería a aparente hipometría do verso⁶⁷. Así, de feito, ocorre en outros derivados de *MONIMENTUM presente nas CSM 292 (v. 53) e 425 (v. 32), en que a métrica dos textos tamén esixe que *mõimento(s)* sexa tetrasílabo (Mettmann 1981, II: 110-113, 416-417). Con todo, ao carecer a cantiga de notación musical que achegue pistas prosódicas concretas, consideramos que o carácter bisilábico de /ui/ probablemente se deba á subsistencia da nasalidade do primeiro elemento do hiato, nasalidade que, por exemplo, se encontra documentada na ocorrencia do substantivo *mõymeto* (*mõymēt*) no *Códice de Toledo* das *Cantigas de Santa Maria* (v. 32, *To* 112, fols. 145v-146r). Así, tal e como xa procedera no seu momento Carolina Michaëlis (1990 [1904], I: 738-739), optamos por reconstruír a forma *Mũimenta*, pois, aínda que o proceso de desnasalización vocálica en hiatos pretónicos estaría xa iniciado (ou, incluso, avanzado) na segunda metade do século XIII (Maia 1986: 573-585;

⁶⁷ A elisión da vogal final do adverbio *ogano* en *B* e a aparencia trisilábica de *Muimenta* ocasionaron dúbidas nos estudosos respecto da edición deste verso, cuxa isometría podería acadarse a través da integración da [o] final no adverbio *Ogan*⁷ (Lopes 2002: 39-40; Littera 2016, I: 627). No portal *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas* a voz foi corrixida en *Mũimenta*. Se ben, como acabamos de comentar, xa Michaëlis (1990 [1904], I: 738-739) propuxo a lectura aquí seguida, Lapa (1995 [1965]: 164) especificou en aparato que o topónimo debe ser lido como *Mũimenta*; pola súa parte, UC unicamente menciona que o vocábulo computa catro sílabas. En calquera caso, ningún dos estudos mencionados desenvolve os motivos de tal determinación, máis alá d esixencia métrica.

Mariño Paz 2017: 253), o mantemento da nasalidade neste vocábulo é a única xustificación que atopamos para consideralo tetrasílabo. A favor da opción aquí contemplada, cabe considerar tamén o feito de que a diérese, seguindo as pautas normativas dos tratadistas de poética latina, nunca se documenta na poesía romance medieval (Lorenzo Gradín 2009a: 493).

Sobre o topónimo e a súa localización, cfr. § *Notas Biográficas*, p. 17

2. *dise*: o manuscrito transmite *dise* no segundo verso da cantiga, mais retoma o grafema correspondente para a fricativa apical xorda intervocálica (-ss-) nos vv. 9 e 17. Esta vacilación na representación das fricativas xorda e sonora apréciase tamén nas ocorrencias do infinitivo *casar* (*cassar* v. 5 e *casar* v. 13) e do adverbio *asi* (v. 18). Sen poder desbotar que o intercambio de grafías que se rexistra nestes casos responda a un banal erro de copia por omisión, a alternancia podería ser indicio do proceso de enxordecemento das sibilantes; de ser así, a perda da oposición fonolóxica xorda/sonora conduciría a confusión dos grafemas empregados nunha época precedente para a distinción de ambos fonemas. Así pois, nestes casos conservamos a lección manuscrita (*vide supra*, *Criterios de edición*), xa que podería reflectir un estado de lingua concreto (Maia 1986: 459-464; Lorenzo 1987: 460 e ss.; Sánchez-Prieto Borja 1998: 137-138; Mariño Paz 2017: 483-489).

Martin Gil: como xa se comentou na § *Notas Biográficas* (pp. 6-8), o personaxe se corresponde con Martin Gil de Soverosa.

3. *tormenta*: a tradición manuscrita non recolle máis ca dous casos en que a acepción dada ao vocábulo é 'sofremento', 'pena', 'tortura': trátase da cantiga que nos ocupa e da anónima (e tardía) *Senhor genta* (*que tormenta / que eu senta / outra non m' é ben nen mal*, MedDB 157,61bis, vv. 4-6). O substantivo adoita ser empregado polos trovadores co seu significado recto e case sempre está relacionado co perigo marítimo (cfr. MedDB 60,11, vv. 7, 14, 21; MedDB 114,6, v. 28; MedDB 114,7, v. 9; MedDB 116,31, v. 21). Si atopamos algunha ocorrencia do termo co sentido expresado no texto de Somesso nunha *Cantiga de Santa María* (*sa mercee averedes dela, e se [a] guardades / do inferno seeredes quitos e de ssa tormenta*, CSM 349, vv. 12-13), e, en consonancia co anónimo *Senhor genta*, en textos casteláns máis tardíos, como é o caso de: Alfonso Alvarez de Villasandino, *Por amores de un estrela* (v. 15) (Polín 1997: XXI, 196); *Magnificencia y uirtud* (v. 312), de Fernando de la Torre (Salvador Miguel 1987: XCIV, 493); e no verso 511 dun poema do Marqués de Santillana, *La Fortuna que non cesa* (Salvador Miguel 1987: XXII, 231). Nestes últimos casos, agás na peza de Villasandino, o vocábulo está colocado en posición de rima.

Cómpre salientar que na lírica profana non se documenta (como cabería esperar) a forma *tormento*, toda vez que esta é de uso común para a expresión do sufrimento noutros textos e xéneros literarios (DDGM, última consulta 12/01/2021). Curiosamente, na CSM 33 aparece como rimante *tormentos* para referirse á furia do mar (*do mar e dos seus tormentos*, v. 61), polo que se traslada a acepción habitual do vocábulo en sentido inverso ao desprazamento semántico realizado por Somesso na cantiga analizada. Dadas estas circunstancias, parece probable que sexan as esixencias formais propias da poesía lírica (no texto de Somesso, a rima) as que determinen que, en ocasións, os trobadores escollan termos que se adapten ao oficio trobadoresco e os acomoden ao contido da composición outorgándolles un significado translaticio.

4. *Or[r]ac' Abril*: reconstruímos a grafía -rr- para a vibrante múltiple intervocálica por ser esta xunto con -ir (erro habitual na reprodución de dito fonema nos apógrafos italianos) a forma máis frecuente para a representación de dito fonema no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*, malia que a crítica especializada ten constatado que en certos documentos e códices medievais o -r- pode equivaler á vibrante múltiple (Maia 1986: 500-501; Sánchez-Prieto Borja 1998: 129-130).

Para o antropónimo, cfr. § *Notas Biográficas* (pp. 6-8).

5. *casar*: *vide supra*, nota ao v. 2.

7. *no Sil*: o manuscrito transmite a lección errada *noffa*. Lapa, a quen siguen Milhám, CMGP e UC, corrixe conxecturalmente no sintagma *no Sil*. O filólogo portugués xustifica a súa intervención «pela rima e pelo sentido: “morra afogado no río Sil, que é o río das areias de ouro”. Tratava-se, é claro, de un casamento de conveniêncía» (Lapa 1995 [1965]: 164). Michaëlis, pola súa banda, reformula completamente o verso (*vide infra*, nota ao verso 8) e propón para o mesmo a lectura “*cedo o mate un vil*”. Así mesmo, os Machado reconstrúen o fragmento por *cedo moyra en vil*. Neste caso, seguimos a Lapa, porque o erro de *B*, dada unha hipotética lección *noffil* do antecedente, ten fácil explicación por motivos paleográficos, pois o amanuense do apógrafo collociano ben puido confundir a morfoloxía dos caracteres -*il*- presentes no seu modelo cun -*a*-. Así mesmo, a lectura proposta por Lapa axústase ao texto tanto desde o punto de vista semántico como métrico. De feito, o lugar onde se sitúa a acción, Muimenta (Carballeda de Avia, Ourense), localízase a pouca distancia da desembocadura do Sil no río Miño (cfr. §§ *Notas Biográficas*, p. 17).

8. *e ela*: o manuscrito transmite *e a ella* no último verso do refrán (copiado en todas as estrofas, *e a ella*, v. 8; *ectela*, v. 16; *e a ela* v. 24). Os editores precedentes consideraron que a presenza da preposición provoca ben un erro sintáctico nas cobras I e III (pois na II o problema non se presenta) ao entender que *ela* sería suxeito de *moira*, ben un erro métrico, xa que o devandito elemento dá lugar a un verso hipérmetro (neste caso, un decasílabo e non o esixido enneasílabo).

Para resolver o problema sintáctico, Michaëlis corrixiu nas cobras I e III os versos inmediatamente anteriores ao que nos ocupa e editou *cedo o mate un vil* (v. 7) e *cedo o maten por én* (v. 15), coa finalidade, tal e como explica a erudita alemá, «de substituir o modismo *morrer a alguien*, que, desconheço, por outro, de teor e construción parecida á formula empregada na 2ª estrophe» (Michaëlis 1990 [1904], I: 738). A continuación, reproducimos o texto establecido por dona Carolina:

Ogan' eu Mũimenta
disse don Martin Gil
«Viv' en mui gran tormenta
dona Orrac' Abril,
«Per como a quer casar[o] seu pai.
E a quen lh' o enmenta,
cedo o mate un [vil]
e a ela, se se con Chora vai!»

E diss(e) en Mũimenta
como vus [eu] direi:
«ela viv' en tormenta,
segundo o eu sei:
«Per como a quer casar[o] seu pai.
E a quen [lh' o] enmenta,
cedo o mate el rei,
e a ela, se se con Chora vai! »

E diss(e) en Mũimenta
(;assi me venha ben!):
«Viv' en tan gran tormenta
que quer perder o sen
[«Per como a quer casar o seu pai.]

E a quen lh' o enmenta,
ced' o maten por én,
e a ela, se se con Chora vai! »

Michaëlis (1990 [1904], I: 738-739).

Así mesmo, a editora advirte que a lectura que presenta é unha solución provisional pendente de revisión e achega outras posibilidades de emenda que implican a conversión da preposición enviada polo manuscrito na interxección *ay*. Non obstante, non suxire a eliminación da preposición coa intención de resolver o problema sintáctico nin coa de reconducir o verso ás nove sílabas requiridas polo primeira unidade do refrán, senón que integra o artigo indeterminado en *per como a quer casar [o] seu pai* para converter este verso en decasílabo e, deste xeito, axustalo ao cómputo métrico que resulta da súa proposta para o verso final do retrouso.

Lapa, pola súa parte, integrou un [-r] na /a/ do manuscrito para reconstruír o adverbio de reforzo *ar*, co que reformula semanticamente o verso para que este se entenda como “e tamén ela morra se se vai con Chora”; a súa vez, o estudoso portugués soluciona o problema métrico cunha sinalefa entre a conxunción *e* e a partícula proposta, sinalefa que non é posible neste contexto (Cunha 1961 43-58; Lorenzo Gradín 2009a: 499 e ss.).

Rios Milhám, CMGP e UC eliminan a preposición por motivos métricos, xa que consideran que sintáctica e semanticamente non é necesaria e que a súa cancelación permite conservar as 9 sílabas do verso sen necesidade de realizar unha sinalefa máis que improbable entre a conxunción copulativa e a preposición (cfr. Cunha 1961; 43-58). A este propósito, non sería difícil xustificar un erro por adición do copista, provocado pola atracción do verso de retrouso anterior a este, xa que esta unidade arranca precisamente coas mesmas palabras cás do verso comentado (conxunción *e* e preposición *a*). Ademais, admitir dito erro resolvería o problema métrico á par que axudaría a desenredar sintacticamente a cantiga. En calquera caso, e a pesar de que no noso establecemento textual tamén rexeitamos conservar a preposición, cremos que, cando menos, se debería tomar en consideración a posibilidade de manter a lección manuscrita polos seguintes motivos: 1) o manuscrito transmitiu a preposición nas tres cobras; 2) non parece haber razón algunha que impida que o verso teña 10 sílabas, dado que non existe outra mostra deste esquema métrico no corpus galego-portugués (nin tampouco do que resultaría ao conservar a lección de *B* ou incluso do que derivaría da reconstrución de Michaëlis), e, ademais, hai outros exemplos de refráns intercalares en que todos os versos implicados –en caso de que sigamos a lección de *B*– ou só un deles –se consideramos oportuna a integración do artigo proposta por

Michaëlis– presentan medidas diferentes (cfr., por exemplo MedDB 25,4, 25,43, 83,5 ou 85,7); 3) conservar o monosílabo non provoca ningún problema de comprensión, xa que, desde o noso punto de vista, a cuestión fundamental para desenredar a dificultade do texto reside na puntuación que se lle adxudicou tradicionalmente e, en consecuencia, na distribución dos versos en estilo directo nas estrofas (independentemente de que se conserve a preposición ou non). Todas as edicións que nos precederon coinciden en que a intervención de Martin Gil se estende sen interrupción desde o terceiro verso ata o último de cada cobra e, así mesmo, todos os editores (agás Rios Milhám⁶⁸) distribúen a puntuación destes versos de xeito que *a quen lho enmenta* se interprete como suxeito de *moira* na primeira e terceira cobras e como obxecto directo de *mate* na segunda, mais isto dá lugar a un erro sintáctico nas unidades métricas citadas, nas que non tería cabida a preposición que antecede a *quen*. Así mesmo, segundo esta interpretación, entendemos que Orraca Abril sería o obxecto indirecto de *enmentar* (*enmenta*). Como se observa na nosa proposta, consideramos que o estilo directo podería comezar no terceiro verso de cada cobra e rematar no quinto para deixar paso novamente á voz do trovador no sexto, ao que seguen dúas posibilidades segundo se manteña o *a* do último verso ou non. Se seguimos a opción conservadora, as palabras de Martin Gil se interromperían unha vez máis no v. 5 de cada estrofa: *E* (Martin di) *a quen lho enmenta: / -Cedo moira no Sil-. / E* (dille tamén) *a ela* (que cedo moira no Sil) */ se se con Chora vai*. Deste xeito, poderíase considerar elidido o verbo *disse* que abriría as últimas intervencións do personaxe e que xa está presente ao comezo de cada estrofa. De ser válida esta opción a oración *a quen lho enmenta* e Orraca pasarían a ser obxecto indirecto de *disse*. Se, pola contra, nos inclinamos pola eliminación da preposición no último verso do retrouso, a voz de Martin Gil (introducida novamente por un *disse* elidido) continuaría nos dous últimos versos de cada cobra. Neste caso, *a quen lho enmenta* sería tamén obxecto indirecto de *disse*, pero agora serían o pai de Orraca e ela mesma os suxeitos (I-III) / obxectos directos (II) de *moira/mate*. Con isto presente, e tendo en conta que, aínda que posible, a primeira opción escurece bastante a lectura

⁶⁸ Rios Milhám advirte a incongruencia sintáctica das propostas mencionadas, pero, ao noso parecer, formula unha lectura bastante confusa: “Viv’ em mui gram tormenta / Dona Orraca_Abril, / per como a quer casar seu pai / e a quen lho ementa. / Cedo moira no Sil!; / e ela, se se con Chora vai!”. «Vive zangada por como a quer casar seu pai (casamento de conveniência, forçado) e por a quem lho ementa (com quem a quer casar, a quem fala sobre o casamento, que será o noivo, Chora). A frase “a quem lho ementa” não pode estar ligada sintácticamente com a seguinte (cedo moira no Sil), pois esta exige objeto direto e não indireto. A frase tem de estar ligada com a anterior. Aqui “lhe” não funciona como objeto indireto, mas significa “a quem seu pai ementa isso dela (a quem fala do seu casamento)”».

do texto, determinamos a eliminación da preposición para favorecer a nitidez conceptual da cantiga e para manter a harmonía do esquema métrico⁶⁹.

Chora: para este personaxe, identificado con Johan Martins de Riba de Vizela, cfr. cfr. § *Notas Biográficas* (pp. 6-8).

9. Para reconducir o verso á isometría debe facerse sinalefa entre *disse* e *en*, que, ademais, é a solución habitual no conxunto do corpus lírico, tal e como amosan os rexistros de MedDB (cfr. 14,6, v. 3; 18,21, v. 6; 38,5, v. 4)

10. *como vos [eu] direi*: para respectar a medida do verso, é necesario intervir nel. Tanto Lapa como UC recorren á locución conxuntiva modal *en como*. Os responsables da mencionada edición dixital precisan que a locución é de uso frecuente na introdución de cláusulas dependentes de *verba dicendi* ou de verbos declarativos. En concreto, dita locución atópase en cinco ocasións máis no corpus galego-portugués: *Preguntei ña dona en como vos direi* (v. 1 de MedDB 140,4), *Vós veed'em como será* (v. 13 de MedDB 25,64), *Ca sonhava, en como vos direy* (v. 3 de MedDB 73,2), *do mund' en como soian seer* (v. 2 de MedDB 63,74) e *Dom Pedro, en como vos ouç' i falar* (v. 15 de MedDB 88,13). Pola súa parte, Rios Milhám integra, ao comezo do verso, o pronome [*el*], que funcionaría como suxeito da forma verbal *diss'* presente no verso inmediatamente anterior, e xustifica a súa intervención remitindo á presenza explícita do suxeito do verbo *dizer* nas cobras I

⁶⁹ Para facilitar a comprensión da explicación ofrecida no corpo do texto, a continuación desenvolvemos a edición da primeira cobra da cantiga seguindo ambas as opcións comentados, é dicir, coa conservación da preposición presente no último verso de cada estrofa (columna da esquerda) coa eliminación de dita partícula (columna da dereita):

Ogan' en Mũimenta
dise don Martin Gil:
-Viv' en mui gran tormenta
dona Or[r]ac' Abril,
per como a quer cassar seu pai.-
E a quen lbo enmenta:
-Cedo moira no Sil,-
e a ela, se se con Chora vai.
(vv. 1-8)



Ogan' en Mũimenta
dise don Martin Gil:
-Viv' en mui gran tormenta
dona Or[r]ac' Abril,
per como a quer cassar seu pai.-
E a quen lbo enmenta:
-Cedo moira no Sil,
e ela, se se con Chora vai.-
(vv. 1-8)

(*Martin Gil*) e III (*El*). Finalmente, nas propostas de Michaëlis e de CMGP⁷⁰ intégrase o pronome [eu] tras o pronome átono *vos*, solución pola que tamén nos inclinamos nós (sen desbotar a viabilidade das hipóteses anteriormente expostas) por rexistrarse con maior frecuencia ca o resto das propostas ofrecidas polos especialistas citados (cfr. MedDB, TMILG [última consulta, 20/08/2021] e UC).

a quer: o amanuense copiou $\bar{a}q̄i$, ao incorrer no habitual erro por substitución de <1> por <2> presente con moita frecuencia nos apógrafos italianos e, especialmente, en *B* (Bertolucci Pizzorusso 1992: 38). Aínda que dita confusión se advirte sobre todo na representación da vibrante múltiple <rr> –*vide infra*, as diversas formas do verbo *morrer* nas cantigas VIII (v. 6), IX (v. 2), X, (v. 7), XII (v. 14), XVI (vv. 21 e 24), XVII (vv. 2, 5 e 11), XX (v. 19), XXI (vv. 7 e 9), XXII (vv. 20 e 24), XXIV (vv. 6 e 13), XXV (v. 7); *irē* por *ren* (cantiga III, v. 7), $\bar{q}iriā$ por *querrian* (cantiga X, v. 12), *teirey* por *terrei* (cantiga XIV, v. 13)– esta testemuñase para o <r> simple, como no caso que nos ocupa e no v. 20 da presente composición ($\bar{q}i$ por *quer*).

14. Molteni non transcribe *lho*, contracción pronominal que tanto os Machado como Michaëlis reconstrúen como [lho] e [lh'o], respectivamente, a pesar de estar presente no manuscrito.

15. A hipermetría do verso debe resolverse mediante a realización dunha sinalefa nalgún dos dous encontros vocálicos intervocabulares presentes no mesmo. Deste xeito, CMGP e Rios Milhám determinan como solución a elisión en *mat' el rei*, mentres que UC conclúe que, ritmicamente, a sinalefa encaixa mellor na secuencia *cedo o*. Ao seren ambas as opcións moi frecuentes no conxunto do corpus galego-portugués, seguimos, neste caso, a proposta de UC, xa que garante o acento do verso na terceira sílaba en todas as cobras.

15. O erro do amanuense na transcripción de *ectela* no lugar de *e a ela* podería responder a unha mala interpretación dun “a” uncial agrandado (a) presente no modelo de copia. A

⁷⁰. Na edición das cantigas de escarnio, Lopes (2002: 39-40) propuxo *com'[ora] vos direi*. En calidade de coordinadora do proxecto Littera, entendemos que a cantiga foi revisada e reformulada pola propia editora, e que, a día de hoxe, a lectura que lle convence é a mencionada na web CMGP (*como vos [eu] direi*). Con todo, tivemos en conta esta posibilidade e, tras comprobar a relativa frecuencia de uso da conxunción modal xunto co adverbio *ora* no conxunto do corpus, consideramos que non é unha lectura menos probable cás outras aquí citadas.

fenomenoloxía do erro ten unha explicación convincente se se observa a reprodución do devandito grafo noutras dous versos desta mesma composición (vv. 13 e 18)⁷¹. Molteni transcribe *e aela*.

18. *asi: vide supra, 2.*

19. *tormenta*: o amanuense incorreu nun erro por adición e copiou dúas veces a primeira sílaba do vocábulo.

23. *por én*: a semántica do verso esixe que a forma abreviada \acute{p} presente no manuscrito se corresponda coa preposición *por*. Todos os editores que nos precederon optaron por esta solución –Michaëlis *por én*, Lapa *poren*, Rios Milhám *porém*, Littera *por en* e UC *por én*–, agás os Machado, que lle outorgan o valor de *per*. Se tomamos en consideración que os copistas italianos reproducían, probablemente, un modelo en letra gótica, do confronto cos testemuños *A*, *D* e cos códices das *Cantigas de Santa María*, podemos concordar con Brea-Fernández Guiadanes que se poden «reducir las formas cursivas de los compendios abreviativos que los apógrafos ofrecen para <p>, por lo menos, a los caracteres siguientes: \acute{p} (*par, pra*), \grave{p} (*par, per*), \acute{p}^2 y \check{p} (*por*), \bar{p} y \acute{p} (*pre*), \acute{p}^1 (*pri*) y \grave{p} (*pro*)» (Brea-Fernández Guiadanes 2021:77). Á vista do elenco de trazos ofrecido polos especialistas citados, e do sinal abreviativo que acompaña o \acute{p} no manuscrito, o seu desenvolvemento usual sería *p+re*. Polo que atinxe á forma que ofrecen os Machado, constatamos, en primeiro lugar, que na lírica galego-portuguesa unicamente atopamos un caso en que, tal e como esixe a semántica do verso, \acute{p} só pode ser desenvolto como *per* –B201, v. 9, *o corpo \acute{p} çe quãte meu cuydar* (*O corpo perç', e, quant' é meu cuidar*, MedDB 125,24)–; en segundo lugar, que de aceptar o valor *-er* para a abreviatura presente no noso texto, estaríamos, segundo os rexistros ofrecidos en UC, ante a única ocorrencia da expresión *per én* en todo o corpus trobadoresco, o que non deixa de resultar sorprendente toda vez que no glosario desta web a mencionada locución sempre aparece como *por én*. Esta forma recóllese á par de *por ende* e dunha forma *per ende*. Agora ben, fronte a un número considerable de rexistros de *por end(e)*, en GLOSSA só existen dous casos de *per end(e)*: trátase do verso 15 de *O meu señor, o bispo, na Redondela ñu dia* (MedDB 14,10) de Airas Nunes, transmitido segundo a lección de B885 como *per ende* e segundo a de V468 como *por ende*, e do verso 4 da cantiga *Pois cata per u m'espreite* (MedDB 20,27) de Estevan da Guarda, que ofrece as leccións *per en dauť* en B1314 e *por en danē* en V. Cabe sinalar que Tanto

⁷¹ A este respecto, véxanse as observacións de Gonçalves (2016: 493-494) acerca da confusión dos copistas dos apógrafos italianos entre <ch> minúsculo e <m> minúsculo con módulo maiúsculo.

Tavani (1992: 135) como Pagani (1971: 130) empregaron tamén a locución *per ende* nas respectivas edicións dos autores mencionados. Tendo presente tanto a *varia lectio* observada nos dous casos referidos como a o uso maioritario da forma *por ende*, consideramos erradas as leccións de B e non as de V, o que, ao noso xuízo, significa que *per ende* é unha locución inexistente. A pesar de que, lamentablemente, para a tradición de *Ogan' en Muimenta* só contamos cun testemuño único (e, polo tanto, non hai posibilidade de contrastar as leccións de B coas de V), a relación morfolóxica e a correspondencia sinonímica entre a locución presente no texto, \tilde{p} én, e a mencionada *por ende*, non deixa moitas dúbidas a respecto do desenvolvemento de dita abreviatura. Xa que logo, consideramos que o trazado da abreviatura para a preposición *por* representa neste caso unha transcodificación (errada) do copista Bc ben dunha forma p^2 , ou, máis probablemente, de \tilde{p} (é dicir, p con abreviatura de or/ur).

24. *Chora*: rexistramos neste verso un erro de <t> por <c>, moi habitual no corpus.

II. *Ai, eu coitad'!, en que coita mortal*

I

Ai, eu coitad'!, en que coita mortal 25
que m' oje faz ũa dona viver,
pero non moir', e moiro por morrer,
pois non vej' ela, que vi por meu mal
5 máis fremosa de quantas nunca vi
donas do mund', e se non ést' assi, 30
nunca me Deus dé ben dela nen d'al.

II

E esta x' é gran coita, direi qual:
ca esta coita non me dá lezer,
10 ante mi a faz cada dia crecer,
e chamo muito Deus e non mi val, 35
nen me val ela, porque ja perdi
o sén, pois por ela ensandeci.
A esta coita, quen viu nunca tal?

Cantiga de amor

Ms.: B 105, fol. 27r, col. b - fol. 27v, col. a.

6. est' assi] esta assi B

Edicións paleográficas e semipaleográficas:

Molteni 1880: 37-38; Machado - Machado 1949, I: 147; PalMED B105 (última consulta 22/05/2021)

Edicións críticas e interpretativas

Michaëlis 1990 [1904], I: 740; UC 78 (última consulta 13/01/2021).

 *Outras edicións e antoloxías:*

CMGP *Ai eu coitad'! em que coita mortal* (última consulta 13/01/2021); Rios Milhám 2018, I: 78.

Repertorios

Tavani 1967: 78,2; D' Heur 1973: 78, MedDB 78,2 (última consulta 13/01/2021).

Tradución

I. Ai, coitado de min!, en que coita mortal me fai hoxe vivir unha dona, mais non morro, e morro por morrer, pois non a vexo a ela, que vin polo meu mal máis fermosa de cantas outras donas vin no mundo, e, se non é así, nunca me conceda Deus o favor dela nin de ningunha outra cousa.

II. E direi o enorme que é esta coita: pois esta pena non me dá pracer, polo contrario, médrame cada día; e imploro moito a Deus, mais non me socorre nin tampouco me axuda ela, polo que xa perdín o sentido, xa que toleei por ela: quen viu nunca coita semellante a esta?

Rúbricas e apostilas

Colocci outorga á cantiga o número 105, que aparece copiado no intercolumnio, á altura da maiúscula que abre o texto.

Estrutura

Cantiga de mestría de dúas cobras unisonantes, constituídas por sete versos decasílabos agudos que seguen un dos esquemas maioritarios na tradición galego-portuguesa, *abbacca* (cfr. § *A poesía*, pp. 48-49). As cobras aparecen unidas mediante o procedemento das *cobras capcaudadas*.

	10a	10b	10b	10a	10c	10c	10a
I	-al	-er	-er	-al	-i	-i	-al
II	-al	-er	-er	-al	-i	-i	-al




Tavani 1967: 161:53

Sinalefa: mi_a (v. 10)

Rima derivada: *mortal* (v. 1), *morrer* (v. 3).

2. *ũa*: artigo indeterminado feminino singular, procedente do numeral latino *ŪNA*(M). A pesar de que, neste caso, *B* transmite *hun a*, editamos *ũa*, por ser esta a «norma gráfica medieval» (Mariño Paz 2017: 266) para a representación da nasalización da vogal velar producida pola caída do -N- intervocálico latino (ca. S. X) e por ser tamén esta a representación maioritaria empregada nos testemuños da lírica profana (*vide supra*, *Criterios de edición*). Para as diversas representación do fenómeno nos testemuños manuscritos, cfr., por exemplo, Maia 1986: 613-614; Ferreiro 1999: 98-99; Mariño Paz 2017: 266-267.

dona: do latín vulgar **DŌM(Ī)NA*, ‘señora que exerce o poder no ámbito da casa’. Na lírica provenzal, *domna* era unha palabra clave na *cansó* e, con moito, o vocábulo máis utilizado para designar a muller (casada) amada polo poeta. No entanto, aínda que a tradición galego-portuguesa tamén adoptou o substantivo, este non foi trasladado co significado que posuía na poesía occitana nin acadou a fortuna que tivo na mesma. De feito, na *cantiga de amor* –como tamén ocorre nos documentos xurídicos medievais (Mattoso 1988: 132-133)–, *dona* é empregado para referir calquera muller nobre. Como se sabe, a amada é evocada maioritariamente nas cantigas de amor mediante o substantivo *senhor*. De feito, fronte ás 527 composición do rexistro cortés en que *senhor* é o único termo empregado para denominar a dama, en tan só 35 esta é referida exclusivamente por medio da voz *dona*, situación inversa a canto ocorre na poesía occitana. Do estudo que Mercedes Brea dedica á análise e comparación das voces *dona* e *senhor* extráese que dita desproporción puido deberse á diversa evolución semántica que se verifica en galego para *dona* –e que, de feito, se pode apreciar no corpus lírico galego-portugués– en contraste coa clara especialización que *senhor* acadou na linguaxe feudal; de aí que este último termo sexa o preferido polos trovadores, xa que incide máis na idea de submisión que supón o servizo amoroso (Brea 1987-1989: 169). A este respecto, véxase tamén, D’ Heur 1975: 317- 318; Pichel 1987: 32-33; Corral Díaz 1996: 54-69; Miranda 2009-2011.

 6. *ést’ assi*: o manuscrito transmite *esta assi*, lección que distorce a semántica do verso. O erro, explicado pola atracción da vogal inicial *a-* do adverbio que segue a forma verbal, foi emendado –na presente edición e nas de todos os especialistas que nos precederon, agás os Machado–.

Ést' é a P3 do presente de indicativo do verbo *seer*. Se ben esta forma verbal convive na lingua medieval co alomorfo *é*, a proximidade paleográfica de *éste* coa lección manuscrita, unida a asiduidade con que os manuscritos transmiten a secuencia *est'assi*, xustifican a decisión de todos os editores e maila nosa. Aínda que a forma plena do verbo sería *éste* (con vogal paragóxica de apoio para facilitar a pronunciación do grupo [-st] final), a vogal final átona do verbo elídese na maior parte dos encontros documentados na LPGP con outras vogais átonas (cfr. Ferreiro 1999, I: 341).

7. *ben*: 'ben, galardón, recompensa (amorosa), favor da dama' (Michaëlis 1990 [1904], I, *Glossário*: 13; Nunes 1973, III: 589-590; GLOSSA [UC]). Este substantivo eríxese como unha das palabras clave do corpus amoroso galego-portugués ao constituír o núcleo temático de boa parte das *cantigas de amor e de amigo*. A teor dos modelos provenzais, a voz adoita referirse á recompensa que o trobador agarda recibir da dama (Cropp 1975: 359) –quen debería ofrecela ao seu vasalo, segundo os preceptos que rexen o pacto de vasalaxe simbolizado na relación amorosa cortés–. O substantivo ofrece múltiples sentidos en función das intencións expresivas do trobador. Para a expresión verbal *fazer ben*, *vide infra* cantiga XXII). Cfr. D' Heur 1975, 460-468; Tavani 1986: 120-121; Beltrán 1995: 58-64; Brea – Lorenzo Gradín 1998: 103-111).

8. *x' é*: as condicións sintácticas e semánticas do verso esixen a presenza do verbo *seer* nunha oración copulativa en que o suxeito (*esta*) e o atributo (*gran coita*) implican a presenza da forma *é*. Consideramos, pois, a elisión da vogal no pronome *xe* ante a vogal tónica da forma verbal *é* (cfr. Arbor Aldea 2008, Lorenzo Gradín 2007), e lemos *x' é* –como tamén fixeron a maioría dos editores que se ocuparon do texto, agás os Machado, que reconstrúen unha forma *x[h]e*–.

O pronome de P3 *xe* é unha forma analóxica, orixinada a partir da palatalización da forma etimolóxica *se* ao entrar en contacto por fonética sintáctica cos pronomes átonos de P3 *o(s)*, *a(s)* **seo/a* > **sio/a* > *xo/xa*. Por analogía creouse a forma regresiva *xe*, ao igual que aconteceu co pronome de P2 *che* (xerado a partir de *cho / cha*). Lapa (1995: 391) sinala que, tal e como ocorre neste verso, a forma pronominal *xe* case sempre tiña valor expletivo ou ético, fronte a *xi* que se usa sobre todo como pronome reflexivo. Para máis información sobre *xe* e as súas variantes, véxanse Dias 1959: 71; Nunes 1960: 241-242; Lorenzo 1977, II: 1331; Maia 1986: 672; Lausberg 1988, I: 195-198 e Ferreiro 1999: 117, 248.

9. *lezer*: Do lat. LICĒRE, 'ocio', 'vagar', 'descanso', 'contento'. Tanto neste texto como na gran maioría das 18 ocorrencias do vocábulo rexistradas na lírica profana galego-portuguesa, o

substantivo ten o sentido contrario a *coita* (Michaëlis 1990 [1904], I, Glossário: 48; Nunes 1928, III: 635; Lapa 1995: 338; Fernández Guiadanes et alii 1998: 328-329). Cos datos facilitados por MedDB, podemos afirmar que o vocábulo foi empregado por autores de todas as xeracións trobadorescas, pois este se rexistra nas producións poéticas de Fernan Rodriguez de Calheiros, Nuno Fernandez Torneol, Fernández Padrón, Nuno Perez Sandeu, Johan Garcia de Guilhade, Pero da Ponte, Martin de Ginzo, Roi Fernandiz de Santiago, Juliao Bolseiro, Pero d'Armea, Pero d'Ambroa, Johan de Cangas, Don Denis. Como antónimo poético da voz máis representativa para expresar a tristeza do amante na *cantiga de amor*, o termo é empregado aquí para poñer de manifesto o carácter paradóxico da relación amorosa (*ca esta coita non me dá lezer*). A antítese está destinada a enfatizar a intensidade do sufrimento do “eu” lírico. O emprego do substantivo en posición de rima (posición que ocupa na totalidade dos casos en que é utilizado, cfr. MedDB) acentúa a súa importancia no desenvolvemento semántico do texto.

11. O verso 11 foi dividido e copiado en dúas liñas de escritura consecutivas. Dita distribución puido estar provocada por un erro na interpretación dun punto que, no antecedente, estaría destinado a separar as unidades coordinadas (e *chamo muito Deus e non mi val*) e non unidades versais, tal e como parece que deduciu o copista Bc. Unha análise do uso e das funcións do punto nos manuscritos da lírica galego-portuguesa pode verse en Correia 1992: 76-88.

13. *ensandeci*: P1 singular do pretérito perfecto de indicativo do verbo *ensandecer*, formado a partir do adxectivo *sandeu* (co sufixo incoativo *-ecer* e o prefixo *en-*). A etimoloxía de *sandeu* segue sendo motivo de debate no seo da crítica especializada (cfr. a exposición e análise das hipóteses relativas á orixe do termo en Mussons 1991). Utilízase habitualmente para expresar a acción e o efecto de ‘volverse tolo de amor’, polo que alude a unha manifestación máis do *morbum amoris* ovidiano. Segundo Fernández Guiadanes e Pérez Barcala (2005), o ensandecemento pode estar provocado pola coita en si mesma, pola propia dama, pola separación dos amantes ou polo desexo de liberarse da tristeza amorosa. Nesta composición, coma na maior parte das ocorrencias do verbo no corpus profano galego-portugués, Somesso culpa directamente a dona do seu sufrimento, e, polo tanto, do efecto que este sentimento produce no xuízo do amante (*pois por ela ensandeci*).

14. Os responsables da edición do texto presente na web Universo Cantigas substitúen a preposición que abre este verso pola conxunción copulativa *e* (*e esta coita, quen viu nunca tal?*). Os editores xustifican a intervención «por razóns sintáctico-semánticas» e remiten á nota elaborada

para un erro de *a* por *e* ao inicio do verso 14 da cantiga *Deus, que pouco que sabia* (B 8) de Diego Moniz, verso que, aínda que si parece precisar dita corrección, non é análogo ao caso que nos ocupa (*Mais en gran sandez andava / eu quando me non pagava / de con tal senhor viver, / e que melhor ben querria / e m' end' ora pagaria!*, vv. 10-14). A lección manuscrita tamén debeu de resultar incongruente para CMGP e Rios Milhám, pois, aínda que non a corrixen, interpretan o *a* como unha interxección exclamativa (*Ah, esta coita, quen viu nunca tal?*). Desde o noso punto de vista, e seguindo a Michaëlis, a pasaxe non esixe emenda algunha, se se redistribuíu a orde dos elementos da oración, dispostos de xeito irregular mediante o uso do hipérbato (i.e, *quen viu a esta coita nunca tal*). Se consideramos a secuencia *A esta coita* o obxecto indirecto de *viu* e o pronome que pecha o verso (*tal*) obxecto directo, non hai problemas semánticos para interpretar o verso (como se verifica na *Tradución* ofrecida). O hipérbato, recurso frecuentísimo no conxunto da lírica galego-portuguesa, é un dos máis habituais no cancionero de Somesso (cfr. § *A poesía*); de feito, pode observarse en varias pasaxes desta mesma composición co claro propósito de focalizar a atención do auditorio sobre determinados argumentos e de situar en posición de rima os elementos que, por razóns rimáticas ou semánticas, o trobador precisa destacar

	III. <i>Ūa donzela quig' eu mui gran ben,</i>	
I		
	Ūa donzela quig' eu mui gran ben, meus amigos, assi Deus me perdon,	40
	e ora ja este meu coraçõn anda perdudo e fóra de sén	
5	por ūa dona, se me valha Deus!, que depois viro[n] estes olhos meus,	
	que mi a semelha mui máis doutra ren.	45
II		
	Porque a donzela nunca verei, meus amigos, enquanto eu ja viver,	
10	por esso quer' eu mui gran ben querer a esta dona en que vos falei,	
	que me semelha a donzela que vi,	50
	e a dona servirei des aqui pola donzela que eu muito amei.	
III		
15	Porque da dona son eu sabedor, meus amigos, assi veja prazer,	
	que a donzela en seu parecer	55
	semelha muit', e por end' ei sabor de a servir, pero que é meu mal:	
20	servila ei e non servirei al, por a donzela que foi mia senhor.	

Cantiga de *amor*

Ms.: B 106, fol. 27v, cols. a-b.

1. donzela] ðouz ela B 6. viron] uiro B, olhos] olhes B 7. ren] irē B 9. viver] viñ B
15. son] fē B

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 38; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 147-148; PalMED B106 (última consulta 23/05/2021)

Edicións críticas e interpretativas

Michaëlis 1990 [1904], I: 741-742; Lopes 2002: 40; UC 79 (última consulta 14/01/2021).

Outras edicións e antoloxías

Nunes 1987 [1906]: 152; Pellegrini 1928: 16; Piccolo 1951: 15-16; Ferreiro - Martínez Pereiro 1996: 114; Diogo 1998: 37-38; Arias Freixedo 2003: 226-227; Vieira-Morán Cabanas-Souto Cabo 2015: 76; CMGP *Ūa donzela quis eu mui gram bem* (última consulta 14/01/2021); Rios Milhám 2018, I: 79.

Repertorios

Tavani 1967: 78,25; D' Heur 1973: 79; MedDB 78,25 (última consulta 14/01/2021).

Tradución

I. Meus amigos, quixen eu moito a unha doncela, así Deus me perdoe, e agora o meu corazón, así Deus me axude, xa anda perdido e sen sentido por unha dona, que despois viron estes ollos meus e que se parece máis a ela ca calquera outra.

II. Meus amigos, porque, mentres viva, nunca verei a doncela, quero amar por esta razón a dona da que vos falei, xa que se parece á doncela que vin, e, a partir de agora, servirei a dona pola doncela que tanto ameí.

III. Meus amigos, porque sei da dona, así vexa pracer, que se parece moito á doncela me prace servila, aínda que isto sexa a miña desgracia: servireina e non servirei a ninguén máis pola doncela que foi a miña señora.

Rúbricas e apostilas



Colocci asignou á cantiga o número 106, escrito á marxe esquerda do folio, á altura da maiúscula coa que comeza o texto.

Estrutura métrica

Cantiga de mestría de tres cobras singulares. Cada estrofa consta de sete decasílabos agudos con rima *abbacca*.

	10a	10b	10b	10a	10c	10c	10a
I	-ɛn	-on	-on	-ɛn	-eus	-eus	-ɛn
II	-ei	-er	-er	-ei	-i	-i	-ei
III	-or	-er	-er	-or	-al	-al	-or

Tavani 1967: 161: 54

Sinalefas: mi_a (v. 7), quanto_eu (v. 9), semelha_a (v. 12), muito_amei (v. 14).

Cobras capdenais: *meus amigos* (vv. 2, 9 e 16),

Rima derivada: *verei – vi* (vv. 8-12).

Notas

1. *donzela*: ‘meniña solteira de nobre estirpe’ (Michaëlis 1990 [1904], II, *Glossário*: XXX); ‘doncela’, ‘muller solteira’, ‘criada’ (Lorenzo 1977, II: 500; GLOSSA [UC]). Procedente do latín vulgar *DŌMŪNĪCĒLLA (*DŌMŪNĪCĪLLA para Corominas-Pascual 1991, II: 530), diminutivo de DŌMŪNA(M), o vocábulo chegou ás linguas peninsulares a través do occitano (Garcia-Sabell Tormo 1991: 121). A súa frecuencia de uso no corpus lírico galego-portugués é escasa, sobre todo no xénero da *cantiga de amor* no que só se rexistra en 4 composicións (cfr. MedDB⁷²). O emprego

⁷² Segundo os datos recollidos en MedDB, ademais da peza de Somesso, outras tres *cantigas de amor* presentan dito termo: *Muitos me dizen que servi doado*, de Afonso Sanchez (MedDB 9,7) e *Andei, senhor, Leon e Castela*, de Johan Airas (MedDB 63,14). O vocábulo é empregado en tres composicións do xénero de amigo: *Quand’, amiga, meu amigo veer*, de Afonso Sanchez (MedDB 9,10); *Estas donzelas que aqui demandan*, de Johan Garcia de Guilhade (MedDB 70,21) e *Par Deus, coitada vivo*, de Pero Gonçalvez de Portocarreiro (MedDB 128,4). Así mesmo, *donzela* rexístrase en catorce cantigas satíricas: *Conhocedes a donzela*, de Afonso Sanchez (MedDB 9,2); *Non quer’eu donzela fea*, de Alfonso X (MedDB 18,27); *Ūa donzela coitado*, de Caldeiron (MedDB 24,2); *Donzela, quen quer que poser femença*, de Estevan da Guarda (MedDB 30,11); *Dũa donzela ensanhada*, de Fernan Rodriguez de Calheiros (MedDB 47,9); *Meu senhor Rei de Castela*, de Johan Aitas (MedDB 63,14); *Deus como se foron perder e matar*, de Johan Garcia

que os trobadores fan do termo non permite definir con claridade os seus lindes semánticos, o que provocou diferentes opinións entre os estudosos, que se dividiron entre aqueles que consideraron o estado civil da muller (solteira) como trazo distintivo do substantivo e aqueles outros que o negaron. Nos textos en que *donzela* conflúe -tal e como ocorre na presente peza- coas voces *dona* ou *senhor* adoita manter con estas unha relación contraposta ou, cando menos, contrastiva, circunstancia que motivou argumentos a favor e en contra de considerar a virxindade unha condición definitoria do termo *donzela* (D' Heur 1975: 317; Pichel 1987: 191; Vilhena 1991; Corral Díaz 1993; Miranda 2009-2011). A interpretación da cantiga depende directamente das propiedades semánticas dos dous substantivos citados que, ao noso parecer, son utilizados polo trobador para articular unha *aequivocatio* mediante a cal Somesso reformula a variante da coñecida *chanson de change* (cfr. § *A poesía* pp. 55-56).

O códice contén un erro de <u> por <n>, *ðouz ela*, un dos máis frecuentes no conxunto do corpus lírico galego-portugués tanto neste sentido como no contrario (<n> por <u>). Na transmisión manuscrita da produción de Somesso a primeira das confusións testemuñase en *B* dúas veces máis –cantiga XIII, v. 10; cantiga XVII, v. 1–, e a segunda, cinco en total (cantiga III, v. 9; cantiga IV, v. 25; cantiga VII, v. 20; cantiga XI, v. 4; cantiga XVI, v. 11).

2. *meus amigos*: nun número reducido de composicións, os amigos do poeta constitúen un dos posibles destinatarios pasivos da *cantiga de amor*, xa que, como se sabe, o interlocutor por excelencia do xénero é a propia *senhor*. De feito, a metade das cantigas de amor galego-portuguesas están dirixidas á dama e a outra metade do corpus a un público indeterminado –por exemplo, a os amigos do trobador, a un mensaxeiro, a Deus, a Amor, aos ollos ou ao corazón do propio amante–. O apóstrofe *meus amigos* rexístrase en corenta e sete cantigas de amor⁷³. Este pode estar colocado en diferentes partes da cantiga, pois, aínda que adoita aparecer no exordio, a súa localización atende a certos criterios versais que poden retrasar a súa posición no texto; neste caso, posponse á mención á *donzela*, nomeada no *incipit* (D' Heur 1975: 303, 325-339; Lanciani 1977: 102; Osório 1986: 177-178, n. 70; Beltrán 1995: 126).

de Guilhade (MedDB 70,14); *Pois boas donas son desamparadas* e *Ūa donzela jaz preto d' aqui*, de Martin Soarez (MedDB 97,32 e 97,44, respectivamente); *Donzela, quenquer entend[e]ria*, de Pero d'Armea (MedDB, 121,8); *Por me vós, donzela, mal queredes*, de Pero Garcia Burgalês (MedDB 125,34); *A donzela de Bizcaya* e *Mala ventura mi venha* de Roy Paez de Ribela (MedDB 147,1 e 147,7, respectivamente).

⁷³ Corenta e seis segundo D' Heur (1975: 303, 325-331), mais corenta e sete se se ten en conta a emenda que Arbor Aldea fai no v. 9 da edición do texto de Afonso Sánchez, *Muitos me dizen que servi doado* (Arbor 2001: 107)

4. *sén*: do xermánico *SINN, o substantivo significa en galego medieval ‘xuízo’, ‘sentido común’. Na lingua trobadoresca o seu valor semántico é herdado da poesía occitana (*sen*, cfr. Cropp 1976: 412, 424, 446), onde é utilizado para referir un dos atributos do amante cortés por excelencia. Nas *cantigas de amor* é de uso moi frecuente en fórmulas como *perder o sén* ou *tolher o sén*, que expresan o *ensandecemento* (a perda da cordura) provocado polo sufrimento amoroso. Neste caso, o trobador recorre á personificación do seu corazón para manifestar este *signum amoris* mediante o sintagma *fóra de sén*, que en MedDB xorde unicamente neste texto, e co posesivo *meu* (*fóra de meu sen*) noutras dúas cantigas de amor de Pedr’ Amigo de Sevilha e de Pai Gomez Charinho (*Quand’ eu vi a dona que non cuydava*, MedDB 116,30, e *Que mui de grad’ eu querría fazer*, MedDB 114,18, respectivamente). Cfr. Michaëlis 1990 [1904], II, Glossário: XX; Garcia-Sabell Tormo 1991: 311.

6. *viro[n]*: o manuscrito envía *uuro*, con omisión ben da abreviatura xeral que representa a nasal velar implosiva, ben da propia consoante. Pola elevada frecuencia con que se verifica este lapso, cremos que é máis probable que se trate dun erro por omisión da abreviatura, dadas as pequenas dimensións de dito trazo. Na transmisión dos textos de Somesso, dita omisión documéntase seis veces en *B* –cantiga IV, v. 24; cantiga X, v. 18; cantiga XIII, v. 28; cantiga XVI, v. 7; cantiga XVIII, v. 18; cantiga XXI, v. 7– e dúas en *A* –cantiga XIV, vv. 5 e 9–.

olhos: a lección manuscrita, *olbes*, testemuña un erro por substitución, <e> por <o>, lapsus particularmente frecuente nos cancioneros debido á semellanza gráfica de ambas as vogais. Esta substitución repítese nos textos de Somesso outras tres veces (cfr., v. 15 da presente composición, v. 15 da cantiga IX e v. 25 da cantiga XII) e, en sentido inverso (<o> por <e>) unha vez máis (cfr. v. 26 da cantiga XXI), sempre rexistrada en *B*.

7. *ren*: o amanuense copiou *irē* por erro (cfr. nota ao v. 10 da cantiga I).

viver: cfr. nota ao v. 1 da presente cantiga.

15. *son*: a lección manuscrita, *fẽ*, parece obedecer a un erro de substitución do copista, atraído pola proximidade da forma *eu*. A solución proposta, tamén adoptada polos outros editores do texto, adecúase á semántica e á métrica do verso, mentres que a lectura dos Machado, *sen[d]*, entendida como a reconstrución do xerundio do verbo *seer*, resulta incongruente no contexto sintáctico da cobra e implica a aceptación dunha forma bisílaba inexistente no período medieval

para dito tempo verbal, pois a forma era *seendo*. A P1 do presente de indicativo do verbo *seer*, *son*, cara a que reconducimos a lección errada do manuscrito, é a forma etimolóxica derivada de SŪM. Esta convive coa forma *sõo*, procedente dunha base *SONO, que foi resultado da integración dun -o paragóxico por analoxía co morfema do mesmo número e persoa doutros verbos < SŪNT (Magne 1944: 357; Nunes 1960: 296, n. 1; Lausberg 1973, II: 341; Maia 1986: 814-816; Ferreiro 1999: 341; Williams 1975: 242). Cómpre sinalar que é *sõo* a variante que os testemuños manuscritos rexistran con maior frecuencia. De feito, o *Cancioneiro da Ajuda* nunca envía a forma monosilábica *son* e esta tampouco se rexistra nas *Cantigas de Santa Maria*; na prosa literaria unicamente atopamos dous exemplos na *Historia Troyana*. Así mesmo, na produción de Somesso, a forma só reaparece en B113 –*vide infra*, cantiga XXIII, v. 22–, onde *son* forma parte dun verso hipómetro que en *A* non ofrece problemas métricos ao transmitir o bisílabo *sõo* (*vide infra*). As demais ocasións en que a variante minoritaria se verifica no corpus da lírica profana son as seguintes: *yõ e son eu o q̄ leua - põ est son eu e q̄ leua* –B413 - V24, v. 15–; *Nõ ia e al desto sõ sabedor - Non ia e al d esto lõ labedor* –B608 - V210, v. 8–; *Oe prã non son tã louca - De prã nõ son tã louca* –B744 - V346, v. 7, hipómetro–; *morto son ffe çedo nõ mourez - morto son fse çedo nõ morrer* –B810 - V394, v. 8, hipómetro–; *Poys eu e mba uoontade De o nõ veer sõ bẽ fis / Poys eu e mba uoontade de o nõ ueer sõ ben fis* –B1202 - V807, v. 17–; *D aq̄sto sõ uerdadeyro* –B1558, v. 7–. Dado que dúas das seis ocorrencias apenas mencionadas aparecen en versos hipómetros, facilmente corrixibles coa variante bisílaba, unicamente serían catro os rexistros de *son* como P1 no conxunto do corpus. Non obstante, o glosario de UC recolle a forma nove veces ben como conxectura, ben integrándoa con outras partículas monosilábicas (innecesarias para a correcta comprensión das pasaxes) para corrixir hipometrías e reconducir os versos á isometría empregando dita forma: *ca ja [son] eu treedor*, 450.15; *[E] de pran non son tan louca*, 760.7; *desto [son] julgador*, 1310.22; *Don Josep, ja eu [son] certo [e] fiz*, 1332.36; *[E] morto son se cedo non morrer*, 806.8–. Cremos conveniente subliñar que, a falta dun exame detallado das condicións ecdóticas das outras 4 ocorrencias manuscritas de *son* e dun estudo sobre a distribución diatópica dos usos de *son* como P1, cabería apuntar a posibilidade de que dita forma non procedese dos autores dos textos ou, polo menos de Somesso, senón que esta figurase no diasistema dalgún dos copistas do antecedente de *B* e *V*, e que para aplicala, este recorre á integración de monosílabos que lle permitisen reconducir os versos á isometría. De calquera xeito, a nosa edición conserva a lección de *B*, por ser única e isométrica, mais, á luz dos datos ofrecidos, consideramos que hai motivos para pensar valorar unha lectura *Porque da dona sõo sabedor*.

17. *parecer*: substantivo que significa ‘físico, corpo, feitura’, derivado do infinitivo *PARĒSCĒRE (lat. cl. PARĒRE). É un dos termos clave da *cantiga de amor* e da *cantiga de amigo* para describir o aspecto físico da *senhor*. Nunes (1973, III: 655-656) e Tavani (1992: 108) engaden á definición de ‘apariencia externa’ en sentido global a acepción ‘rostro’, verificable nalgúns contextos⁷⁴ por oposición a outras descrições xenéricas do aspecto da dama. (Véxase tamén Rodríguez 1980: 67; Lorenzo 1977: 972; Arbor Aldea 2001: 179).

20. *servila ei/servirei*: a orixe perifrástica do futuro de indicativo románico fai que se conserven no período medieval formas analíticas que permiten a mesóclese pronominal. Nesta etapa ditas formas conviven coas aglutinadas. (Lorenzo 1977: II, 688-689; Maia 1986: 670, 674; Ferreiro 1999: I, 252-253, 300-301).



⁷⁴ Véxanse, por exemplo, as cantigas *Pois mi non val d'eu muit' amar*, de Airas Moniz d'Asme (MedDB 13,2); *O meu amigo, que me quer gram ben*, de Gonçal Eanes do Vinhal (MedDB 60,9); *Com'ousará parecer ante mi* (MedDB 25,24) ou *Por Deus! amigas, que será*, de Johan Garcia de Guilhade (MedDB 70,40).

IV. *Querovos eu ora rogar*

I

Querovos eu ora rogar 60
por Deus, que vos fez, mia sennor:
non catedes o desamor
que m' avedes nen o pesar
5 que vos eu faço en vos querer
ben, e devedel' a sofrer 65
por Deus e por me non matar.

II

Ca nunca vos eu rogarei
por outra ren, mentr' eu viver,
10 senon que vos jac' en prazer,
por Deus, sennor, esto que sei 70
que vos agora é pesar:
ca vos pesa de vos amar,
e eu non posso end' al fazer.

III

Ca, se eu ouvesse poder
de qual dona quisess' amar, 75
atal sennor fora fillar
onde cuidasse ben aver;
mais de vós nunca o cuidei
20 aver, sennor, mais avel' ei,
mentr' eu viver, a desejar. 80

IV

E sabedes, des que vos vi,
mia sennor, sempr' eu desejei
o vosso ben e vos neguei
meu cor dest' e vol' encobri,
25 mais agora ja, per morrer, 85
se vos pesa, ou per viver,
se vos prouguer, volo direi.

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 14 fol. 4r, cols. a-b; *B* 107, fol. 27v, col. b - fol. 28r. col. a.

1. vos] uus *A* u9 *B* 2. vos] uus *A* u9 *B* 4. m' avedes] m auedes *A* mh auedes *B*, o] o *A* oo *B*
5. vos] us *A* u9 *B*, faço] faço *A* fac *B*, vos] uus *A* u9 *B* 6. devedel' a] deuedel a *A* deuedel o *B*
10. vos] uus *A* u9 *B*, jac' en prazer] iac en praçer *A* caça en pçer *B* 12. vos] uus *A* u9 *B* 13.
vos] uus *A* u9 *B*, vos] uus *A* u9 *B* 14. posso end' al] posso end al *A* poss end al *B* 15. se
eu] fe eu *A* f eu *B*, ouvesse] ouueff() {e} *A* ouueff o *B* 20. avel' ei] auel ei *A* auelo ey *B* 21.
viver] uíuer *A* ueer *B* 22. vos] uus *A* u9 *B* 23. vos] uus *A* u9 *B* 24. ben] ben *A* be *B*
25. meu] meu *A* men *B*, vol' encobri] uol encobrir *A* uolo encobrir *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 38-39; Carter 2007 [1941]: 9-10; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 148-149; Arbor Aldea 2016: 8; PalMED A14 - B107 (última consulta 24/05/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 33-34; UC 80 (última consulta 14/01/2021).

Outras edicións e antoloxías

Torres 1977: 494-495; Ferreiro - Martínez Pereiro 1996: 112; CMGP *Quero-vos eu ora rogar* (última consulta 14/01/2021); Rios Milhám 2018, I: 80.

Repertorios

Tavani 1967: 78,21; D' Heur 1973: 80; MedDB 78,21 (última consulta 14/01/2021).

Tradución

I. Quérovos agora rogar, por Deus, que vos fixo, miña señora, que non teñades en conta o desamor que me tendes nin o pesar que vos causo por querervos ben, pois debedes soportalo por Deus e por non matarme.

II. Pois nunca vos rogarei por outra cousa mentres viva, senón para que vos agrade, por Deus, señora, isto que sei que agora vos aflixe, xa que vos pesa que vos ame e eu non podoo facer outra cousa distinta.

III. Porque, se eu tivese o poder de amar a calquera dona, tomaría tal señora da que pensase recibir ben, mais de vós nunca o pensei conseguir, señora, pero desexareino mentres viva.

IV. E sabedes que, desde que vos vin, miña señora, sempre desexei o voso ben e vos neguei o meu desexo e volo ocultei, mais agora volo direi xa para morrer, se vos pesa, ou para vivir, se vos praxe.

Rúbricas e apostilas

En *A*, na marxe esquerda do folio, á altura da miniatura que abre o ciclo de Johan Soarez (cfr. § *Tradición Manuscrita*, p. 28), pode lerse ‘azafram’, anotación a punta seca que indicaría ao iluminador a cor destinada a cubrir o fondo da miniatura (Pedro 2004-2016: 33). No lugar que deberían ocupar as maiúsculas de inicio das cobras II e IV –que nunca foron executadas–, o copista trazou as letras de espera *c* (II) e *e* (IV).

Na marxe esquerda, á altura do verso 15, o revisor anotou un *e* co que pretendeu emendar unha posible omisión do copista que causaba hipometría, corrección que debía ser inserida no lugar marcado no texto, en concreto trala forma verbal *ouueff*, e que non chegou a ser incorporada (Pedro 2004-2016: 26; Arbor Aldea 2009b: 54).

En *B*, Colocci anotou no intercolumnio, á altura do segundo verso, o número da composición, 107.

Estrutura

A estrutura métrica desta peza, integrada por catro cobras singulares de sete octosílabos cada unha, destaca por combinar un dos esquemas rimáticos máis utilizados na *cantiga de amor* galego-portuguesa, *abbacca* (I), con outro bastante menos produtivo entre os trobadores, *abbaccb* (II, III, IV). Ademais, todas as cobras do texto están ligadas por unha imbricada rede de permutacións tímbricas: a I = c II = b III; c I = b II = a III = c IV; a II = c III = b IV (Billy 2003:



	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-ar	-or	-or	-ar	-er	-er	-ar

Tavani 1967: 161:259

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8b
II	-ei	-er	-er	-ei	-ar	-ar	-er
III	-er	-ar	-ar	-er	-ei	-ei	-ar
IV	-i	-ei	-ei	-i	-er	-er	-ei

Tavani 1967: 163:39

Sinalefas: *faço en* (v. 5), *posso end'* (v.)

Cobras capcaudadas: -er (vv. 14- 15).

Rima derivada: *rogar-rogarei* (vv. 1-8), *desamor - amar - amar* (vv. 3, 13, 16), *viver - viver* (vv. 9, 27), *aver - avel' ei* (vv. 18-20), *desejar - desejei* (vv. 21-23).

Palabra volta: pesar (vv. 4-12).

Notas

1. *vos*: o pronome átono de P5, mediante o cal o trobador se dirixe á súa señora, presenta na Idade Media a variación *vos/vus* (Maia 1986: 666), aínda que «a forma normal é *vos* e só de maneira ocasional, especialmente nos primeiros tempos en que a grafía romance non está consolidada, aparecen formas con *u*» (Lorenzo 2010: 113). De feito, tanto nos apógrafos italianos como nos testemuños que transmiten as *Cantigas de Santa Maria* as formas con <u> son representadas de xeito minoritario ou, incluso, esporádico, como tamén acontece nos textos en prosa (cfr. PalMED e TMILG). No entanto, no *Cancioneiro da Ajuda* o pronome aparece como *uos*, *uus*, e tamén *u9*, cun índice de representatividade moi similar cando a forma é átona –pola contra, se o pronome é tónico, aparece escrito na práctica totalidade das ocorrencias con <o>-. Con todo, ditas formas distribúense no códice de xeito desigual, pois na última parte do manuscrito (a partir do fol. 79v) unicamente se recolle *uos*, mentres que nos primeiros cadernos conviven as tres formas citadas en proporcións similares –agás nos fascículos III e no VIII, onde non se documenta *uos* átono– (Mariño Paz-Varela 2005: 365-369). Das 32 ocorrencias do pronome átono que se extraen dos textos de Somesso transmitidos en *Ajuda* (A14-A30), 15 foron copiadas como *uus*, 12 como *u9* e 5 como *uos*. Así mesmo, cabe destacar que, dos 18 pronomes tónicos de P5 rexistrados neste intervalo de composicións, 16 responden á forma maioritaria átona, *uos*, mais

2 foron copiados de xeito abreviado, *u9 -d u u9 fodes e me matar*, v. 20 de A22 (cantiga XII) e *fe o u9 quifdes fazer*, v. 16 de A24 (cantiga XIV)–.

3. *desamor*: este substantivo (e o verbo *desamar*) son utilizados frecuentemente nas *cantigas de amor* –tanto nas consideradas ‘canónicas’ como naquelas que, polo seu ton xocoso, foron denominadas pola crítica especializada *escarnios de amor* (Lapa 1965, Vallín 1997, Rodiño Caramés 1999, Guitiérrez Garcia 2006)–. O substantivo *desamor*, que posúe os sentidos de ‘inimizade’, ‘odio’, ‘hostilidade’, é empregado polos trovadores para representar un dos niveis máis altos da expresión da *reserva da dama* (Tavani 1986: 118 e ss.), en concreto, a falta de correspondencia da *senhor* ao amor do poeta. Xunto a *baralhar*, *desden*, *nojo*, *mal talante* e *vileza*, foi incluído por Brea (2014) dentro do elenco de realizacións do *desprezo*, unha das emocións que representan a categoría da IRA. Para Somesso, o *desamor* é a causa da súa coita, a motivación do seu canto e o principal motivo para respectar o *celar* e non desencadear máis anoxo na *senhor*.

4. *m’avedes*: sabido é que os pronomes átonos *me/mi*, *telti*, *selsi*, *xe/xi* e *lhel/hi* sempre formaban unha soa sílaba coa vogal seguinte (Cunha 1982: 13), mais a representación gráfica dos mesmos nos manuscritos oscila entre a conservación da forma plena e a elisión da vogal da forma pronominal, oscilación que se pode verificar, de feito, no caso que nos ocupa. Mentres que *A* transmite *m’avedes* –coa elisión marcada mediante plica (Fernández Guiadanes 2011a)–, *B* opta por *mbauedes*.

Esta dobre opción ten a súa explicación na propia evolución do pronome átono do latín ao romance. Así, en posición átona, o debilitamento experimentado polos pronomes persoais fai que sexa imperceptible a distinción ME / MI non só cando estas formas ocupan a posición postvocálica e se apoian na vogal anterior (*VIDJIO·M(E/I) (> ·m), senón tamén en posición antevocálica (DEDIT M(E/I) AFFECTUM (> m’). Por esta razón, a vogal ten case valor de “vogal de apoio” nos casos en que aparece en posición á vez postconsonántica e anteconsonántica ou final absoluta. Nesta situación, os falantes xa non son quen de reconstruír correctamente a forma orixinaria, polo que unhas linguas optan por *me* átono e outras por *mi*, perdéndose, así, a primitiva distinción funcional (CD / CI). Na época medieval, todas as linguas románicas presentan vacilacións, porque o sistema está aínda buscando asentarse e uniformar as solucións (de Lausberg, 1973, II: 157-158, 165-166, 168-169, 170, 183-184, 188-189, 196-197). As vacilacións que se perciben ao respecto entre *A* e *B* parecen apuntar á presenza de variantes diatópicas, que dan conta dun *scriptorium* distinto para *A* e doutro para o modelo de que derivan *B* e *V* (cfr., entre outros, Monteagudo 2008b; Larson 2014; Marcenaro 2014 e Brea - Lorenzo Gradín 2020). Non obstante, o estudo da

variación gráfica deste pronome dentro da produción de Somesso –en que se contabilizan 108 ocorrencias comúns a *A* e *B*– apunta cara a maioritaria converxencia das leccións dos dous manuscritos, que, na maior parte dos casos, representan, como cabería esperar, a forma *me* ante consoante⁷⁵, *mi* (*mi/mb/mj*) ante as vogais <a> e <o> átonas⁷⁶ e *m'* (con ou sen plica) ante vogal tónica⁷⁷ –con excepcións testemuñadas, sobre todo, en composicións en que as leccións manuscritas non coinciden– (cfr. Monteagudo 2019).

6. *devedel' a sofrer*: as perífrases obrigativas con *dever* construíanse na lingua medieval con ou sen a preposición *a*. Este verso constitúe un bo exemplo de dita variación, xa que os manuscritos recollen para o mesmo as dúas variantes: *A* transmite a construción con preposición e *B* opta pola ausencia da mesma. Na lírica profana, rexístranse aproximadamente o dobre de casos de *dever* + *a* + infinitivo ca de *dever* + infinitivo (MedDB). Así mesmo, para as outras catro ocorrencias desta perífrase empregadas na obra de Somesso –no v. 1 da cantiga XVI e nos vv. 2, 5 e 19 da XX– os manuscritos unicamente recollen a primeira das opcións mencionadas, feito que podería indicar que a lección de *A* fose a auténtica e a de *B* unha lección innovadora, froito do sistema lingüístico do copista do antecedente do apógrafo renacentista (cfr. Segre 1979: 59–64). A opción escollida na presente edición foi tamén empregada nas dos especialistas que nos precederon, a excepción de Michaëlis, que, neste caso, preferiu a variante recollida de *B* (cfr. Nobiling 2007 [1907]: 285)–.

10. *jac' en prazer*: os manuscritos traen as leccións *iac enpraçer* *A* e *caja en p'zer* *B*. Ambas as expresións verbais transmiten o significado de ‘agradar’, ‘resultar grato’ (GLOSSA [UC]) ‘convir’ (DDGM, última consulta 10/01/2021), polo que calquera delas podería funcionar semanticamente na composición. A primeira delas non se volve rexistrar no corpus profano, pero si se recolle en tres *Cantigas de Santa Maria* (CSM 15, v. 46, CSM 105, v. 26 e CSM 168, v. 35, Mettmann 1981, I: 144, 398, 559), onde tamén figura a forma semanticamente oposta, *jazer en pesar* (CSM 308, v. 16, Mettmann 1981, II: 148). Pola súa parte, *caer en prazer* aparece en dúas cantigas de Vasco Fernandez Praga de Sandin –*E senbor, se vus caess' en prazer* (MedDB 151,24, v. 15) e *seria ja agora*

⁷⁵ Todas as rexistradas en *A* (58), agás unha, de interpretación problemática, que presenta *mi* –vide infra cantiga V, nota 16–, e 51 das recollidas en *B*, que en 7 ocasións emprega *mj* –cantiga VI, vv. 12 e 22; cantiga VIII, vv. 22 e 26; cantiga XIII, v. 16; cantiga XVI, v. 25; cantiga XIX, v. 24–

⁷⁶ Con 17 casos en *A* –que recorre á elisión noutros 7 no mesmo contexto e á forma *me* diante dun único <e> átono (vide infra cantiga XVIII) – e con 19 en *B*.

⁷⁷ Son 21 casos tanto en *A* como en *B*, mais, neste último códice son 9 as ocasións en que a vogal do pronome se elide fronte a outra vogal átona.

se en prazer / vos caesse de quererdes prender (MedDB 151,26, vv. 2-3)– e tamén atopa o polo sémico oposto, *caer en pesar*, en Fernan Rodriguez de Calheiros –*que vos non caya, señor, en pesar!* (MedDB 43,13, v. 21)– e en Fernan Garcia Esgaravunha –*vos caya, senhor, en pesar*, (MedDB 47,29, v. 27)– . A proximidade cronolóxica, xeográfica e, incluso, poética verificada entre os autores apenas mencionados e Somesso (cfr. § *Notas biográficas*, pp. 20-21) podería apuntar cara a unha relación intertextual entre as súas producións que favorecese a preferencia pola variante de *B* para o establecemento do noso texto crítico. Non obstante, mentres que o verbo *caer* non se retoma en ningunha das composicións de Johan Saorez, *jazer* adquire tamén en *Agora m'ei eu a partir* (VIII, *que esta morte ben me jaz*, v. 26) o sentido de ‘convir’ (moi próximo ao presente na cantiga que nos ocupa), sentido que, sen dúbida, é minoritario no conxunto do corpus trobadoresco fronte a outras acepcións como ‘estar, ser, situarse, permanecer’, ‘estar deitado’ ou ‘manter relacións sexuais’ (Michaëlis 1922: 45; Lorenzo 1977, II: 722-723; GLOSSA [UC]). Así mesmo, en *Quen bõa dona gran ben quer* o poeta expresa a noción de ‘xustiza’ precisamente por medio da construción *jazer en dereito* (*ca tod'est'en dereito jaz*, v. 12), construción que, de novo, só conta con esta ocorrencia na lírica profana e con outra na CSM 53 (v. 52). Polo tanto, o *usus scribendi* foi o que guiou a nosa elección –fronte a lección de *B*, que, quizá, cabería interpretar como unha innovación do copista motivada ben pola similitude semántica das expresións e pola súa maior frecuencia de uso no corpus, ben polas súas preferencias e hábitos lingüísticos–, toda vez que Somesso amosa inclinación por facer un uso particular do verbo *jazer*.

14. *e*: a presenza da conxunción *ca* na apertura do verso en *B* pode deberse tanto á variación lingüística, toda vez que esta conxunción pode exercer a función copulativa, como a un erro por repetición do copista motivado pola proximidade da mesma forma en idéntica posición no verso anterior e no seguinte ao comentado.

15. *se eu*: o manuscrito B transmite *feu*, lección, sen dúbida, errada, dado que orixina un verso en hipómetro.

ouvesse poder: a corrección marxinal de *A* (que, como xa se indicou, indica a necesidade de engadir a vocal final /e/ á forma verbal), aínda que non chegou a ser inserida no lugar que lle correspondía, pode indicar dous feitos: ou ben que o propio revisor, durante a lectura da pasaxe, advertise a hipometría versal e/ou a incongruencia morfolóxica provocadas polo erro de copia e decidise completar o vocábulo de acordo co contexto sintáctico e semántico do verso, ou ben que o revisor contrastase o traballo do copista cun modelo que contiña a forma verbal completa, e, xa

que logo, a emenda anotada na marxe tería por finalidade reconducir o texto á lección do seu antecedente. Sexa como for, o problema reside na *varia lectio* entre as leccións de *A* e de *B*, pois o testemuño colocciano transmite *ouueffo* (ou sexa, coa a vogal átona da desinencia verbal elidida en contacto co artigo determinado) metres que, atendendo á corrección marxinal presente en *A*, a lección deste testemuño é *ouueffe*. Se admitimos o primeiro suposto mencionado, cabería interpretar que o copista de *A* (ou o do seu modelo) suprimiu calquera das partículas mencionadas (a desinencia verbal ou o artigo) e que se emendou o verso mediante a adición da vogal final da forma verbal correspondente. Se nos inclinamos pola segunda opción, a lección de *B* podería considerarse un erro de <o> por <e> ou, simplemente, unha variante de lingua, pois, como se pode comprobar nos datos facilitados polos glosarios especializados, a lírica profana rexistra a alternancia entre *aver poder* e *aver o poder* co sentido de ‘ter capacidade’. Na produción de Somesso atopamos novamente a expresión, en *ei eu ja daquesto poder* (v. 4 de *Ja m’eu, sennor, ouve sazón*). Dado que son leccións equipolentes, decidimos editar a forma do manuscrito-base coa súa correspondente corrección marxinal. Michaëlis e UC seguen *A*, mentres que CMGP e Rios Milhám seguen *B*.

18. *onde*: en *B* o adverbio foi transmitido coa forma *oñ* –evolución da abreviatura clásica para *ŪNDE*, *un̄* (Cappelli 1929: 394)–, que, nos manuscritos que transmiten a lírica profana só se repite no v. 21 de B114 (cantiga XI da presente edición) e nos vv. 10 e 11 de B58 (MedDB 47,19).

21. *viver*: a lección de *B*, *ueer*, é un probable erro de substitución por *viver* (quizá debido á proximidade fonética de ambos os vocábulos), xa que, semanticamente, o verso esixe seguir a lección de *A* (*úuer*).

24. *ben*: o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* transmite un erro por omisión, *ben* do <n> final do adverbio, *ben* do signo abreviativo correspondente –*vide supra*, cantiga III, v. 6–.

25. *meu*: cfr., nota ao v. 1 da cantiga III.

25. *cor*: o substantivo *cor* (<CÖR), aínda foi empregado na lírica medieval co significado de ‘corazón’ –cfr, por exemplo, *e crece-m’ end’ ũa coyta tan fera / que non ey o cor migo* (vv. 3 / 4 de MedDB 70,12, de Johan Garcia de Guilhade), *e nunca mais do meu / cor perderei mui gran coita* (v. 21 / 22, MedDB 41,1, de Fernan Filgueira de Lemos)– e, en sentido figurado, para referirse á ‘vontade’ e ao ‘desexo’ (como testemuña o verso que nos ocupa), por ser este tradicionalmente considerado o lugar en que se instalan as emocións. Cabe sinalar que o termo apenas ten

representatividade na produción dos trobadores contemporáneos a Somesso, pois unicamente rexistramos *cor* en dúas cantigas de Fernan Rodriguez de Calheiros (MedDB 47,13 e 47,20). Se ben a maior parte das linguas románicas conservaron a forma primitiva (sen máis alteracións que as puramente fonéticas), en galego, en portugués e en castelán, esta foi substituída polo derivado aumentativo *corazón* (portugués, *coração*), presente tamén na lírica profana (Corominas – Pascual 1990, II: 189-190). Para a aplicación do termo como palabra clave da lírica occitana, véxase Cropp 1975: 254 – 264).

encobri: os dous testemuños len *encobrir*, mais, a rima, a semántica e a sintaxe do verso obrigan a realizar a emenda proposta (que tamén foi introducida polos restantes editores do texto). Este erro por adición puido deberse á atracción provocada pola presenza do grupo /br/ na mesma sílaba.

O verbo, que significa ‘encubrir, ocultar’ (Michaëlis 1922: 34; Lorenzo 1977, II: 530; Glossa [UC]), é integrado por Somesso no desenvolvemento do motivo do *celar*, tema vertebrador do poema que culmina na expresión da necesidade do trobador por declarar o seu amor á dama. Se ben no conxunto das *cantiga de amor* o vocábulo non goza dun éxito particular, o emprego do mesmo polos escasos sete autores que o incluíron na súa produción amorosa sempre se atopa en relación co *segredo amoroso*, ben para manifestar o respecto do trobador por dita condición inherente ao amante cortés, ben para revelar a intención de violar dito precepto (véxanse os estudos do termo nos traballos de Ron 2015: 508-519 e de González 2018: 175-176).

27. En *B* advírtese un *incipiens error*⁷⁸ (~~pu~~ pefa) provocado, moi probablemente, por un salto de igual a igual deste verso ao seguinte. Como se pode comprobar na transcripción ofrecida no Apéndice III, os versos 27 e 28 ábreanse coa mesma secuencia gráfica *feu*, feito que, sen dúbida, facilitou o erro do amanuense.



⁷⁸ Sobre a análise do *incipiens error* como ferramenta para o estudo e edición dos textos do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, véxase Ferrari 2001.

V. *De quant' eu sempre desejei*

I

De quant' eu sempre desejei
de mia sennor, non end' ei ren,

e o que muito receei 90

5

de mi avïir, todo mi aven,
ca sempr' eu desejei máis d' al
de viver con ela e, mal
que me pes, a partirm' ei én.

II

E, ja que m' end' a partir ei, 95

10

esto pod' ela veer ben:
que muita guerra lle farei,
porque me faz partir d' aquen,
ond' eu sōo mui natural;
e seill' eu un seu ome atal 100
que ll' avera morrer por én.

III

15

E non o pode defender
de morte, se mi mal fezer,
ca ũa morte ei eu d' aver;
e, pois eu a morrer ouver, 105
toda via pennor querrei
fillar por mí, e tollerll' ei
est' ome, por que me mal quer.

IV

E, pois ll' eu est' ome toller,
façam' ela mal, se poder, 110
e non o poderá fazer,

25

mais pod' entender, se quiser,
que logu' eu guardado serei
dela, e non a temerei
des que ll' eu esto feit' ouver. 115

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 15 fol. 4r, col. b - fol. 4v, col. a; *B* 108, fol. 28r, cols. a-b.

1. desejei] desfeiei *A* defeley *B* 4. mi aven] m₁ auen *A* m auen *B* 6. om. *A* de uuer con ela
emal *B* 10. lle] lle *A* lh₁ *B* 13. e seill' eu un] e fei lleu un *A* e ffe lh₁ hū *B* 14. que
ll'avera] q̄ llauera *A* q̄ lhaia a *B* 15. E] E *A* om. *B* 17. morte ei] morte e₁ *A* mozt ey 18.
e] e *A* om. *B*, a morrer ouver] a mozrer ouuer *A* de morrer oer *B* 19. querrei] querey *A* q̄rrey
B 20. fillar por mí, e tollerl' ei] fillar po₂ m₁ e tollerlleý *A* p̄ m₁ filhar e tolhey *B* 21. me]
me *A* m₁ *B* 26. logu' eu] log eu *A* logueu *B*, guardado] ġrdaðo *A* ġðaðo 28. des que ll'eu
esto feit' ouver] desque lleu ef_{to} feit ouuer *A* desq̄ lhest_e penh̄ p̄fer *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 39; Carter 2007 [1941]: 10; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 150-151; Arbor Aldea 2016: 8-9 PalMED A15 - B108 (última consulta 25/05/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 35-36; UC 81 (última consulta 15/01/2021).

Outras edicións e antoloxías

CMGP *De quant'eu sempre desejei* (última consulta 15/01/2021); Rios Milhám 2018, I: 81.

Repertorios

Tavani 1967: 78,6; D' Heur 1973: 81; MedDB 78,6 (última consulta 15/01/2021).

Tradución

I. Da miña señora non teño nada de canto eu sempre desexe, e o que tanto temín que me sucedese, todo me acontece, pois sempre ansiei vivir con ela máis que calquera outra cousa e, mal que me pese, teño que afastarme dela.

II. E, xa que teño que partirme dela, ben pode percibir isto: que me enfrontarei a ela, porque me fai marchar de aquí, onde eu nacín; e coñezolle un home que morrerá por isto.

III. E, se me fai dano, (ese home) non o pode protexer da morte, porque eu a padecerei; e, despois de que eu morra, aínda quereirei cobrar a miña prenda: quitareille este home, polo que me quere mal.

IV. E, tras arrebatarlle este home, que ela me faga dano, se pode, mais non poderá facelo; pero, se querrá, poderá entender que despois estarei a salvo dela, e, a partir do momento que lle faga isto, xa non a temerei.

Rúbricas e apostilas

En *A*, o rubricador non debuxou as iniciais das cobras II e IV, para cuxo trazado o copista deixara as dúas letras de aviso correspondentes (*e*). As últimas palabras do terceiro verso da primeira cobra e as primeiras do segundo, *end ei ren eo que*, foron escritas sobre raspadura; nesta mesma estrofa, o copista omitiu o sexto verso. Na marxe dereita do folio, á altura da liña 14 do folio, o revisor anotou *çeeey*, emenda que non chegou a ser introducida no corpo do poema e que debería corrixir o segmento monosílabo *cey* do terceiro verso, o cal foi anulado polo amanuense cun trazo horizontal e marcado, á súa vez, co correspondente sinal de inserción⁷⁹. Á esquerda da última liña do texto (folio 4v, l. 6), unha man (a partir de agora “man A”) comentou nunha gótica cursiva típica no Portugal do século XV, *ora pois fezelho*. Á mesma autoría atribúense outras 27 glosas marxinais que, maioritariamente en ton xocoso, comentan o contido dalgúns das pezas do cancionero. Tal e como se explicou no capítulo dedicado á tradición manuscrita, (cfr. § *Tradición manuscrita*, p. 31), os datos achegados polos especialistas parecen determinar que tras estas anotacións agóchase a identidade de Pero Homem (cfr. Ramos 1999:171; Pedro 2004-2016: 42).

En *B*, Colocci outorgoulle á composición o número 108, escrito na marxe esquerda do folio 28r, a carón do espazo que separa as dúas primeiras liñas de escritura. Sobre a capital que abre a cantiga –que, como é habitual, supera en tamaño as iniciais posteriores– o humanista iesino

⁷⁹ A separación silábica que presenta a transcripción dalgúns dos vocábulos representados nas primeiras cobras e nas findas con espazo para a notación musical foi interpretada pola crítica especializada como unha herdanza gráfica do modelo, en que a copia de ditas pasaxes respectaría as secuencias melódicas (Michaëlis 1990 [1904], II: 142; Carter 1941. XII). Para Ramos (2009, I:312-327), neste caso, a corrección marxinal *çeeey* (*re cey*) « pode explicar uma forma transcrita no texto principal com separação silábica devido à frase musical e a correção marginal com duplo <ee> pode já provir de um cotejo textual sem presença de notação musical. Neste caso, a duração melismática deixara de ser visível. Assim, impunha-se um acrescento de mais uma vogal.

anotou *ad due* para chamar a atención sobre a relación interestrófica da composición, articulada en *coblas doblas* (cfr. Pérez Barcala 2001).

Estrutura

De quant' eu sempre desejei é una cantiga de amor de mestría, que consta de catro *coblas doblas* de sete versos octosílabos agudos con rima *ababccb*. Dita distribución dos rimantes é incorporada no cancionero de Somesso unicamente en composicións elaboradas en *coblas doblas* (cantigas VIII, IX, XI, XII, XVI e XVII) e, agás na cantiga XI, cada par de estrofas que configura a peza lígase coa parella concomitante mediante o emprego dun ou de varios timbres idénticos (neste caso, a I/II = c III/IV).

	8a	8b	8a	8b	8c	8c	8b
I	-ei	-en	-ei	-en	-al	-al	-en
II	-ei	-en	-ei	-en	-al	-al	-en
III	-er	-er	-er	-er	-ei	-ei	-er
IV	-er	-er	-er	-er	-ei	-ei	-er


Tavani 1967: 101:45

Sinalefas: mi aviir (v. 4), mi aven (v. 4), ome atal (v. 13) morte ei (v. 17)

Cobras capfinidas: I (*que me pes, a partirm' ei én.*) – II (*E, ja que m' end' a partir ei,*), III (*est' ome, por que me mal quer.*) – IV (*E, pois ll' eu est' ome toller,*).

Rima derivada: *farei – fezer – fazer* (vv. 10, 16, 20), *aver – ouver – ouver* (vv. 17, 18, 28), *querrei – quer – quiser* (vv. 19, 21, 25), *tollerll' ei – toller* (vv. 20, 22)

Notas

 1. *desejei*: en lugar dun grafema que representase a africada prepalatal sonora, o copista de B reproduciu un <l> –morfoloxicamente moi próximo aos <j> ou <i> esperables–. Non obstante, dito carácter parece trazado, precisamente, sobre un <i> previo.

3. *receei*: P1 de singular do pretérito perfecto de indicativo do verbo *recear*, ‘temer’. A procedencia etimolóxica do verbo é incerta, se ben os especialistas barallaron dúas hipóteses: que se trate dunha derivación de *RE-ZELĀRE, co significado primitivo de ‘adorar’, ‘mostrar celo por’ (Michaëlis 1920: 77; Machado 1977, V: 50), ou (con máis posibilidades) que o vocábulo proceda dunha forma *RE-CELĀRE, que xa sufrira unha mudanza semántica cara ao sentido de ‘agocharse de alguén’, ‘temer’ (Lapa 1995 [1965]: 370; Lorenzo 1977: 1105; Corominas-Pascual 1980, II: 18).

4. *de mi avĩr todo mi aven*: mediante o *políptoto* construído co infinitivo e a P3 do presente de indicativo do verbo *avĩr* (<ADVĒNĪRE, ‘suceder’, ‘acaecer’), o trovador carga de expresividade o verso para acentuar a súa lamentable situación: todo o que desexou que non lle sucedese, sucédelle.

En *A*, o <i> pretónico do infinitivo leva a abreviatura xeral e unha plica. Se o primeiro dos sinais mencionados responde á representación da nasalización de dita vogal provocada pola caída do <n> intervocálico, a segunda foi empregada, probablemente, como sinal diacrítico para facilitar a comprensión do segmento, que, ao presentar varios caracteres graficamente semellantes, pode dar lugar a lecturas ambiguas. Así mesmo, polo mesmo motivo, a segunda vogal homorgánica foi grafada como *j* (Fernández Guiadanes 2011a: 47). Algúns especialistas consideraron as plicas como marcas para sinalar o hiato, dado que nos séculos XIII e XIV estas non se presentaban exclusivamente en vogais xeminadas (Pensado Tomé 1962: 19-20, Lorenzo 1985: 457, Mariño Paz 2002: 81).

6. O verso non foi copiado en *A* probablemente por un salto visual de *al* a *mal*. No códice non se aprecia ningún tipo de marca nin de nota que faga referencia á secuencia perdida, polo que ou ben a súa ausencia non foi advertida polo revisor, ou ben o tempo deturpou as presumibles indicacións que este puido facer ao respecto. Esta última opción semella ser a máis plausible, dadas as malas condicións en que se atopa a marxe dereita deste folio. Afortunadamente, a integridade da pasaxe en *B* permite a súa reconstrución.

10. *guerra*: este substantivo de orixe xermánica (*WERRA) accede ao rexistro poético a través do trasvase do vocabulario feudal (e, xa que logo, militar) ao mesmo. Non obstante, cabe destacar que esta é a única ocorrencia do termo que se rexistra nas *cantigas de amor* –Michaëlis incorporouno na súa edición da cantiga *Preguntei ũa dona en como vos direi*, de Rodrigu’ Eanes de Vasconcelos, mais como lectura conxectural do v. 18 (*Ca derrey o ħyſ ena coraçon meu*), que foi

editado por Ferreiro (1992: 53) de xeito completamente distinto (*ca terrei o contrario eno corazón meu*)-. O uso do substantivo está condicionado polo emprego do motivo da *mala cansó*, pois Somesso expresa nesta peza os desexos de vinganza por ter que partir do seu lugar natural –e, xa que logo, da posibilidade de ver á súa dama– a causa da vontade da señora. Aínda que Martin Soares e Vasco Gil empregan o verbo *guerrear* (cfr. v. 14 de MedDB 97,30 e o v. 15 de MedDB 152,11), nas súas composicións o desexo de facer a guerra está dirixido cara aos seus propios sentimentos, no primeiro caso, e cara a Deus, no segundo. Sobre o vocabulario bélico na cantiga de amor, véxase Corral Díaz 2008c.

lle: ao igual que acontece con *me / mi* (cfr. nota ao v. 4 da cantiga IV), as variantes *lle / lbi* conviven no período medieval. En todas as ocorrencias do pronome rexistradas nas cantigas de Somesso transmitidas nos dous testemuños verificase a preferencia de *A* pola forma *lle* e a de *B* pola forma *lbi*.

13. *e seill' eu un*: a lección de *B*, *effelbi hū*, presenta, por unha banda, a omisión da vogal final da forma verbal *sei* e, por outra, a ausencia do pronome persoal tónico de P1, *eu*, que si foi empregado en *Ajuda* –e, polo tanto, incluído na nosa edición–. Nas seccións dos *cancioneiros* dedicadas ás poesías de Johan Soares, apréciase unha certa tendencia a explicitar o suxeito mediante o pronome *eu* en *A* e a omitilo en *B*, cando, como sucede nesta ocasión, a presenza ou non do mesmo é prescindible tanto a nivel métrico como sintáctico e semántico. Esta circunstancia aparece outras tres veces (cantiga VI, v. 22; cantiga VIII, v. 10; cantiga VIII, v. 27), mentres que, o caso contrario –isto é a presenza do pronome en *B* e a omisión do mesmo en *A*– conta cunha única ocorrencia (cantiga XIX, v. 8).

14. *que ll'avera morrer*: o manuscrito transmite en *B* *q̄lbaia a morrer*, o que implica unha variación do tempo verbal da perífrase temporal de futuridade con respecto á lección de *A*: a P3 do futuro de indicativo de *aver* é substituída no antigo Colocci-Brancuti pola P3 do presente de subxuntivo do mesmo verbo. Se ben a presenza da preposición *a* na lección de *B* preserva a regularidade métrica do verso, a sintaxe e a semántica do verso non admiten dito tempo verbal.

Michaëlis emendou o verso en *qual averá morrer por én*; CMGP e Rios Milhám editaron *haverá [ā] morrer* (con sinalefa), e UC *que ll'aver'a morrer por én*. Non consideramos necesaria a preposición para que a perífrase cobre sentido no contexto, polo que a nosa proposta conserva a lección de *A*.

15. *E*: a lección de *B* non presenta a copulativa inicial que resulta necesaria para manter a medida do verso. En *A* a conxunción aparece como letra de espera.

16. *mi*: a forma *mi* do pronome persoal átono de P1 é empregada en *A* en moi contadas ocasións nun contexto fonético distinto do propiciado polas vogais <a> e <o> (*vide supra*, nota ao v. 4 da cantiga IV). No caso que nos ocupa, o pronome antecede o adverbio *mal*, polo que foi considerado por Michaëlis, CMGP, UC e Monteagudo (2019: 111) como un integrante dese pequeno elenco de variantes excepcionais de *mi* átono anteconsonántico en *A*, polo que, na nosa proposta, tamén conservamos a lección manuscrita. Pola súa parte, Rios Milhám emenda a partícula recondúcea cara a *me*.

18. *e*: o apógrafo italiano omite unha vez máis a copulativa inicial, feito que provoca hipometría versal; en *A* si está presente a conxunción.

a morrer ouver: fronte a lección de *Ajuda*, seguida no noso texto, *B* utiliza a preposición *de* na perífrase con *aver*, mais, neste caso, o sentido de obrigatoriedade que comporta dita construción perifrástica non encaixa na semántica do verso (*vide supra*, *Tradución*)–.

Por outra parte, o apógrafo ofrece *oer* para a P1 de singular do futuro de subxuntivo de *aver*. As formas do verbo *aver*, derivadas do tema de perfecto latino (con radical HABW-), sufriron nun primeiro momento a metátese de *wau*, que orixinou o ditongo *au > ou* e, nunha fase posterior, a fricativización do [-b-]. Non obstante, segundo afirma Monteagudo, os apógrafos italianos rexistran dezanove ocorrencias das variantes *oer*, *oera*, *oesse* (con caída do /-ʃ-/ e posterior monotongación no radical *ou > o*), que o estudoso considera que conviviron nunha etapa do galego medieval coas formas maioritarias do tipo *ouver* (que son as únicas rexistradas en *Ajuda*). Así mesmo, as formas estudadas distribúense nos cancioneros coloccianos de xeito desigual ao estar presentes en maior proporción na produción de trovadores das ‘primeiras xeracións’, circunstancia que, para Monteagudo, parece indicar que estas eran «peculiares dunha tradición manuscrita específica dos autores con textos recollidos nese sector inicial» (Monteagudo 2015a: 229). Ferreiro (2016) reafirma a hipótese apenas referida, e conclúe que a ausencia no único códice contemporáneo ao movemento trovadoresco da variante monotongada dos pretéritos de *aver* podería responder a unha intención de «modernización e nivelación» deste testemuño (Ferreiro 2016: 126). A este respecto, Brea e Lorenzo Gradín apuntan que non é posible explicar a xeración desta forma de perfecto con radical *o-* pola simple perda do /ʃ/ intervocálico (Ferreiro 2016: 120), dado que

«si bien es cierto que HABUI fue originariamente trisílabo, la /ü/ en hiato se transformó pronto en la lengua hablada en la semivocal /w/ (ha-bu-i > a-βwi), de tal modo que la evolución románica parte de un grupo -βw- (y otro tanto cabe decir para HABEO o HABEAM, en las que se conforma un grupo -βj-), y este factor condiciona un proceso diferente al experimentado por una /β/ intervocálica como la que puede encontrarse en RIVUM, BOVEM o BIBERE» (Brea-Lorenzo Gradín 2020: 113, n. 16).

Así mesmo, cómpre sinalar que as formas do tipo *oer* só se documentan no rexistro poético (moi minoritariamente) e que estas non superaron o período medieval. Así mesmo, á luz dos datos extraídos da base de datos PALMED sobre a distribución desta variante –que tamén a localiza na produción dos autores máis recentes (por exemplo, en *B* 544/*V* 147, de Don Denis)–, aínda poderíamos considerar a posibilidade de que os casos rexistrados en *B* e en *V* testemuñen erros de copia herdados do seu modelo. Se ben, neste caso, seguimos a lección de *A* (cfr. *Criterios de edición*), no v. 8 da cantiga XX, enviada unicamente por *B*, mantemos a lección manuscrita, *oer*.

19. *penbor*: substantivo deverbal de *penborar* < PĪGNÖRĀRE, que conserva os significados de ‘prenda’, ‘fianza’, ‘garantía’, ‘obxecto dado como garantía de contrato’ (Michaëlis 1922: 65; Lapa 1995 [1965]: 75; Lorenzo 1977, II: 990-991; Mettmann 1981, II: 656). Tanto este vocábulo como outros presentes na composición –por exemplo, *guerra* (vide supra, nota ao v. 10) ou *ome* (vv. 13, 21, 22) co sentido de ‘servidor’ (Martínez Martínez 2010: 30)– proceden da linguaxe xurídica e/ou bélica e foron minuciosamente escollidos polo trovador para crear un ambiente poético protagonizado pola metáfora feudo-vasalática. Este termo non se rexistra en ningunha outra cantiga de amor, se ben foi empregado en sentido recto por Alfonso X, por Gil Perez Conde e por Johan Baveca en composicións satíricas –MedDB 18,32, vv. 6 e 22, MedDB 56,16, v. 7 e 64,28, v. 2, respectivamente–.

20. *fillar por mí*: os elementos do sintagma verbal foron transmitidos en diferente orde en cada códice: mentres *A* antepón o pronome ao verbo, *B* pospono. Ao non afectar á rima do verso nin ter (aparentemente) ningunha consecuencia na comprensión do mesmo, mantemos a lección de *A* por ser o cancionero base desta proposta de edición.

tollerll’ei: a lección de *B*, *toll̃ey* > *tolber̃ey*, non inclúe o pronome átono de P3 que, en *A*, axuda a focalizar a atención na dama, posuidora dese “outro home” que o trovador ameaza con arrebatarlle (cfr., § *A poesía*, pp. 63-65). Así mesmo, ao comezo da estrofa seguinte, o poeta retoma

esta idea para continuar coa declaración das súas intencións e reproduce, case literalmente, o exposto nos versos 20 e 21, pero, neste caso, ambos os testemuños conservan o pronome (*E, pois ll' eu est' ome toller*, v. 22). Este feito, unido ao matiz expresivo que, desde o noso punto de vista, engade a variante de *A*, xustifica a nosa elección.

26. *guardado*: participio do verbo *guardar*, procedente da forma xermánica *WARDON, que pasou xa ao latín vulgar coas acepción 'protexer', 'defender', 'coidar'. A secuencia [GW] presente en vocábulos de orixe xermánica perdeu habitualmente en galego o elemento labiovelar, mais, tanto na lingua medieval como na variedade oriental e na franxa sur de Galicia rexístrase actualmente a forma conservadora (Lapa 1995 [1965], Glossário: 50, Fernández Rei 1991: 51-52, Lorenzo 1977, II: 697, Ferreiro 1999, I: 101-102, 106).

Tanto a lección de *A*, ġrdado, como a de *B*, ġðado, representan un sinal abreviativo sobre o <g>, que en *A* pode desenvolverse como *ua* –é dicir, *guardado*– e en *B*, se corresponde co segmento *ar* –como tamén ocorre en *neġrej* > *negarei* (B55, v. 10), en *paġ* > *pagar* (B130, v. 18), en *ġcia* > *garçia* (B857, v. 6) ou en *loġ* > *logar* (B1310, v. 3), entre outros–. O feito de que no *Cancioneiro da Ajuda* dita abreviatura unicamente se rexistre en derivados de *guardar*⁸⁰ pode inducir a pensar que o seu desenvolvemento non é necesariamente o mencionado. Non obstante, dado que sempre que o verbo aparece na súa forma plena en dito códice (67 rexistros en PalMED), esta presenta o ditongo na súa raíz, decidimos outorgarlle á abreviatura o valor *gua*. Pola súa banda, no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* si se empregou o sinal abreviativo sobre o <g> con valor *ua* noutros vocábulos, mais nunca co valor *uar*, como precisaría a lección manuscrita *ġðado* para desenvolverse en *guardado*. Así mesmo, neste manuscrito contamos con 3 ocorrencias do verbo transcrito con raíz *gar*⁸¹, que, xunto cos exemplos mencionados anteriormente para outros termos que unicamente admiten dita interpretación, dan conta da existencia da variante *gardado*. A lectura dos Machado, *guardado*, desatende esta circunstancia, a cal provoca que pase desapercibida a convivencia das variantes lingüísticas do verbo (con ou sen conservación da labiovelar) transmitidas polos testemuños manuscritos.

⁸⁰ *E digu est e poz me ġrdar* (A17, v. 8, cantiga VII da presente edición), e dos outros *m ei a ġrdar* (A28, v. 28, cantiga XVIII), *ðe coufas me nō guardo mas po ġrdar m ia* (A160, v. 16), *p algũa guřa ġrdar* (A5, v. 16), *Mais qñ f en bē ġrdar qfer* (A5, v. 22)

⁸¹ *A uoffa meřura gardei* (B924, v. 15), *Ben mj fara e mal garðar en* (B982, v. 22), *Poys uos filhařtes orðē e uo hā ðe garðar* (B368bis, v. 8)

28. *des que ll' eu esto feit' ouver*: os testemuños manuscritos transmiten para este verso leccións diverxentes: por unha banda, *Ajuda* envía *desquelleu esto feit ouuer* e, pola outra, o apógrafo italiano le *desq̄lbeste penb̄ p̄fer*. Atendendo ao *usus scribendi* do trobador, decidimos tomar o texto de *A* –como tamén fixeron *Michaëlis*, *UC* e *CMGP* (*Rios Milhám segue B*)–, pois na produción do poeta contamos con versos practicamente idénticos ao que figura en dito códice (cfr. v. 8 da cantiga XX).

VI. *Muitas vezes en meu cuidar*

I

Muitas vezes en meu cuidar
ei eu gran ben de mia sennor
e quant' ali ei de sabor,
se mi ar torna pois en pesar,
5 des que m' eu part', e nulla ren 120
me non fica daquel gran ben
e non me sei consell' achar,

II

nen acharei, ergu' en cuidar
consell', enquant' eu vivo for,
10 ca si me ten forçad' Amor 125
que me faz atal don' amar,
que me quer mui gran mal por én,
e, porque non sab' amar, ten
que non pod' om' Amor forçar.

III

Mais Amor á tan gran poder 130
que forçar pode quen quiser,
e, pois que mia sennor non quer
esto d' Amor per ren crear,
ja máis seu ben non averei,
20 senon assi como mi o ei: 135
sempr' en cuidal' o poss' aver,

IV

ca Deus me deu tan gran poder
que, mentre m' eu guardar poder
de fala d' om' ou de moller,
que non poss' este ben perder, 140
ca sempr' en ela cuidarei
e sempr' en ela ja terrei
o coração, mentr' eu viver.

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 16 fol. 4v, cols. a-b; *B* 109, fol. 28r, col. b - fol. 28v, col. a.

4. se mi ar torna] fe m₁ ar to₂na *A* torna fe m en *B* 5. part' e] part e *A* parto *B* 7. e non me]
e nō me *A* [...] rome *B*, conselh' achar] confell achar *A* confelh acljar *B* 8. ergu' en] erguen *A* eu
en *B* 10. ca' si me] cá fi me *A* ca fe me *B* 11. atal don' amar] atal doná mar *A* tal dona amar
B 12. me] me *A* mj *B* 14. pod' om'] pod [a→] om *A* pod omē *B* 16. forçar] forçar *A* foçar
B 18. crear] créer *A* q̄rer *B* 20. como mi o ei] como m₁ o e₁ *A* como m eu ey *B* 22. me]
me *A* mj *B* 23. mentre m' eu] mentre m eu *A* ment' me *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 39-40; Carter 2007 [1941]: 11; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 152-153;
Arbor Aldea 2016: 9; PalMED A16 - B109 (última consulta 26/05/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 37-38; UC 82 (última consulta 16/01/2021).

Outras edicións e antoloxías

Torres 1977: 496; Jensen 1992: 168; Arias Freixedo 2003: 229-230; CMGP *Muitas veces em meu
cuidar* (última consulta 16/01/2021); Rios Milhám 2018, I: 82.

Repertorios

Tavani 1967: 78,10; D' Heur 1973: 82; MedDB 78,10 (última consulta 16/01/2021).

Tradución

I. Moitas veces nos meus pensamentos acado o ben da miña señora, e todo o pracer que
hai neles convérteseme despois en pesar cando volvo á realidade, e nada me queda daquel gran ben
e non sei como remedialo,

II. nin o remediarei, mentres viva, senón é nos meus pensamentos, pois así me forza Amor,
que me fai amar tal dona que me detesta por iso, e, porque non sabe amar, considera que o amor
non pode vencer un home.

III. Pero Amor ten un poder tan grande que pode derrotar a calquera, mais, como a miña señora non quere crer que Amor poida facer isto, nunca obterei o seu ben senón así como xa o teño: só podo telo sempre nos meus pensamentos,

IV. porque Deus me deu un poder tan grande que, sempre que poida evitar conversar con calquera home ou muller, non perderei este ben, xa que, así, sempre pensarei nela e o meu corazón estará con ela mentres viva.

Rúbricas e apostilas

No *Cancioneiro da Ajuda*, aínda se pode observar a pequena letra de aviso que o copista deixou para o rubricador no *C* que abre a derradeira estrofa da cantiga. O responsable dos comentarios xocosos que glosan algúns dos textos transmitidos nos primeiros e últimos cadernos de *Ajuda* (man A, Pedro 2004-2019: 40-42) intervén de novo nesta composición: á marxe esquerda do folio, entre a terceira e a cuarta liña da primeira cobra, pode lerse *beber sobre o cheiro*, que parece facer referencia á capacidade do trovador de atopar o pracer onde non o hai. Un pouco máis abaixo, á altura dos versos 15 e 16, a mesma man anotou *m^{to} pode alla fe*, probablemente, coa intención de referendar o contido dos versos sinalados, en que Somesso declara o gran poder que Amor exerce sobre os namorados.

En *B*, Colocci outorgoulle á composición o número 109, que aparece escrito no intercolumnio á altura da maiúscula inicial. Sobre o incipit, o humanista anotou *ad due et replica parole*, para indicar que se trata dunha cantiga construída mediante *coblas doblas*, que, ademais, xoga co recurso da palabra rima adaptado a dito engarce (Pérez Barcala 2001: 62).

Estrutura métrica

Muitas vezes en meu cuidar é unha cantiga de mestría construída en catro *coblas doblas* de sete versos octosílabos agudos cada unha con rima *abbacca*. A elaboración desta peza destaca no conxunto da lírica profana pola regularidade na aplicación das figuras de repetición dispostas en posición de rima, que configuran un sistema cohesivo de complexos enlaces interestróficos.

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-ar	-or	-or	-ar	-en	-en	-ar

II	-ar	-or	-or	-ar	-en	-en	-ar
III	-er	-er	-er	-er	-ei	-ei	-er
IV	-er	-er	-er	-er	-ei	-ei	-er

Tavani (1967): 161: 253.

Sinalefas: mi ar (v. 4), mi o (v. 20)

Cobras capcaudadas: I-II, III-IV

Cobras capfinidas: I (*e non me sei consell' achar,*) – II (*nen acharei, ergu' en cuidar*), II (*que non pod' om' Amor forçar*) – III (*Mais Amor á tan gran poder*), III (*sempr' en cuidal' o poss' aver,*) – IV (*ca Deus me deu tan gran poder*).

Palabra rima: *cuidar* (I-II, vv. 1, 8), *gran poder* (III-IV, vv. 15, 22).

Rima derivada: *cuidar* – *cuidar* – *cuidarei* (vv. 1, 8, 26), *amor* – *amar* (vv. 10, 11), *ten terrei* (vv. 13, 27), *quiser* – *quer* (vv. 16, 17), *averei* – *ei* – *aver* (vv. 20, 21, 22).

Notas

4. *se mi ar torna*: seguimos a variante do *Cancioneiro da Ajuda*, que antepón os pronomes persoais átonos *se* e *mi* á partícula *ar* e ao verbo *tornar*. Pola súa parte, *B* transmite os clíticos (*se* e *m'*) en posición posverbal, e, en lugar da partícula de reforzo verbal, presenta o adverbio pronominal *én*. Ambas as dúas leccións son completamente viables no contexto a nivel sintáctico e semántico, pois, aínda que, como é sabido, a posición “non marcada” dos pronomes persoais átonos en galego e portugués é a enclítica, na lingua medieval, as condicións que implicaban a anteposición dos mesmos non eran rixidas e, na maior parte das ocasións, a colocación destes dependía das intencións expresivas ou da variante lingüística manexada. Con todo, tal e como sinala Ogando (1980: 260), cando o suxeito precede ao verbo (coma ocorre neste caso) os pronomes adoitan figurar tamén antes deste, mais a investigadora achega tamén rexistros en que se documentan as dúas opcións. Por outra banda, se ben tanto *ar* como *én* encaixan na estrofa, o matiz enfático e reforzador que proporciona o primeiro concorda coa actitude hiperbólica do discurso de Somesso (cfr. Brea 1988).

5. *part' e*: a lección de *B*, *parto*, constitúe, ao noso parecer, un erro de copia por motivado ben pola proximidade gráfica entre as vogais <o> e <e> –erro que xorde en moitos casos no corpus

galego-portugués–, ben pola propia natureza da forma verbal esixida polo contexto –a primeira persoa de singular do presente de indicativo do verbo *partir*, é dicir, *parto*–. Desde o noso punto de vista, a ausencia da conxunción copulativa, que si se rexistra en *A*, racha a cohesión e o ritmo da cobra ao interromper a súa estrutura ilativa.

7. *e non me sei consell' achar*: en *B*, o verso é encabezado por unha lagoa seguida da secuencia *rome*. Probablemente, o copista deixou o espazo en branco conscientemente ante a imposibilidade de interpretar o texto transmitido polo modelo. Atendendo á lección de *A*, *e non me*, podería deducirse que o amanuense do apógrafo italiano foi incapaz de ler a conxunción copulativa e leu con dificultade o adverbio de negación, pois cometeu un erro de *r* por *n*, e omitiu ben a abreviatura de nasalidade sobre o *o*, ben a propia consoante nasal implosiva. Estas circunstancias parecen debuxar unha pequena deturpación no antecedente do códice colocciano, que danaría de xeito irrecuperable a primeira palabra desta liña de escritura e afectaría á integridade dos grafemas posteriores ata, posiblemente, o final do verso –pois a última palabra deste, *achar*, foi copiada en *B* como *acljar*–.

8. *ergu' en*: a lección de *B*, *eu en*, prescinde da preposición *ergo* (‘agás’, ‘excepto’) que si transmite *Ajuda*. Ao noso parecer, o copista do cancionero italiano incorreu nun erro por omisión (-*rg-*), que, aínda que non afecta ao cómputo métrico do verso, imposibilita a correcta comprensión do mesmo. Precisamente, é a preposición a que permite construír o contraste entre o plano real e o plano imaxinario que se expresa nesta pasaxe e que representa, de maneira sintética, o argumento da peza completa: non atopa ningún alivio para a súa coita, agás nos seus pensamentos. Para o emprego que os trobadores fixeron da preposición *ergo*, véxase Monteagudo 2008a: 381-384.

10. *ca si me*: mentres que a *A* transmite *cáfi me*, *B* ca *feme*. A opción adoptada no texto crítico, *ca si*, responde á esixencia de respectar a integridade fonética da conxunción *ca*, que, como se sabe, non sofre elisión vocálica debido á súa tonicidade (Cunha 1961: 75-77, Arbor 2008: 23-24, Lorenzo Gradín 2008: 518-519 e 2009a: 500, Ferreiro 2012). Agás Michaëlis, que editou *c' assi*, todos os especialistas que nos precederon propuxeron a lectura *ca' ssi*, entendendo que, ante o contacto entre ditos termos, se produce unha aférese no adverbio *assi*. Segundo o noso criterio, que segue as conclusións achegadas por Lorenzo Gradín en relación ao verso 16 de *Dizen mi-as gentes por quê non trobei* –Johan Perez de Aboim, MedDB 75,7– non é necesaria a integración do apóstrofo que representa a elisión da vogal inicial do adverbio *assi*, pois «esta forma (con *a* analóxica

por la influencia de otros adverbios como *aqui, ali, afóra*, etc.) alternaba en la época medieval con la etimológica *si* (SĪC)» (Lorenzo Gradín 2009a: 500). Con todo, convén apuntar que, neste caso, a plica sobre o *a* en *Ajuda* podería estar indicando a devandita elisión vocálica, mais, a ausencia dun sinal semellante nos outros casos en que dito testemuño rexistra *cassi* (*A* 28, v. 10; *A* 133, v. 10 e *A* 183, v. 16), fainos dubidar de que tal interpretación do grafo sexa pertinente no caso aquí comentado. Así, a pesar de que as formas equivalentes *si* (como a presente en *A*) e *se* (presente en *B*) adoitan empregarse en frases optativo-desiderativas –cfr. *si Deus me perdon, se ben ajades*, etc.–, nada impide que as mesmas poidan atopar outros usos, que, ademais, están documentados nas CSM (*ser Deus ome, nen si nen si*, CSM 283, v. 11; *de todos nenbros contreito / si que en carret' andava / mais de quinz' anos avia*, CSM 333, vv. 12, 13) e na prosa medieval (Lorenzo 1977: 1199-1200).

11. *atal don' amar*: o pronome indefinido, procedente do latín TĀLIS, tiña en galego medieval dous alomorfos, un etimolóxico, *tal*, e outro con *a* protética, *atal*. Os datos proporcionados por MedDB para a lírica galego-portuguesa evidencian que ambos termos conviviron ao longo de toda a época trobadoresca, incluso no interior dunha mesma peza –como ocorre, por exemplo, nas cantigas X e XI da presente edición–, polo que, probablemente, a elección dunha ou doutra forma responda a razóns meramente métricas. Aínda que *tal* se rexistra con moita máis frecuencia nos cancioneiros ca *atal*, cabe destacar que na produción de Somesso o desequilibrio se produce en sentido contrario (once casos de *atal* fronte a sete de *tal*). En canto ao verso comentado, os testemuños manuscritos transmitiron os dous alomorfos: mentres que *A* reproduce *atal*, *B* presenta *tal*. A hipermetría que podería provocar a variante de *Ajuda* é compensada mediante a caída da vogal átona final de *dona* ante a vogal átona inicial de *amar*. Esta elisión non se produce en *B*, polo que as oito sílabas esixidas polo esquema métrico unicamente quedarían garantidas na lección do apógrafo italiano se non se realiza a sinalefa.

12. *me*: para a variante do pronome persoal átono de P1 singular, *vide supra*, nota ao v. 4 da cantiga IV.

14. *pod' om' Amor*: a lección de *B*, *podomē amor*, impide a realización da sinalefa no encontro entre *omē* e *amor*, necesaria para respectar a isometría versal, que si está garantida en *A*.

Así mesmo, en *A*, o <o> de *om(e)* foi corrixido sobre un *a*.

16. *forçar*: o copista de *B* cometeu un erro por omisión en *foçar*.

18. *creer*: a lección de *B*, *q̄rer*, resulta incongruente a nivel semántico. Este erro por substitución do copista puido ser provocado por un problema na memorización da perícopa ao concorrer dúas circunstancias: a proximidade fonética entre a forma errada, *querer*, e a forma correcta, *creer*, e a presenza, tamén en posición de rima, de dúas formas do verbo *querer* (*quiser* e *quer*) nos dous versos inmediatamente anteriores ao que nos ocupa.

20. *como mi o ei*: a lección de *B*, *como m' eu ey*, substitúe o pronome acusativo de P3, *o*, presente en *A*, polo pronome persoal tónico de P1, *eu*. Neste caso, a recuperación do obxecto directo na oración subordinada parece conveniente tanto sintáctica como semanticamente.

21. *poss' aver*: en *A*, o revisor anulou a vogal final da forma verbal *posso* mediante un trazo oblicuo. Con dita marca o amanuense pretendía, probablemente, marcar graficamente a necesaria sinalefa para respectar o patrón métrico da composición (cfr. *Criterios de edición*, pp. 74-75).

22. *me*: cfr. nota ao v. 4 da cantiga IV.

23. *mentre m' eu*: a ausencia en *B* do <u>, que si presenta *A* en *mentre m eu*, probablemente se deba á xa mencionada tendencia á omisión do pronome persoal de P1 nos textos de Somesso transmitidos polo *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, que adoita ocorrer cando este se presenta en *A* nun contexto en que non é necesario para a comprensión do texto nin para a regularidade métrica (cfr. nota ao v. 13, cantiga V).

VII. *Non me poss' eu, sennor, salvar,*

I

Non me poss' eu, sennor, salvar,
que muito ben non desejei 145
aver de vós, mais salvarm' ei,
que non cuidei end' acabar
5 máis do que vos quero dizer:
cuideivos, sennor, a veer,
atanto ben ouv' en cuidar. 150

II

E digu' esto por me guardar
dũa cousa que vos direi:
10 nen cuidedes que al cuidei
de vós, mia sennor, a gãar,
senon que podesse viver 155
na terra vosqu', e Deus poder
me leix' aver d' i sempr' estar.

III

E déme poder de negar
15 sempr' a mui gran cuita que ei
por vós aas gentes que sei 160
que punnan en adevinnar
fazenda d' om' e 'n a saber,
20 e os que esto van fazer
Deu-los leix' ende mal achar!

IV

E Deu-los leix' assi ficar 165
com' eu, sennor, sen vós fiqueí,
u vos vi ir e non ousei
ir convosco, e de pesar
ouvera por end' a morrer,
tan grave me foi de sofrer 170
de m' aver de vós a quitar

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 17 fol. 4v, col. b; *B* 110, fol. 28v, col. a.

6. a veer] a ueer *A* auer *B* 7. atanto] tanto *A* atanto *B*, ouu' en] ouu en *A* o non *B* 8. digu'
esto] digu eft e *A* ðigu efto *B*, guardar] ġrdar *A* fáluar *B* 10. non] nē *A* nō *B* 11. a gāar] a
gāár *A* a gaar *B* 12. uosqu' e] uofq̄ e *A* uofq̄ *B* 16. cuita] cuita *A* coyta *B*, que ei] q̄ ei *A* q̄rei
B 19. d' om' e 'n a] ðom e na *A* ðomē na *B* 20. van] uā *A* nā *B* 21. Deu-los] ðeulos *A* ðs
los *B*, ende] enð *A* ēde *B* 22. E Deu-los] E ðeulos *A* E os *B* 24. u vos vi ir] u uso uj ír *A*
ouu uir *B* 25. convosco e] cō uꝛco é *A* uofq̄ *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 40; Carter 2007 [1941]: 11-12; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 154-155;
Arbor Aldea 2016: 9-10; PalMED A17 - B110 (última consulta 27/05/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 39-40; UC 83 (última consulta 17/01/2021) .

Outras edicións e antoloxías

CMGP *Nom me poss'eu, senhor, salvar* (última consulta 17/01/2021); Rios Milhám 2018, I: 83.

Repertorios

Tavani 1967: 78,13; D' Heur 1973: 83; MedDB 78,13 (última consulta 17/01/2021).

Tradución

I. Señora, non podo xustificar que non desexase moito ben de vós, pero escusareime, pois non pensei conseguir máis do que vos quero dicir: señora, pensei en vervos, tanto ben pensei conseguir.

II. E digo isto por defenderme dunha cousa que vos direi: nin pensedes que outra cousa pretendín gañar de vós, miña señora, senón que puidese vivir preto de vós, e que Deus me deixe estar sempre alí.

III. E que me dea poder de negar sempre a gran pena que sinto por vós á xente que sei que se empeña en adiviñar e saber os asuntos de cada un, e os que fan isto déixeos Deus acabar mal.

IV. E, señora, déixeos Deus acabar así como eu sen vós acabei, cando vos vin irvos e non ousei ir con vós, e (entón) puíden morrer de pena, pois tan forte foi o sufrimento de afastarme de vós!

Rúbricas e apostilas

En A, ao comezo da terceira cobra, aínda pode verse a letra de agarda no interior do <E> inicial. Á marxe dereita do folio, entre a segunda e a terceira liñas da primeira cobra, pode apreciarse, desde o verso 2 ata o 7, a anulación por raspadura dunha corrección que foi incorporada ao corpo da cantiga. Un pouco máis abaixo, á altura das liñas 24 e 39 do folio, atopamos, de novo, dúas glosas escritas pola man A, encargada de comentar o contido dalgunhas composicións do cancionero. Neste caso, na primeira delas pode lerse *estaa bem satisfito* ('está ben satisfeito') a carón do verso 7, o que parece unha referencia irónica á declaración que o trovador realiza nos primeiros versos da cantiga, en que confesa que o único ben ao que aspira é poder ver á súa *senbor*. Na segunda, o comentador anota *bofe ffy*, que semella unha reafirmación da maldición que o poeta dirixe aos *lauzengiers* no verso 21. No verso 25, *uwo* está escrito sobre raspadura.

En B, ademais do número da cantiga, o 110, Colocci anotou *Sel difsi* sobre o incipit. Esta apostila, que foi empregada polo estudoso italiano en 99 ocasións, foi estudada por Bertolucci Pizzorusso (1966: 27-30), quen considera que se trata dunha referencia ao primeiro verso do coñecido texto de Petrarca, *S'i'l dissì mai, ch'i' vegna in odio a quella*. Da análise das características formais comúns entre esta canción e as pezas galego-portuguesas que van acompañadas da devandita glosa collociana, a estudosa italiana concluíu que, posiblemente, esta aluda á composición das cantigas mediante a técnica das cobras unisonantes.

Estrutura métrica

Non me poss'eu sennor salvar é unha cantiga de mestría de catro *coblas unissonans*, de sete octosílabos agudos cada unha, que constrúen un esquema rimático *abbacca*, empregado polo trovador noutras once composicións (cfr. § *A poesía*, 52-53).

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-ar	-ei	-ei	-ar	-er	-er	-ar

II	-ar	-ei	-ei	-ar	-er	-er	-ar
III	-ar	-ei	-ei	-ar	-er	-er	-ar
IV	-ar	-ei	-ei	-ar	-er	-er	-ar

Tavani 1967: 161: 254

Cobras capcaudadas.

Cobras capfinidas: III (*Deu-los leix' ende mal achar.*) – IV (*E Deu-los leix' assi ficar.*).

Rima derivada: *salvar – salvarm' ei* (vv. 1, 3), *dizer – direi* (vv. 5, 9), *cuidar – cuidei* (vv. 7, 10), *sei – saber* (vv. 17, 19), *ficar – fiquei* (vv. 21, 22).

Notas

6. *a veer*: a lección de *B*, *auer*, é, probablemente, un erro de copia por omisión, pois non encaixa no verso nin semantica nin metricamente. *A* transmitiu *aueer*, opción que seguimos nós e o resto dos editores do texto por adaptarse ás condicións semánticas esixidas polo contexto.

7. *atanto*: o emprego da variante *tanto* en *A* provoca a hipometría do verso. Neste caso seguimos *B*, que le *atanto*, tal e como procederon todos os editores que atenderon á cantiga, agás Michaëlis que conservou a forma do pronome cuantificador presente en *Ajuda* e que integrou – sen ningún tipo de marca– o pronome tónico *eu* (*tanto ouv'eu en cuidar*) coa intención de regularizar o cómputo métrico do verso.

ouv' en: neste caso, é a lección de *A*, *ouuen*, a única que desde o punto de vista semántico se adapta ao contexto. En *B*, o amanuense copiou *o non*, erro que, probablemente, se deba á proximidade gráfica entre <u> e <n> e entre <e> e <o>.

8. *digu' esto*: mentres que *A* transmite *digueft e*, *B* le *diguefto*. Aceptar a lección de *A* supón substituír no pronome demostrativo *esto* o morfema flexivo de xénero neutro polo masculino ou por unha conxunción copulativa, alternativas incongruentes coa semántica e a sintaxe da pasaxe. Cremos que en *A* puido producirse un erro por substitución de <e> por <o> (quizais debido á atracción do <e> que abre o verso e do que copiou xusto antes do erro no demostrativo *est*), polo que seguimos *B*, tal e como procederon todos os especialistas que editaron a composición.

guardar: o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* transmite *saluar* onde no *Cancioneiro da Ajuda* se le *ḡrdar*. Ambas as dúas leccións respectan a integridade métrica do verso. Así mesmo, o sentido da pasaxe admitiría calquera das dúas voces ao tratarse de verbos semanticamente moi próximos: *salvar* (v. 1) emprégase neste texto co sentido de ‘xustificarse’, e *guardar* co de ‘defenderse’ (*vide supra* nota ao v. 26 da c. V). Con todo, cremos que o emprego da rima derivada *salvar/salvarm’ ei* na primeira cobra (vv. 1 e 3) puido provocar un erro por atracción en *B*; polo tanto, seguimos a lección de *A*, como fixeron tamén os editores anteriores.

10. *nen*: os especialistas que atenderon a composición editaron *nen*, conforme a lección de *Ajuda*, agás Rios Milhám que seguiu *B* e editou *non*. A pesar de que non existe ningunha outra partícula negativa que xustifique o emprego de dita conxunción co sentido do moderno *nin*, a forma de *A* emprégase con frecuencia, no período medieval, como equivalente de *non* (como neste caso), como copulativa ou incluso como adversativa (cfr. Michaëlis 1922: 59 e Lorenzo 1977, II: 894-895).

11. *a gāar*: o verbo, que significa ‘obter, alcanzar’ (Michaëlis 1922: 41), presenta tanto na lírica como na prosa diferentes formas –*guaanbar*, *gaar*, *gaanbar*, *gāar*, *gaanar*–, procedentes da converxencia entre a voz gótica *GANAN (‘codiciar’) e a xermánica *W AidANJAN (‘saquear’) (cfr. Lorenzo 1977, II: 674; Machado 1977, III: 125; Corominas-Pascual 1988, III: 65-68). O apógrafo italiano ofrece a forma sen a abreviatura de nasalidade.

12. *uosqu’ e*: *B* ofrece un erro por omisión da conxunción copulativa *e*, que si trasmite *A* e que resulta necesaria para manter a regularidade do cómputo métrico. Os Machado integran o adverbio pronominal *u*, mais o resto dos editores seguen a lección de *A*.

16. *cuita*: o substantivo, derivado deverbal de *coitar* (< latín vulgar *CŌCTĀRE), presenta en galego medieval as formas *coita* e *cuita* (Huber 1986: 272), representadas, neste caso, polos testemuños que transmiten a cantiga que nos ocupa –*A cuita*, *B coita*–. A ausencia doutros exemplos análogos no idioma obriga a poñer en relación a evolución fonética deste vocábulo coa doutros termos con características etimolóxicas similares, tales como LŪCTĀRE > *luitar/loitar*, TRŪCTA > *truita/troita*, MŪLTU > *muito/moito*, entre outros (Nunes 1975: 54; Williams 1975: 51; Maia 1986 556-558). Os especialistas estimaron a distribución diatópica das variantes *coita/cuita* –pouco frecuentes fóra do rexistro literario– de xeito paralelo ao das outras voces

mencionadas, que, xa desde a Idade Media xeneralizaron os resultados en <-oi->, en Galicia –se ben a franxa occidental da Coruña e a zona sur de Pontevedra favoreceron a opción contraria (Fernández Rei 1990: 48-51)– e en <-ui-> no norte de Portugal (Maia 1986: 557-560). Tamén os cancioneros rexistran ambas as dúas variantes de xeito desigual, cunha clara preferencia por *coita* e cun volume de representación de *cuíta* moito máis denso no *Cancioneiro da Ajuda* –sobre todo, no seu sector inicial, entre *A 1* e *A 95*– ca nos apógrafos italianos. Dita circunstancia foi descrita por Monteagudo (2015a), que precisa que «as variantes <ui> eran máis frecuentes (non necesariamente exclusivas e talvez nin sequera maioritarias en todos os casos) nos manuscritos que recollían a obra dos trobadores máis antigos» (Monteagudo 2015a: 235), en concreto, dos autores que constituíron o núcleo do hipotético *Cancioneiro de Cabaleiros* (Oliveira 1994: 179). Ademais da explicación proporcionada polo especialista apenas mencionado, cabe considerar a posibilidade de que dita variación fose froito da intervención dalgún dos amanuenses, cuxo sistema lingüístico, familiarizado coa forma *cuíta*, interferise no resultado da súa copia.

que ei: ao noso xuízo, o copista de *B* cometeu un erro por adición ao incorporar un <r>, dado que un suposto verbo *querer*, conxugado en P1 do futuro de indicativo, non se axusta á semántica do verso, en que a lección de *A* (*q̄ ei*) encaixa perfectamente.

19. *d' om' e 'n a*: o trobador empregou un hipérbato en *que punnan en adevinnar fazenda d' om' e 'n a saber* –probablemente, coa intención de colocar *saber* en posición de rima para vinculala a *sei* (v. 17)–, o que dificulta un tanto a comprensión das últimas palabras do verso 19. Só precisamos redistribuír os elementos da pasaxe respectando a súa orde natural para desenmarañar a súa interpretación: *os que punnhan en adevinhar e en saber fazenda d' om(e)*. Así, desde o noso punto de vista, a lección de *A* (*ðom e na*) adáptase sen problemas ao contexto, pois conserva a conxunción copulativa que permite a coordinación entre os verbos *adevinhar* e *saber* (dependentes de *punnar*), a preposición *en* rexida polo verbo principal (con aférese polo contacto coa conxunción que a precede) e o pronome persoal átono de P3, *a*, que recupera o CD (*fazenda d' om'*) anteposto ao verbo *salvar* por motivos retóricos. A lección de *B*, *ðomē na*, carece da conxunción e evita a caída da vogal de *en*. Michaëlis edita *d' om' e 'n' a*; os Machado *d' omen, [e]n a saber*; *CMGP, d' hom', ena saber*, Rios Milhám, *d' hom' e '-na e*, UC *d' om' e 'n a*, proposta seguida na presente edición.

20. *van*: O copista de *B* cometeu un erro por substitución de <n> por <u> (*vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga III).

21. *Deu-los*: o verso rexistra para o pronome CD masculino plural o alomorfo *los* (<ILLUM), variante de (IL)LOS orixinada tras <-r> ou <-s>. En dito contexto fonético-sintáctico prodúcese a asimilación da consoante final do primeiro termo do encontro ao <l-> inicial do pronome. Nos testemuños manuscritos, dito encontro pode aparecer representado de varios xeitos: a) coa manutención dos elementos consonánticos de ambos os dous termos en contacto, tal e como ocorre en *B* (*ðs los*); b) coa asimilación realizada graficamente, como ocorre no v. 9 da cantiga XI (*vide infra*), para o que *A* transmite *deulla*; c) coa consolidación gráfica do fenómeno fonético mencionado, representado xa coa perda da primeira consoante, como se verifica, neste caso, na lección de *Ajuda* (*ðeulos*).

ende: en *A*, o adverbio pronominal carece do <-e> final, transmitido en *B* e necesario para garantir a isometría versal.

22. *E Deu-los*: a referencia a *Deus* que transmite *A* (*E ðeulos*) e que *B* omite (*E os*) é necesaria para manter as oito sílabas do verso esixidas polo esquema métrico do texto.

24. *u vos vi ir*: a lección de *B*, *ouuʷ ur*, carece de sentido e reduce nunha sílaba a medida do verso. Pola súa parte, en *A*, *u uso uʷ ír*, obsérvase un erro pola inversión dos dous últimos caracteres da palabra *vos*, se ben, unha vez emendada esta pequena alteración, a lección de *Ajuda* axústase tanto á semántica da pasaxe como ao patrón métrico da composición.

25. *convosco e*: no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, este verso é hipómetro debido á elisión da vogal final do pronome persoal (*ʷuofq̃*).

VIII. *Agora m' ei eu a partir*

I

Agora m' ei eu a partir
de mia sennor, e d' aver ben
me partirei, poi-la non vir,
mais, per que m' aqieste mal ven, 175
5 en tamanna cuita sera,
por én migo que morrerá,
e non se pode guardar én.

II

E, pois me dela faz partir,
non lle quero ja sofrer ren, 180
10 nen quer' eu ela consentir
quanto mal me faz; e, por én,
un vassalo soo que á,
de pran, de morte perdel' á
por esta cuita en que me ten. 185

III

15 Pero sei eu ca ren non dá
ela por est' ome perder,
mais per sa morte sabera;
e, se ll' eu podess' al fazer
por aqieste mal que me fáz, 190
20 al lle faria, mais non praz
a Deus de m' én dar o poder.

IV

E, pois me Deus poder non dá
de me per al ren defender,
est' averei a fazer ja, 195
e ela ben pod' entender
que esta morte ben me jaz,
ca non poss' eu viver en paz
enquanto ll' est' ome viver.

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 18 fol. 5r, col. a; *B* 111, fol. 28v, col. b.

2. e d' aver] et auer *A* e ðauer *B* 4. m' aqeste] mę áquefte *A* mha quefte *B* 5. cuita] cuita
A coyta *B* 6. migo] eþ mígo *A* mijgo *B*, que] que *A* ca *B*, morrerá] mozrera *A* moirera *B* 9.
lle] lle *A* lhı *B* 10. quer' eu ela] quer eu ela *A* q̄ro eela *B* 12. vassalo] uafalo *A* vaffalo *B*
13. perdel' á] pðela *A* pð̄a *B* 14. cuita en] cuita en *A* coitam *B* 15. ca] ca *A* q̄ *B* 17.
per] per *A* p̄ *B* 18. podess' al] pðeffē al *A* pðeff al *B* 20. lle] lle *A* lhı *B* 21. de m' én]
ðe m en *A* ðe mj *B* 22. me] me *A* mj *B* 24. est' averei] eft auerei *A* efto aũey *B* 26. me]
me *A* mj *B* 27. poss' eu] poſſ eu *A* poſſo *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 40; Carter 2007 [1941]: 12-13; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 155-156;
Arbor Aldea 2016: 10; PalMED A18 - B104 (última consulta 28/05/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 41-42; UC 84 (última consulta 22/01/2021).

Outras edicións e antoloxías

Arias Freixedo 2003: 232-233; CMGP *Agora m'hei eu a partir* (última consulta 22/01/2021); Rios
Milhám 2018, I: 84.

Repertorios

Tavani 1967: 78,1; D' Heur 1973: 84; MedDB 78,1 (última consulta 22/01/2021).

Tradución

I. Agora teño que afastarme da miña señora e afastareime de obter o ben ao non vela; mais por quen este mal me axexa, caerá nunha coita tan inmensa que morrerá comigo e non poderá protexerse disto.

II. E, porque me obriga a afastarme dela, non quero xa soportarlle nada máis, nin quero consentirlle o dano que me provoca; e, por iso, o único vasalo que ten certamente o perderá a causa da súa morte, por esta tristeza en que me ten.

III. Pero eu sei que a ela non lle importa perder a este home, mais coñecerá realmente a súa morte; e, se eu puidese facerlle algo para compensar o mal que me causa, llo faría, mais Deus non quere concederme o poder para isto.

IV. E, xa que Deus non me dá poder para defenderme doutra maneira, farei isto xa, e ela ben pode entender que esta morte me convén, pois, mentres este home lle viva, non poderei vivir eu en paz.

Rúbricas e apostilas

En *A*, no interior das iniciais da segunda e a cuarta cobras, aínda poden apreciarse as letras de agarda. Na marxe esquerda do folio, á altura das liñas 13 e 35, hai dúas correccións marxinais rasuradas. A primeira delas é posible que fixera referencia á forma <e> que foi subpunteada no verso 4; a segunda corruxía un segmento do verso 17, o cal se presenta agora sobre o pergamiño rasurado: *per fá mozte fabera*.

Nesta composición reaparece en dúas ocasións a man *A* para glosar os versos de Somesso en ton burlesco. Así, pode lerse *mas m^{to}* na marxe esquerda do folio, á altura da liña 33, e *matallo* na marxe inferior, concretamente por debaixo da última liña de escritura da columna *a*. A primeira destas notas parece incidir sobre a ameaza que o trovador dirixe á dama nos versos 16 e 17. Coa segunda, o comentador anima ao poeta a acabar coa vida do home que non lle permite vivir en paz, é dicir, el mesmo (cfr., *A poesía*, pp. 63-65).

No *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, Colocci anotou sobre o incipit *ad due*, apostila que alude á organización da composición en *coblas doblas*. O humanista iesino outorgoulle ao texto o número 111, que foi anotado no intercolumnio a carón da maiúscula inicial.

Estrutura

Agora m' ei eu a partir é unha cantiga de amor de mestría de catro *coblas doblas* de sete octosílabos agudos cada unha. A rima *c* (-a) de I e II recupérase en III e IV como rima *a*. O esquema *ababccb* non é frecuente no corpus lírico galego-portugués, mais, na produción de Somesso, aparece en oito das súas vinte e cinco composicións (cfr. *A poesía*, pp. 48-49, 51-52).

	8a	8b	8a	8b	8c	8c	8b
I	-ir	-en	-ir	-en	-a	-a	-en
II	-ir	-en	-ir	-en	-a	-a	-en
III	-a	-er	-a	-er	-az	-az	-er
IV	-a	-er	-a	-er	-az	-az	-er

Tavani 1967: 101: 44

Sinalefas: cuita_en (v. 14)

Cobras capfnidas: III (*a Deus de m' én dar o poder.*) – IV (*E, pois me Deus poder non dá*).

Palabra rima: *partir* (vv. 1, 8), *non dá* (vv. 15, 22).

Rima derivada: *perdel' á* – *perder* (vv. 13, 16), *fazer* – *fezer* (vv. 18, 19).

Notas

2. *e d' aver*: *Ajuda* transmite *et auer* onde o apógrafo italiano le *e dauer*. Seguimos *B*, posto que o verbo *partir*, co sentido de 'afastarse', adoita rexer a preposición *de* (cf. *partir de mia sennor*)

4. *per que*: Michaëlis, *CMGP* e Rios Milhám editan *per que[m]*, lectura que non respecta o texto enviado por ambos os dous testemuños, *per que*. Ao noso xuízo, a lección manuscrita non precisa emenda algunha, dado que nos atopamos ante a preposición *per* e o pronome relativo *que*. Neste caso, este último presenta como antecedente unha persoa, circunstancia que adoita esixir a presenza dunha preposición (López Martínez 1993), tal e como ocorre no verso que nos ocupa. Moitos son os casos rexistrados no corpus lírico galego-portugués que confirman a posibilidade de que a forma *que* substitúa a *quen* con función de relativo –cfr. por exemplo, o verso 7 da cantiga de Fernan Velho, *Maria Pérez se maenfestou* (*MedDB* 50,2) e o comentario ao respecto da editora de dito poeta en Lanciani 1977: 120-127)–. A pesar de que o glosario do portal *Universo Cantigas* ofrece máis de cento cincuenta casos de *que* con dito valor, a lectura ofrecida nesta ocasión polo equipo responsable da plataforma é *perque*, como conxunción causal, ao considerar que este é o único sentido que admite o contexto. Tal e como eles advirten na nota explicativa, a combinación de *per* con *que* para representar o valor apenas referido ten unha frecuencia moi escasa no corpus: fronte aos máis de 480 casos de *porque*, UC recolle nove ocorrencias de *perque* (a maiores da presente na cantiga que nos ocupa). Estas son *B* 65 (v. 7), *A* 11-*B* 101 (v. 11), *A* 63-*B* 174 (v. 15),

A 155 (v. 23), *A* 106 - *B* 214-215 (v. 31), *B* 408-*V* 19 (v. 6), *B* 974 - *V* 561 (v. 18), *V* 1030 (v. 44) e *B* 1148 - *V* 740 (v. 21). Se ben non é a nosa intención realizar aquí un estudo exhaustivo da conxunción *perque*, xulgamos conveniente, cando menos, revisar as ocorrencias que esta presenta no corpus da lírica profana, pois fóra del o TMILG (última consulta 24/01/2021) unicamente rexistra dous casos máis en documentación notarial dos séculos XIV e XV, e a busca do termo tanto en gramáticas como en dicionarios resultou improdutivo. Partindo dos datos achegados por UC, nunha primeira aproximación aos testemuños manuscritos e a outras edicións de referencia para cada un dos casos recollidos nesta web, contemplamos unha serie de feitos que, simplemente, desexamos resaltar: en primeiro lugar, en *B* 65 nós lemos *Porq̄*; por outra banda, tanto *V* 561 como *V* 1042 len *por* (feito que tamén é indicado na devandita nota explicativa de UC), abreviado como *p̂* e como *p̄*, respectivamente, polo que poderíamos contemplar a posibilidade de que a lección de *V* sexa a correcta e a lección de *B* constitúa un erro de copista. Así mesmo, comprobamos que o verso 14 de *A* 63 - *B* 174, presenta *p̄ q̄* (onde *que* é pronome relativo) na mesma posición ca no verso 15 (onde localizamos a suposta conxunción), circunstancia que, quizá, podería provocar un erro por atracción. Para rematar, consideramos que en *A* 106 - *B* 214-215 e en *B* 408 - *V* 19 *per que* está moito máis preto do valor relativo ca do causal. Á luz destas circunstancias, cabería verificar nunha análise máis minuciosa se os tres casos restantes poderían ser reinterpretados coa intención de determinar se realmente existe ou non *perque*.

m' aqeste: en *A* a vogal do pronome átono de P1 foi anulada mediante subpunteado e tachado: *m̄e*. A plica presente sobre o <a> de *áqueſte* pode estar, precisamente, marcando tal elisión (Fernández Guiadanes 2011a: 61-66), que en *B* non se presenta, pois o códice colocciano transmite *m̄ba queſte*, con sinalefa.

5. *cuita*: para a variación *cuita/coita* presente de novo na transmisión manuscrita desta peza (vv. 5 e 14), *vide supra*, nota ao v. 16 da cantiga VII.

6. *migo*: en *A*, o amanuense transcribiu *comigo*, mais a primeira sílaba do pronome foi anulada por riscado, xa que a súa presenza conduciría a un verso hipérmetro. O manuscrito *B* le *mygo*, o que podería resultar dun erro por adición do <1> ante unha secuencia de varios caracteres constituídos por trazos verticais -<n>, <m> e <i>-.

que: os testemuños manuscritos difiren na transmisión da conxunción: *que* (<QUĪD) en *A* e *ca* (<QUĪA) en *B*. Na lingua medieval ambas as dúas conxuncións eran empregadas

indistintamente tanto na función completiva como na causal –cfr. o v. 15 da presente composición, a cantiga XVI (v. 27) e a cantiga XVIII (vv. 20 e 26)–. *Que* terminou por absorber en galego moderno estes usos de *ca*, que unicamente se conserva en estruturas comparativas (Ferreiro 1999, I: 370-371). Con todo, neste caso, ditas partículas forman parte dunha locución conxuntiva *tamanno que*, para a que non se rexistra no corpus lírico ningunha ocorrencia con *ca*.

morrerá: en *B*, *moirera* (vide supra, nota ao v. 13 da cantiga I).

9. *lle*: procedente do latín *ĪLLĪ*, este pronome experimentou un proceso paralelo a *me/mi* en contacto con vogal (vide supra, nota ao v. 4 da cantiga IV), que provocou a vacilación entre as formas *lle* e *lhi* no período medieval. Así mesmo, é coñecida a preferencia do *Cancioneiro da Ajuda* pola primeira das variantes citadas e a dos cancioneros renacentistas. De feito, no corpus de Somesso puidemos comprobar que esta alternancia xorde en todas as ocasións en que o pronome dativo de P3 é recollido na súa forma plena en ambos os dous manuscritos.

10. *quer' eu ela*: a lección de *A*, *quereu ela*, enfróntase de novo coa de *B*, *q̄ro eela*, ao presentar a primeira o pronome suxeito de P1 *eu* e omitilo a segunda (vide supra, nota ao verso 13 da cantiga V). O copista de *B*, ademais, duplicou o <e> de *ela*. Así mesmo, na proposta de texto crítico de *CMGP* emendouse a lección manuscrita para integrar a preposición *a* ante o pronome tónico de P3 *ela*, que cumpre aquí a función de complemento indirecto (*nem quer'a ela consentir*). Dita restitución non é necesaria, dado que non é especialmente infrecuente no corpus que os pronomes tónicos oblicuos con función de CI se presenten sen preposición (Stengaard 2003; Monteagudo 2019)

12. *vassalo*: en *A*, *uafalo*. Tal e como se indicou nos *Criterios de edición*, ante a diverxencia gráfica dos manuscritos na representación das sibilantes, empregárase no texto crítico a alternativa maioritaria para a realización fonética correspondente, polo que, neste caso, seguimos *B*, que presenta -ss- para a sibilante apico-alveolar xorda en posición intervocálica.

13. *perdel' á*: o manuscrito *B* omite o pronome obxecto directo que si transmite *A* e que consideramos necesario para a correcta comprensión da pasaxe.

15. *ca*: cfr. nota ao v. 6 da presente composición.

17. *per*: *B* presenta \acute{p} , abreviatura de *por*, onde *A* transmite *per*. Ambas preposicións, procedentes respectivamente do latín PRŌ e PĒR, documéntanse en galego e portugués ao longo de todo o período medieval. Nos códices que transmiten a lírica profana, ambas formas alternan en contextos idénticos. A partir do século XVI, *per* só se conservou en portugués na contracción *pelo* e nalgunhas locucións, mentres que en galego desapareceu por completo. Cfr. Magne 1944: 301-302; Nunes 1973, III: 658; Williams 1975: 102; Lorenzo 1977: 992-994; Riiho 1979; Brea 1985.

20. *lle*: cfr., nota ao verso 9 da presente composición.

21. *de m' én*: o manuscrito *A* transmite o adverbio pronominal *én* e *B* non. A ausencia do vocábulo en *B* non ten consecuencias métricas, ao conservar o pronome átono de P1 na súa forma plena (*mi*), nin tampouco sintácticas, pois este non resulta esencial na construción da pasaxe. Seguimos, polo tanto, a lección de *A* por ser o manuscrito tomado como base e por conferir o pronome adverbial expresividade ao verso final da cobra, ao recuperar parte da exposición presente nos versos precedentes (se puidese facerlle outra cousa para compensar o mal que lle causa, faríao, mais Deus non quere darlle o poder para iso).

22. *me*: para a variante do pronome persoal átono de P1 singular, *vide supra*, nota ao v. 4 da cantiga IV.

26. *me*: cfr. nota ao v. 4 da cantiga IV.

27. *poss' eu*: cfr. nota ao verso 13 da cantiga V.

IX. *Muitos dizem que perderán*

I

Muitos dizem que perderán 200
coita d' amor sol per morrer,
e, se verdad' é, ben estan,
mais eu non o posso creer
5 que ome perderá per ren
coita d' amor, sen aver ben 205
da dona que lla faz aver.

II

E os que esto creud' an,
Deus!, é que queren máis viver,
10 pois que d' ali ben non estan
onde querrian ben prender, 210
e sobejo fazen mal sén,
ou, de pran, Amor non os ten
en qual coit' a min faz sofrer,

III

15 ca se eles ouvessen tal
coita qual oj' eu ei d' amor, 215
ou sofressen tan muito mal
com' eu soffro por mia sennor,
log' averian a querer
20 mui máis sa morte ca 'tender
de viveren tan sen sabor 220

IV

com' oj' eu viv', e non por al;
e por esto sofr' a maior
coita do mund' e maior mal,
porque non são sabedor
25 d' aquesto que ouço dizer, 225
e esto me faz defender
de mort' e non doutro pavor.

Mss.: *A* 19 fol. 5r, col. b; *B* 112, fol. 28v, col. b - fol. 29r, col. a.

2. per morrer] per mozrer *A* por moirer *B* 5. ome] ome *A* homē *B* 9. é] e *A* ou *B* 14. coit'
a min] coita mī *A* coita mj *B* 15. Ca] Ea *A*, Ca *B*, ouvessen] ouueffēn *A* euueffē *B* 17. ou]
ou *A* e *B*, soffressen] soffrefēn *A* soffreffē *B* 19. log' averian] log aueran *A* log aũiam *B* 23. sofr'
a] fofrē a *A* fofro a *B* 24. mund' e] mũdo e *A* mũde *B* 26. ouço] ouço *A* ouco *B* 28. non]
nō *A* nē *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 40-41; Carter 2007 [1941]: 13; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 157-158; Arbor Aldea 2016: 11; PalMED A19 - B112 (última consulta 30/05/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 43-44; UC 85 (última consulta 24/01/2021).

Outras edicións e antoloxías

Fernández Pousa 1951: 52; Sansone 1990: 60-62; Diogo 1998: 35-36; CMGP *Muitos dizem que perderám* (última consulta 24/01/2021); Rios Milhám 2018, I: 85.

Repertorios

Tavani 1967: 78,12; D' Heur 1973: 85; MedDB 78,12 (última consulta 24/01/2021).

Tradución

I. Moitos din que se liberarán da pena de amor en canto morran, e, se é verdade, ben lles vai, pero eu non podo crer que home perda por nada a coita de amor sen obter o ben da dama que lla provoca.

II. E os que cren isto, ¡Deus!, é que queren vivir máis, porque non están ben onde queren tomar a recompensa ou actúan de maneira insensata, ou, certamente, Amor no os fai sufrir a dor que me fai sufrir a min,

III. porque, se eles tivesen tal pena como padezo eu ou sufrisen tanta dor como sufro pola miña señora, entón preferirían a súa morte que seguir vivindo de xeito tan desgraciado

IV. como vivo eu hoxe, e non por outra cousa; por isto sufro a maior pena do mundo e o maior mal, porque non sei isto que escoito dicir, e isto fai que me protexa da morte e non doutro medo.

Rúbricas e apostilas

En *A*, a letra de agarda da inicial da última cobra aínda pode apreciarse no interior da mesma. O revisor anotou dúas emendas á marxe dereita do folio, á altura das liñas 33 e 36. A primeira delas, *ám*, parece destinada a corrixir a desinencia da forma verbal *aueran* (v. 19), cuxo último carácter foi transcrito sobre raspadura⁸². Con todo, a emenda non resolve a hipometría do verso nin a insuficiencia semántica da forma verbal (*vide infra*, nota ao verso 19). Á dereita desta intervención do revisor pode observarse unha marca cruciforme de cronoloxía e autoría indeterminadas (Pedro 2004-2016: 24, n. 4). A segunda das intervencións do revisor, *comogeu*, foi inserida no texto no verso 22, en que a secuencia *mogeu* se presenta sobre pergamiño raspado. A carón desta emenda marxinal, o corrector engadiu *uu e nō poz al*. No intercolumnio, á altura do v. 15, apréciase un <c> que parece trazado a lapis. Dado que ao comezo deste verso cometeuse un erro de <e> por <c>, dita nota (non mencionada polos especialistas que nos precederon) podería ser unha corrección dalgún lector tardío.

En *B*, a presenza das *coblas doblas* foi subliñada de novo por Colocci mediante a glosa *ad due*, que aparece sobre o incipit do texto. O número da cantiga (o 112) foi situado polo humanista no intercolumnio, á altura da capital inicial. Colocci subliñou *pauor*, palabra coa que finaliza a composición.

Estrutura métrica

⁸² Ramos (2008, I: 342) apunta a posibilidade de que a emenda corrixise una hipotética secuencia <iam>, presente na lección de *B*, que si completaría a medida versal requirida e si sería congruente a nivel semántico. Desde o noso punto de vista, este suposto non é viable, dado que o único grafo transcrito sobre raspadura é o <n> final e que dita corrección afectaría á anulación dun número de caracteres maior. Así mesmo, aínda que posible, non é habitual que a corrección corrompa a lección auténtica.

Muitos dizem que perderán é unha cantiga de amor de mestría, disposta en catro *coblas doblas* de sete octosílabos agudos cada unha. Os timbres correspondentes á rima b nas estrofas I e II retómanse na rima c en III e IV. O trovador serviuse da palabra rima no terceiro verso de cada cobra, mais dito recurso retórico destaca pola relación semántica dos termos empregados: *ben estan* – *ben non estan* (vv. 3 e 10) e *muito mal* – *maior mal* (vv. 17 e 27).

	8a	8b	8a	8b	8c	8c	8b
I	-an	-er	-an	-er	-en	-en	-er
II	-an	-er	-an	-er	-en	-en	-er
III	-al	-or	-or	-al	-er	-er	-or
IV	-al	-or	-or	-al	-er	-er	-or

Tavani 1967: 101:49

Cobras capfinidas: III (*de viveren tan sen sabor*) – IV (*com' oj' eu viv', e non por al*);

Palabra rima: *ben* (non) *estan* (vv. 3 e 10) e (*muito/mayor*) *mal* (vv. 17 e 27).

Rima derivada: *aver* – *an* (vv. 7,8).

Notas

2. *per morrer*: unha vez máis o manuscrito *A* transmite a preposición *per*, mentres que *B* ofrece *por* (*vide supra*, nota ao verso 17 da cantiga VIII).

A forma *moirer* presente no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, reflicte o hábito dos copistas do apógrafo italiano de transcribir a vibrante múltiple intervocálica como <ir> (*vide supra*, nota ao verso 13 da cantiga I).

3. *se verdad' é*: Michaëlis e os Machado editaron *s'é verdade*, mais en ambos os dous estudos apúntase a posibilidade de segmentar a secuencia como *se verdad' é*. Así, atendendo ás conclusións achegadas pola crítica especializada para os encontros vocálicos que implican á conxunción condicional, por norma estes non provocan sinalefa e, polo tanto, tampouco a elisión da vogal de *se*. A respecto desta e doutras solucións fonéticas nos encontros vocálicos intervocabulares,

véxanse, por exemplo, Cunha 1961, Arbor Aldea 2008, Lorenzo Gradín 2009a, 2009b, Ferreiro 2013.

5. *ome*: documéntase, neste caso, na tradición manuscrita a convivencia das variantes *ome* (*A*) e *omen* (*B*). A perda da consoante nasal na terminación do étimo latino HŌMĪNE nasalizou a vogal inmediatamente anterior, fenómeno que terminou por desaparecer completamente en galego moderno. Con todo, durante o período medieval coexistiron ambas as dúas formas, feito que non só é corroborado nos códices da lírica galego-portuguesa, senón que tamén se verifica na documentación notarial da Idade Media –sobre todo, na datada no século XIII, segundo os rexistros ofrecidos polo *TMILG* (última consulta 25/01/2021)–. Así mesmo, cabe destacar que, no corpus da lírica profana, a presenza da forma nasalizada é moito máis frecuente en *B* e en *V* ca en *A*, que unicamente conta con tres ocorrencias de dita variante fronte as case cen recollidas para cada un apógrafos italianos (PalMED)

8. *os*: o copista de *B* duplicou e riscou o <o> do pronome átono de P6, *os*.

9. *é*: ao noso xuízo, ao igual que consideraron os responsables da edición crítica de *UC*, estamos ante a P3 do presente de indicativo do verbo *seer* e non ante a conxunción copulativa *e*, tal e como interpretaron Michaëlis, *CMGP* e Rios Milhám. Empregar a conxunción implica a construción dun suxeito extremadamente longo dependente de *fazen* (v. 12), que provoca, así mesmo, a necesidade de emendar a lección manuscrita *e sobejo* por *én sobejo* ou *ou sobejo* (v. 12) para conservar a congruencia semántica da cobra.

O manuscrito *B* transmite *ou*, lección que, neste caso, consideramos errada.

12. Michaëlis, *CMGP* e Rios Milhám *én sobejo* (*vide supra*, nota ao v. 9).

14. *coit' a min*: o pronome persoal tónico de P1 procedente de MĪHĪ ten, en galego medieval, dúas formas: *min* (presente no testemuño *A*), con nasalización progresiva pola influencia do /m/ inicial, e a etimolóxica *mi* (transmitida en *B*). Ver Maia 1986: 667; Lorenzo 1977, II: 855; Ferreiro 1999: 245.

As propostas dos editores que nos precederon difiren na interpretación do verso: por unha banda, Michaëlis e Rios Milhám editaron *en qual coita min fáz sofrer*, ao interpretar o pronome persoal de P1 como tónico e admitir a ausencia de preposición no CI, opción gramaticalmente correcta e relativamente frecuente no corpus (Stengaard 2003; Monteagudo 2019). Os responsables

de *CMGP* optaron por empregar a lección de *B* (*coita mj*) e interpretaron o pronome como átono (*en qual coita mi faz sofrer*). A proposta de *Universo Cantigas*, adoptada tamén por nós, segue o texto transcrito en *A* e considera unha elisión da vogal átona final de *coita* perante o contacto coa preposición do CI: *coit'a min*.

15. *Ca*: a lección de *A*, *Ea*, é, sen dúbida, un erro de <E> por <C>, moi habitual no corpus. Seguimos, pois, a lección de *B*, *Ca*. Cómpre sinalar que Carter, Arbor Aldea e UC transcribiron *Ca*.

ouvessen: en *B* cometeuse un banal erro de <e> por <o>, euueffẽ.

16. *oj' eu*: reconducimos as grafías coas que os manuscritos representan a africada prepalatal sonora⁸³ en *ogeu* (*A*) e *oieu* (*B*) cara a <j>, tal e como foi exposto nos *Criterios de edición* (*vide supra*, p. 73).

17. *ou*: os testemuños manuscritos transmiten conxuncións diferentes ao comezo deste verso: *ou* en *A* e *e* en *B*. As dúas alternativas son viables no contexto, polo que seguimos a lección de *Ajuda*, tal e como procederon o resto dos editores.

19. *log' averian*: o copista de *A* omitiu o <i> da desinencia de P6 do condicional (*log aueran*). Tal e como se describiu no apartado *Rúbricas e apostilas* (*vide supra*), o revisor anotou *ám* á marxe, corrección que foi inserida no texto sobre unha raspadura, pero que non resolve a hipometría. A lección de *B*, *loga únam*, respecta o esquema métrico e é congruente coa sintaxe e coa semántica do texto.

23. *sofro a*: en *A*, a vogal final de *sofro* foi anulada por subpunteado ante o encontro coa preposición *a*. En *B* mantense a integridade do vocábulo.

26. *ouço*: atendendo aos criterios establecidos para a presente edición (*vide supra*), regularizamos como <ç> a grafía coa que *A* representou a africada dental xorda, *ouzo* (*A*). A lección de *B*, *ouco* (*B*), podería ser froito dun erro do copista, mais cabe sinalar que, durante os séculos XIII e XIV, o grafema <c> foi tamén usado para representar dito fonema ante calquera vogal. Deste

⁸³ Como se sabe, o fonema /dʒ/ fricativizou moi cedo. Probablemente a principios do século XIII xa se pronunciaría como /ʒ/. Véxase a este respecto, Williams 1975: 75-76; Huber 1986: 105-108; Maia 1986: 641-643.

xeito, a ausencia de cedilla no apógrafo italiano podería ser herdado do seu modelo e, neste, deberse á inestabilidade gráfica na época de confección do mesmo ou á propagación analóxica do uso de <c> seguido de <e> ou <i> (Maia 1986: 442-443).

28. *mort' e non*: seguimos *A*, que presenta *morte nō*, e non *B*, que transmite *nē*, por non presentarse ningunha partícula negativa previamente que implique o emprego de *nen*. Non obstante, a variante de *B* é viable no contexto e é a que segue Michaëlis, *de morte nen d'outro pavor*. A respecto da proposta crítica da estudosa luso-alemá para esta pasaxe, véxase Nobiling 2007 [1907]: 185.

X. *Non tenn' eu que coitados son*

I

Non tenn' eu que coitados son
d' amor, atal ést' o meu sén,
aqueles que non an seu ben 230
e que teen atal razon:
5 que poden sa coita perder
qual deles quer, quando morrer,
por que non morre logu' enton?

II

Mais, de pran, algũa sazon 235
an esses sabor doutra ren
10 e queren xe viver por én,
ca por al ben tenn' eu que non
querrian ja sempre viver
por tamanna cuita sofrer 240
qual sofr' eu no meu coraçon.

III

15 E Deu-lo sabe, con pavor
viv' e sofr' esta cuita tal
que ei de sofrer pois gran mal.
E tenn' aquesto por mellor 245
d' eu sofrer cuita e veer
20 a mia sennor, e atender
de poder ir u ela for,

IV

ca non sōo eu sabedor
de per mia morte nen per al 250
perder cuita, se me non val
a mui fremosa mia sennor.
E Deus, se me quiser valer,
por min, poi-la ten en poder,
farall' aver cuita d' amor. 255

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 20, fol. 5r, col. b - fol. 5v, col. a; *B* 113, fol. 29r, cols. a-b.

1. coitados] coitados *A* cuitados *B* 4. e que teen] e que téen *A* e h1 que tem *B* 6. morrer] mozrer *A* morer *B* 7. morre] mozre *A* moire *B* 9. esses] effes *A* effe *B* 12. querrian] querriam *A* q̄iriã *B* 13. cuita] cuita *A* coita *B* 14. sofr' eu] foffreu *A* fof^o eu *B*, coraçõ] cozaçõ *A* coracõ *B* 16. cuita] cuita *A* coita *B* 17. ei] e1 *A* e *B* 18. tenn] tenn *A* tē *B* 19. cuita e veer] cuita e ueér *A* cuyda ueer *B* 22. sōo] sōó *A* son *B* 23. per] pal *A* p̄ al *B* 24. cuita] cuita *A* coita *B* 27. min] mī *A* mj *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 41; Carter 2007 [1941]: 13-14; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 159-160; Arbor Aldea 2016: 11-12; PalMED A20 - B113 (última consulta 31/05/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 45-46; UC 86 (última consulta 01/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

CMGP *Nom tenh'eu que coitados som* (última consulta 01/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 86.

Repertorios

Tavani 1967: 78,14; D' Heur 1973: 86; MedDB 78,14 (última consulta 01/02/2021).

Tradución

I. Segundo o meu parecer, non creo que sufran tanto por amor aqueles que non obteñen o seu ben e que manteñen tal convicción: que calquera deles pode perder a súa coita, cando morra, ¿entón por que non morre?

II. Pero, certamente, nalgún momento eles obteñen pracer por outras cousas e por isto queren vivir, xa que por outra cousa creo que non queredrían vivir sempre e sufrir tal dolor, coma eu sufro no meu corazón.

III. E Deus sábeo, vivo con pavor e sufro esta gran pena, pola que aínda despois sufrirei gran mal. E considero mellor sufrir esta infelicidade e ver a miña señora, e agardar a poder ir onde ela estea,

IV. pois non creo que poida liberarme da miña aflición nin coa miña morte nin con calquera outra cousa, se non me auxilia a miña fermosa señora; e se Deus me quixera axudar, pois a ten en seu poder, faralle sufrir coita de amor por min.

Rúbricas e apostilas

En *A*, as iniciais da segunda e da terceira cobras non chegaron a ser trazadas e, no lugar que lles correspondería, aprécianse aínda hoxe as letras de agarda. Á marxe esquerda do folio 5v, o revisor anotou dúas emendas, *r* (liña 4) e *a* (liña 32), que foron convenientemente integradas no corpo da cantiga, concretamente nos versos 5 (perðe[n→r]) e 19 (cut"ra¹). O ocorrente comentador do século XV (man A) anotou á esquerda do derradeiro verso da composición o seguinte: *este leixa os feitos adeos*, anotación que se referire ao excepcional remate da peza, en que o trovador demanda a Deus que o socorra provocándolle a *coita de amor* á súa dama.

En *B*, Colocci outorgoulle á cantiga o número 113, que aparece situado á marxe esquerda do folio, a carón da capital inicial. Así mesmo, o estudoso anotou como nos casos precedentes *ad due* sobre o verso inicial do texto para indicar que este ofrece o recurso das *coblas doblas*. A palabra *cuitados* (v. 1) está parcialmente subliñada (*cuitados*).

Estrutura métrica

Non tenn' eu que coitados son é unha cantiga de mestría construída mediante dúas parellas de *coblas doblas* de sete versos octosílabos agudos cada unha. O esquema rimático, *abbacca*, unido á identidade tímbrica de cada parella de estrofas, supón a aplicación do sistema de relación interestrófica denominado cobras capcaudadas.



	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-on	-en	-en	-on	-er	-er	-on
II	-on	-en	-en	-on	-er	-er	-on
III	-or	-al	-al	-or	-er	-er	-or

IV -or -al -al -or -er -er -or

Tavani 1967: 161:255

Cobras capcaudadas.

Rima derivada: val – valer (vv. 24, 26).

Notas

1. *coitados*: sobre a coexistencia das formas *coital/cuita* –e, por extensión, *coitados/cuitados*, leccións de *A* e *B*, respectivamente–, véxase a nota ao verso 16 da cantiga VII. Para a variación *cuita/coita*, representada nos vv. 13, 16 e 24 do texto que nos ocupa, *vide supra*, nota ao v. 16 da cantiga VII.

4. *e que teen*: seguimos *A* (*equé téén*), como tamén fixeron os editores que nos precederon, por respectar a concordancia entre o suxeito (*aqueles*) e o verbo (*teen*), regra que se contravén no texto transmitido en *B*, *hí que tem*.

5. *poden*: os testemuños manuscritos transmiten a P6 do presente de indicativo do verbo *poder* (*poden*). O suxeito, *qual deles quer* (v. 6), esixiría unha P3, que Rios Milhám e CMGP restituén. Así mesmo, ambas as propostas integran un <m> en *morre* (v. 7), que convirte a forma verbal en plural, e xustifican ditas intervencións mediante a suposición dunha posible confusión do copista, que intercambiaría o número gramatical dun verbo ao outro. Se ben é certo que, estritamente, *poden* non concorda coa persoa gramatical do suxeito, desde o noso punto de vista, e tal e como se deduce da puntuación outorgada ao texto nas edicións mencionadas, o segundo verbo tamén depende do mesmo suxeito, polo que a emenda de *morre* en *morren* non nos parece pertinente. Pola súa parte, Michaëlis e UC non corrixen a lección manuscrita nin detectan (ou, cando menos, non comentan) o problema. Ao noso xuízo, dado que ambos os códices envían o mesmo texto, cabe non emendar a pasaxe e precisar que, no primeiro dos casos, a presenza do plural no desenvolvemento da cobra desde o seu comezo ata o verso 5 –*coitados son* (v. 1), *aqueles que non an* (v. 2), *e que teen* (v. 4)– e a anteposición do verbo *poder* ao seu suxeito singular puido condicionar o emprego da P6 neste contexto.

6. *morrer*: *B* transmite *morer*, cun único <r> para a vibrante múltiple intervocálica. Aínda que existe certa variación na representación de dito fonema na documentación medieval (Maia 1986: 494-501), o habitual é que sexa transcrito como <-rr->, opción recollida, neste caso, na lección de *A*.

7. *morre*: como é habitual, *B* ofrece <-ir> onde *A* transmite <-rr> (cfr., nota ao verso 6 da cantiga VIII).

9. *esses*: o copista de *B* transcribiu *effe* por un probable erro por omisión, xa que, a P6 *an* esixe que o número do pronome suxeito sexa plural, tal e como figura en *A* (*effes*).

10. O copista de *B* colocou a abreviatura xeral sobre a conxunción copulativa *e* ao comezo da liña de escritura, por un probable erro por atracción do carácter inmediatamente posterior \bar{q} . O propio amanuense detectou a equivocación e anulou o grafo mediante un trazo de pluma oblicuo (\bar{e} e \bar{q} renxe).

12. *querrian*: en *B* \bar{q} iriã (*vide supra*, nota ao verso 6 da cantiga VIII)

14. *coraçõ*: para a representación da africada dental xorda en *B* (*coracõ*), cfr. nota ao v. 26 da cantiga IX.

16. No manuscrito *B*, ao comezo deste verso, apréciase un *incipiens error*: o copista transcribiu un <n> en lugar dun <u>, como correspondería, e anulou o primeiro cun trazo de pluma horizontal ao decatarse da equivocación.

sofr' esta: en *A* raspouse o pergamiño para anular o último carácter de *sofr<*>*, coa probable intención de reconducir a secuencia cara a elisión da vogal átona en contacto intervocabular con vogal tónica, solución gráfica habitual neste tipo de encontros (cfr. Cunha 1961, Arbor 2008, Lorenzo Gradín 2008, 2009a e 2009b)

17. *ei*: a lección de *B*, *e*, non encaixa na semántica nin na sintaxe do verso (fose conxunción copulativa, fose P3 do presente de indicativo do verbo *seer*). Atendendo ao texto transmitido en *A*

–que si se axusta ao sentido do verso ao construír unha perífrase de futuro con *sofrer*, *ei de sofrer*– consideramos que en *B* se cometeu un erro por omisión do último grafo da sílaba *ei*.

18. *tenn' aqesto*: o apógrafo italiano transmite *tē aq̄sto*, onde consideramos que ou ben se produciu un banal erro por omisión do <h> que completaría a grafía para a nasal palatal, <nh>, ou ben que o copista confundiu a P1 do presente de indicativo do verbo *tēer* (*tenno*) coa P3 (*ten*) debido á elisión da desinencia verbal da P1 en contacto coa vogal da palabra seguinte. *Ajuda* transcribe correctamente *tenn aq̄sto*.

19. *cuita e veer*: no *Cancioneiro da Ajuda*, o último carácter da palabra *cuit(a)* foi raspado e corrixido mediante a inserción dun <a> no lugar correspondente (*vide supra*, *Rúbricas e apostilas*). Pola súa parte, o texto transmitido en *B*, *cuydaueer*, carece de sentido e causa hipometría. A disparidade das leccións manuscritas motivou discrepancias nas solucións editoriais ofrecidas pola crítica especializada: mentres que para Michaëlis a lección de *A* é congruente na pasaxe (*d' eu soffrer cuita, e veer / a mia senbor, e atender / de por ir u ela for*), para Nobiling (seguido por *CMGP*) a estrutura coordinada proposta pola estudosa luso-alemá «é difícil de unir». Así, o romanista propón considerar máis plausible a alternativa de *B*, na que, segundo a súa conxectura, omitiríase no proceso de copia unha hipotética sílaba *dã* xusto antes da moi semellante *da* que si transmite o códice italiano: *d' eu soffrer cuida[nd' a] veer / a mia senbor, e atender / de poder ir u ela for*. Dita emenda reconduciría o verso á isometría e reformularía o contido da cobra: «Deus sabe que vivo e sofro essa dor assim com pavor (=con pavor que ei) de mais tarde (isto é, despois da morte) sofrer grande infelicidade [...] E julgo melhor suportá-lo na esperança de ver a minha senhora, e esperar a oportunidade de ir até ela» (2010 [1907]: 189). Desde o noso punto de vista, esta proposta pouco difire semanticamente da interpretación de Michaëlis, en que o trovador asegura preferir padecer a pena (en vida), ver á dama e agardar a poder ir onda ela ca morrer, pois sabe que despois da morte sufrirá un mal enorme (e a posibilidade de vela e de seguila xa non existirá). Atendendo a estas circunstancias, cremos innecesario recorrer a unha emenda en *B*, dado que, por unha banda, a lección de *A* non nos parece incongruente e, pola outra, consideramos máis lóxico pensar na incapacidade do copista de *B* para corrixir unha hipotética deturpación do seu modelo en que se verían implicadas as últimas letras da palabra *coita* e a conxunción copulativa. De feito, cabería relacionar, coa debida cautela, dito erro coa nota marxinal presente en *Ajuda*, pois o eventual deterioro podería vir herdado dunha fase da tradición manuscrita común a *A* e *B*, erro que o revisor do primeiro testemuño si foi capaz de corrixir.

22. *são*: os testemuños manuscritos transmiten as variantes *são* (*A*) e *son* (*B*), formas de P1 do presente de indicativo do verbo *seer* (vide supra, nota ao v. 15 da cantiga III). Neste caso, a única lectura posible é *são*, dado que a métrica esixe que o vocábulo sexa bisílabo.

27. *min*: *Ajuda* presenta a forma do pronome tónico de P1 *mī*, mentres que *B* le *mj* (vide supra, nota ao verso 14 da cantiga IX)

XI. *Punnei muit' en me guardar*

I

Punnei eu muit' en me guardar
quant' eu pude de mia sennor,
de nunca' n seu poder entrar,
pero forçoumi o seu amor
e seu fremoso parecer,
e meteronm' en seu poder
en que estou a gran pavor

5

260

II

de morte, com' en desejar,
ben o sabe Deu,-la mellor
dona do mund' e non ousar
falar con ela; e maior
coita nunca vi de sofrer,
ca esta nunca dá lezer,
mais faz cada dia peor,

10

265

III

ca toda via creç' o mal
a quen amor en poder ten
se non é sa sennor atal
que lle queira valer por én;
mais atal sennor eu non ei
nen atal dona nunc' amei
onde gãar podesse ren

15

270

20

275

IV

senon gran coita, e non al.
E por esto perdi o sén:
por tal dona que me non val.
E pero non direi por quen,
mais per muitas terras irei
servir outra, se poderei
negar esta que quero ben.

25

280

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 21 fol. 5v, cols. a-b; *B* 114, fol. 29r, col. b - fol. 29v, col. a.

2. pude] puðe *A* puði *B* 3. nunca' n] nunca n *A* nunca en *B* 4. seu] feu *A* fen *B* 6. meteronm' en] meterom en *A* meteronni *B* 8. com' en] comen *A* 9uē *B* 9. ben o] beno *A* ðeulo *B*, Deu-la] ðeulla *A* ðela *B* 15. ca] Ca *A* om *B*, creç' o] creç o *A* q̄reffo *B* 18. lle] lle *A* lhı *B*, queira] q̄ira *A* q̄ra *B* 20. nunc' amei] nūc amei *A* nūca amei *B* 21. gāar] gáár *A* gaar *B* 26. terras] tras *A* trrās

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 41-42; Carter 2007 [1941]: 14-15; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 161-162; Arbor Aldea 2016: 12; PalMED A21 - B114 (última consulta 01/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 47-48; UC 87 (última consulta 02/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

Vieira - Morán Cabanas - Souto Cabo 2015: 74-75; CMGP *Punbei muit'em me guardar* (última consulta 02/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 87.

Repertorios

Tavani 1967: 78,18; D' Heur 1973: 87; MedDB 78,18 (última consulta 02/02/2021).

Tradución

I. Esforceime moito en protexerme da miña señora para non entrar nunca no seu señorío, pero obrigoume o seu amor e o seu fermoso aspecto, e ambos sometéronme ao seu poder, en que me atopo con gran temor

II. de morte, pois desexo, ben o sabe Deus, a mellor dona do mundo e non ousou falar con ela. E nunca vin sufrir maior coita, pois esta nunca dá pracer, senón empeora cada día,

III. pois aínda medra o mal a quen Amor ten baixo o seu poder, se a súa señora non é de tal condición que lle queira axudar; pero eu non teño tal señora, nin tal dona nunca amei da que puidese obter algo

IV. que non fose outra cousa que gran coita; e por isto perdín a cabeza, por tal dona que non me socorre; pero non direi quen é, mais por moitas terras irei servir outra, se podo negar esta que quero ben.

Rúbricas e apostilas

En *A*, as maiúsculas de inicio da primeira, segunda e cuarta cobras non se chegaron a debuxar nin a decorar e, no espazo que lles correspondería, poden verse as letras de agarda. A primeira cobra presenta unha corrección na quinta liña, onde boa parte do texto está transcrito sobre raspadura (desde *te* (meteron) ata en *que*). A carón dela, na marxe dereita, pode lerse *meterōmen seu*. A pesar de que dita corrección inclúe a abreviatura de nasalidade sobre o <o>, esta marca non chegou a ser integrada no lugar correspondente. Os primeiros caracteres do verso do v. 9 tamén foron copiados sobre pergamiño raspado e, á marxe dereita (á mesma altura dos mesmos), pode lerse a nota correctora *beno*. O soporte tamén parece raspado tanto baixo a palabra *coita*, presente no v. 22, como á dereita desa liña de escritura, polo que cabe interpretar que dita palabra emende unha secuencia precedente. Así mesmo, poden apreciarse dúas notas tardías. Por unha banda, intervén de novo a man *A*, que, neste caso, comenta *calaz* no intercolumnio, á esquerda do v. 11, verso en que o trobador expresa, precisamente, o pavor que lle produce falar coa súa señora; por outra, á dereita do v. 22, apréciase outra nota, mais de moi difícil lectura (quizáis *pe q̄ce*), nota que non foi incluída no compendio ofrecido por Pedro (2004-2016), que non a vinculou ao mencionado lector do século XV nin a ningunha outra man recoñecible. Arbor Aldea transcribiu *pe q̄ a* e indicou que se trataba dunha anotación tardía.

En *B*, a cantiga leva o número 114, escrito por Colocci á esquerda da maiúscula que inicia á composición. Sobre o incipit da mesma, o humanista italiano anotou *ad due* para salientar a construción do poema en *coblas doblas*.

Estrutura métrica

Punnei muit' en me guardar é unha cantiga de mestría construída mediante dúas parellas de *coblas doblas* de sete versos octosílabos agudos cada unha, con esquema *ababccb*.

	8a	8b	8a	8b	8c	8c	8b
I	-ar	-or	-ar	-or	-er	-er	-or
II	-ar	-or	-ar	-or	-er	-er	-or
III	-ar	-en	-al	-en	-ei	-ei	-en
III	-ar	-en	-al	-en	-ei	-ei	-en

Tavani 1967: 101: 50

Sinalefas: forçoumi o (v. 4)

Rima derivada: *amor – amei* (vv. 4, 20), *poder – poderei* (vv. 6, 27).

Notas

2. *pude*: para a P1 do pretérito perfecto de indicativo do verbo *poder* coexisten en galego e portugués medievais varias formas: *pude*, *pudi*, *poide* e *puide*. Procedentes do latín PÖTŪĪ, as formas que testemuñan os manuscritos nesta composición –*pude*, en *A*, e *pudi*, en *B*– xéranse a través da metafonía provocada na vogal tónica pola Ī átona final. As outras dúas variantes son, probablemente, froito da metátese da semiconsoante *wau* nunha fase intermedia, **poude*, que con posterioridade foi disimilada: *poide* > *puide* (Williams 1975: 234; Brea-Lorenzo Gradín 2020: 125-127).

4. *seu*: a lección de *B*, *fen*, é un claro erro de <n> por <u> (*vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga III), pois a semántica require a presenza do adxectivo posesivo de P3, transmitido por *A*, *feu*.

6. *meteronm' en*: como xa se explicou no apartado dedicado ás rúbricas e apostilas (*vide supra*), a lección de *A* é unha corrección a partir da nota marxinal *metexōmen feu*, da cal non foi trasladado ao corpo do texto o sinal abreviativo de nasalidade sobre o <o>. *B*, pola súa parte, transmite *meteronnu* ao cometer un erro provocado pola mala interpretación dunha secuencia de *minims*.

8. *com' en*: a lección de *B*, *guē*, constitúe, probablemente, un erro de copia provocado de novo por unha secuencia de *minims*. Así, nalgún punto da tradición manuscrita anterior á presente

copia italiana, un amanuense con competencia lingüística en galego leu <nu> en lugar de <m> e interpretou *comē* como *conuē*.

9. *ben o sabe Deu, -la mellor dona*: o verso transmitido en *B*, *deulo fabe ðela melb*², carece de sentido. Atendendo á lección de *A*, *ben o sabe ðeu lla melloz*, cabería interpretar o erro de *B* como consecuencia da confusión do copista na memorización da perícopa, que atraería, ao comezo da mesma, a mención a Deus e omitiría o <u> de *Deu-la*. A pesar de todo, cómpre sinalar que no *Cancioneiro da Ajuda* o adverbio e o pronome que abren o verso son correccións dun texto precedente –que foi anulado por raspadura (*vide supra, Rubricas e apostilas*)–, que podería estar relacionado coa lección errada de *B*. Tal vez unha falta na transmisión (ou a propia deturpación material presente no modelo común a *A* e ao antecedente de *B*) ofrecese unha copia errada da primeira parte do verso en ambos os dous testemuños, e que o copista de *A* a advertise e corrixisse.

Parécenos importante salientar a representación gráfica da asimilación fonética do *-s* final ao *l-* do pronome, que en *A* foi transmitida como <ll> (*vide supra*, nota ao verso 21 da cantiga VII).

15. En *B* omitiuse a conxunción *ca*, que transmite *A* ao comezo do verso, e transcribiuse a forma *q̄reffo* (*B*) en lugar de *creç o* (*A*). Se ben a hipometría que provocaría a omisión da conxunción causal se vería compensada pola sílaba adicional da P2 do presente de indicativo do verbo *querer* (única interpretación posible para esta lección de *B*), o contexto semántico e os principios sintácticos non permiten admitir a viabilidade desta lección. Quizáis, fose a proximidade fonética de ambos os verbos a que provocase este erro por substitución.

18. *lle*: para a variación na P3 do pronome persoal de CI, *lle* (*A*) *lhi* (*B*), *vide supra*, nota ao v. 10 da cantiga V.

queira: a lección de *B* documenta a forma para a P3 do presente de subxuntivo do verbo *querer*, *quera* (*q̄ra*). Segundo os datos ofrecidos en PalMED, son arredor de 60 as ocorrencias da raíz *quer-* (en calquera das persoas do presente de subxuntivo), e estas unicamente se localizan nos apógrafos italianos. A lección de *A*, *queira* (*q̄ira*) > *QUAERĪAM, é a habitual tanto no galego e portugués medievais como no galego moderno, onde tamén se rexistran as formas con *quer-* en variedades exteriores (Fernandez Rei 1990: 99; Ferreiro 1999: 339).

21. *onde*: para abreviatura *on̄*, presente en *B*, cfr. nota ao verso 18 da cantiga IV.

gãar: Os testemuños manuscritos transmiten unha vez máis a variación no verbo, *gãar* (*gãár*, en *A*, *gaar* en *B*). A este respecto, véxase a nota ao verso 11 da cantiga VII.

26. *terras*: en *Ajuda*, o amanuense non trazou o sinal abreviativo que, con valor *er*, debería figurar sobre <t>. En *B*, a abreviatura xeral está emprazada sobre o <a> e ten, neste caso, o valor vocálico *e*, *trrās*, polo tanto, o apógrafo envía a lección correcta.

27. *se poderei*: ambos os dous testemuños transmiten a forma *poderei*, que Michaëlis (seguida por Rios Milhám e por CMGP) interpretou como a P1 do futuro de indicativo do verbo *poder*. O emprego do futuro de indicativo na prótase da condicional encabezada por *se* é verdadeiramente moi pouco frecuente (cfr. Monteagudo 1994: 351), mais este tempo rexistrase noutras ocasións idénticas á comentada: por exemplo, en *se me por esto ferirá* (MedDB 56,13, v. 20) ou en *Mais se m' ela desamará* (MedDB 47,30, v. 16), así como noutros contextos que tamén rexen o modo subxuntivo, como pode ser *de vos amar e vos servir / como m' eu de vós partirei; / ora, quando m' alongareil / de vós viverei sen sabor* (MedDB 126,4, vv. 4-7). En UC, consideran que «Perante a imposibilidade do uso de futuro (*poderei*) na prótase condicional, é preciso deglutinar <poderei> para, a través da puntuación, interpretar *poder* como forma de futuro de subxuntivo e establecer a perífrase *ei negar*». Así, na súa proposta de texto crítico puntuaron a pasaxe do seguinte xeito: *mais per muitas terras irei / servir outra: se poder, ei / negar esta que quero ben*. Con todo, seguimos a hipótese de Michaëlis atendendo aos casos análogos mencionados con anterioridade, á existencia en latín de oracións condicionais construídas en futuro de indicativo tanto na prótase como na apódose, así como á posibilidade de que se trate dunha licencia poética para garantir a rima.

Consideramos máis improbable a proposta de lectura que o equipo responsable da web UC realiza en nota, cando apuntan a posible segmentación *servir outras, e poderei / negar esta que quero ben*, xa que segundo os principios da *fin' amor* o amante só serve unha dona.

XII. *Ja m' eu, sennor, ouve sazon*

I

Ja m' eu, sennor, ouve sazon
que podera sen vós viver 285
u vos non viss', e ora non
ei eu ja daquest' o poder,
5 pois outro ben, sennor, non ei
senon quanto vos vej', e sei
que mi o queredes ja toller. 290

II

E, se vós avedes razon,
sennor, de m' este mal fazer,
10 mandadem' ir, e logu' enton
poderedes dereit' aver
de min qual vos ora direi: 295
irm' ei d' aquend' e morrerei,
sennor, pois vos praz d' eu morrer.

III

E, se quisessedes sofrer
este pesar, por Deus, sennor,
15 que vos eu fac' en vos veer, 300
cuid' eu fariades mellor
que fazedes de m' alongar
20 d' u vós sodes, e me matar;
de pran, morrerei, se m' én for.

IV

Non o queredes vós creer, 305
ca nunca soubestes d' amor,
mais Deus volo leixe saber
per min, sennor; e qual sabor
25 eu ei de convosco falar
vos faç' aver de m' ascuitar, 310
e toll' a min de vós pavor.

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 22 fol. 5v, col. b - fol. 6r, col. a; *B* 115, fol. 29v, cols. a-b.

3. vos] uus *A* u9 *B* 6. vos vej'] uos uei *A* uoffo ey *B* 9. de m'este] de m efte *A* defte *B* 12. direi] direi *A* ðiff *B* 13. d' aquend' e] ð aquend e *A* ð aq' ende *B* 14. morrer] mo2rer *A* moirer *B* 15. quisessedes] quifefedes *A* q'fēffedes *B* 17. vos] uus *A* u9 *B* 20. vós] u9 *A* uos *B*
21. m' én] mē *A* me*B* 25. per min] p mī *A* p̃ non *B*, sabor] fabo2 *A* faber *B* 26. convosco] cōuufco *A* 9 uofco *B* 27. vos] uuf *A* u9 *B* ascuitar] afcuitar *A* afcoytar *B* 28. toll' a min] toll a mī *A* colha m*j* *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 42; Carter 2007 [1941]: 15-16; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 162-163; Arbor Aldea 2016: 12-13; PalMED A22 - B115 (última consulta 01/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 49-50; UC 88 (última consulta 05/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

CMGP *Já m'eu, senhor, bouve sazom* (última consulta 05/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 88.

Repertorios

Tavani 1967: 78,9; D' Heur 1973: 88; MedDB 78,9 (última consulta 05/02/2021).

Tradución

I. Houbo un tempo en que eu puíden vivir sen vós onde non vos vise, e agora xa non teño esa capacidade, pois non posúo outro ben senón o de vos ver, señora, e sei que este queredes arrebatarmo.

II. E, se tedes motivo, señora, para facerme este mal, mandádeme partir, e, nese momento, poderedes acadar por dereito o que agora vos direi: marcharei de aquí e morrerei, señora, porque queredes que morra;

III. E, señora, se quixédeses sufrir este pesar que vos provoco ao vervos, por Deus, fariades mellor do que facedes ao afastarme de onde estades e matarme, pois, con certeza, se me vou, morrerei.

IV. Non o queredes crer vós, pois nunca soubestes de amor, mais Deus volo faga saber por min, señora, e a satisfacción que me produce falar convosco, vos obrigue a escoitarme e me libre a min do medo que sinto por vós.

Rúbricas e apostilas

Á esquerda da inicial que abre a peza en *A*, pode observarse a letra de agarda correspondente, como tamén ocorre no lugar destinado ás maiúsculas das cobras II e IV que non chegaron a ser trazadas. Na última estrofa, a letra de espera se presenta cun corpo diferente ao que estes caracteres de aviso adoitan ter na maior parte códice; á esquerda deste mesmo verso (o 22), anotouse, precisamente, un *n*, para aclarar cal era a maiúscula que compría decorar. Tamén na marxe esquerda, a altura do verso 27, distínguese unha marca de inserción sen acompañamento textual nin aparentes raspaduras circundantes. O comentador que glosou boa parte das cantigas de Somesso (man *A*) intervén de novo nesta composición cunha nota situada na marxe esquerda, á altura do v. 17, coa que consola ironicamente ao trobador: *out^{ro} dia te veza*.

En *B*, tamén abre a composición un *J* de gran tamaño. Á esquerda deste, Colocci anotou o número da cantiga, o 115. Sobre o íncipit, o humanista iesino apuntou *ad due* para subliñar o engarce das estrofas mediante as *coblas doblas*.

Comentario métrico

Cantiga de mestría de catro *coblas doblas*, integradas por sete versos octosílabos que seguen o esquema *ababccb*. De novo, ambas as parellas de estrofas enlázanse ao empregar un mesmo timbre en diferentes posicións: a rima *b* das cobras I e II recupérase en III e IV como rima *a*. Neste caso, cómpre engadir que a cohesión rimática que ofrece dita asociación se ve reforzada pola ligazón das estrofas II e III como cobras capcaudadas e como cobras capdenais.

	8a	8b	8a	8b	8c	8c	8b
I	-on	-er	-on	-er	-ei	-ei	-er
II	-on	-er	-on	-er	-ei	-ei	-er
III	-er	-or	-er	-or	-ar	-ar	-or
IV	-er	-or	-er	-or	-ar	-ar	-or

Tavani 1967: 101: 47

Sinalefas: mi o (v. 7)

Cobras capcaudadas: -er (vv. 14, 15)

Cobras capdenais: *E, se* (vv. 8, 15).

Rima derivada: *ei – averei* (vv. 5, 12), *sei – saber* (vv. 6, 24), *morrerei – morrer* (vv. 13, 14).

Notas

3. *vos*: para a alternancia formal do pronome átono de P5, véxase a nota ao v. 1 da cantiga IV. Nesta composición a variante preséntase tamén nos vv. 17 e 27.

4. *d' aquesto*: UC edita *d' aquest' o poder*, mentres que o resto dos especialistas que atenderon á cantiga evitaron o artigo. Dado que as leccións manuscritas avalan calquera das dúas propostas e que a presenza ou a ausencia do artigo non é relevante no verso, a nosa lectura vén xustificada pola existencia da mesma perífrase no verso 15 da cantiga IV da presente edición, onde preferimos a variante de *A, ouvesse poder*.

6. *quanto*: ao igual que procedeu o equipo responsable da edición crítica de UC, consideramos innecesaria a emenda levada a cabo por Michaëlis (e seguida en CMGP e Rios Milhám), que substituíu a lección dos manuscritos por *quando*.

9. *de m' este*: a lección de *B, uoffo ey*, é incongruente. A similitude gráfica dos caracteres implicados no erro puido provocar unha *detractatio* que derivase nunha trivialización.

9. *de m' este*: *B* omite o pronome átono de P1 que si transmite *A*. Aínda que sintacticamente o pronome non é necesaria, neste caso a presenza do mesmo confire expresividade ao verso, ao

tempo que o reforza, ao remitir ao “eu” lírico como vítima do mal que lle causa a dama para incidir no sufrimento que el padece como ningún outro namorado.

12. *direi*: a lección de *B*, $\partial i f f$, racha a rima e a *consecutio temporum*, que non admite un subxuntivo. Este erro, que non parece provocado pola proximidade gráfica dos caracteres empregados e os substituídos, puido deberse á asociación das dúas formas verbais, *disser* e *direi*, no proceso de memorización da perícopa. Así mesmo, cabe destacar que esta liña de escritura remata coas primeiras palabras do verso 13, *hirmey*, en lugar de facelo coa forma verbal que nos ocupa. Quizás esta dislocación foi, precisamente, unha innovación dalgunha fase anterior da tradición manuscrita coa que se pretendeu restituír a rima en *-ei*, perdida a causa do devandito erro.

13. *d' aquend' e*: a lección de *B*, $\partial a q e n d$ (*d' aqui end*) provoca hipermetría, pois, como se sabe, o contacto entre dúas vogais tónicas nunca se resolve con sinalefa (Cunha 1961: 31; Lorenzo Gradín 2006: 496; Arbor Aldea 2008: 16). O erro puido producirse ben pola trivialización do adverbio *aquende* (moito menos frecuente que *aqui e ende*), ben por unha innovación asociada á segmentación da liña anterior. O desprazamento dos primeiros vocábulos do verso á liña precedente puido ocasionar que o amanuense intentase repoñer algunha sílaba.

14. *morrer*: cfr. nota ao v. 13 da cantiga I.

15. *quisessedes*: en *A*, *quisefèdes* (*vide supra*, *Criterios de edición*, p. 73)

17. *vos*: *vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga IV.

20. *vós*: en *A*, o pronome tónico de P5 foi grafado como *u9*, circunstancia moi pouco habitual –unicamente 12 casos en todo o cancionero (Mariño Paz - Varela 2005: 366)–, dado que dita representación emprégase para o pronome con valor átono (*vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga IV).

21. *m' én*: mentres que *A* transmite *mē*, *B* non transcribe a abreviatura de nasalidade sobre o <e>, de xeito que unicamente recolle a forma plena do pronome átono de P1. O verso ten pleno sentido en ambos os dous códices.


25. *per min*: a lección de *B*, $\overset{2}{p} non$, non é coherente co contexto. O erro puido estar provocado por unha mala lectura da secuencia de *minims* que presenta a palabra *min*, si transmitida en *A*, tras a abreviatura *p*, que representa a preposición *per*.

sabor: en *B*, copiose *faber*. Tanto o patrón rimático como a semántica da pasaxe esixen a lección de *A*, *fabor*. O erro do apógrafo italiano puido producirse pola similitude dos caracteres <e> e <o>, que provoca moitos lapsos no conxunto do corpus, mais, neste caso, a presenza da palabra *faber* en posición de rima na liña inmediatamente anterior parece ser a que provocou un erro por atracción.

26. *convosco*: o pronomes persoal de P5 –procedente da forma reducida vulgar *VŌSCŪ(M) (< lat. clásico VŌBĪSCŪM) reforzada mediante a preposición CŪM– presenta a alternancia *convosco/convusco*, tal e como verifican as leccións manuscritas: *cōuuſco* (*A*) e *guoſco* (*B*). Neste caso, no *Cancioneiro da Ajuda* predomina a forma con <u>, mentres que nos apógrafos italianos, aínda que se rexistran ambas as dúas variantes, é *convosco* a que presenta un maior número de ocorrencias (cfr. os datos ofrecidos en PalMED)

27. *vos*: *vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga IV.

faç: desde o noso punto de vista, o contexto esixe un subxuntivo, tanto neste caso como no v. 28 (*tolh' a*), pois interpretamos estes dous versos como unha secuencia de desexos coordinados entre eles, mais tamén co v. 24, en que a lección manuscrita presenta a forma plena da P3 do presente de subxuntivo do verbo *leixar* (*leixe*). Deste xeito, a grafía esperable para a africada dental sonora sería un <ç> e non un <z>, como transmiten ambos os dous manuscritos. Con todo, a habitual flutuación na representación das sibilantes induce a efectuar unha emenda avalada polo contexto semántico. Así procederon, de feito, todos os editores que nos precederon agás os responsables de UC, que manteñen a lección manuscrita e din en nota que «Non parece xustificada a conversión que Michaëlis e Littera fan do presente de indicativo *faz* no presente de subxuntivo *faça*. Consecuentemente, *toll' a min* (v. 28) encobre un presente de indicativo».

 *ascuitar*: o verbo, procedente de A(U)SCŪLTĀRE, ofrece, na época medieval, as variantes *ascoitar/ascuitar*, tal e como verifican as leccións manuscritas *afcutar*, en *A*, e *afcoytar*, en *B*. Como xa se viu noutras ocasións, dita alternancia é habitual naqueles vocábulos que, coma neste caso,

presentan unha vogal nuclear procedente de Ũ ou Ū, que se combinou cunha semiconsoante palatal en posición posnuclear (Mariño Paz 2017: 298-300).

28. *toll' a min*: o manuscrito *B* presenta un erro trivial de <c> por <t>. Así mesmo, o pronome tónico de P1 carece no apógrafo italiano da abreviatura para a consoante nasal implosiva, que si presenta *A* (*toll a mi*). Editamos seguindo o texto de *Ajuda*, mais cabe indicar que ambas as dúas formas son correctas desde o punto de vista lingüístico.

XIII. *Se eu a mia sennor ousasse*

I

Se eu a mia sennor ousasse
por algũa cousa rogar,
rogarll' ia que me leixasse
u ela vivesse morar; 315
5 e rogarll' ia outra ren:
que o pesar, que ouuess' én,
que toda via mi o negasse,

II

por Deus, e que de min pensasse,
de que nunca quisso pensar, 320
10 e de mia cuita se nembrasse,
de que se nunca quis nembrar,
nen Deus, que mi a fez tan gran ben
querer, per que perdi o sén,
e nunca quis que o cobrasse. 325

III

15 E, se m' ela por Deus mandasse
o que me nunca quis mandar,
que me non fosse e que ficasse
ali u ela ouuess' estar,
a mui gran coita 'n que me ten 330
20 lle perdõasse Deus por én,
e máis, se ll' ela máis rogasse.

IV

E coid' eu que lle perdõasse
se quisess' ela perdoar
a min, e non quant' al achasse 335
25 que ll' eu fige, senon cuidar;
e, se ll' esto disser alguen,
que éste mal, digalle quen
quis Deus fazer que non cuidasse

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 23 fol. 6r, cols. a-b; *B* 116, fol. 29v, col. b - fol. 30r, col. a.

3. rogarll' ia] rogarlia *A* rogarlhia *B* 5. rogarll' ia] rogarlia *A* rogarlhia *B* 6. ouuess' én]
ouueffe en *A* ouuff em *B* 9. de que] de q̄ *A* du *B*, quiso] quifo *A* q̄fe *B* 10. cuita] cuita *A*
coita *B*, nembrasse] nēbzaffe *A* uēbraffe *B* 11. se nunca] fe nunca *A* nūca fe *B* 12. fez] fes *A*
fez *B* 13. per] per *A* p̄ *B* 16. me] me *A* mj *B* 17. fosse, e] foffe e que *A* foffe q̄ *B*, ficasse]
ficaffe *A* firaffe *B* 20. lle] lle *A* lhı *B*, perdōasse] pdōaffe *A* p̄doaffe *B* 22. coid' eu] coïd eu
B cuyd eu *B*, lle] lle *A* lhı *B* 24. quant' al] quāt al *A* q̄nd al *B* 25. fige] fige *A* figı *B* 27.
éste] eft e *A* eft *B*, lle] lle *A* lhı *B* 28. non] nō *A* no *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 42-43; Carter 2007 [1941]: 16; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 164-165;
Arbor Aldea 2016: 13; PalMED A23 - B116 (última consulta 02/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 51-52; UC 89 (última consulta 05/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

Nemésio 1961 [1949]: 31-32; Diogo 1998: 36-37; CMGP *Se eu a mia senhor ousasse* (última
consulta 05/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 89.

Repertorios

Tavani 1967: 78,23; D' Heur 1973: 89; MedDB 78,23 (última consulta 05/02/2021).

Tradución

I. Se eu me atrevese a pedirle algo a miña señora, pediríalle que me deixase vivir onde vivise ela, e rogaríalle algo máis: que, de calquera xeito, me ocultase o pesar que iso lle puidese producir.

II. por Deus, e que pensase en min, de quen nunca quixo coidar, e se lembrase da miña dor, da que nunca se quixo lembrar, nin Deus, que me fixo amala tanto que perdín o xuízo e nunca quixo que o recuperase;

III. e se ela me mandase o que nunca quixo mandarme, que non me afastase e que permanecese alí onde ela estivese, ¡Deus lle perdoase o gran sufrimento que me causa e todo aquilo que ela lle rogase!

IV. E creo que lle perdoaría, se ela quixese perdoarme a min, e non xulgase todo aquilo que fixen agás pensar nela. E, se alguén lle dixese que isto é un defecto, pregúntelle se Deus creou algunha persoa que non pensase.

Rúbricas e apostilas

No testemuño *A*, unicamente se realizou a maiúscula inicial da terceira cobra; ao comezo das estrofas restantes, poden verse as letras de agarda <S>, <P> e <E>. Á marxe dereita, a altura do v. 7, a man *A* intervéen de novo coas palabras *myllhoz be m^{to} dizello logo*, coas que se burla das súplicas que o trobador dirixiría á dama se este se atrevese a facelas. Máis abaixo, á dereita do verso 18, apréciase un *m̄* de man tardía. No verso 19, anulouse, mediante dous trazos oblicuos, unha abreviatura xeral sobre o <u> de *mui*. A nota correctora puido estar transcrita á dereita dese mesmo verso, onde o pergamiño aparece raspado.

En *B*, a composición leva o número 116, anotado por Colocci no intercolumnio (á esquerda da inicial que abre a composición). Sobre o incipit, el mesmo apuntou *sel dif* para referir a articulación da cantiga en *coblas unissonans* (*vide supra, Rúbricas e apostilas, cantiga VII*).

Comentario métrico

Esta peza consta de catro cobras unisonantes de sete versos octosílabos cada unha. Mentres que as rimas *b* e *c* son masculinas (tal e como adoita acontecer na práctica totalidade do corpus estudado), a rima *a* é feminina. A través da *derivatio* confeccionada con formas de infinitivo e formas do pretérito imperfecto de subxuntivo, o autor creou un dos poucos exemplares da tradición trobadoresca en que o *mozdobre* é integrado na peza de xeito case simétrico e sistemático, pois, a pesar de que o artificio non se empregou na primeira cobra, a cantiga presenta rima derivada nos catro primeiros versos de II (*pensasse – pensar, nembrasse-nembrar*) e nos dous primeiros de III (*mandasse – mandar*) e IV (*perdōase – perdoar*). Cfr. Lorenzo Gradín 2010.

	8'a	8b	8'a	8b	8c	8c	8'a
I	-asse	-ar	-asse	-ar	-çñ	-çñ	-asse
II	-asse	-ar	-asse	-ar	-çñ	-çñ	-asse
III	-asse	-ar	-asse	-ar	-çñ	-çñ	-asse
IV	-asse	-ar	-asse	-ar	-çñ	-çñ	-asse

Tavani 1967: 100:57

Sinalefas: mi o (v. 7), fazmi a (v. 12), fosse e (v. 17)

Cobras capcaudadas.

Mordobre: *pensasse – pensar* (vv. 8, 9), *nembrasse – nembrar* (vv. 11, 12), *mandasse – mandar* (vv. 15, 16), *perdōase – perdōar* (vv. 22, 23).

Rima derivada: *rogar – rogasse* (vv. 2, 21), *cuidar – cuidasse* (vv. 25, 28).

Notas

1. O copista de *B* transcribiu *Seu* en lugar de *Se eu*. A haplografía foi detectada polo propio amanuense, que corrixiu o erro mediante o riscado do <u>.

3 e 5. *rogarll' ia*: en *A*, o pronome dativo de P3 transcribiuse cun único <l>, cando, como se sabe, o habitual neste cancionero é que este sexa grafado con <ll>. UC, CMGP e Rios Milhám empregaron a grafía regular, pero Michaëlis conservou a lección manuscrita por considerar que se trataba dunha forma arcaica intermedia entre o latino ĪLLĪ e o galego *lle* (cfr. Nunes 1951: 238-239, Magne 1944, III: 235-237). Dita forma preséntase noutras composicións profanas –como ocorre, por exemplo, no v. 13 de MedDB 148,9, *nuncales porē façā se mal non–*, nas Cantigas de Santa María –por exemplo, *en se le foi mostrar*, CSM 26, v. 30)– e tanto na prosa literaria como na notarial –tal e como recollen, entre outros, os glosarios de Lorenzo (1977) e de Barreiro (1985)–. Dado que tamén podemos estar ante un simple erro por omisión e que o manuscrito *B* transmite *rogarll'ia*, optamos por regularizar a grafía conforme se especifica nos *Criterios de edición* (p. 71).

9. *de que*: a lección de *B*, *du*, é un erro de copia, pois provoca a hipometría do verso e causa a incongruencia semántica da pasaxe. O lapso puido estar condicionado pola atracción do comezo da palabra *nūca*, situada inmediatamente despois. A transmite *de q̄*, o que non só é métrica e

semanticamente viable, senón que serve para que o trobador introduza un paralelismo entre este verso e o 11, integrado nun xogo retórico que, xunto coa rima derivada *pensar/pesasse*, *nembrar/nembrasse*, consegue enfatizar o desdén da dama cara os seus sentimentos.

quiso: procedente do pretérito forte *QUĒSĪT –que, en latín vulgar, substituíu á forma clásica QUAESĪVĪT–, en galego medieval a P3 do pretérito perfecto de indicativo do verbo *querer* presenta diversas formas: a) a etimolóxica *quise* con vogal temática –restrada, neste caso, en *B*–; b) *quis* e a palatalizada *quix*, coa vogal temática apocopada –son de uso moi frecuente, de feito, *quis* figura no v. 11 da presente composición–, e c) a presente nesta cantiga, *quiso*, con desinencia analóxica á dos perfectos débiles para marcar a distinción das formas homónimas de P1 e P3 (cfr. Brea – Lorenzo Gradín 2020: 127-131).

10. *cuita*: *vide supra* nota ao v. 16 da cantiga VII.


nembrasse: en *B*, *uēbraffē*, con erro de <u> por <n>, *vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga III.

11. *se nunca*: o pronome *se*, foi colocado en *A* diante do adverbio *nunca*, e en *B* despois deste. Entre este pronome e o verbo poden intercalarse certos complementos, como no caso que nos ocupa, en que, o complemento circunstancial separa ambos os elementos.

12. *fez*: en *A*, grafouse con <s> a primitiva africada dental sonora /dz/ (*fēze*), fonema que, en posición final de palabra provocada pola apócope de /-e/, enordeceu moi cedo (Mariño Paz 2017: 324).

13. *per*: a abreviatura que presenta *B*, *p̃*², desenvólvese como *por*, valor que se opón á lección de *A*, *per*. Neste contexto, poden aceptarse ambas as dúas preposicións (*vide supra*, nota ao verso 4 da cantiga VIII).

16. *me*: para a alternancia entre *me* (*A*) e *mi* (*B*), *vide supra*, nota ao v. 4 da cantiga IV.

 *ficasse*: en *B*, produciuse un banal erro de copia de <r> por <c> en *firaiffē*. Esta confusión é moi habitual no apógrafo italiano, debido á similitude morfolóxica de ambas as dúas grafías.

19. *coita* 'n: en *B*, o amanuense colocou un trazo abreviativo xeral sobre o <i> de *coita* e o riscou para anulalo, ao decatarse de que dito sinal debería estar situado sobre o <a>, mais non chegou a colocalo no lugar correspondente. En *A*, a preposición (necesaria para a correcta comprensión do segmento) representouse coa aférese da súa vogal (cfr. nota ao v. 14 da cantiga VIII).

20. *lle*: *vide supra*, nota ao v. 10 da cantiga V.

perdõasse: a P3 do pretérito imperfecto de subxuntivo de *perdõar* foi transmitida polos testemuños manuscritos co signo de nasalidade sobre o <o> (*A*) e sen el (*B*). Cfr. Mariño Paz 2017: 252-254.

22. *coid' eu*: ao contrario do que ocorre no caso de *coita* (*vide supra*, nota ao v. 16 da cantiga VII), no *Cancioneiro da Ajuda*, as variantes en <oi> en *coidar* (e derivados) son minoritarias fronte ás moi maioritarias en <ui> (*cuidar*). Procedente do infinitivo latino CŌGĪTARE, considérase que a variante menos frecuente é tamén a máis antiga, o cal concorda co feito de ser o *Cancioneiro da Ajuda* o testemuño que representa as formas en <oi> con moita máis frecuencia –*coid eu*, neste caso–. Cabe destacar que nesta composición converxen as dúas variantes minoritarias, *cuita* (v. 10) e *coid' eu*, circunstancia especialmente inusual, que unicamente se rexistra noutras tres composicións (*A32*, *A54*, *A95*). Segundo Monteagudo (2015a), a convivencia de ambas as dúas variantes minoritarias nunha mesma peza débese ao emprego de dúas fontes diferentes na copia destas, fontes que identifica cos hipotéticos *Cancioneiro de cabaleiros* e *Recolla dos trovadores* (Oliveira 1994). De novo, ademais da hipótese ofrecida polo filólogo compostelán, consideramos a posibilidade de que esta variación podería deberse á interferencia na copia do sistema lingüístico do copista.

lle: *vide supra*, V, v. 10.

24. *quant' al*: a lección de *A*, *quāt al*, foi empregada nas edicións de UC, CMGP e Rios Milhám como locución indefinida relativa, co significado de 'todo aquilo que'. A lección de *B*, *q̃nð al*, foi a escollida por Michaëlis «por aquela lição não dar sentido que satisfizesse». Desde o noso punto de vista, é a variante de *A* que mellor encaixa no contexto semántico do segmento.

25. *fige*: os testemuños manuscritos transmiten para a P1 do pretérito perfecto de indicativo do verbo *fazer*, as formas *fige* (A) e *figi* (B). Procedentes do lat. *FĒCĪ*, a evolución regular da consoante final da raíz latina (/k/) neste perfecto forte non admitiría a palatalización pola influencia da vogal palatal, polo que dito proceso só puido xerarse a través da analoxía con outros verbos en que o radical do perfecto acadase tal resultado, como pode ser *quige* (Brea – Lorenzo Gradín 2020: 122).

27. *éste*: a lección de B, *est*, omite o <e> final (que si transmite A), necesario para reconducir o verso á isometría. Pola súa parte, *este* pode interpretarse como a forma plena da P3 do presente de indicativo do verbo *seer* –tal e como consideraron UC, CMGP, Rios Milhám e nós– ou, como demostrativo en contacto coa forma verbal *é*, opción empregada por Michaëlis.

28. *non*: en B non se transmitiu ningunha marca de nasalidade –nin unha abreviatura sobre o <o> nin un <n> final– por un probable erro por omisión –*vide supra*, cantiga III, v. 6–.

XIV. *Sennor fremosa, fui buscar*

I			
		Sennor fremosa, fui buscar	340
		consell' e non o pud' aver	
		contra vós, nen me quis valer	
		Deus, a que fui por én rogar.	
	5	E, pois consello non achei	
		e en vosso poder fiquei,	345
		non vos pes ja de vos amar,	
II			
		por Deus, e, se vos én pesar,	
		non mi o façades entender	
	10	e poderm' edes defender	
		de gran cuita por mi o negar.	350
		E mia fazenda vos direi:	
		por ben pagado me terrei,	
		se me quiserdes enganar,	
III			
	15	tan vil vos serei de pagar	
		se o vós quiserdes fazer,	355
		por Deus, que vos ten en poder,	
		ou se me quiserdes matar,	
		poderedes, ca me non sei	
	20	consell' aver nen viverei,	
		per bõa fe, se vos pesar.	360
IV			
		E gran coita me faz jurar	
		d' amor, que non posso sofrer,	
		e fazmi a verdade dizer	
	25	de que eu nunc' ousei falar,	
		da gran cuita que por vós ei;	365
		mais vejo ja que morrerei,	
		e querm' ant' aventurar.	

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 24 fol. 6r, col. b - fol. 6v. cols. a; *B* 117, fol. 30r, cols. a-b.

3. quis] quis *A* quie *B* 5. non] no *A* non *B* 7. vos] uus *A* u9 *B*, vos] uus *A* u9 *B* 8. vos]
uus *A* u9 *B* 8. e]] *A* e *B* 9. non] no *A* nō *B* 11. de] ð^re^r *A* ða *B*, cuita] cuita *A* coita *B*
12. vos] uus *A* u9 *B* 13. terrei] terrei *A* teirey *B* 14. enganar] engāna^r *A* enganar *B* 15.
serei] ferei *A* feerei *B* 16. vós] u9 *A* uos *B* 21. pesar] peffar *A* pefar *B* 22. E] *A* {e} *A*, *A* *B*
25. nunc'] nunc *A* nūca *B* 26. cuita] cuita *A* coyta *B* 27. morrerei] mozrey *A* moirerei *B*
28 ant'] ant *A* ante *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 43; Carter 2007 [1941]: 16-17; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 166-167;
Arbor Aldea 2016: 13-14; PalMED A24 - B117 (última consulta 02/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 53-54; UC 90 (última consulta 10/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

Arias Freixedo 2003: 236-237; CMGP *Senhor frefosa, fui buscar* (última consulta 10/02/2021);
Rios Milhám 2018, I: 90.

Repertorios

Tavani 1967: 78,24; D' Heur 1973: 90; MedDB 78,24 (última consulta 10/02/2021).

Tradución

I. Fermosa señora, fun buscar auxilio e non o logrei en relación a vós, nin me socorreu
Deus, a quen lle fun rogar por tal causa; e, xa que non atopei remedio e permanecín baixo o voso
poder, xa non vos pese que vos ame,

II. por Deus, e se vos pesa iso, non mo fagades saber, e poderedes defenderme de gran dor
ao ocultarmo; e explicareivos a miña situación: sentireime ben pagado, se quixerdes enganarme,

III. tan fácil vos serei de compensar, se vós quixerdes facelo, por Deus, que vos domina, ou se me quixerdes matar, poderedes, que non sei procurarme alivio nin vivirei, de seguro, se vos aflixe;

IV. E gran tormento de amor, que non podó soportar, faime xurar e obrígame a dicir a verdade da que eu nunca ousei falar, é dicir, do gran pesar que sufro por vós; mais vexo que morrerei, e prefiro atreverme a dicilo antes.

Rúbricas e apostilas

En *A*, á esquerda da primeira liña escrita no folio 6v, pode lerse unha nota que cualifica a composición como *boa*. A man responsable desta glosa foi identificada por Pedro como a mesma que comentou en ton satírico boa parte dos textos do poeta (Man A). Cómpre precisar que as glosas clasificadas pola estudosa portuguesa como notas «de qualificação» foron na súa maioría responsabilidade da “man C”, a excepción da que nos ocupa e doutra relativa á produción de Vasco Fernandez Praga de Sandin, situada no fol. 3r (cfr. Pedro 2004-2016: 43). Á altura do verso 11, anotouse na marxe esquerda a corrección *e*, que foi integrada no corpo do texto sobre o pergamiño raspado. Tamén sobre raspadura escribiuse o <r> de *enganar*, no v. 14, a cuxa esquerda apréciase a correspondente nota correctora. Máis abaixo, o revisor anotou *e*, que parece unha emenda ao v. 22, mais non se observa ningunha marca de corrección no mesmo (quizais debido a que a inicial do devandito verso xa fora decorada). Tanto Michaëlis como UC determinaron que se trataba da conxunción copulativa *e*, destinada a substituír a preposición *a* que encabeza o verso mencionado, solución que incorporamos á nosa edición por contribuír á comprensión da pasaxe.

En *B*, o texto leva o número 117, copiado, como é habitual no códice, por Colocci á esquerda da maiúscula inicial. Sobre o íncipit, o humanista anotou de novo, *Sel dis*, para dar conta da estrutura en cobras unisonantes da cantiga (*vide supra*, *Rúbricas e apostilas*, cantiga VII).

Comentario métrico



Cantiga de mestría de catro cobras unisonantes con sete versos octosílabos agudos, que ofrecen a seguinte distribución rítmica *abbacca*.

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-ar	-er	-er	-ar	-ei	-ei	-ar
II	-ar	-er	-er	-ar	-ei	-ei	-ar
III	-ar	-er	-er	-ar	-ei	-ei	-ar
IV	-ar	-er	-er	-ar	-ei	-ei	-ar

Tavani 1967: 161:260

Sinalefas: mi_o (v. 9), mi_o (v. 11), fazmi_a (v. 24)

Cobras capcaudadas.

Rima derivada: *aver – ei* (vv, 2, 26), *direi – dizer* (vv. 12, 24).

Palavra volta: pesar (vv. 8, 21).

Notas

3. *quis*: na lección de *B*, *quie*, cometeuse un erro de <e> por <s>, provocado, probablemente, pola similitude gráfica entre ambos os dous caracteres.

5. *non*: en *A* non se transcribiu ningún carácter para a consoante nasal velar implosiva do adverbio de negación *non* (transcrito correctamente en *B*). O copista puido omitir ben o <n>, ben o trazo abreviativo que, sobre o <o>, representaría dito valor –*vide supra*, nota ao v. 6 da cantiga III–

7. *vos*: para as variantes do pronome átono de P5 presentes neste verso e nos vv. 8, 12 e 16 da composición que nos ocupa, *vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga IV.

9. *non*: de novo, omitiuse en *A* a nasal final do adverbio *non* –*vide supra*, nota ao v. 6 da cantiga III–. Os responsables da edición de UC non consideraron, neste caso, que a ausencia da nasal se debe a un erro por omisión, senón á representación gráfica da asimilación producida polo contacto entre a nasal final do adverbio de negación e a inicial do pronome *me* (cfr. nota ao verso en UC, que edita *no'mi-o*). Non obstante, dada a reiteración da omisión da nasal implosiva no adverbio de negación nesta peza (*vide supra*, v. 5), poderíamos barallar, tamén, a posibilidade

de que a forma *no* formase parte do sistema lingüístico do copista e que este podería interferir no seu labor.

11. *de*: a lección manuscrita de *A*, *de*, é froito dunha corrección marxinal (vide supra, *Rúbricas e apostilas*). Atendendo á lección de *B*, (*da*), cabe interpretar que o carácter corrixido en *Ajuda* fose un <a>. Seguimos *A*, por ser o testemuño tomado como base e por entendermos que a presenza do artigo determinado unicamente tería sentido se a *coita* da que quere librarse o poeta xa se presentara en versos anteriores.

cuíta: : para as variantes *cuíta/coíta*, presentes neste verso e no 26 desta composición vide supra, nota ao v. 16 da cantiga VII.

13. *terrei*: para o erro <ir> por <rr> do apógrafo italiano (vide supra, nota ao v. 10 da cantiga I)

14. *enganar*: a lección de *A*, *engānar*, que presenta unha abreviatura xeral sobre a vogal anterior á consoante nasal, foi considerada polo equipo de UC como un castelanismo, *engannar* (con nasal palatal). Este hipótese podería encaixar co feito de que nos versos 5 e 9 desta composición o amanuense copiase os adverbios de negación sen a consoante final. Non obstante, hai que ter en conta que tanto a omisión da abreviatura xeral (tal e como ocorre na forma *no* presente nos vv. 5 e 9) como a adición da consoante nasal unha vez copiada a abreviatura correspondente son erros frecuentes nos apógrafos italianos, e, aínda que non o son tanto no *Cancioneiro da Ajuda*, a súa presenza podería pasar facilmente desapercibida no labor de revisión.

15. *serei*: a lección de *B*, *seerei*, tanto pode tratarse dun erro por adición como dun arcaísmo gráfico, en que se conservaría o hiato homorgánico en vogal pretónica, mais, probablemente, sen valor fonético (Rübecamp 1932-33; Teyssier 1997: 29; Nunes 1926-28, I: 358, Mariño Paz 2017: 274-275). A métrica esixe que o vocábulo sexa bisílabo, tal e como é transmitido en *A*.

21. *pesar*: en *Ajuda*, *peffar* (vide supra, *Criterios de edición*, p. 73).

22. *E*: os dous manuscritos abren o verso cun <A>, que en *Ajuda* parece que foi corrixido na marxe por un <e> (vide supra, *Rubricas e apostilas*).

27. *morrerei*: a lección de *A*, *mozrej*, non transmite a abreviatura con valor de <er> que completaría a forma de P1 do futuro de indicativo do verbo *morrer*. *B*, pola contra, presenta o vocábulo sen abreviar. En *B*, nesta mesma palabra, contéplase o usual erro de <ir> por <rr> (véxase a nota ao v. 10 da cantiga I).

XV. *Con vossa coita, mia sennor,*

I

Con vossa coita, mia sennor,
ja de tod' al cuita perdi,
ca a tod' ome aven assi, 370
desto seede sabedor:
5 que non pod' ome coit' aver
que non aja log' a perder
des que ll' outra chega maior.

II

E por aquesto, mia sennor, 375
des aquel dia que vos vi,
10 d' outra gran coita me parti:
assi me coitou voss' amor
que me fez tod' escaecer,
atan muit' ouve que veer 380
na vossa, que me faz peor.

Cantiga de amor

Mss.: *A* 25 fol. 6v, cols. a-b; *B* 118, fol. 30v, cols. a-b.

1. Con] Con *A* Cvm *B* 2. coita] cuita *A* coyta *B* 3 ca a] ca \a/ *A* ca *B* 4. seede] feed" *A*
feède *B* 5. coita] coita *A* cuyt *B* 12. tod' escaecer] toð efcaeçer *A* todo fcaeçer *B* 14. peor]
peoz *A* peyor *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 44; Carter 2007 [1941]: 17; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 170-171; Arbor
Aldea 2016: 14; PalMED A25 - B118 (última consulta 03/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 55; UC 91 (última consulta 11/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

Arias Freixedo 2003: 236-237; CMGP *Com vossa coita, mia senhor* (última consulta 11/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 91.

Repertorios

Tavani 1967: 78,4; D' Heur 1973: 91; MedDB 78,4 (última consulta 11/02/2021).

Tradución

I. Pola vosa coita, señora, xa non sufro pena por ningunha outra cousa, e sabede que a todo home lle sucede o mesmo: ningún home pode sufrir a pena do amor sen que, unha vez que a alivia, lle aparece outra maior.

II. E por isto, miña señora, desde aquel día que vos vin, afasteime doutra angustia, pois así me doeu o voso amor que me fixo esquecer todo, e tanta (dor) sentín coa que vós me provocastes que padezo o peor (mal).

Rúbricas e apostilas

En *Ajuda*, á esquerda da inicial da primeira cobra e no interior da segunda, poden verse aínda as letras de agarda. O último carácter do verbo *p̄di* (*perdi*) está escrito sobre pergamiño raspado. Dita raspadura ocupa o espazo dun carácter máis á dereita do vocábulo emendado, o que implica unha separación dobre entre este e a palabra seguinte; en claquera caso, non se percibe na marxe ningunha nota que faga referencia a dita corrección. O verbo *feed* do v. 4 ten un signo sobre a consoante final, que foi interpretado por Carter e por Arbor como abreviativo. Pola súa parte, Pedro considerou que se trataba dunha marca de inserción, dada a presenza dun *e* na marxe esquerda do verso, corrección que non foi contemplada polos especialistas apenas mencionados. Se ben, tal e como indica Pedro (2004-2016: 26), dita nota marxinal debeuse á man dun revisor, a morfoloxía da mesma non se asemella á do *e* trazado no mesmo folio, que corrixe o comezo do verso 22 da cantiga XIV (*vide supra*). Así mesmo, o grosor do trazo situado sobre o *ð* é superior ao que, habitualmente, presentan as marcas de inserción textual. Cabería interpretar, pois, que se transcribise *ð* e que, posteriormente, un revisor advertise a abreviatura como un erro e anotase o valor da mesma á marxe. A este respecto, cómpre sinalar que non atopamos ningunha outra abreviatura con ese valor no *Cancioneiro da Ajuda* (cfr. PalMED).

Á altura do verso 10, na marxe dereita do folio, pode lerse *par''ti*, emenda que foi trasladada ao corpo do poema, onde a forma verbal transcribiuse sobre soporte raspado. O perfecto *fez* (v. 12) tamén foi copiado sobre unha raspadura, mais, neste caso, non se aprecia a nota marxinal correspondente. Entre o último verso conservado desta composición e o primeiro da seguinte, deixouse un espazo en branco equivalente ao que ocuparían dúas cobras.

En *B*, a peza está situada tras *Muito per dev' agradecer* (B 119) en lugar de localizarse antes dela e despois de *Sennor fremosa, fui buscar* (B 117), tal e como acontece en *Ajuda*. De todas maneiras, Colocci outorgoulles os números correctamente ás composicións invertidas, a 118 (número que parece corrixido sobre outro anterior) e a 119, e engadiu antes de *Muito per dev' agradecer* un sinal de chamada con forma de punta de frecha, co que, probablemente, destacaba que era ese o lugar que lle correspondía á peza que nos ocupa. Ferrari (1979: 67-68) apunta que a nota *35 interposta*, presente no folio 303r, fai referencia á dislocación deste texto, pois, no proceso de revisión do códice levado a cabo por Colocci, este debeu de advertir o erro do copista e de anotalo no devandito folio xunto con outras apreciacións similares. Unha vez subsanada a inversión mediante a numeración correcta, o humanista riscou parte da referencia. Así mesmo, Colocci anotou enriba do incipit a apostila *strophe sola*, coa que, facendo referencia ao sistema métrico clásico, destaca a falta de cobras que constituían a *antistrophe* e o *epodo*.

Comentario métrico

Aínda que o espazo en branco que sucede á composición en *Ajuda* parece indicar que esta é fragmentaria, os datos materiais ofrecidos polos códices non abundan para determinar con seguridade se a tradición manuscrita perdeu parte da composición ou se, polo contrario, foi vontade do trovador que esta só contase con dúas estrofas (cfr. § *Tradición manuscrita*, pp. 33-37). De calquera xeito, as estrofas seguen o patrón métrico máis cultivados por Somesso, ao contar con sete versos octosílabos agudos distribuídos no esquema *abbacca*. Tal e como foi transmitida a peza, esta preséntase en *coblas unissonans*. De novo, ao concorrer o esquema *abbacca* e a uniformidade dos timbres, as estrofas líganse como cobras capcaudadas.



	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	- ər	-i	-i	- ər	-ər	-ər	- ər

II - ɔr -i -i - ɔr -er -er - ɔr

Tavani 1967: 161:251

Sinalefas: ome_aven (v. 3).

Mordobre: *perdi* – *perder* (vv. 2, 6), *vi* – *veer* (vv. 9, 13).

Palabra rima: *mia senhor* (vv. 1, 8).

Notas

1. *Con*: *B* representa a preposición *con* coa forma latinizante *Cvm*. Consonte o obxectivo da súa edición, os Machado editan *Cum*. Nos apógrafos italianos, rexístranse pegadas latinas na grafía de xeito esporádico, –como en *e cū el falafes Mays eu bē vos digo* (v. 2 de *B* 656 e de V257), en *Ca rai monftrou el bē seu coraçō* (v. 10 de *B* 1469), entre outros–.

2. *cuita*: para a variación *cuita/coita*, documentada de novo na nesta peza, *vide supra*, nota ao v. 16 da cantiga VII.

3. O verso é hipómetro en *B*. En *A*, copiose un *a* na entreliña superior, entre a conxunción *ca* e o pronome *todo*. A morfoloxía do carácter semella a letra do copista, polo que podemos estar diante dun *incipiens error*. Con todo, dada a ausencia da preposición en *B*, podemos barallar a posibilidade de que esta peza contase con máis dun exemplar para a súa copia en *Ajuda* e que un deles omitise a devandita partícula e outro, cotexado posteriormente, a transmitise. Sexa como for, a preposición é necesaria para respectar a isometría do verso. No entanto, Michaëlis editou *ca todo mi aven assi*, emendando «*mi* (dativo) por *me*, em conformidade con o uso constantemente seguido no CA, a pesar de ambos os codices apresentarem a mesma forma» (1990 [1904], I: 55), mais non integrou a vogal corrixida no manuscrito. Dada a dependencia métrica do pronome átono ante outra vogal (*vide supra*, nota ao v. 4 da cantiga IV), a proposta da estudosa luso-alemá precisa doutra sílaba para completar as oito requiridas polo esquema métrico. Nobiling (2007 [1907]: 190), aínda que non fai referencia ao carácter voado, integra a preposición e ofrece a lectura *ca [a] tod' ome aven assi*, hipótese seguida por nós, así como por UC, Rios Milhám e CMGP. Cabe sinalar que os responsables da última edición mencionada tamén engaden o *a* entre corchetes, do

que se deduce que non apreciaron o pequeno carácter incorporado sobre a liña de escritura. Para *ome*, cfr. a nota ao v. 4 da cantiga IX.

5. *coita*: repárese en que, neste caso, é *B* o manuscrito que transmite a variante con <u> (cfr. nota ao v. 16 da cantiga VII.)

14. *peor*: os testemuños manuscritos transmiten as variantes *peor* (*A*) e *peior* (*B*). Procedentes de PĒIORĒM, ambas as dúas formas conviviron na Idade Media, mais cabe destacar que a etimolóxica *peior* non se rexistra en ningunha ocasión no *Cancioneiro da Ajuda*.

XVI. *Muito per dev' a agradecer*

I

Muito per dev' a agradecer,
segund' agora meu cuidar,
a Deus, a quen faz ben querer
sennor, con que pode falar 385
5 en lle sa coita descubrir;
mais este ben, por non mentir,
non volo quis El a min dar,

II

Mais fezm' atal sennor aver
de que m' ouve sempre a guardar, 390
10 des que a vi, de m' entender
qual ben lle quero, e de provar
se me quera consentir
quan pouco quer: sol de mi oir
a coita que me faz levar, 395

III

ca ja toda per nulla ren
non a poderia saber
per min, nen ar sei oj' eu quen
mi a toda podesse creer,
mentre me viss' assi andar 400
20 viv' ontr' as gentes, e falar,
e d' atal coita non morrer,

IV

de qual, desejando seu ben,
me faz o seu amor sofrer,
ca de mēor morreu ja 'lguen; 405
25 mais Deus me faz assi viver
en tan gran coita, por mostrar
per min ca xe pod' acabar
quant' El no mundo quer fazer.

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 26 fol. 6v, col. b - fol. 7r. col. a, *B* 119, fol. 30r, cols. b-fol. 30v. col. a.

2. meu] a meu *A* meu *B* 5. lle] lle *A* lhi *B* 7. non] non *A* no *B*, min] min *A* mj *B* 8. aver] auer *A* uee2 *B* 9. ouve] ouue *A* ouuj *B*, sempre a] fempze a *A* femp̃ *B* 10. m' entender] m éntender *A* mēdeender *B* 11. lle] lle *A* lhi *B*, quero e] q̃ro e *A* q̃re *B*, provar] ,puar *A* ,pnar *B*
13. mi oir] mī oyr *A* morir *B* 14. cuita] cuita *A* coita *B* 15. toda] toda *A* coða *B* 18. toda] toða *A* coða *B* 20. viv' ontr' as] uiu "ontr as *A* uiuo an̄s *A* 21. morrer] mozrer *A* moirer *B*
24. mēor] mēo2 *A* meo2 *B*, morreu] mozreu *A* moir eu *B*, ja 'lguen] iálguen *A* ia alguē *B* 25. me] me *A* mī *B* 27. ca] ca *A* q̃ *B* 28. quant' El] quāt el *A* q̃to *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 43-44; Carter 2007 [1941]: 17-18; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 168-169; Arbor Aldea 2016: 14-15; PalMED A26 - B119 (última consulta 03/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 56-57; UC 92 (última consulta 10/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

Ferreiro - Martínez Pereiro (1996b: 113); CMGP *Muito per dev'agradecer* (última consulta 10/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 92.

Repertorios

Tavani 1967: 78,11; D' Heur 1973: 92; MedDB 78,11 (última consulta 10/02/2021).

Tradución

I. Segundo o meu parecer, moito debe agradecer a Deus quen fai amar señora coa que pode falar para consolarlle a súa coita, mais, por non mentirvos, este ben non volo quixo El a min outorgar;

II. mais fixome amar tal señora de quen, desde que a vin, tiven que evitar sempre que sentise o ben que lle quero, e intentar que consentise escoitar, aínda que só fose un pouco, a coita que me provoca,

III. pois nunca podería coñecela toda por min de ningún xeito, nin tampouco sei eu quen puidese crela toda, mentres me vexa estar vivo entre a xente, e falar e non morrer de tamaña dor

IV. como me fai sufrir o seu amor desexando o seu ben, que, por menos motivo, seguro que morreu alguén, pero Deus obrígame a vivir neste padecemento tan grande para demostrar a través de min que pode conseguir canto queira facer no mundo.


Rúbricas e apostilas

En *A*, aprécianse as letras de agarda deixadas polo amanuense para o trazado das iniciais das cobras II, III e IV. Na marxe esquerda, á altura do v. 8, pode lerse unha nota de corrección sobre rasura, *auer*, que foi incorporada no corpo da cantiga. Así mesmo, percíbense varias anulacións sen que se aprecie texto correcto nas marxes: no v. 7 subpunteouse e riscouse o último carácter de *ela*, no v. 13 raspouse un *o* (aínda lexible) tras *de mi* e a última letra de *o* e, por último *ontras*, no v. 20.

En *B*, a peza foi copiada antes de *Con vossa coita mia sennor* (vide supra, cantita 118), en lugar de ser transcrita despois desta, tal e como acontece en *Ajuda*. Con todo, Colocci numerou o texto correctamente (o 119), número que situou á esquerda do segundo verso da composición. Sobre o incipit, o humanista iesino anotou *ad due*, tal e como adoita facer para destacar as composicións que, como esta, están construídas mediante cobras dobras. Dentro da inicial que abre a composición pode verse un grafo riscado (quizais un *a?*) que podería ser froito, como noutras ocasións (vide infra, *B* 120), do transvasamento dunha letra de espera presente no modelo de copia.

Comentario métrico

Cantiga de mestría de catro *coblas doblas* de sete versos octosílabos cada unha. De novo, o trobador confecciona unha complexa distribución dos timbres con esquema abbacb (a I, II = b III, IV; b I, II = c III, IV).

		8a	8b	8a	8b	8c	8c	8b
I		-er	-ar	-ar	-er	-ir	-ir	-ar
II		-er	-ar	-ar	-er	-ir	-ir	-ar
III		-en	-er	-en	-er	-ar	-ar	-er

IV -en -er -en -er -ar -ar -er

Tavani 1967: 101:48

Sinalefa: sempre a (v. 9), quero e (v. 11), mi oir (v. 13), mi a (v. 18).

Notas

1. *dev' a gradecer*: CMGP e os Machado editan *dev' agradecer*. O verbo *agradecer* non se documenta en galego ata despois da época medieval. De feito, a única ocorrencia do mesmo rexistrada no TMILG (última consulta 20/02/2021) responde a un verso de Fernan Velho, *a vó - lo devo muyt' agradecer* (v. 3 de MedDB 50,10), que foi tomado da edición do trovador elaborada por Lanciani (1997). A estudosa italiana, se ben advirte que dubida sobre a convivencia das formas *agradecer/gradecer*, explica que a súa proposta para o devandito verso foi establecida a partir dunha (forzada) comparación co v. 15 da mesma composición, *a vós dev' én mui bon grad' apõer*, en que a semántica esixe a presenza do verbo *apõer* (e non de *a põer*) (Lanciani 1977: 95). Con todo, cómpre sinalar que, nos testemuños que transmiten a lírica profana, todos os casos en que *gradecer* é antecedido por un <a> que cabería interpretar ben como unha preposición ben como un prefixo, o verbo forma parte dunha perífrase con *dever* ou con *aver* (tal e como acontece neste verso de Somesso), polo que entendemos que o <a> é unha preposición.

2. *meu*: *A* transmite *segund agora a meu cuidar*, mentres que *B* omite a preposición. Desde o noso punto de vista (que segue as propostas de Michaëlis, UC e Rios Millám), a lección de *A* constitúe un erro por adición. CMGP edita *segund'agor'a meu cuidar*.

5. *lle*: *vide supra*, nota ao v. 10 da cantiga V.

7. *non*: o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* transmite un erro por omisión, ben do <n> final do adverbio de negación ben do signo abreviativo que, grafado sobre o <o>, incorporaría o valor da consoante nasal implosiva –*vide supra*, cantiga III, v. 6–.

Para as variantes *min / mí* do pronome tónico de P1, *vide supra*, nota ao v. 14 da cantiga IX.

8. *aver*: o manuscrito *B* ofrece *ueez* onde *A* envía *auer*. O contexto semántico favorece a aceptación da lección de *Ajuda*, pois este verso relaciónase co 10, en que o poeta especifica que, unha vez viu á dama, xa non puido evitar tela por *senhor*. En CMGP seguiron a lección do apógrafo italiano, mentres que Michaëlis, UC e Rios Milhám optaron por editar conforme ao texto enviado en *Ajuda*.

9. *ouve*: os manuscritos transmiten as variantes *ouve* (*A*) /*ouvi* (*B*) (<HABŪĪ) para a P1 do pretérito perfecto de indicativo do verbo *aver*. O /i:/ longo latino en posición final de palabra resultou no noroeste ibérico en <i> –ao contrario do que ocorreu con /-e:/, /-e/ e /-i/ que deron /e/–, circunstancia que se verifica na representación gráfica dalgúns pronomes e verbos presentes na documentación dos SS. XIII–XIV (Maia 1986: 521–523; Mariño Paz 2017: 226). Non obstante, «as correspondentes variantes con /-e/, chamadas a triunfar, ocorrían xa tamén nos textos do século XIII e co paso do tempo irían gañando terreiro» (Mariño Paz 2017: 226). A coexistencia de ambas as formas está representada no verso que nos ocupa, en que *Ajuda* transmite *ouve* e o apógrafo colocciano *ouvi*, tal e como ocorre, ademais, na maior parte dos casos rexistrados de dita variación no corpus lírico galego-portugués (Brea-Lorenzo Gradín 2020: 111). Para evolución fonética do verbo en galego, véxanse, entre outros, Lapa (1970: 12–13); Gonçalves-Ramos (1983: 243); Corominas - Pascual (1980: vol. 294–296) e Lorenzo (1977, II: 203–208). Sobre os perfectos fortes véxase Williams (1975: 200–203) e Maia (1986: 742–746).

10. *de m' entender*: en *B* o manuscrito transmite *demēdeender*, cun erro por substitución de <t> por <de>, debido, moi probablemente á atracción do contexto gráfico (e fonético) da copia.

11. *lle*: *vide supra*, nota ao v. 9 da cantiga VII.

provar: a lección de *B*, *pnar*, constitúe un erro de <u> por <n>, *vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga III.

13. *mi oir*: a lección de *B*, *morir*, é un erro de copia, pois a semántica esixe a presenza do verbo *oir*: o trobador quere falar coa dama e que ela, polo menos, escoite a dor que sofre polo seu amor. O lapso puido producirse pola alteración da orde dos caracteres, debida á proximidade dos mesmos.

14. *cuita*: vide *supra*, nota ao v. 16 da cantiga VII.

15. *toda*: tanto neste verso como no 18 B transmite *coda*, con erro de <t> por <c>, moi habitual nos apógrafos italianos.

20. *viv' ontr' as*: procedentes de ĪNTER, os manuscritos testemuñan as variantes *ontre* (A) e *antre* (B), que conviven na Idade Media con *entre*, *intre* e, incluso, *untre*. A forma presente en *Ajuda* é pouco frecuente, e o proceso fonético que a orixinou é discutido: segundo Michaëlis (1990 [1904], II, *Glossário*: 62), a preposición puido verse influída por *contra*; Corominas (XXX, II: 303) non descarta un cruce co gótico *UNDAR; pola súa parte, Lorenzo (1977, II: 936-937) considera o influxo da nasal como posible responsable da apertura do /e/ (véxase tamén Maia 1986: 860-861; Ferreiro 1999, I: 364; Mariño Paz 2017: 424).

21. *morrer*: cfr. nota ao v. 13 da cantiga I.

24. *mēor*: os testemuños manuscritos transmiten as formas *mēoz* (A) e *meoz* (B), procedentes do comparativo sintético latino MĪNŌR (<*mēoz* < *meoz*). No corpus lírico profano rexístranse 5 ocorrencias que conservan a marca de nasalidade e 10 que a perderon (cfr. PalMED). O comparativo irregular moderno *menor* e un cultismo con reposición da consoante nasal explosiva.

morreu: nota ao v. 13 da cantiga I.

25. *me*: vide *supra*, nota ao v. 4 da cantiga IV.

27. *ca*: cfr. nota ao v. 6 da cantiga VIII.

28. *quant' El*: lección de A, *quāt el*, enfróntase de novo coa de B, *q̄to*, ao presentar a primeira o pronome suxeito de P3 *El* e omitilo a segunda (cfr., nota ao verso 13 da cantiga V).

XVII. *Desejand' eu vós, mia sennor*

I

Desejand' eu vós, mia sennor, 410
seguramente morrerei,

e do que end' estou peor

é dũa ren que vos direi:

5

que sei, de pran, que, pois morrer,

averei gran coit' a sofrer 415

por vós, como mi agora ei.

II

E por én e por voss' amor

ja sempr' eu gran coit' averei

10

aqui, en quant' eu vivo for,

ca, des quand' eu morrer, ben sei 420

que non a ei nunc' a perder,

pois vosso ben non poss' aver,

ca por al non a perderei.

III

15

Por quantas outras cousas son

que Deus no mundo fez de ben, 425

polas aver eu todas, non

perderia coita por én;

e podela ia perder,

20

mia sennor, sol por vos veer,

en tal que a vós prouguess' én. 430

IV

Ora vos digu' eu a razon

de como me de vós aven,

ca, Deu-lo sab', á gran sazón

que desejei máis doutra ren,

sennor, de vos esto dizer, 435

pero non o ousei fazer

erg' ora, pois me vou d' aquen.

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 27 fol. 7r, cols. a-b; *B* 120, fol. 30v, col. b - fol. 31r, col. a.

1. eu] eu *A* en *B* 2. morrerei] moʒrerei *A* moirerey *B* 4. vos] uus *A* uʒ *B* 5. morrer] moʒrer *A* moirer *B* 8. e]] *A* e *B* 9. coit' averei] coit auerei *A* coita aʒei *B* 11. morrer] moʒrer *A* moirer *B* 12. nunc' a] nunc a *A* nuca a *B* 19. perder] perðer *A* bê perder *B* 20. sol] fol *A* om. *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 44-45; Carter 2007 [1941]: 18-19; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 172-173; Arbor Aldea 2016: 15-16; PalMED A27 - B120 (última consulta 04/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 58-59; UC 93 (última consulta 20/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

Arias Freixedo 2003: 239-240; CMGP *Desejand'eu vós, mia senbor* (última consulta 20/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 93.

Repertorios

Tavani 1967: 78,7; D' Heur 1973: 93; MedDB 78,7 (última consulta 20/02/2021).

Tradución

I. Desexándovos eu, miña señora, seguramente morrerei, e o que me fai sentir peor por isto é o que vos direi: sei, con certeza, que, unha vez morto, sufrirei gran tormento por vós, ao igual que o sufro agora.

II. E por isto e polo voso amor terei xa sempre aquí gran pena, mentres viva, pois, desde o momento en que eu morra, sei ben que non a perderei nunca, pois non podo obter o voso favor, e non perderei a coita por ningún outro motivo.

III. Mesmo por posuír todas as cousas que Deus fixo ben no mundo, non deixaría de ter aflición, e só podería perdela, miña señora, por vervos, se isto vos agradase.

IV. Agora dígovos o motivo do que me sucede por vós, xa que Deus sabe hai moito tempo que desexei dicirvos isto, miña señora, máis que calquera outra cousa, pero non ousei facelo ata agora que me marchou de aquí.

Rúbricas e apostilas

En A, á marxe dereita do folio, á altura do v. 19, o corrector anotou *pðer*. A emenda foi incorporada no verso correspondente e, posteriormente, foi raspada sen que chegase a desaparecer por completo, pois aínda hoxe é lexible. Un pouco máis abaixo, á altura do v. 20, apreciase outra nota do revisor, *fol*, que foi rasurada e substituída por outra máis completa da man do corrector, *fol poz uos ueer* (Pedro 2004-2016: 39). O segmento completo está transcrito na cantiga sobre pergamiño raspado. A man tardía –(man A) que interveu en composicións precedentes– repetiu a palabra *e2go* á esquerda do último verso da composición, quizais sorprendido pola presenza de dito arcaísmo.

En B, pode verse unha letra de espera (*d*) dentro do *D* que abre a composición, probablemente herdada do modelo. Colocci anotou o número da peza (o 120) á esquerda da maiúscula inicial e apostilou *ad due* (*vide supra*, *Rubricas e apostilas*, cantiga V) sobre o incipit.

Comentario métrico

Cantiga de mestría de catro *coblas doblas* integradas por sete octosílabos agudos con rima *ababccb*. Neste caso, a rima c é unisonante, o que confire cohesión rimática ao conxunto da peza.

	8a	8b	8a	8b	8c	8c	8b
I	-or	-ei	-or	-ei	-er	-er	-ei
II	-or	-ei	-or	-ei	-er	-er	-ei
III	-on	-en	-on	-en	-er	-er	-en
IV	-on	-en	-on	-en	-er	-er	-en

Tavani 1967: 101:46

Rima derivada: *morrerei* - *morrer* (vv .2, 5), *direi* - *dizer* (vv. 4, 26), *ei* - *averei* - *aver* (vv 7, 9 e 13), *for* - *son* (vv. 10, 15), *perder* - *perder* - *perderi* (vv. 12, 14, 19).

Notas

1. *eu*: en *B*, *en*, de novo, a causa dun erro de <u> por <n>, *vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga III.

2. *morrerei*: para o erro que se produciu en *B* tanto neste verso como no 5 e o 11 da presente peza, cfr. nota ao v. 13 da cantiga I.

4. *vos*: *vide supra*, nota ao v. 1 da cantiga IV.

12. *nunc' a*: *B* transmite, *nuca a*, cun erro por omisión ben da consoante nasal implosiva, ben da abreviatura xeral sobre o <u> (cfr. nota ao v. 1 da cantiga III.). A presenza da preposición *a* na perífrase *ei a perder* é confirmada polo testemuño *B*, que transcribe a vogal final do adverbio e a propia partícula. Porén, *A* non presenta unha das dúas vogais, que, dada a segmentación da secuencia de caracteres transcrita en dito códice (*nunc a*) identificamos coa vogal final do adverbio elidida ante a preposición.

13. *poss' aver*: en *A*, non se chegou a completar o <o> final da P1 do presente de indicativo do verbo *poder* (*posso*). Probablemente, o copista comezou o trazado da vogal por erro, dado que a solución gráfica habitual para un encontro vocálico intervocabular deste tipo é a elisión (cfr. *Criterios de edición*, pp. 74-75).

19. *perder*: o verso é enneasílabo en *B*. Dita hipermetría unicamente se resolvería mediante a realización dunha sinalefa entre *ela* e *ia*. Así mesmo, a palabra *bē* (que precede ao verbo *perder* neste cancionero) non foi transcrita en *A*. En función destas circunstancias consideramos que a presenza do monosílabo no apógrafo italiano é, con toda probabilidade, un erro por adición. A pesar de que a palabra *ben* aparece en tres versos anteriores ao que nos ocupa –o 11, o 13 e o 16–, a atracción destes non parece a causa máis probable do erro, pois nin a localización dos mesmos é especialmente próxima ao presente verso nin os contextos son análogos. Quizais esta integración sexa consecuencia dunha interferencia da memoria do copista, pois, por exemplo, o verso 25 de *A16* (cantiga VI) contén un segmento idéntico, *ben perder*. Así mesmo, cabería pensar nunha

innovación voluntaria motivada, por exemplo, por unha aparente hipometría derivada da interpretación da forma verbal inmediatamente anterior, *ia*, como o adverbio de tempo *ja*. En calquera caso, cómpre destacar que en *Ajuda* o verbo *perder* foi transcrito sobre outro texto previo anulado por raspadura (*vide supra, Rúbricas e apostilas*), erro que podería estar relacionado co presente no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*.

20. *sol*: en *B* non se copiou o adverbio. Tal e como se comentou no apartado dedicado ás rúbricas e apostilas, no *Cancioneiro da Ajuda* a pasaxe *sol poz uos ueer* foi corrixida no corpo da cantiga. Atendendo ao feito de que a nota marxinal raspada polo corrector unicamente contiña a palabra *sol*, cabe interpretar que, na copia previa á revisión, dito elemento fora omitido, circunstancia que, de novo, emparella os erros de ambos os dous testemuños.

XVIII. *Ja foi sazon que eu cuidei*

I

Ja foi sazon que eu cuidei
que me non poderi' Amor
per nulla ren fazer peor 440
ca me fazi' enton, e sei
5 agora ja del ùa ren:
ca ja m' en maior coita ten
por tal dona que non direi

II

mentr' eu viver, mais guardarm' ei 445
que mi o non sábia mia sennor,
10 ca si estarei dela mellor,
e dela tant' end' averei
enquanto non souberen quen
ést' a dona que quero ben, 450
algũa vez a veerei.

III

15 Mais gran med' ei de me forçar
o seu amor, quando a vir,
de non poder dela partir
os meus ollos, nen me nembrar 455
de quantos me enton veerán,
20 que sei ca todos punnarán
en a saber, a meu pesar.

IV

E averei muit' a jurar
pola negar e a mentir, 460
e punnarei de me partir
de quen me quiser preguntar
por mia sennor, que sei, de pran,
ca dos que me preguntarán
e dos outros m' ei a guardar. 465

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 28 fol. 7r, col. b - 7v, col. a; *B* 121, fol. 31r, col. a.

2. poderi' amor] pòderi ámoꝝ *A* pòderia amoꝝ *B* 4. fazi'] faz ý *A* feꝝ hı *B* 8. guardar] guardar
A ġðar *B* 10. ca si] c assi *A* ca affi *B*, 18. nembrar] nēbꝝar *A* nebrar *B* 19. me enton] me
entō *A* mentō *B* 20. que] q̄ *A* ca *B*, ca] ca *A* q̄ *B* 22. E] E *A* Ca *B*, muit' a] muit a *A* muyto
a *B* 23. e]] *A* e *B* 26. que] que *A* ca *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 45; Carter 2007 [1941]: 19-20; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 173-174;
Arbor Aldea 2016: 16; PalMED A28 - B121 (última consulta 04/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 60-61; UC 94 (última consulta 22/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

Arias Freixedo 2003: 239-240; CMGP *Já foi sazom que eu cuidei* (última consulta 22/02/2021);
Rios Milhám 2018, I: 94.

Repertorios

Tavani 1967: 78,8; D' Heur 1973: 94; MedDB 78,8 (última consulta 22/02/2021).

Tradución

I. Xa hai tempo que eu pensei que, de ningunha maneira, Amor podería facerme sufrir máis do que me facía naquel momento, e sei agora xa unha cousa del: que me provoca maior tormento por tal dona que non mencionarei

II. mentres eu viva, e procurarei que non o saiba a miña señora, que así me sentirei mellor con ela e dela recibirei o seguinte: mentres non souberen quen é a muller que amo, vereina algunha vez.

III. Pero teño moito medo de que, cando a vir, me obrigue o seu amor a non separar os meus ollos dela e a non lembrarme de cantos me verán nese momento, pois sei que, ao meu pesar, todos se empeñarán en saber quen é,

IV. e terei que xurar moito por negar e mentir sobre ela, e insistirei en afastarme de quen me quixer preguntar pola miña señora, pois sei, moi certamente, que deberei protexerme tanto dos que me preguntarán canto dos outros.

Rúbricas e apostilas

En *A*, pode lerse a letra de agarda dentro do <M> inicial da cobra III. O <E> que abre a estrofa IV, foi feito sobre un <C>, ao que se lle engadiu en tinta ocre o trazo central que completaría a grafía correspondente. Dita corrección aparece indicada á esquerda da propia inicial, lugar en que se aprecia un pequeno <e>, sen marca de inserción, que non interpretamos como letra de agarda por situarse nun lugar que non é o habitual nesta parte do cancionero para o mencionado aviso técnico. Á marxe esquerda do folio 7v, á altura do v. 10, a “man A” anotou *guaz te | Jcalate*, como consello “tardío” ao trobador, que, a pesar de ter a intención de esconder o amor que sente, teme non ter a vontade suficiente para facelo. Máis abaixo, á esquerda do v. 21, o pergamiño foi raspado para, probablemente, anular a nota que corruxía o segmento *a faber a meu pefar*, transcrito no corpo da cantiga sobre soporte raspado.

En *B*, Colocci destaca, de novo, a estrutura compositiva da peza mediante a nota *ad .2 (vide supra)*, situada sobre o seu incipit. Así mesmo, á esquerda da maiúscula que inicia o texto, pode lerse o número 121, outorgado á cantiga polo humanista.

Comentario métrico

Cantiga de mestría formada por dúas parellas de cobras dobradas, de sete versos octosílabos agudos distribuídos no esquema rimático *abbacca*. Cada par de estrofas relaciónase entre si mediante o recurso das cobras capcaudadas.

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a	
	I	-ei	-or	-or	-ei	-en	-en	-ei
	II	-ei	-or	-or	-ei	-en	-en	-ei
	III	-ar	-ir	-ir	-ar	-an	-an	-ar
IV	-ar	-ir	-ir	-ar	-an	-an	-ar	

Tavani 1967: 161:252

Sinalefas: mi o (v. 9), ca si estarei (v. 10), me enton (v. 19)

Cobras capcaudadas: I-II, III-IV.

Rima derivada: *guardarm' ei* – *guardar* (vv. 8, 28), *veerei* – *vir* – *veeran* (vv. 14, 16, 19), *preguntar* – *preguntaran* (vv. 25, 27).

Notas

4. *fazi' enton*: tanto Michaëlis como UC, CMGP interpretaron a lección de *A*, *faz y*, como a terceira persoa do singular do pretérito imperfecto de indicativo do verbo *fazer*, con elisión ante a vogal de *enton*. Non obstante, Rios Milhám corrixe por *fazia 'nton*. Dado que o editor non especifica o motivo da súa emenda, entendemos que dita intervención se debe á excepcionalidade de dita crase. A este respecto, cómpre destacar que non son infrecuentes as elisións en formas do imperfecto doutros verbos da segunda e da terceira conxugacións –p. ex., *de quanto ben dona devi'aver*, v. 14 de MedDB 125, 16; *que mi servi' e mi queria ben*, v. 3 de MedDB 63,16–. En calquera caso, no códice chama a atención a separación entre os tres primeiros caracteres (*faz*) e o final (*y*). Atendendo a dita segmentación e ao texto transmitido en *B*, *fēz h*, si que poderíamos considerar un erro de <e> por <a> en *Ajuda*, coa consecvente modificación do aspecto do verbo e a individualización de *y* como o adverbio pronominal. Aínda que dita interpretación podería encaixar na semántica do verso, cabe sinalar que *enton* sitúa a acción nun momento en que o sufrimento referido polo poeta aínda non cesara, polo que o emprego do imperfecto parece máis acaído.

8. *guardar*: para a variación contemplada nas leccións manuscritas *guardar* (*A*) *gardar* (*B*, <g̃dar), véxase o comentario a *guardado*, do v. 26 da cantiga V.

10. *ca si*: o encontro entre a conxunción e o adverbio foi grafado de distinto modo nos testemuños manuscritos: mentres que *A* transmite *cassi*, *B* le *ca affi*. Esta última lección destaca por presentar unha sinalefa moi pouco habitual nos cancioneros. Tal e como xa procedemos en VI (v. 10), seguimos a proposta de Lorenzo Gradín (2009: 500), polo que mantemos a integridade da conxunción *ca* e empregamos a forma *si* do adverbio de modo.

18. *ollos*: o copista de *B* pensou que cometera un erro ao trazar a abreviatura de-*os* (ʔ) e a riscou. Porén, unha vez confirmada a súa pertinencia, reescribiuna na entreliña superior.

nembrar: de novo, en *B* cometeuse un erro por omisión (*nebrar*) ben da consoante nasal implosiva, ben do trazo abreviativo coa que adoita representarse a mesma –*vide supra*, nota ao v. 6 da cantiga III–.

20. Neste verso as conxuncións *que* e *ca* empréganse á inversa nos testemuños manuscritos en dúas ocasións, tal e como acontece frecuentemente no conxunto do corpus (cfr. nota ao v. 6 da cantiga VIII).

22. *E*: en *A* encabeza a cobra a conxunción *e*, e en *B*, *ca*. Dita alternancia é bastante frecuente na transmisión manuscrita das cantigas profanas, pois, como conxuncións con valor copulativo, son semanticamente intercambiabiles. Como cabería esperar, na maior parte das ocorrencias rexistradas en PalMED, dita variación acontece ao comezo de cobra, pois ambas as partículas son empregadas con moita frecuencia na devandita posición para reforzar a ligazón entre as estrofas.

26. *que*: cfr. nota ao v. 6 da cantiga VIII.

XIX. *Ben o faria, se nembrar*

I

Ben o faria, se nembrar
se quisesse ja mia sennor
como mi a tort' á desamor,
e me quisesse perdõar,
5 ca nunca ll' eu mal mereci, 470
mais fez mi a Deus, des que a vi,
sen o meu grado mui' amar.

II

Pero lle nunca mal busquei,
eill' ora de buscar perdon,
10 ca me quer mal de coraçon 475
e non osm' oj' eu, nen o sei,
per que me lle possa salvar,
que lle nunca fize pesar,
mais non quer oir mia razon.

III

E, macar me quisesse oir, 480
non ll' ousaria i falar,
e por esto non poss' osmar
ren per que eu possa guarir,
ca non ei doutra ren sabor
20 ergu' en viver u ela for, 485
e desto m' ei sempr' a guardar.

IV

E guardarm' ei de a veer,
pero non desejo mui' al;
mais, se me Deus cedo non val,
25 mui' ei gran coita de sofrer, 490
pois m' ela perdõar non quer,
Deu-lo sab', éme mui mester
oimais mia morte ca viver

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 29 fol. 7v, cols. a-b; *B* 122, fol. 31r, col. b.

4. perdōar] perdōar *A* perðoar *B* 8. lle] lle *A* lheu *B* 10-12. de coraçon / e non osm' oj' eu, nen o sei / per que me lle] ðe coraçon / e non ofm' og eu nen o fey / per q̄ me lle *A om B* 13. lle] lle *A* lhı *B*, fize] fize *A* figı *B* 15. macar me] macar me *A* ffe m ela *B*, quisesse oir] quifeffe oir *A* q̄feff oy₂ *B* 16. i falar] y falar *A* hı a falar *B* 21. sempr' a] femp̄ a *A* fempr a *B* 24. me] me *A* mj *B* 26. perdōar] pdōar *A* pðoar *B* 27. sab', éme mui] fab*[>] é me mui *A* fabe q̄ me *B* 28. oimais] oy may_s *A* muj may_s *B*, morte] mozt'' *A* morte *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 45; Carter 2007 [1941]: 20; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 175-176; Arbor Aldea 2016: 16-17; PalMED A29 - B122 (última consulta 05/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 62-63; UC 95 (última consulta 25/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

CMGP *Ben'o faria, se nembrar* (última consulta 25/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 95.

Repertorios

Tavani 1967: 78,3; D' Heur 1973: 95; MedDB 78,3 (última consulta 25/02/2021).

Tradución

I. Faríao ben, se quixese xa a miña señora, se se lembrase de como me ten desamor inxustamente, e me quixese perdoar, pois eu nunca merecín mal dela, pero, desde que a vin, Deus fíxome amala moito contra a miña vontade.

II. Aínda que nunca busquei facerlle dano, teño que pedirlle agora perdón, xa que me quere mal de corazón, e eu non imaxino hoxe nin o sei por que teño que xustificarme con ela, xa que nunca lle causei pesar, pero non quere escoitar os meus argumentos.

III. E, aínda que me quixese escoitar, non ousaría falarlle disto, e por esta razón non podo imaxinar nada polo que eu poida vivir ben, pois non me parece ningunha outra cousa senón vivir onde estea ela, mais eviteareino sempre.

IV. E protexereime de vela, aínda que non desexe outra cousa, pero, se Deus non me axuda cedo, sufrirei unha gran pena, e, como ela non me quere perdoar, e Deus sábeo, preferiría morrer que vivir.

Rúbricas e apostilas

No *Cancioneiro da Ajuda*, á marxe dereita do folio, á altura do verso 11, o revisor anotou "o, emenda que foi trasladada ao texto no segmento *o fey*, escrito sobre raspadura. Á dereita do verso 27, a mesma man anotou "e, con toda probabilidade para que dito carácter fose integrado despois de *mozt*, onde se aprecia unha marca de inserción. Con todo, non só non se chegou a introducir a corrección, senón que a nota marxinal foi raspada. No intercolumnio, á esquerda do v. 20, interveu a "man A" coa palabra *latim*, coa que o comentador alude á palabra *erg(o)*, presente no v. 19 e que xa chamara a súa atención na composición XVII (*vide supra*)

En *B*, Colocci outorgou á cantiga o número 122, que colocou á esquerda do incipit. Sobre a capital inicial apréciase unha *crux desperationis*. Así mesmo, a palabra *nenbrar* está subliñada.

Comentario métrico

Cantiga de mestría de catro *coblas singulares*, integradas por sete versos de oito sílabas. A composición destaca polo emprego dun esquema rimático diferente para as cobras I e IV (*abbacca*) e para as cobras II e III (*abbaccb*).

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-ar	-or	-or	-ar	-i	-i	-ar
IV	-er	-al	-al	-er	-er	-er	-er

Tavani 1967: 161:250

Sinalefas: mi a (v. 3), mi a (v. 6), quissese oir (v. 15)

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8b
II	-ei	-on	-on	-ei	-ar	-ar	-on
III	-ir	-ar	-ar	-ir	-or	-or	-ar

Tavani 1967: 163:28

Cobras capfinidas: II (*mais non quer oir mia razon*) – III (*E, macar me quisess' oir*); III (*e desto m' ei sempr' a guardar*) – IV (*E guardarm' ei de a veer*).

Rima derivada: *desamor* – *amar* (vv. 3, 7), *perdōar* – *perdon* (vv. 4, 9), *vi* – *veer* (vv. 6, 22).


Notas

4. *perdōar*: cfr. nota ao v. 20 da cantiga XIII.

8. *lle*: o manuscrito *A* non presenta o suxeito (*eu*), que *B* transmite tras o pronome *lb(e)*. Cabe destacar que, no cancionero de Somesso, cando nin a métrica, nin a semántica nin a sintaxe precisan que se explicita o suxeito, adoita ser *Ajuda* o manuscrito que si o transcribe e o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* o que prescinde del (*vide supra*, nota ao v. 13 da cantiga V).

10-12: en *B* faltan a segunda metade do verso 10, o verso 11 completo e o practicamente todo o v. 12 (*ata salvar*). Dado que a omisión non se produciu por *homoioteleuton* e que en *A* a pasaxe non ten, aparentemente, ningún problema de transmisión, as únicas xustificacións que atopamos para a lagoa do apógrafo italiano son, por unha banda, a mera distracción do amanuense, pola outra un salto do copista dunha liña completa na lectura do seu modelo se admitimos que, tal e como apuntaran Monaci (1985: XII-XIII) e Ferrari (1979: 77), é probable que este estivese transcrito en *scripta continua* (véxanse tamén Gonçalves 2016: 289; Fernández Guiadanes 2016).

13. *lle*: *vide supra*, nota ao v. 10 da cantiga V.

 *fize*: *A* presenta a variante esperable (a partir de FECl) para a P1 do pretérito perfecto de indicativo do verbo *fazer*, *fize*, unicamente rexistrada noutros tres casos nos testemuños manuscritos –*A g̃sa fize de paftor / a g̃sa fize de pastor*, v. 10 de *B* 971/*V* 558 (MedDB 2,2) e en *p̃ q̃*

o fize acho m ēde mal, v. 10 de *B* 698 (MedDB 72,6)–. Esta forma convive na Idade Media coa apocopada *fiz* e coa analóxica *fige/ figi*, transmitida en *B* (Brea-Lorenzo Gradín 2020: 117-124).

15. *macar me*: ambas as dúas leccións enviadas polos manuscritos, *macar me* (*A*) e *ffe m ela* (*B*), respectan o principio da isometría e son semanticamente aceptables. Porén, a conxunción concesiva presente en *Ajuda* engade un matiz sémico á pasaxe (ao incidir na “dificultade” manifestada polo trobador como argumento central da peza), que a conxunción *se* (con valor completivo) non expresa. *Macar*, vocábulo de orixe grega (cfr. Michaëlis 1922: 50; Lorenzo 1977, II: 784-785), foi empregado case exclusivamente no rexistro literario (cfr. TMILG, última consulta 25/02/2021). Na lírica profana, unicamente se recolle nas obras de tres autores das primeiras xeracións –Osoir’ Anes, Fernan Rodriguez de Calheiros, Vasco Fernandez Praga de Sandin–, así como en Pero de Veer e Alfonso X. Atendendo aos datos expostos, cabería considerar a lección de *B* como unha posible trivialización producida nalgunha fase tardía da tradición manuscrita.

16. *i*: *B* presenta un *a* tras o adverbio pronominal *i*, o que requiriría realizar unha sinalefa pouco frecuente para evitar a hipermetría.

22. O copista do cancionero colocciano riscou un <E> ao comezo da cobra, que parece feito sobre outro grafo, e repetiu a vogal inicial de seguido.

24. *me*: *vide supra*, nota ao v. 4 da cantiga IV.

26. *perdōar*: cfr. nota ao v. 20 da cantiga XIII.

27. *sab’, éme mui*: Michaëlis (seguida por CMGP e Rios Milhám) segue *B* (*fabe q̄ m*) por parecerlle deturpada a lección de *Ajuda*. Desde o noso punto de vista (compartido con UC), o fragmento transmitido en *A*, *fabc** > *é me mui*, non é un erro, e o branco textual que se aprecia tras a forma verbal *sab* é unha cancelación voluntaria por raspadura e non unha corrosión do códice. De feito, consideramos que a plica que se aprecia sobre o *e* que sucede á forma verbal *sab(e)* indica a elisión da vogal final do verbo en contacto coa P3 do presente de indicativo do verbo *seer*. Así mesmo, o verso transmitido por *B* retrasa o acento do mesmo cara a sexta sílaba, cando na composición este recae case sistematicamente sobre a cuarta ou a quinta, tal e como acontece na lección de *Ajuda*.

28. *oimais*: mentre que *A* envía *oy majs*, *B* transmite *muy majs*. De novo, Michaëlis, CMPG e Rios Milhám escollen a variante de *B* neste *locus*. Neste caso, tanto a métrica como a sintaxe e a semántica, avalan calquera das dúas hipóteses, mais, dada a escasa frecuencia con que o adverbio recollido en *Ajuda* é empregado nas cantigas, cabería pensar que a lección de *B* constitúe unha trivialización.

morte: en *Ajuda*, *mozt* (*vide supra*, *Rúbricas e apostilas*).

XX. *Quen bõa dona gran ben quer*

I

Quen bõa dona gran ben quer,
de pran, todo dev' a sofrer 495
quanto lh' ela quiser fazer,
e, se lh' algun pesar fezer,
5 ben o dev' a sofrer en paz
e mostrar sempre que lhi praz
de quanto a ela prouguer. 500

II

E, pois que lh' esto feit' oer,
outro conselho á i d' aver:
10 guardarse ben de lho saber
per ren nulh' omen nen molher,
ca tod' est' en dereito jaz, 505
e, se lh' ome aqesto non faz,
de máis viver non lh' é mester.

III

15 Mais pero quen a servirá,
quanto a máis poder servir,
pola non poder encobrir, 510
por esto, por que morrer[á]?
Non o dev' a leixar morrer,
20 ca non ést' ome en seu poder,
pois que gran coita d' amor á.

IV

Mais per qual guisa poderá 515
os seus olhos dela partir
ome coitado poi-la vir?
Ca todo [o] sén perderá
con gran sabor de a veer,
ca si o faz a min perder 520
Amor, tan gran coita me dá!

Cantiga de *amor*

Mss.: *A* 30 fol. 7v, col. b; *B* 123, fol. 31r, col. b-31v, col. a.

1. bõa] bõa *A* boa *B* 6. lle] lh₁ *B* 7. prouguer] om *A* prouguer *B* 8-28. om *A* 10.
guardarse] e guardàr fè *B* 18. morrer[á] morrer *B* 19. morrer] moirer *B* 25. todo [o]
sén] todo fèn *B* 27. ca 'ssi] ca affi *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 45-46; Carter 2007 [1941]: 20-21; Machado - Machado 1949 - 1964, I: 176-177;
Arbor Aldea 2016: 17; PalMED A30 - B123 (última consulta 06/06/2021)

Edicións críticas

Michaëlis 1990 [1904], I: 43-44; UC 96 (última consulta 24/02/2021).

Outras edicións e antoloxías

CMGP *Quem bõa dona gram bem quer*, (última consulta 24/02/2021); Rios Milhám 2018, I: 96.

Repertorios

Tavani 1967: 78,20; D' Heur 1973: 96; MedDB 78,28 (última consulta 24/02/2021).

Tradución

I. Quen ame boa señora debe soportar todo o que ela lle queira facer, e, se lle fai algún pesar, débeo sufrir con calma e mostrar que lle praxe todo o que a ela lle praxe.

II. E unha vez que faga isto, ten que ter, ademais, outro consello: debe coidarse de que non llo saiba ninguén por nada do mundo, pois todo isto é de dereito, e, se alguén non fai isto, non precisa seguir vivindo.

III. Mais, quen a sirva canto máis a poida servir, por non encubrila por que morrerá? Non o debe deixar morrer, pois non está home en si, xa que está posuído pola coita de amor.

IV. Pero de que modo poderá apartar os seus ollos dela home coitado, unha vez que a vexa? (Se o fai), perderá todo o sentido con gran gusto de vela, que así mo fixo perder a min Amor: tan grande coita me dá!

Rúbricas e apostilas

A transmisión da peza no *Cancioneiro da Ajuda* remata de xeito abrupto no último verso da primeira estrofa a causa da perda mutilación material do códice (cfr. § *Tradición Manuscrita*, pp. 33-37). A este respecto, na marxe inferior dereita do 7v, Michaëlis anotou: *Segue-se a 3ª lacuna. Falta um caderno.*

No *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, Colocci escribiu o número da composición, neste caso o 123, á esquerda da inicial que abre a cantiga. Así mesmo, como é habitual, sobre dita maiúscula o humanista deixou constancia da estrutura da peza en *coblas doblas* mediante a glosa *ad. 2.*

Comentario métrico

Esta cantiga de mestría de catro *coblas doblas* (con sete octosílabos agudos) retoma o esquema *abbacca* e a conseguinte relación interestrófica, que mediante o recurso das cobras capcaudadas, liga cada parella de cobras entre sí. Así mesmo, o poeta vincula a primeira parte da composición coa segunda mediante a recuperación da rima b das dúas primeiras estrofas como rima c das dúas últimas.

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-er	-er	-er	-er	-az	-az	-er
II	-er	-er	-er	-er	-az	-az	-er
III	-a	-ir	-ir	-a	-er	-er	-a
IV	-a	-ir	-ir	-a	-er	-er	-a

Tavani 1967: 161:258



Sinalefas: conselho á (v. 9), ome aquesto (v. 13), ome en (v. 20).

Cobras capcaudadas: I-II, III-IV.

Rima derivada: *fazer – fezer – faz* (vv. 3, 4, 13), *praz – prouguer* (vv. 6, 7), *ouver – aver- á* (vv. 8, 9, 21), *servirá – servir* (15, 16), *morrerá – morrer* (18, 19), *poder – poderá* (20, 22), *vir – veer* (vv. 24, 26), *perderá – perder* (vv. 25, 27).

Notas

1. *bõa*: cfr. *Criterios de edición*, pp. 71-72

6. *lhi*: cfr. nota ao v. 9 da cantiga VII.

10. *guardarse*: o verso e hipémetro. Todos os editores que nos precederon optaron, coma nós, pola eliminación da conxunción copulativa inicial, por ser innecesaria para a correcta comprensión do verso e por ser a súa integración espuria un dos erros máis habituais no conxunto do corpus lírico.

18. *morrer[á]*: a integración do <a> da desinencia de P3 do futuro de indicativo do verbo *morrer* é necesaria para reconducir o verso á isometría, respectar o esquema rimático e conservar a congruencia tanto semántica como sintáctica da pasaxe. O verso foi así emendado por todos os especialistas que atenderon a peza.

19. *morrer*: cfr. nota ao v. 10 da cantiga I

25. *todo [o] sén*: para resolver a hipometría do verso, os especialistas procederon de dous modos diferentes: por unha banda, Michaëlis (seguida por UC e por nós) engadiu o artigo determinado masculino singular *o* entre *todo* e *sén*; pola outra, CMGP e Rios Milhám integraron *seu* nesa mesma posición. Ambas as dúas propostas son lexítimas, dado que nos dous casos se emendaría un erro por omisión provocado pola presenza de caracteres similares circundantes. Con todo, consideramos máis factible a perda dun único grafo cunha morfoloxía idéntica á das vogais que integran a palabra *todo* (situada xusto antes do lapso do amanuense) e, incluso, semellante á do *ð*.

27. *ca si*: cfr. nota ao v. 10 da cantiga VI.

XXI. *Ora non poss' eu ja creer*

I

Ora non poss' eu ja creer
que omen per coita d' amor
mor[r]eu nunca, pois na maior
viv' eu que pod' Amor fazer 525
5 aver a null' omen per ren,
e, pois eu vivo, non sei quen
podesse nunca d' el morrer.

II

E gran medo soia aver
de morrer eu por mia senhor, 530
10 mais, Deu-lo sab', este pavor
todo m[i o] ela fez perder,
ca por ela conhosqu' eu ben
que, se Amor matass' alguen,
non leixaria min viver. 535

III

15 Pero fazm' el tanto de mal
quanto lh' eu nunca poderei
contar, enquanto viverei,
pero me nunca punh' en al
senon na mia coita dizer, 540
20 e quen quer poderá entender
que gran coita per ést' atal.

IV

E mia senhor non sabe qual
xe ést' a coita que eu levei
por ela, des que a amei, 545
ca non ést' antre nós igual
est' amor, non lhi faz saber
com' el é grave de sofrer,
e por aquesto me non val.

Cantiga de *amor*

Mss.: B 124, fol. 31r, cols. a-b.

3. mor[r]eu] moreu *B* 7. nunca] nuca *B*, morrer] moirer *B* 9. morrer] moirer *B* 11.
todo m[i o] ela] toðomela *B* 13. matass'] motaff' *B* 20. poderá entender] poða entēðer *B*
26. saber] faboz *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 45-46; Machado - Machado 1949-1964, I: 178-179; PalMED B124 (última consulta 06/06/2021)

Edicións críticas e interpretativas

Michaëlis 1990 [1904], I: 744-745; UC 97.

Outras edicións e antoloxías

Ferreiro e Martínez Pereiro 1996b: 115; CMGP *Ora nom poss'eu já creer* ; Rios Milhám 2018, I: 97.

Repertorios

Tavani 1967: 78,16; D'Heur 1973: 97; MedDB 78,16.

Tradución

I. Agora eu xa non podoo crer que algún home morreu xamais pola coita de amor, pois eu vivo na maior (tristeza) que Amor pode provocar a ninguén por calquera feito, e, xa que eu vivo, non sei quen puidese nunca morrer de Amor.

II. E eu adoitaba ter moito medo de morrer pola miña señora, pero, Deus o sabe, que ela fíxome perder todo este pavor, porque por ela coñezoo eu ben que, se Amor matase a alguén, a min non me deixaría vivir.

III. Pero el faime tanto mal como nunca poderei contarlle, aínda que xamais me esforce tanto en nada salvo en explicarlle a miña coita. Quen queira poderá entender que esta coita é, por isto, inmensa.

IV. E a miña señora non sabe cal é a dor que eu sufrín por ela desde que a ameí, pois este amor non é igual para ambos, e non lle fai saber o difícil que é de levar, e por este motivo non me socorre.

Rúbricas e apostilas

Na marxe esquerda do folio, á altura do segundo verso da composición, Colocci escribiu o número 124. Así mesmo, o humanista deixou constancia da presenza dun dos recursos de repetición preferidos por Somesso, as *coblas doblas*, mediante a nota *ad. 2.*, que situou sobre o incipit do texto, á altura da capital inicial (*vide supra*, *Rúbricas e apostilas*, cantiga V).

Comentario métrico

Cantiga de mestría estruturada en catro *coblas doblas* de sete versos octosílabos cada unha. A distribución das rimas no esquema *abbacca* implica o engarce de cada par de estrofas co recurso cobras capcaudadas.

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-er	-or	-or	-er	-en	-en	-er
II	-er	-or	-or	-er	-en	-en	-er
III	-al	-ei	-ei	-al	-er	-er	-al
IV	-al	-ei	-ei	-al	-er	-er	-al

Tavani (1967: 161:256)

Sinalefas: soia aver (v. 8), m[i o] (v. 11), punha en (v. 18), poderá entender (v. 20), xe est' (v. 24).

Cobras capcaudadas: I-II, III-IV.

Rima derivada: *amor* – *amei* (vv. 2, 24), *viver* – *viveri* (vv. 14, 17).

Notas

7. *nunca*: vide *supra*, nota ao v. 6 da cantiga III.

11. O verso, hipómetro no manuscrito, foi emendado por Michaëlis, CMGP e Rios Milhám mediante a reconstrución da forma *fezo* (*todo m'ela fez[o] perder*), en lugar da variante verbal etimolóxica *fez*, transmitida por B. Pola súa parte, UC aconsella, por razóns rítmicas, integrar a sílaba necesaria para acadar a isometría versal no primeiro hemistiquio, polo que incorporan o pronome obxecto *o* tras o pronome persoal de primeira persoa *todo m[i-o] ela fez perder*. Desde o noso punto de vista, ambas intervencións resolven ben o problema métrico do verso sen deformar o seu sentido e sen arriscar a súa sintaxe. Agora ben, atendendo ao *usus scribendi* do trobador –e non tanto ao ritmo da cantiga, que non mostra neste caso un patrón acentual regular que implique necesariamente a reintegración dunha sílaba métrica antes de *ela-*, a segunda das emendas apenas mencionadas parécenos máis acaída, pois, de aplicar a proposta de Michaëlis, esta sería a única cantiga de Somesso en que a P3 do pretérito perfecto de indicativo do verbo *fazer* estaría representada coa forma *fezo* (fronte a outras seis composicións en que rexistramos *fez*). Así mesmo, a distribución dos obxectos directo e indirecto formulada na hipótese dos investigadores coruñeses non é inusual nin no cancionero do autor –*que mi o queredes ja toller* (v. 7, cantiga XII), *que todavia mi o negasse* (v. 7, cantiga XIII), *se mi o quisesse Deus guisar* (v. 7, cantiga XXIV), entre outros– nin no corpus da lírica profana galego-portuguesa.

16. Rios Milhám substitúe o pronome átono en *lh' eu* (obxecto indirecto de *poderei contar*) por *m' eu*, ao considerar incongruente que o trobador exprese as súas coitas a Amor, pois este é, en definitiva, quen as provoca (*Pero fazm' el tanto de mal / quanto lh' eu nunca poderei / contar, enquanto viverei*). O editor estima que o pronome de primeira persoa podería ter valor de dativo ético, mais os rexistros de MedDB, TMILG (última consulta 12/04/2021) e de GLOSSA (UC) non documentan na lírica profana ningún caso semellante en relación ao verbo *contar*. Ao noso parecer, os primeiros versos da terceira cobra poden ser interpretados sen corrección textual algunha. Por unha banda, é certo que a estrutura sintáctica da cobra parece situar a Amor como antecedente da forma pronominal *ll' -e*, polo tanto, como referente do obxecto indirecto–, mais tal circunstancia non afecta á comprensión do texto nin se distancia demasiado dos temas explotados na *cantiga de amor*, xa que o Amor personificado se mostra, en ocasións, como destinatario das queixas do “eu” lírico. Así mesmo, a persoa aludida polo pronome podería ser a propia *senhor*, dado que esta é mencionada en varias ocasións nas cobras precedentes e que non precisaría unha nova alusión explícita para ser evocada, toda vez que nestes versos o poeta estaría aplicando tópicos facilmente recoñecibles polo auditorio e habitualmente dirixidos á dama –a

coita, o segredo amoroso, a declaración de amor frustrada, etc—. Cabería aínda barallar a posibilidade de que o referente do obxecto indirecto da perífrase *poderei contar* fixese referencia a outros namorados cos que Somesso se compara na primeira parte do seu discurso (*omen*, v. 2, *nulb' ome*, v. 5 e *alguen*, v. 13) ou, incluso, a un destinatario indeterminado (*Quen quer*, v. 20).

18. *punb' en al*: o contexto obriga a corrixir a forma *punba* transmitida en *B*, pois o suxeito ha de ser o “eu” lírico e, polo tanto, o verbo debe conxugarse en primeira persoa, *punbe*. Así foi interpretada a pasaxe polos especialistas que nos precederon e case todos representaron o encontro entre a vogal final do verbo e a preposición *en* mediante a apócope do primeiro, dado que a métrica esixe un octosílabo. Ante vogal átona (coma neste texto), o vocábulo presenta, como en todos os demais casos rexistrados no corpus, elisión. Pola súa banda, os responsables da edición presente na web Universo Cantigas resolven a hipermetría mediante unha sinalefa en que conservan a vogal final do verbo, decisión gráfica que, se ben non é argumentada polos especialistas, podería deberse á ambigüidade que suscitaría a ausencia da desinencia.

20. A hipermetría que o verso presenta en *B* levou a Michaëlis a eliminar a copulativa inicial, a Rios Milhám a realizar unha aférese no verbo *entender* (*podará' ntender*) e aos equipos de UC e CMGP a postular unha sinalefa entre *podará* e *entender*. Neste caso, optamos por seguir a proposta destes últimos.

23. *xe ést' a coita que eu levei*: a lección manuscrita, *xe esta coita q̄ eu leuei*, levou aos editores que nos precederon a considerar *esta* como un demostrativo e a vogal do pronome átono de terceira persoa *xe*, como a terceira persoa de singular do presente de indicativo do verbo *seer* (*x'ê*). A hipermetría derivada de dita interpretación foi resolta por Michaëlis e, en época recente, por UC e CMGP mediante sinalefas moi improbables –que_eu, para Michaëlis e é_esta para UC– e por Rios Milhám a través da aférese do demostrativo. Tal e como xa apuntou Nobiling (2007 [1907]: 179), e retomou posteriormente Fernández Guiadanes (2017: 28), entendemos que as formas manuscritas *xe* e *esta* correspóndense, respectivamente, co pronome persoal *xe* e co verbo *éste*, que, diante do artigo determinado feminino singular, sofre a caída da vogal final. Dado que *xe* non adoita constituír unha sílaba independente ante outra vogal, a isometría é garantida pola sinalefa entre *este* e o elemento que lle segue.

26. *saber*: o amanuense copiou *fáboz* por erro (cfr. nota ao v. 6 da cantiga III)

XXII. *Quand' eu estou sen mia senhor*

I		Quand' eu estou sen mia senhor,	550
		sempre cuido que lhi direi,	
		quando a vir, o mal que ei	
		por ela e por seu amor.	
	5	E, poi-la vi, assi mi aven:	
		que nunca lh' ouso dizer ren,	555
II			
		ca ei pavor de lhi pesar	
		se lho disser. E que farei?	
		Se me calar, podela ei	
	10	veer, enquanto lhi negar	
		ca a non vejo con pavor	560
		que lh' aja, nen ei én sabor.	
III			
		E mentre o negar poder,	
		algũa vez a ve[e]rei,	
	15	pero que val?, ca perderm' ei,	
		pois se m' ela ben non fezer.	565
		E non sei én qual escolher:	
		de me calar ou lho dizer.	
IV			
		Se lho disser e me mandar	
	20	que a non veja, morrerei;	
		e, se lho non dig', averei	570
		gran coita ja, mentre durar.	
		Ante que en coita viver	
		sempre, direilho por morrer.	

5. assi mi aven] affimihauen *B* 18. calar] calcar *B* 14. a ve[e]rei] aúey *B* 20. morrerei]
moirerey *B* 24. morrer] moirer *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 45-46; Machado - Machado 1949-1964, I: 179-180; PalMED B125 (última consulta 06/06/2021)

Edicións críticas e interpretativas

Michaëlis 1990 [1904], I: 746-747; UC 98 (última consulta 01/03/2021).

Outras edicións e antoloxías

CMGP *Quand'eu estou sem mia senhor* (última consulta 01/03/2021); Rios Milhám 2018, I: 98.

Repertorios

Tavani 1967: 78,19; D'Heur 1973: 98; MedDB 78,19 (última consulta 01/03/2021).

Tradución

I. Cando eu estou sen a miña señora, sempre coido que lle direi cando a vexa, a dor que teño por ela e polo seu amor. E, unha vez que a vexo, sucede que nunca ouso dicirlle nada,

II. pois teño medo de provocarlle pesar ao dicirlllo, e que farei? Se calo, poderei vela, sempre que lle oculte o medo que me produce vela e o pracer que obteño niso.

III. E mentres o poda negar, vereina algunha vez, pero de que vale?, pois condenareime despois se ela non me concede a súa mercede. E non sei a ese respecto que facer: calarme ou dicirlllo.

IV. Se llo digo e non me permite que a vexa, morrerei, e se non llo digo, caerei mentres viva nun tormento inmenso. Antes que vivir sempre no sufrimento, direillo para morrer.



Colocci outorgoulle á composición o número 125, que anotou el mesmo á esquerda do íncipit.

Comentario métrico

Cantiga de mestría de catro cobras singulares de seis versos octosílabos agudos cada unha dispostos conforme ao esquema *abbacc*. O trobador elaborou un complexo tecido de relacións interestróficas baseado na correspondencia do timbres da rima b en todas as cobras e da recuperación da rima a I como c II, da a II como b IV e da c III como c IV.

	8a	8b	8b	8a	8c	8c
I	-or	-ei	-ei	-or	-en	-en
II	-ar	-ei	-ei	-ar	-or	-or
III	-er	-ei	-ei	-er	-er	-er
IV	-ai	-ei	-ei	-ar	-er	-er

Tavani 1967: 161:356

Sinalefas: *mi_aven* (v. 5).

Cobras capfinidas: III (*de me calar ou lho dizer.*) – IV (*Se lho disser e me mandar.*)

Rima derivada: *direi – dizer* (vv. 2, 18), *ei – ei – ei- averei* (vv. 3, 9, 15, 21), *farei – fezer* (vv. 8, 16), *podela ei – poder* (vv. 9, 13), *morrerei – morrer* (vv. 20, 24).

Notas

5. *poi-la vi*: Rios Milhám emenda a forma de P1 do pretérito perfecto de indicativo do verbo *veer, vi*, polo presente *vej'*, ao considerar errada a lección manuscrita. É certo que a *consecutio temporum* da cobra favorecería o emprego do tempo presente, mais, semanticamente a pasaxe non perde o sentido, polo que preferimos conservar a lección manuscrita, tal e como fixeron o resto dos editores que atenderon ao texto.

assi mi_aven: o testemuño envía *affmihauen*, cun claro erro de alteración na orde dos caracteres provocado, con moita probabilidade, por unha confusión na lectura da secuencia de *minims*.

18. *calar*: o manuscrito transmite *calcar*, onde, sen lugar a dúbidas, debe lerse *calar*, pois o verbo forma parte dun contraste con *dizer*, para acentuar a inseguridade do trobador á hora de enfrontarse á declaración dos seus sentimentos á *senhor*. Este erro por adición puido deberse á atracción da sílaba inmediatamente anterior.

14. *a ve[e]rei*: para emendar a hipometría do verso, Michaëlis repuxo o substantivo *ben*: *algũa vez [ben] averei*. Dita integración é plausible no contexto semántico, mais, dada a frecuencia con que se rexistra a alternancia das leccións diverxentes *aver/veer* nas dúas ramas da tradición manuscrita (*vide supra*, pp. 39-43), e atendendo ao tecido argumental das cobras anteriores (que xiran arredor da posibilidade de ver á dama), preferimos corrixir a forma *aũey* enviada polo manuscrito por a *ve[e]rei* –como xa propuxera Nobiling (2007 [1907]: 253) e como tamén procederon UC, CMGP e Rios Milhám–. Deste xeito, estimamos que, nalgunha fase anterior da tradición manuscrita, cometeuse un erro por omisión (*ueer > uer*) que derivou na abreviación *ũ* (<*ver*).

20. *morrerei*: cfr. nota ao v. 13 da cantiga I.

24. *morrer*: cfr. nota ao v. 13 da cantiga I.

XXIII. *Con vosso medo, mia senhor*

I

Con vosso medo, mia senhor,
 quer' eu agora começar 575
 ãa tal ren que acabar,
 se Deus quiser, non poderei,
 5 ca provarei d' alhur viver;
 e Deus non m' én dé o poder
 des que m' eu de vós alongar, 580

II

mais démi a morte, mia senhor,
 Deus, e nunca me leix' estar
 10 assi no mund', a meu pesar,
 come ja sen vós estarei,
 aquesto sei, des que viver 585
 non poder vosco, nen veer
 o vosso mui bon semelhar,

III

15 c[a] nunca [vos] Deus, mia senhor,
 no mundo quisu fazer par,
 nen outrossi non [o] quis dar 590
 a esta coita que eu ei,
 e averei, des que viver
 20 non poder vosc', e Deus morrer
 me leix' u m' eu de vós quitar.

Cantiga de *amor*

Mss.: *B* 126, fol. 32r, cols. a-b.

2. começar] comecar *B* 18. démi] ðamha *B* 5. c[a]] *C B*, [vos]] *om B* 16. no] eno *B* 17.
 [o]] *om B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 47; Machado - Machado 1949-1964, I: 180-181; PalMED B126 (última consulta 06/06/2021)

Edicións críticas e interpretativas

Michaëlis 1990 [1904], I: 748-749; UC 99 (última consulta 05/03/2021).

Outras edicións e antoloxías

Montero Santalha 2000: 270-271; CMGP *Com vosso medo, mia senhor* (última consulta 05/03/2021); Rios Milhám 2018, I: 99;

Repertorios

Tavani 1967: 78,5; D'Heur 1973: 99; MedDB 78,5.

Tradución

I. Co medo que vos teño, señora, agora quero emprender algo que, se Deus quere, non poderei concluír: intentarei vivir noutro sitio. E Deus non me dea o poder para iso, desde que me afaste de vós,

II. mais Deus déame a morte, señora, e non me permita estar así no mundo ao meu pesar, como sei que estarei sen vós desde que non poida vivir preto de vós nin ver a vosa beleza,

III. pois Deus nunca quixo facer outra igual a vós no mundo, señora, nin tampouco quixo facelo coa coita que eu teño e terei, a partir do momento que non poida vivir preto de vós; e que Deus me deixe morrer, cando me afaste de vós.

Rúbricas e apostilas

Sobre o incipit da composición, Colocci anotou *sel diss. et replica laparola sigō* (*Sel diss, et replica la parola signor*) para destacar, por unha banda, as cobras unisonantes que configuran da composición (*vide supra*, Rúbricas e apostilas, cantiga VII) e, pola outra, o emprego da palabra rima mediante a repetición da palabra *senhor* no primeiro verso de cada cobra. Así mesmo, o

estudoso italiano asignou o número 126 á peza e colocouno, como adoita acontecer, á esquerda da maiúscula de inicio.

Comentario métrico

Cantiga de mestría de tres *coblas unissonans*, construídas mediante sete versos octosílabos agudos cada unha. O trobador empregou neste texto dúas veces o recurso da palabra rima, ao repetir no primeiro e no quinto verso de cada estrofa *mia senhor* e *viver*, respectivamente⁸⁴. O apóstrofo á dama, ademais, non atopa correlato rimático en versos posteriores (rima a), o que emparella este recurso estilístico coa *palavra perduda* que, así mesmo, é empregada no cuarto verso de todas as cobras da peza (rima c). Este elaborado tecido estético dá orixe a un esquema *abbcddb*, único no corpus galego-portugués.

Montero Santalha formulou unha estrutura alternativa da peza baseada na existencia de rima interna nos vv. 5, 12 e 19, polo que decidiu fragmentala en segmentos tetrasílabos independentes. Así, configura estrofas de oito versos, cun esquema métrico-rimático *8a8b8b8c4c4d8d8b* e evita a *palavra perduda* que, na nosa edición, se dispón no cuarto verso de cada cobra. Neste caso, a distribución das rimas coincide coa empregada en dúas composicións de Vasco Fernández Praga de Sandin –MedDB 151,16 (en octosílabos) e 151,25 (en decasílabos)–, autor contemporáneo a Somesso (*vide supra* § *Notas biográficas*, p. 21).

Os responsables do portal Universo Cantigas seguen a proposta de Montero Santalha e indican que as edicións seguidas por Michaëlis e Littera sacrifican a estrutura rimática á regularidade métrica nun verso en que hai rima interna (cfr, nota * á cantiga 99). Sen rexeitar a viabilidade desta alternativa, cómpre sinalar que, desde o noso punto de vista, o esquema ‘clásico’ intégrase perfectamente no conxunto da produción de Somesso, especialmente regular na elección dos metros (lémbrese que a práctica totalidade dos seus textos se conforman mediante versos de oito sílabas) e variable (incluso orixinal) na construción e distribución das rimas. Así mesmo, a rima interna entre o primeiro hemistiquio do quinto, duodécimo e décimo noveno versos cos vv. 4, 11 e 18 non viola ningunha norma poética. De feito, segundo as *Leys d’amors*, aínda que o hemistiquio puidese funcionar como un verso independente, a rima non ten por que implicar a individualización do primeiro fragmento, se este axuda a completar o verso íntegro:

⁸⁴ Nótese que Colocci unicamente anotou a repetición da palabra *senhor* (cfr. *Rúbricas e apostilas*)

DELS BORDOS ENPEUTATZ. Bordos enpeutatz es quar segon ques estat dig can la pauza dalgun bordo ha acordansa am lautra pauza del bordo seguen. oz am la fi daquel meteysh bordo. oz am la fi del promda verset preceden. adoncz cascuna daquestas pauzas es apelada *bordos enpeutatz*. quar enaysso que la una pauza sacorda per acordansa ab lautra. oz ab la di daquel meteysh bordo. o del preceden. cascuna pauza pot far bordo per si meteysha. Mays en ayso que aytals pauza ajuda acumplir lo principal bordo. adonx aytals pauza am so que se see del bordo tot essem. respon e representa un bordo. e per so es digz bordos empeutatz. quar en so que fay acordansa amb outra pauza. et am la fi del sieu meteysh bordo. o del preceden prompda. pot esser digz bordos et enaysso que fa e dona cumplimen al sieu prencipal bordo. essem am lo romanen es us bordos principals. segon quon pot vezer en lo dig ysshemple dessus pausat. (Gatien-Arnoult 1842: 124)

No estudo elaborado por Rodríguez Castaño sobre a *palavra perdida* (1999) non se tivo en conta a alternativa estrutural proposta por Montero Santalha para a cantiga. De feito, a peza é incorporada pola especialista no elenco dos trece textos que ofrecen o recurso retórico en máis dunha ocasión. Así mesmo, a proposta de establecemento textual ‘clásica’ (seguida por nós) non incumpre ningún dos preceptos ofrecidos polo tratadista da *Arte de Trobar* con respecto á correcta implementación de dita técnica (denominada por el mesmo como “*de moor mestria*”):

Por que alguns trobadores, pera mostrarem moor mestria, meterom, en sas cantigas que fezeron, una palabra que nom rimasse com as outras, e c<h>amam-lhe “palavra perdida”. E esta palabra pode meter o trobador no começo ou no meio, ou na cima da cobra, em qual logar quiser. Pero que, se a meter em ãa cobra, deve-a meter nas outras, en cada ãa delas en aquel lugar. E esta palabra deve de ser <de> moor mestria: ou er pode meter senhas palabras en cada cobra, que rimem ãas outras, ou, se er quiser, en cada cobra de senhas rimas. E outrosi poden meter na cobra palabra perdida duas vezes per esta maneira (Tavani 1999a: 47).

Como se pode comprobar, as *palabras perdidas* incluídas na composición de Somesso respectan a simetría en todas as estrofas e, ao seren estas unisonantes, os versos soltos riman entre si –condición que, en calquera caso, non se considerara indispensable. Así mesmo, segundo Rodríguez Castaño (1999), o recurso é utilizado en 53 cantigas de amor, case todas de mestría; as composicións analizadas pola estudosa adoitan portar un esquema métrico-rítmico único con

cobras que, normalmente, están ligadas entre si por empregar rimas unisonantes; por último, tal e como acontece na presente peza, en moitas das examinadas por Rodríguez Castaño, dita técnica emparéllase coa palabra rima. Aínda que, en palabras da estudosa, o fenómeno se estende ao longo de todo o período trobadoresco sen que se perciban lindes temporais ou xeográficos, os poetas que empregaron a técnica con maior frecuencia e complexidade foron o recentemente mencionado Praga de Sandin e Fernan Rodriguez de Calheiros.

Os datos comentados, unidos á ausencia de elementos materiais enviados pola tradición manuscrita que induzan a dubidar da correcta transcripción do texto en *B*, ao noso xuízo, fan innecesario intervir na estrutura do texto.

	8a	8b	8b	8c	8d	8d	8b
I	-or	-ar	-ar	-ei	-er	-er	-ar
II	-or	-ar	-ar	-ei	-er	-er	-ar
III	-or	-ar	-ar	-ei	-er	-er	-ar

Tavani 1967: 161:256

Sinalefas: dámi a (v. 8).

Palabra rima: *mia senhor* (vv. 1, 8, 15), *viver* (5, 12, 19).

Rima derivada: *poderei* – *poder* (vv. 4, 6), *estar* – *estarei* (vv. 9, 11).

Palavra perduda: -or (vv. 1, 8, 15), -ei (vv. 4, 11, 18).

Notas

8. *démi a morte*: Michaëlis, Montero Santalha, Rios Milhám e CMGP corrixiron a P3 do presente de indicativo de *dar* transmitida en B (*ðamba morte*) polo presente de subxuntivo. Pola súa banda, os responsables de UC conservaron a lección manuscrita ao considerar «o hipérbato que deslocou Deus da súa posición natural: ‘non me dé o poder ..., mais Deus dá-mi a morte, mia senhor, e nunca me deixe estar...’» (UC, nota 9). Desde o noso punto de vista, a primeira das hipóteses encaixa mellor no contexto, que emprega o subxuntivo desde o v. 6 para construír unha serie de oracións desiderativas dirixidas a Deus.

9. Machado reconstrúe o adverbio pronominal *én*: *Deus e[n] nunca me leix estar*, emenda que, de acordo á puntuación e á interpretación dada na presente edición, non é necesaria para a correcta comprensión do verso.

15. *c[a] nunca [vos] Deus*: o testemuño manuscrito transmite un *C* ao comezo do verso, por un probable erro de omisión. Tal e como consideraron os restantes editores, consideramos que o copista non transcribiu a vogal da conxunción causal, dado que é moi frecuente o emprego de dita partícula a comezo de cobra e que esta colma as necesidades sintácticas e semánticas do segmento.

A integración do CI foi a solución tomada pola crítica especializada para resolver a hipometría deste verso. Michaëlis colocou o pronome átono de P5 tras o substantivo (*Ca nunca Deus [vos], mia senhor*); Rios Milhám e CMGP, situárono tras a conxunción (para a cal non destacan a inserción da vogal), *Ca [vos] nunca Deus, mia senhor*; Montero Santalha, UC e nós optamos por incorporalo entre o adverbio de tempo *nunca* e o substantivo *Deus*. A nosa decisión está motivada polo *usus scribendi* do trobador, que, noutros versos análogos a este, sitúa o CI ante o suxeito –cfr, por exemplo, *nunca me Deus dé ben dela nen d' al*, v. 7, cantiga II; *E, pois me Deus poder non dá*, v. 22, cantiga VIII; *Se me Deus cedo non val*, v. 24, cantiga XIX–.

16-17. O testemuño manuscrito transmite para estes versos leccións metricamente irregulares: mentres que ao v. 16 lle falta unha sílaba, o v. 17 conta cunha máis das oito esixidas polo esquema métrico: *eno mūdo q̄fo fazez par / nē out̄ffi nō q̄s dar*. Os especialistas que atenderon a cantiga resolveron a hipometría do v. 17 mediante a integración do CD (o pronome de P3 *o*), que, efectivamente, depura a semántica da pasaxe e cuxa ausencia sería fácil de explicar por un erro de omisión na secuencia *nō o*. Mais a hipermetría do verso precedente foi resolta de dúas maneiras: por unha banda, Michaëlis (a quen seguiron Montero Santalha, Rios Milhám e CMGP) eliminou a desinencia verbal en *quiso*, unificando na forma *quis* a P3 do pretérito perfecto de indicativo do verbo *querer* presente en ambos os versos (e que é máis frecuente no conxunto do corpus galego-portugués ca *quiso*); pola súa banda, o equipo de UC reconduciu o verso cara a isometría mediante a eliminación da vogal inicial *eno*, forma en que o testemuño manuscrito transmitiu a contracción entre a preposición *en* e o artigo *o*. Ao noso xuízo, é a lectura dos últimos a que mellor se adapta ao *usus scribendi* do poeta, que non emprega en ningunha outra ocasión dito alomorfo da aglutinación, pero si que recorre á alternancia das formas verbais *quis/quiso* nunha mesma composición (vide supra, cantiga XIII, nota ao v. 9).

XXIV. *Se Deus me leixe ben aver*

I

Se Deus me leixe ben aver 595

de vós, senhor, e gradoar,

Muito mi pesa de viver

porque viv' a vosso pesar,

5 pero non poss' i al fazer,

mais prazerm' ia de morrer 600

se mi o quisesse Deus guisar,

II

ca non poss' eu coita sofrer

por al, senhor, pois m' alongar

10 queredes vós de vos veer

e viver vosqu' e vos falar. 605

Nen Deus non me pode tolher

coita sen [eu] ante morrer,

pois me non quer vosso ben dar.

Cantiga de *amor*

Mss.: *B* 127, fol. 32r, col. b.

6. morrer] moirer *B* 13. [eu]] *om B*, morrer] moirer *B*

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 47; Machado - Machado 1949-1964, I: 181-182; PalMED B127 (última consulta 06/06/2021).

Edicións críticas e interpretativas

Michaëlis 1990 [1904], I: 750; UC 100 (última consulta 07/03/2021).


Outras edicións e antoloxías

CMGP *Se Deus me leixe bem haver* (última consulta 07/03/2021); Rios Milhám 2018, I: 100.

Repertorios

Tavani 1967: 78,22; D'Heur 1973: 100; MedDB 78,22.

Tradución

I. Oxalá Deus me deixe obter o voso favor e alegrarme. Pésame moito vivir, porque vivo ao voso pesar, pero non podo facer outra cousa ao respecto, mais gustaríame morrer se Deus quixese concederme,

II. pois non podo sufrir esta coita, xa que vós queredes afastarme da vosa visión e de vivir preto de vós e de falarvos; nin Deus pode librar-me desta coita sen morrer, xa que non quere concederme o voso ben.

Rúbricas e apostilas

Colocci outorgou o número 127 á composición, o cal figura no intercolumnio, á esquerda do terceiro verso. Sobre a maiúscula inicial, o humanista anotou *strophe*, para sinalar que a cantiga conta unicamente con dúas cobras (*vide supra*, cantiga XV: *Rúbricas e apostilas*). Así mesmo, á dereita do íncipit engadiu *Dystroph*, coa mesma intención coa que incide nesta característica estrutural do poema.

Comentario métrico

Cantiga de mestría de dúas estrofas unisonantes de sete versos octosílabos cada unha con rima *ababaab* (*vide supra*).

	8a	8b	8a	8b	8a	8a	8b
I	-er	-ar	-er	-ar	-er	-er	-ar
II	-er	-ar	-er	-ar	-er	-er	-ar

Tavani 1967: 60:2

Sinalefas: mi o (v. 7).

Palabra rima: *morrer* (vv. 6, 13)

Notas

6. A grafía empregada polo amanuense en *mba* non concorda coa necesaria tonicidade que o contexto demanda para o /i/, pois, como se sabe, o <h> adoita representar a vogal palatal en posición átona. Xa Michaëlis detectara esta incongruencia paleográfica e determinara que só encaixaría un condicional na *consecutio temporum* do segmento. A proposta da estudosa luso-alemá foi seguida por todos os editores posteriores.

morrer: cfr. nota ao v. 13 da cantiga I.

13. A hipometría do verso foi resolta mediante a integración do pronome *eu* nas edicións de Michaëlis (*coita, sen ante [eu] morrer*), de Rios Milhám (*coita sem eu ante morrer*) e de UC (*coita sen [eu] ante morrer*), e a través da inserción do adverbio de negación *nom* na proposta crítica de CMGP. Ambas as opcións encaixan no contexto, mais, en consonancia coa explicación dada en UC para tal emenda, consideramos paleograficamente máis probable a omisión dun *eu* na secuencia *sen eu* cá supresión dun *non/nō* ou do propio pronome tónico de P1 tras o adverbio *ante* (como supuxo Michaëlis). Así mesmo, cabe sinalar que, na única ocorrencia rexistrada para a secuencia *ante eu*, a sinalefa é a única opción aceptable (*se o ante eu saber poder*, v. 24, MedDB 151,23), polo que todos os datos parecen indicar que a anteposición do pronome ao adverbio é a opción máis acaída.

XXV. *Per com' Amor leixa viver*

I

	Per com' Amor leixa viver	
	mí, non se dev' a esforçar	610
	omen contra el, nen cuidar,	
	que non faz quanto quer fazer,	
5	ca tod' el faz come senhor,	
	e, por fazer a mí peor,	
	por én me non leixa morrer.	615

Cantiga de *amor*

Mss.: B 128, fol. 32r, col. b.-fol. 32v, col. a.

2. mí, non se dev' a esforçar] mj nō fey deuiða ef [e->]ar ceaz B 7. morrer] moirer B

Edicións paleográficas e semipaleográficas

Molteni 1880: 47-48; Machado - Machado 1949-1964, I: 182-183; PalMED B128 (última consulta 06/06/2021).

Edicións críticas e interpretativas

Michaëlis 1990 [1904], I: 751; UC 101 (última consulta 08/03/2021).

Outras edicións e antoloxías

CMGP *Per com'Amor leixa viver* (última consulta 08/03/2021); Rios Milhám 2018, I: 101;

Repertorios

Tavani 1967: 78,17; D'Heur 1973: 101; MedDB 78,17

Tradución

I. Por como Amor me deixa vivir a min, non se debe esforzar ninguén contra el, nin pensar que non fai canto quere facer, pois El fai todo como señor e, por facerme a min peor, por iso non me deixa morrer.

Rúbricas e apostilas

Colocci advirte a existencia dunha única cobra mediante as glosas *Monostropho* e *Monostr*, situadas sobre a inicial que abre a peza e á dereita do íncipit, respectivamente. Así mesmo, o número da cantiga, o 128, foi colocado á esquerda da primeira da composición polo propio humanista.


Comentario métrico

	8a	8b	8b	8a	8c	8c	8a
I	-er	-ar	-ar	-er	-or	-or	-er

Tavani 161:257

Notas

2. *mí, non se dev' a esforçar*: a lección de *B*, *my nō sey deuida efar ceaz*, está claramente deturpada. Se ben os editores que nos precederon emendaron o verso de xeitos diferentes –*mi, non sei; nen val revelar* (Michaëlis), *mi, nom se devia 'sforçar* (Rios Milhám), *mi, nom se dev'a esforçar* (CMGP), *mí non se dev'i d'esforçar* (UC, que tamén propón en nota *mí, non se dev'i a esforçar*)– todas outorgan o mesmo sentido á pasaxe: tal e como me trata a min Amor, ninguén debe esforzarse en loitar contra el. Neste caso, seguimos a proposta de CMGP, dado que en todas as ocasións en que rexistramos a perífrase modal obrigatoria co verbo *dever* na produción de Somesso, esta é construída coa preposición *a* (cfr. nota ao v. 6 da cantiga IV).

 7. *morrer*: cfr. nota ao v. 13 da cantiga I.

3. CONCLUSIONI

Una volta terminate le varie fasi che hanno portato al raggiungimento degli obbiettivi proposti durante l'elaborazione di questa tesi di dottorato è giunto il momento di raccoglierne qui di seguito le conclusioni e risultati ottenuti.

Il primo passo per approcciare l'edizione critica del “cancioneiro” di Johan Soares Somesso ha consistito nell'affrontare la trascrizione paleografica dei manoscritti che ne hanno trasmesso la sua produzione poetica, vale a dire, i codici *A* e *B*. Optando per una rappresentazione del testo dei codici più fedele possibile, siamo riusciti a rilevare errori, varianti e abitudini di copia che, altrimenti, sarebbero rimasti nascosti. Riteniamo pertanto che la trascrizione conservativa dei testi abbia ampliato la prospettiva davanti alla quale ci troviamo di fronte a ciascun *locus criticus* e che questa dinamica di lavoro abbia arricchito la proposta di testo critico che è stata presentata.

Affrontare l'edizione delle cantigas di Soarez Somesso come un congiunto indipendente ha rafforzato la nostra comprensione della personalità poetica del trovatore, risultando in una migliore conoscenza del suo *usus scribendi* e, di conseguenza, facilitando la presa di decisioni ecdotiche.

D'altra parte, la figura storica di Somesso, già stata soggetto di diverse ricerche, offriva tuttavia certi interrogativi, visto che la critica aveva già stabilito tre possibili identità riferite all'autore. Così, Michaëlis (1990 [1904]), seguita da Tavani (1986) e Oliveira (1994), hanno concluso che il trovatore potrebbe essere stato identificato nel nobile Johan Soarez de Valadares, mentre, d'altra parte, in anni più recenti, Souto Cabo (2012) e Monteagudo (2013, 2014) l'hanno associato, rispettivamente, a Johan Soarez de Fornelos e a Johan Soarez de Chapela. Allo stesso modo, Michaëlis ipotizzò che il soprannome del trovatore, Somesso, obbedisse alla poetica che ne caratterizza le cantigas de amor, teoria confutata da Ron (2005) scoprendo un territorio denominato Someso nel sud dell'attuale provincia di Ourense.

L'analisi comparativa delle opere citate ci ha condotti verso l'individuazione di determinati dettagli che rendono possibile il collegamento tra la teoria proposta da Souto Cabo (2012) e quella suggerita, a suo tempo, dal menzionato Ron (2005). Il territorio che, secondo quest'ultimo, avrebbe dato il nome al poeta si trova in prossimità dell'attuali comuni di Leiro e Cartelle, zone in cui si ubicarono alcune delle proprietà dichiarate da Johan de Fornelos nel suo testamento e

che invece non compaiono nelle documentazioni relative né a Johan Soarez de Valadares né in quelle concernenti Johan de Chapela. Per questa ragione, abbiamo determinato che, con un alto livello di probabilità, il nostro trovatore può essere identificato con Johan Soarez de Fornelos, nobile documentato tra gli anni 1223 e 1257, i cui domini si diramavano al sud delle attuali province di Pontevedra e Ourense.

L'arco cronologico nel quale si può inquadrare il percorso vitale di Somesso (i.e, prima metà del secolo XIII), insieme alla collocazione delle sue cantigas nei settori iniziali del *Cancioneiro de Ajuda* e del *Cancioneiro de la Biblioteca Nacional de Lisboa*, confermano che la maggior parte della produzione lirica dell'autore appartiene all'archetipo della tradizione manoscritta della lirica gallego-portoghese. Inoltre confermano che l'autore fu uno dei rappresentanti della denominata "generación de implantación" del canto cortese occitano.

La trasmissione manoscritta dei testi di Somesso, anche se non presenta problemi attributivi, ha sollevato alcuni interrogativi circa la quantità e la collocazione delle sue cantigas nei testimoni. Da un lato, i codici *A* e *B* non concordano sul numero di cantigas attribuibili al trovatore; dall'altro, l'apografo italiano ne presenta il *maldizer* nella sezione dedicata al genere d'amore, anziché farlo (come ci si aspetterebbe *a priori*) nella zona corrispondente alle cantigas satiriche.

L'esame delle lacune che circondano la produzione dell'autore in *Ajuda* ha mostrato che, probabilmente, cinque dei testi che *B* gli attribuisce, e che invece *A* non raccoglie, potrebbero aver fatto parte di questo ultimo canzoniere ed essere scomparse dopo la perdita di uno o più bifogli dal quaderno I dell'antico codice lisboeta. Tuttavia, è possibile che altri due testi amorosi non abbiano fatto parte di *A*. In *B*, queste due composizioni (*B* 105 y *B* 106) compaiono dopo la cantiga *Ogan' en Müimenta* (*B* 104), che, come già menzionato, fu collocata nella prima sezione 'de amor' dell'apografo italiano. Lo studio delle caratteristiche grafiche del corpus del poeta ci ha rivelato alcune peculiarità nella copiatura delle tre cantigas citate che permettono di svincolare la loro trasmissione del resto della produzione testuale del trovatore. Tale autonomia ha senso quando vengono analizzate le caratteristiche poetiche delle due cantigas de amor omesse da *A*, poiché, tanto dal punto formale quanto da quello tematico, si apprezza in loro un distanziamento notevole rispetto all'estetica che offrono le altre composizioni amorose dell'autore. Pertanto, giudichiamo che è molto possibile che tanto la dislocazione della cantigas de escarnio come l'assenza in *A* di *Ai, eu, coitad' en que coita mortal* (*B* 105) e di *Ūa donzela quig' eu mui gran ben* (*B* 106) si debbano al fatto che questi tre testi fossero circolati in maniera indipendente, il che ne motiverebbe il loro accesso alle antologie in una fase successiva a quella della costituzione dell'archetipo della tradizione manoscritta.

Infine, va notato che B ha lasciato in eredità un prezioso “escarnio personal” del nostro trovatore, che non solo permette di conoscerne un po’ di più la personalità storica, ma mostra anche alcune delle chiavi politiche e sociali che appartenevano alla società feudale galega della prima metà del s. XIII.

Il canzoniere amoroso di Somesso si rivela specialmente vario, perché non solo sviluppa i motivi più tradizionali del genere, ma in diverse occasioni sfugge dagli stessi per inserire temi che conferiscono segni di identità peculiari alla sua produzione. Spicca, a tal proposito, la rielaborazione dei temi della *coita* e della *morte por amor*, *tópoi* particolarmente radicati nella tradizione, e che nel canzoniere dell’autore si utilizzano per generare una polemica metaletteraria con la quale il trovatore si integra nel discorso di voci che lo circondano in un modo dinamico e, allo stesso tempo, ludico.

Analogamente, conviene segnalare che, dal punto di vista formale, la produzione dell’autore è omogenea nella scelta dei metri, ma diversificata e, persino peculiare, nella selezione dei timbri e degli schemi metrico-ritmici (tra i quali spicca un *unicum*, *Con vosso medio, mia sennor*)

Così Somesso unisce nelle sue cantigas il noto binomio tradizione e innovazione in una tappa della lirica gallego-portoghese che, tenendo conto dei dati in nostro possesso, porrà definitivamente le basi per le prossime generazioni.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓNS

- Alvar, C. (1986), «Las poesías de Pero García d' Ambroa», *Studi mediolatini e volgari*, XXXII, pp. 5-112.
- Andrade Cernadas, J. M., *O Tombo de Celanova*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Appel, Carl, 1915, *Bernart von Ventadorn, seine Lieder, mit Einleitung und Glossar*, Halle a. S., Max Niemeyer.
- Arbor Aldea, M. (2001), *O cancionero de Don Afonso Sánchez. Edición e estudio*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2016), *Cancioneiro da Ajuda. Transcrición e notas*, Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric, Washington: <https://blogs.commons.georgetown.edu/cantigas/files/2013/05/ArborAldea-Ajuda-Intro-Final2.pdf>
- Arias Freixedo, X. B. (2003), *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, Vigo: Xerais.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1992), *As poesías de Martin Soares*, Vigo: Galaxia.
- Braga, T. (1878), *Cancioneiro portuguez da Vaticana. Edição critica restituída sobre o texto diplomático de Halle*, Lisboa: Imprensa Nacional.
- Brea, M. (coord.) (1996), *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 vols.
- Cancioneiro B* (1982), Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda
- Cancioneiro da Ajuda* (1994), edición fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda. Estudos de V. Pina Martins, M^a A. Ramos e F. G. Gunha de Leão, Edições Tavola Redonda - Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico - Biblioteca da Ajuda, Lisboa.
- Cancioneiro V* (1973), Cancioneiro português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803). Reprodução facsimilada, Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, Instituto de Alta Cultura.

- Carter, H. H. (2007 [1941]): «Cancioneiro da Ajuda. A diplomatic edition», en *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter (N. York-London, 1941)*, Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- Cohen, R. (2003), *500 cantigas de amigo*, Porto: Campo das Letras.
- Cunha, C. F. da (1999), *Cancioneiros dos trovadores do mar*, ed. preparada por E. Gonçalves, Lisboa: Imprensa Nacional.
- Diogo, A. A. Lindeza (1998), *Lírica Galego-Portuguesa. Antologia*, Braga/Coimbra: Angelus Novus.
- Dobarro, X. M^a et alii (1987), *Literatura Galego-Portuguesa Medieval*, A Coruña: Via Láctea
- Eirín García, L – Ferreiro, M. (2014), *O cancionero de Pero Mafaldo*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades
- Fernández Guadianes, A. - Magán Abelleira, F. - Rodiño Caramés, I. - Rodríguez Casteño, M^a - Ron Fernández, X. X. - Vázquez Pacho, M^a C., *Cantigas do Mar de Vigo, Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Fernández Pousa, R. (1951), *Selección literaria del idioma gallego (siglos XI-XX)*, Madrid: SE.
- Ferreiro, M. (1992), *As cantigas de Rodriгу'Eanes de Vasconcelos*. Edición crítica con introdución, notas e glosário, Santiago de Compostela: Laivento.
- Ferreiro, M. - Martínez Pereiro, C. P. (1996a), *Lírica trobadoresca galego-portuguesa medieval. Cantigas de escarnho e maldizer. Antoloxia*, Vigo: AS/ PG / A Nosa Terra.
- (1996b), *Lírica trobadoresca galego-portuguesa medieval. Cantigas de amor. Antoloxia*, Vigo: AS/ PG / A Nosa Terra.
- (1996c), *Lírica trobadoresca galego-portuguesa medieval. Cantigas de amigo. Antoloxia*, Vigo: AS/ PG / A Nosa Terra.
- Gatien-Arnoult, M. (1842), *Monumens de la Littérature Romane*, Toulouse: J.-B. Paya.
- Gonçalves, E. - Ramos, M. A. (1983), *A Lírica Galego-Portuguesa (Textos Escolhidos)*, Lisboa: Editorial Comunicação.
- González, D. (2012), *O cancionero de Fernan Fernandez Cogominho*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións (Verba, anexo 69).
- (2016), «As cantigas de Pero Velho de Taveirós. Edición e estudo», en E. Corral Díaz, E. Fidalgo Francisco, P. Lorenzo Gradín, (eds.), *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 445-455.

- (2018), *El arte de trovar de amor. Nuno Eanes Cerzeo y su producción poética*. Edición y estudio de D. González. Estudio biográfico de J. A. Souto Cabo, Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- Jensen, F. (1992), *Medieval Galician-Portuguese*, New York/London: Garland Publishing.
- Lanciani, G. (1977), *Il canzoniere di Fernan Velho*, L'Aquila: Japadre.
- Landeira Yrago, X. (1975), *Dos devanceiros ao dezaeito*, Vigo: Galaxia.
- Lapa Rodrigues, M. (1970), *Cantigas d'escarnho e de maldizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Vigo: Galaxia.
- Littera (2016) = Lopes (coord.), *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas. Corpus integral profano*, Lisboa: Biblioteca Nacional de Portugal - Instituto de estudos medievais - Centro de Estudos de Sociologia e Estética Musical
- Lopes, G. Videira (2002), *Cantigas de escárnio e maldizer dos trovadores e jograis galego-portugueses*, Lisboa: Estampa.
- Lorenzo Gradín, P. (2008), *Don Afonso Lopez de Baian. Cantigas*, Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- Lorenzo Gradín, P. – Marcenaro, S. (2011), *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*, Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- Lorenzo, R. (1977), *La traducción gallega de la Cronica General y de la Cronica de Castilla*, Orense: Instituto de estudios orensanos 'Padre Feijoo', 2 vols.
- (1985), *Crónica Troiana*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Machado, J. P. – Paxeco Machado, E. (1949-1954), *Cancionero da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*, Lisboa: Edição da 'Revista de Portugal', 8 vols.
- Magne, A. (1944), *A Demanda do Santo Graal*, Rio de Janeiro: Imprensa Nacional, 3. vols.
- Marcenaro, S. (2012a), *Osoiro Anes. Cantigas*, Roma: Carocci.
- (2012b), *Pero Garcia Burgalés. Canzoniere. Poesie d'amore, d'amico e di scherno*, Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- (2015), *Afons'Eanes de Coton. Cantigas*, Roma: Carocci.
- Marroni, G. (1968), «Le poesie di Pedro Amigo de Sevilha», *Annali dell'Istituto Universitario Orientale - Sezione Romanza* (1968), pp. 189-339.
- Mattoso, J. – Piel, J.(eds. 1980), *Livro de Linbagens do Conde D. Pedro. Portugaliae Monumenta Historica*. Nova série, Lisboa, Publicações do II Centenário da Academia das Ciências, 2 vols.
- Mettmann, W. (1981), *Cantigas de Santa Maria*, Vigo: Xerais, 2 vols
- Michaëlis de Vasconcelos, C. (1901) [2004], *Glosas marginais ao cancioneiro medieval português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos*, ed. de Y. Frateschi Vieira, J.L. Rodríguez, M^a. Moran Cabana, J. A. Souto Cabo, Coimbra: Universidade de Coimbra, pp. 175- 227.

- (1904 [1990]), *Cancioneiro da Ajuda*, Max Niemeyer: Halle, 2 vols. (Reimpresión Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa).
- Molteni, E. (1880), *Il canzoniere portoghese Colocci-Brancuti*, Pubblicato nelle parti che completano il codice vaticano 4803 da Enrico Molteni, con un facsimile in eliotipia, Halle a/S: Max Niemeyer.
- Monaci, E. (1875), *Il canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Halle a. S., Niemeyer.
- Nemésio, V. (1961), *A Poesia dos Trovadores. Antologia*, Lisboa: Livraria Bertrand.
- Nunes, J. J. (1971), *Cantigas d'amor dos trovadores galego-portugueses*, New York, Kraus Reprint.
- (1973), *Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses*, Lisboa, Centro do Livro Brasileiro, 3 vols.
- (1981), *Crestomatia arcaica. Excertos da literatura portuguesa desde o que mais antigo que se coñece até o século XVI, acompañados de introdução gramatical, notas e glossário*, Lisboa: Livraria Clássica.
- Pagani, W. (1971), «Il Canzoniere di Estevan da Guarda», *Studi Mediolatini e Volgari*, XIX, pp. 53-179.
- Paredes Núñez, J. (2001), *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica, con introducción, notas y glosario*, L'Aquila: Japadre.
- Pellegrini, S. (1928), *Auswahl altportugiesischer Lieder*, Halle: Saale.
- Pena, X. R. (1990), *Literatura Galega Medieval. II Antoloxía de textos comentados (lirica e prosa)*, Santiago de Compostela: Edicións Sotelo Blanco.
- Pensado Tomé, J. L. (1962), *Fragmento de un "Livro de Tristan" Galaico-Portugués*, Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- Piccolo, F. (1951), *Antologia della lirica d'amore gallego-portoghese*, Napoli: Edizioni Scientifiche Italiane.
- Piel, J. – Mattoso, J. (1980), *Portugaliae Monumenta Historica. Nova Série*. Lisboa: Academia das Ciências.
- Polín, R. (1997), *Cancioneiro Galego-Castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*, Sada: Edicións do Castro.
- Portugaliae Monumenta Historica, iussu Academiae Scientiarum Olisiponensis edita. Inquisitiones (1967), Nedel-Liechtenstein: Kraus Reprint, vols. I e II.
- Riquer, M. de (1975), *Los trovadores. Historia literaria y textos*, Barcelona : Planeta.
- Rodríguez, J. L. (1980), *El cancionero de Joan Airas de Santiago*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións (Anexo 12 de Verba).

- Rios Milhám, J. (2018), *Lírica trovadoresca em língua portuguesa. Exercícios ecdóticos I* [https://www.academia.edu/33877336/L%C3%ADrica_trovadoresca_em_l%C3%ADngua_portuguesa._Exerc%C3%ADcios_ecd%C3%ADticos_1_].
- Salvador Miguel, N. (1987), *Cancionero de Estúñiga*, Madrid: Alhambra.
- Sansone, G. E. (1990), *Diorama lusitano. Poesie d'amore e di scherno dei trovatori galego-portoghese*, Milano: Biblioteca Universale Rizzoli.
- Spampinato Beretta, M. (1987), *Fernan Garcia Esgaravunha. Canzoniere*, Napoli, Liguori.
- Stegagno Picchio, L. (1968), *Martin Moya. Le poesie*, Roma: Edizioni dell'Ateneo.
- Tavani, G. (1992), *As poesías de Airas Nunez*, Vigo: Xerais.
- (1999a), *Arte de trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Introdução, edição crítica e fac-símile, Lisboa: Colibri.
- Torres, A. Pinheiro (1977), *Antologia da Poesía Trovadoresca Galego-Portuguesa (Sécs. XII-XIV)*, Porto: Lello e Irmão editores.
- Vallín, G. (1996), *Las cantigas de Pay Soares de Taveiros. Estudio histórico y edición*, Alcalá de Henares - Madrid: Universidad de Alcalá de Henares.
- Vieira, Y. Frateschi & Morán Cabanas, M^a I. & Souto Cabo, J. A. (2015), *O caminho poético de Santiago. Lírica galego-portuguesa*, São Paulo: Cosac Naify.
- Víñez Sánchez, A. (1993), *Las poesías del trovador don Gonçal'Eanes do Vinhal*, Cádiz: Universidad de Cádiz.

ESTUDOS

- Alvar, C. (1977), *La poesía trovadoresca en España y Portugal*, Madrid: Cupsa.
- Alvar, C. - Beltrán. V. (1989), *Antología de la poesía gallego-portuguesa*, Madrid: Editorial Alhambra.
- Álvarez Blanco, R - Xove Ferreiro, X. (1998), «Lingua e variación dialectal na Crónica Xeral Galega», Kremer, D. (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo: Galaxia, vol. I, pp. 29-58.
- (2009), «Os adverbios alá/aló, acá/acó en galego medieval», en *A mí dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao Prof. Xosé Luis Couceiro*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio científico, pp. 377-404.
- Álvarez de la Granja, M. (2005), «Glosario de locucións adverbiais do galego medieval», *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 7 (2005), pp. 13-40.
- Alves Gameiro, Ó. F. (2000) *A construção das memórias nobiliárquicas medievais. O pasado da linhagem dos senhores de Sousa*, Lisboa: Sociedade Histórica da Independência de Portugal.

- Antonelli, R. (1979), «Equivocatio e repetitio nella lirica trobadorica», en *Seminario Romanzo*, Roma: Bulzoni, pp. 113-155.
- Arbor Aldea, M. (2005), «Os estudos sobre o Cancioneiro da Ajuda: un estado da cuestión», en *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 45-120.
- (2008), «Metro, lírica profana e práctica ecdótica: consideracións á luz do Cancioneiro da Ajuda», in M. Ferreiro – C. P. Martínez Pereiro – L. Tato Fontaiña (eds.), *A Edición da poesía trobadoresca en Galiza*, A Coruña: Baía Edicións, pp. 9-38.
- (2009a): «Voz e voces na lírica profana galego-portuguesa: de Airas Moniz a don Afonso Sanchez», en Brugnolo, F. & Gambino, F. (eds.), *La lirica romanza nel Medioevo. Storia, tradizioni, interpretazioni*, Padova: Unipress, vol., I, pp. 531-558.
- (2009b): «Escribir nas marxes, completar o texto: notas ós versos do Cancioneiro da Ajuda», en Brea, M. (coord.), *Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 49-72.
- (2009c): «Un código de historia material compleja: el *Cancioneiro da Ajuda*», *Revista de Literatura Medieval*, XXI, pp. 77-124.
- (2010), «A propósito de la numeración del Cancioneiro da Ajuda. Notas complementarias», en V. Beltrán – J. Pareds (eds.), *Convivio. Cancioneros Peninsulares*, Granada: Universidad de Granada, pp. 9-29.
- (2012a), «A fronte a B,V: res metrica e varia lectio», en *Estudios de Literatura Medieval. 25 años de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, A. Martínez Pérez y A. L. Vaquero Escudero, Murcia (eds.), Universidad de Murcia, 2012, pp. 159-170.
- (2012b), «Mais bisílabo? Notas á marxe do Cancioneiro da Ajuda», en *El texto medieval: de la edición a la interpretación*, Lorenzo Gradín, P - Marcenaro, P (eds.) Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2012, pp. 159-194.
- (2014), «Da lección manuscrita á lectura crítica: gramática histórica, constitutio e interpretatio textus», en *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*, L. Eirín García e X. López Viñas (eds.), A Coruña, Universidade da Coruña, 2014, pp. 9-31.
- Asensio, E. (1970), *Poética y realidad en el cancionero peninsular de la Edad Media*, Madrid: Gredos.
- Askins, Arthur L. (1993), «The Cancioneiro da Bancroft Library (previously, the Cancioneiro de um Grande d’Hespanha): a copy, ca. 1600, of the Cancioneiro da Vaticana», en A. A. Nascimento - C. Almeida Ribeiro (eds.), *Literatura medieval. Actas do IV Congresso da*

- Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 outubro 1991)*, Lisboa: Cosmos, I, pp. 43-47.
- Azaustre, A. - Casas, J. (1997), *Manual de retórica española*, Barcelona: Ariel.
- Barreiro, M^a C. (1985), *O léxico dos Miragres de Santiago*. Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- Bec, P. (1977), *La lyrique française au Moyen Âge (XIIe-XIIIe siècles). Contribution à une typologie des genres poétiques médiévaux*, Paris: A J. Picard, 2 vols.
- Beltrán, V. (1984), «Rondel y Refram Intercalar en la Lírica Gallego-Portuguesa, *Studi Mediolatini e Volgari*, 30, pp. 69-89»,
- (1995), *A cantiga de amor*, Vigo: Edicións Xerais.
- (2005), *La corte de Babel. Lenguas, poética y política en la España del siglo XIII*, Madrid: Gredos.
- (2007), *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela [Verba, Anexo 59].
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1966), «Le postille metriche di Angelo Colocci ai canzonieri portoghesi», *Annali dell'Istituto Universitario Orientale* (sezione romana), VIII, pp. 13-30.
- (1972), «Note linguistiche e letterarie di Angelo Colocci in margine ai canzonieri portoghesi», *Atti del Convegno di Studi su Angelo Colocci* (Jesi, 13-14 settembre 1969), Jesi: Amministrazione Comunale di Jesi, pp. 197-203.
- (1993), «Motivi e registri minoritari nella lirica d'amore galego-portoghese: la "cantiga de change"», en Brea, M. (ed.), *O cantar dos trovadores. Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 109-120.
- (1999), «L'amigo poeta», Ma^a J. de Lancostre et alii (eds.), *E vós, Tágides minhas? Miscellanea in onore di Luciana Stegagno Picchio*, Viareggio-Lucca: Baroni, pp. 105-116.
- (2001), «La mort de la dame dans les genres lyriques autres que le planh», en G. Kremmitz – B. Czernilowski – P. Cichon (eds.), *Le rayonnement de la civilisation occitane à l'aube d'un nouveau millénaire. Actes du 6ème Congrès international de l'Association Internationale d'Études Occitanes*, Wien: Praesens, pp. 327-333.
- Billy, D. - Canettieri, P. - Pulsoni, C. - Rossell, A. (2003), *La lirica galego-portoghese. Saggi di metrica e musica comparata*, Roma: Carocci.
- Blecu, A., *Manual de crítica textual*, Madrid: Castalia.
- Borges Nunes, E. (1969), *Album de paleografía portuguesa*, I, Lisboa: Instituto de Alta Cultura.
- Brea, M. (1985), «Las preposiciones, del latín a las lenguas romances», *Verba*, XII, pp. 147-182.

- (1987-89), «Dona e senhor nas cantigas de amor», *Estudios Romanicos Homenaje al Prof. Luis Rubio*, IV, pp. 149-170.
- (1988), «La partícula gallego-portuguesa ar / er», en *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, Madrid, Castalia, vol. I, pp. 45-57.
- (1992), «Anotaciones sobre la función de los "miscradores" en las cantigas de amor gallego-portuguesas», *Cultura Neolatina*, 52, pp. 167-180.
- (1993), «El escondit como variante de las Cantigas de Amor y de Amigo», en A. A. Nascimento, C. A. Ribeiro (eds.), *Literatura Medieval. Actas do IV Congreso da Associação Hispânica de Literatura Medieval* (Lisboa, 1-5 Outubro 1991), Lisboa: Edições Cosmos.
- (1994), «A voltas con Raimbaut de Vaqueiras e as orixes da lírica galego-portuguesa», en E. Fidalgo – P. Lorenzo Gradín (eds.), *Estudios galegos en homenaxe ó Profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, pp. 41-56.
- (1997), «Las anotaciones de Angelo Colocci en el Cancionero de la Biblioteca Vaticana», *Revista de Filología Románica*, XIV, pp. 515-519.
- (1999), «Cantar e cantiga idem est», en X. L. Couceiro et al. (eds.), *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, tomo II, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 93-108.
- (2000), «El panegírico del trovador en las cantigas de amigo», M. Freixas - S. Iriso (eds.), *Actas del VIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Santander 22-26 de septiembre de 1999)*, Santander: Consejería de Cultura del Gobierno de Cantabria, pp. 399-410.
- (2005), «¿Textos discordantes no Cancioneiro da Ajuda», en *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, boxe*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 255-280.
- (2009): «Vós que soedes en corte morar, un caso singular». *Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á Prof^a Giulia Lanciani*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 97-113.
- (2014), «A expresión da IRA nas cantigas de amor e de amigo», *Revista Galega de Filoloxía*, pp. 59-96.
- (2015), «O 'solaz' nos trobadores galego-portugueses», en Requeixo, A. (ed.), *Sobre letras e signos. Estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 191-201.

- Brea, M. - Fernández Campo, F. (1993), «Notas lingüísticas de Angelo Colocci no Cancioneiro galego-portugués B», G. Hilty (ed.), *Actes du XXe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, Tübingen: Francke Verlag, V, pp. 41-56.
- Brea, M. - Fernández Guiadanes, A. (2020), «Y el trovar abandonó a Johan Vasquiz», *Carte Romanze*, 8/1, pp. 7-34.
- Brea, M. - Fernández Guiadanes, A. (2021), «Transcribiendo los cancioneros gallego-portugueses», en Cátedra García, P. M., Valero Moreno, J. M. (dirs.), *Patrimonio textual y humanidades digitales*, Salamanca: YEMIR, pp. 65-83.
- Brea, M. - Lorenzo Gradín, P. (1998), *A cantiga de amigo*, Vigo: Edicións Xerais.
- Brea, M. - Lorenzo Gradín, P. (2020), «La lengua de la lírica gallego-portuguesa en el devenir de la tradición manuscrita», en Resconi, S., Battagliola, D., De Santis, S. (eds.), *Innovazione, linguistica e storia della tradizione. Casi di studio romanzi medievali*, Milano: Mimesis, pp. 107-152.
- Cappelli, A. (1995), *Dizionario di abbreviature latine ed italiane*, Milano: Ulrico Hoepli.
- Cardoso, W. (1977), *Da cantiga de seguir no Cancioneiro peninsular da Idade Média*, Belo Horizonte: Universidade Federal de Minas Gerais.
- Castro, I. - Lopes de Cepeda, M. H. - Vilares-Madureira, V. (1964-1973), «Normas de transcrição para textos medievais portugueses», *Boletim de Filología*, XXII, pp. 417-425.
- Ciavolella, M. (1976), *La "malattia d'amore" dall'antichità al medioevo*, Roma: Bulzoni.
- Corominas, J. - Pascual, J. A. (1980), *Diccionario etimológico de la lengua castellana e hispánica*, Madrid: Gredos, 5 vols.
- Corral Díaz, E. (1993), «A donzela na lírica profana gallego-portuguesa», en Nascimento, A. Aires - Ribeiro, C. Almeida (eds.), *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*, Lisboa: Edições Cosmos.
- (1996), *As mulleres nas cantigas medievais*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro-Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.
- (2008a), «Las notas coloccianas en el cancionero profano de Alfonso X», en C. Bologna - M. Bernardi (eds.), *Angelo Colocci e gli studi romanzi*, Città del Vaticano: Biblioteca Apostolica Vaticana, pp. 387-404.
- (2008b), «Pero sei me quer matar... aquel matador: a conceptualización de Matar no Cancioneiro da Ajuda», en M. Brea (coord.), *O Cancioneiro da Ajuda cen anos despois*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 261-276.
- (2008c), «O vocabulario bélico na cantiga de amor», en *Estudos sobre o léxico dos trovadores*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 305-316.

- Corral Díaz, E. – Fernández Campo, F. (2000), «O ms. Vat. Lat. 4796 de Angelo Colocci: a súa historia e as súas apostilas», *Critica del testo*, 3, 725-752.
- Correia, Â. (1992), *O refran nos cancioneiros galego-portugueses (escrita e tipologia)*, *Dissertação de Mestrado em Literatura Portuguesa*, Lisboa: Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 3 vols.
- (1995), «O sistema das coblas doblas na lírica galego-portuguesa», in J. Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval* (Granada, 27 septiembre-1 octubre 1993), Granada: Universidad, vol. II, pp. 75-90.
- (1998): «Do refrão de Meendinho à escrita dos refrães nos cancioneiros», en *Actas do Congreso "O Mar das Cantigas"*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 267-290.
- Cropp, G. (1975), *Le Vocabulaire courtois des troubadours de l'époque classique*, Genève: Droz.
- Cruzeiro, M. E. (1973), *Processos de intensificação no português dos séculos XIII a XV*, Lisboa: Publicações do Centro de Estudos Filológicos
- Cunha, C. Ferreira da (1961), *Estudos de Poética Trovadoresca. Versificação e ecdótica*, Rio de Janeiro: Instituto Nacional do Livro.
- (1982), *Estudos de versificação portuguesa (séculos XIII a XVI)*, Paris: Fundação Calouste Gulbenkian - Centro Cultural Português.
- (1985), *Significância e Movência na Poesia Trovadoresca. Questões de crítica textual*, Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.
- D'Agostino, A. (2006), *Capitoli di filologia testuale: testi italiani e romanzi*, Milano: Unicopli.
- D'Heur, Jean Marie (1973), «Nomenclature des troubadours galiciens-portugais (XIIe - XIVe siècles). Table de concordance de leurs chansonniers, et liste des incipit de leurs compositions», *Arquivos do Centro Cultural Português*, VII, pp. 17-100.
- (1974), «Sur la tradition manuscrite des chansonniers galiciens-portugais. Contribution à la Bibliographie Générale et au Corpus des Troubadours», *Arquivos do Centro Cultural Português*, VIII, pp. 3-43.
- (1975), *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XIIe-XIVe siècles)*, Liège.
- (1984), «Sur la généalogie des chansonniers portugais d'Ange Colocci», *Boletim de Filologia*, 39, pp. 23-34.
- Deyrmond, A. (1982), «Baena, Santillana, Resende and the silent century of portuguese court Poetry», *Bulletin of Hispanic Studies*, 59, pp. 198-210.
- Dias, A. E. da Silva (1959), *Syntaxe historica portuguesa*, Lisboa : Livraria Clássica Editora.

- Domínguez Carregal, A. (2009), «Notas léxicas de Angelo Colocci aos cancioneiros apógrafos italianos da lírica galego-portuguesa», en F. J. Grande Quejigo – J. Cañas Murillo, *Medievalismo en Extremadura: Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas de la Edad Media*, pp. 641-647.
- Dragonetti, R. (1979), *La technique poétique des trouvères dans la chanson courtoise. Contribution à l'étude de la rhétorique médiévale*, Genève : Slatkine Reprints.
- Fernández Campo, F. (2008), «Apostillas petrarquescas de Colocci: nuevas posibilidades de lectura», en C. Bologna – M. Bernardi (eds.), *Angelo Colocci e gli studi romanzi*, Città del Vaticano: Biblioteca Apostolica Vaticana, pp. 431-447.
- Fernández Guiadanes, A. (2011a), «Uso y funciones de la plica en el Cancionero da Ajuda: identificación del usus scribendi de los copistas», en Salamanca López, M. J., *La materialidad escrita: nuevos enfoques para su interpretación*, Oviedo: Instituto de estudios para la Paz y la Cooperación, pp. 41-87.
